



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 148

IX lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 12 de abril de 2016

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

ORDE DO DÍA

Punto 1. Solicitude de creación dunha Comisión de Investigación, por iniciativa dos Grupos Parlamentarios da Alternativa Galega de Esquerda, do Bloque Nacionalista Galego e Mixto, sobre os contratos, convenios, subvencións ou demais actos administrativos que provocasen que cartos públicos rematasen en mans da fundación Fesan, doc. núm. 48725 (09/SCI-000012)

Publicación da solicitude de creación, BOPG nº 623, do 30.03.2016

Punto 2. Comparecencias en pleno

2.1 49116 (09/PPP-000417)

Do Sr. conselleiro de Facenda, por petición propia, para informar sobre o peche do exercicio 2015 e o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 626, do 6.04.2015

2.2 44318 (09/PPP-000384)

Do Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria, por petición propia, para informar sobre o desenvolvemento do polo tecnolóxico e industrial galego de avións non tripulados

Publicación da iniciativa, BOPG nº 559, do 25.11.2015

Punto 3. Mocións

3.1 49047 (09/MOC-000172)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Soneira Tajés, María Soledad

Sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia, no prazo de dous meses, dun estudo de reordenación da planta local que sirva de base ás iniciativas de fusión ou cooperación supramunicipal. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 48052, publicada no BOPG nº 613, do 09.03.2016, e debatida na sesión plenaria do 29.03.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 626, do 06.04.2015

3.2 49071 (09/MOC-000173)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para garantir que ningunha persoa ou familia sexa desafiuzada en Galicia da súa vivenda habitual. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 44187, publicada no BOPG nº 559, do 25.11.2015, e debatida na sesión plenaria do 29.03.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 626, do 06.04.2015

3.3 49085 (09/MOC-000174)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen

Sobre o desenvolvemento regulamentario e as modificacións que debe introducir o Goberno galego na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 45545, publicada no BOPG nº 590, do 27.01.2016, e debatida na sesión plenaria do 29.03.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 626, do 06.04.2015

Punto 4. Proposicións non de lei en pleno

4.1 39385 (09/PNP-002862)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Santalices Vieira, Miguel Ángel, e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co Programa galego de detección precoz do carcinoma colorrectal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 504, do 10.08.2015

4.2 43221 (09/PNP-003165)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Agricultura en relación co acordo lácteo e a actuación a que debe levar a cabo en relación coas conversas que está a abrir

Publicación da iniciativa, BOPG nº 545, do 04.11.2015

4.3 44801 (09/PNP-003250)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vázquez Blanco, Emilio, e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de protexer e salvagardar o patrimonio declarado ben de interese cultural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 569, do 10.12.2015

4.4 46728 (09/PNP-003390)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

González Santín, Juan Carlos, e dous deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da adopción das medidas necesarias para o mantemento da sustentabilidade do sistema da Seguridade Social

Publicación da iniciativa, BOPG nº 602, do 17.02.2016

4.5 46746 (09/PNP-003394)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Oubiña Solla, Rosa, e sete deputados/as máis

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun programa de inserción laboral para as mulleres vítimas de violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 602, do 17.02.2016

4.6 47728 (09/PNP-003468)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención e prevención da saúde bucodental no Sistema sanitario público

Publicación da iniciativa, BOPG nº 609, do 02.03.2016

4.7 48696 (09/PNP-003541)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa súa participación na xestión das empresas públicas estatais integradas no sector naval galego e a demanda a Navantia da remisión do Plan industrial 2016-2020 presentado no seu consello de administración

Publicación da iniciativa, BOPG nº 623, do 30.03.2016

4.8 48715 (09/PNP-003544)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co acordo asinado entre a Unión Europea e Turquía respecto das persoas refuxiadas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 623, do 30.03.2016

Punto 5. Interpelacións

5.1 41836 (09/INT-001578)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre as medidas adoptadas para afrontar a crise do sector lácteo en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 527, do 30.09.2015

5.2 48707 (09/INT-001875)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis, e dezasete deputados/as máis

Sobre a sentenza do Tribunal Supremo pola que se anula a prórroga de 129 concesións de transporte público

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 623, do 30.03.2016

5.3 48741 (09/INT-001877)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Val Alonso, José Ramón, e dous deputados/as máis

Sobre a etiquetaxe do mexillón galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 623, do 30.03.2016

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 49097 (09/POPX-000179)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis

Sobre as repercusións para Galicia da política de estrito control do déficit

Publicación da iniciativa, BOPG nº 626, do 06.04.2015

6.2 49111 (09/POPX-000180)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo

Sobre as medidas a curto, medio e longo prazo que está a adoptar o Goberno galego para acadar a confluencia salarial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 626, do 06.04.2015

6.3 49112 (09/POPX-000181)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a valoración da Xunta de Galicia do pesimismo da mocidade galega respecto do seu futuro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 626, do 06.04.2015

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 48342 (09/POP-004665)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad, e dous deputados/as máis

Sobre a sentenza do Tribunal Constitucional na que se declaran inconstitucionais varios artigos da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local

Publicación da iniciativa, BOPG nº 620, do 22.03.2016

7.2 47794 (09/POP-004576)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sánchez Bugallo, José Antonio, e dous deputados/as máis

Sobre a data prevista polo Goberno galego para remitirles aos deputados solicitantes unha copia do anteproxecto da EDAR do Souto, en Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 613, do 09.03.2016

7.3 49160 (09/PUP-000268)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a garantía do pagamento por Pemex dos foteis construídos nos estaleiros galegos segundo o acordado

Publicación da iniciativa, BOPG nº 626, do 06.04.2015

7.4 46310 (09/POP-004329)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Baamonde Díaz, Agustín, e sete deputados/as máis

Sobre a relación de autores e autoras que van formar parte da delegación de Galicia no marco da 42ª edición da Feira Internacional do Libro de Bos Aires en 2016, así como a programación literaria e cultural que se vai desenvolver nela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 599, do 11.02.2016

7.5 49135 (09/PUP-000266)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Beiras Torrado, Xosé Manuel, e cinco deputados/as máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da suspensión das probas de reválida previstas no calendario de aplicación da LOMCE para este curso escolar, nomeadamente as que afectan o alumnado de sexto de educación primaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 626, do 06.04.2015

7.6 48648 (09/POP-004687)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para o cumprimento da legalidade na etiquetaxe de mexillón galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 623, do 30.03.2016

7.7 48702 (09/POP-004698)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recouso, Juan Manuel

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación coa etiquetaxe de mexillón galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 623, do 30.03.2016

ORDE DO DÍA

7.8 49153 (09/PUP-000267)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel, e sete deputados/as máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da pretensión da Unión Europea de prohibir a actividade da frota de arrastre a máis de 800 metros de profundidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 626, do 06.04.2015



Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

Solicitude de creación dunha comisión de investigación, por iniciativa dos grupos parlamentarios da Alternativa Galega de Esquerda, do Bloque Nacionalista Galego e Mixto, sobre os contratos, convenios, subvencións ou demais actos administrativos que provocasen que cargos públicos rematasen en mans da fundación Fesan. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente indica os tempos de intervención dos grupos parlamentarios e o procedemento neste debate de solicitude de creación dunha comisión de investigación. (Páx. 9.)

Intervención dos grupos propoñentes: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 9.), *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 10.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Soneira Tajés (S)* (Páx. 11.) e *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 13.)

Rolda de réplica: *Sra. Paz Franco (BNG)* (Páx. 15.)

Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación, por iniciativa dos GG.PP. da Alternativa Galega de Esquerda, do Bloque Nacionalista Galego e Mixto, sobre os contratos, convenios, subvencións ou demais actos administrativos que provocasen que cargos públicos rematasen en mans da fundación Fesan: *rexeitada por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 17.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Facenda, por petición propia, para informar sobre o peche do exercicio 2015 e o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 17.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 21.), *Sr. Sánchez García (AGE)* (Páx. 23.), *Sr. Jorquera Caselas (BNG)* (Páx. 26.), *Sr. González Santín (S)* (Páx. 27.) e *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 29.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 32.)

A señora presidenta (Rodríguez Arias) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 36.) *Nesta rolda interveñen a señora Martínez García (M)* (Páx. 36.), *o señor Sánchez García (AGE)* (Páx. 37.), *o señor Jorquera Caselas (BNG)* (Páx. 39.), *o señor González Santín (S)* (Páx. 40.), *o señor Puy Fraga (P)* (Páx. 41.) e *o señor conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 43.)

A señora presidenta (Rodríguez Arias) anuncia o inicio do punto terceiro, de mocións, segundo o acordo de alteración da orde do debate previamente comunicado. (Pax. 43.)

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Soledad Soneira Tajés, sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia, no prazo de dous meses, dun estudo de reordenación da planta local que sirva de base ás iniciativas de fusión ou cooperación supramunicipal. (Punto terceiro da orde do día.)

A señora presidenta (Rodríguez Arias) comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 43.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Soneira Tajés (S).* (Páx. 44.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Moreira Ferro (P).* (Páx. 45.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 47.), *Sr. Ron Fernández (AGE)* (Páx. 48.) e *Sra. Paz Franco (BNG).* (Páx. 49.)

A señora Soneira Tajés (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 50.)

Moción do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para garantir que ningunha persoa ou familia sexa desafiuzada en Galicia da súa vivenda habitual. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Fajardo Recouso (AGE).* (Páx. 51.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Fernández Rodríguez (M)* (Páx. 53.), *Sr. Pombo Rodríguez (BNG)* (Páx. 54.), *Sr. Sánchez Bugallo (S)* (Páx. 55.) e *Sr. Castiñeira Broz (P).* (Páx. 56.)

Nova intervención do señor Fajardo Recouso (AGE). (Páx. 58.)

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Carmen Gallego Calvar, sobre o desenvolvemento regulamentario e as modificacións que debe introducir o Goberno galego na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 58.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Gallego Calvar (S).* (Páx. 59.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P).* (Páx. 62.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 63.), *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx. 64.) e *Sra. Adán Villamarín (BNG).* (Páx. 65.)

A señora Gallego Calvar (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 66.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Soledad Soneira Tajés, sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia, no prazo de dous meses, dun estudo de reordenación da planta local que sirva de base ás iniciativas de fusión ou cooperación supramunicipal: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 67.)

Votación da Moción do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para garantir que ningunha persoa ou familia sexa desafiuzada en Galicia da súa vivenda habitual: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 67.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Carmen Gallego Calvar, sobre o desenvolvemento regulamentario e as modificacións que debe introducir o Goberno galego na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 68)

Declaración institucional relativa ao futuro en liberdade do pobo saharauí

O señor presidente dá lectura á Declaración institucional relativa ao futuro en liberdade do pobo saharauí, que a Cámara aproba por asentimento. (Páx. 68.)

Suspéndese a sesión ás tres da tarde e retómase ás catro e trinta e dous minutos da tarde.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria, por petición propia, para informar sobre o desenvolvemento do polo tecnolóxico e industrial galego de avións non tripulados. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 69.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 72.), *Sr. Vázquez Díaz (AGE)* (Páx. 74.), *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 77.), *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 79.) e *Sr. Castiñeira Broz (P)*. (Páx. 81.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 83.)

A señora presidenta (Rodríguez Arias) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 86.) *Nesta rolda interveñen a señora Martínez García (M)* (Páx. 86.), *o señor Vázquez Díaz (AGE)* (Páx. 88.), *a señora Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 89.), *o señor Losada Álvarez (S)* (Páx. 90.), *o señor Castiñeira Broz (P)* (Páx. 92.) e *o señor conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 94.)

Alteración no desenvolvemento da sesión plenaria

A señora presidenta (Rodríguez Arias) comunica que a proposición non de lei que figura en cuarto lugar se debaterá en terceiro lugar. (Páx. 95.)

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Santalices Vieira e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co Programa galego de detección precoz do carcinoma colorrectal. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 96.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Núñez Centeno (P).* (Páx. 96.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Fernández Rodríguez (M)* (Páx. 98.), *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 100.) e *Sra. Acuña do Campo (S).* (Páx. 101.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Solla Fernández (AGE).* (Páx. 102.)

O señor Núñez Centeno (P) interveñ para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 104.)

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Agricultura en relación co acordo lácteo e a actuación que debe levar a cabo en relación coas conversas que está a abrir. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Sánchez García (AGE).* (Páx. 105.)

SUMARIO

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 106.), *Sra. Paz Franco (BNG)* (Páx. 107.), *Sr. García García (S)* (Páx. 109.) e *Sra. García Pacín (P)*. (Páx. 110.)

Nova intervención do señor Sánchez García (AGE). (Páx. 112.)

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos González Santín e dous deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da adopción das medidas necesarias para o mantemento da sustentabilidade do sistema da Seguridade Social. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Rodríguez Arias) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 113.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. González Santín (S)*. (Páx. 113.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 115.), *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 117.) e *Sra. Romero Fernández (P)*. (Páx. 118.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Fajardo Recouso (AGE)*. (Páx. 119.)

O señor González Santín (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 120.)

Suspéndese a sesión ás oito e corenta minutos do serán.

Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Vaian ocupando os seus asentos, por favor.

(Pausa.)

Bos días.

Comezamos a sesión. Non se xustificaron inasistencias e a orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*; polo tanto, non procedemos á súa lectura.

E iniciamos co punto primeiro.

Solicitud de creación dunha comisión de investigación, por iniciativa dos grupos parlamentarios da Alternativa Galega de Esquerda, do Bloque Nacionalista Galego e Mixto, sobre os contratos, convenios, subvencións ou demais actos administrativos que provocasen que cargos públicos rematasen en mans da fundación Fesan

O señor PRESIDENTE: No desenrolo do debate de creación da comisión haberá unha rolda inicial de cinco minutos para cada proponente do grupo –neste caso intervirán dous grupos, que é o Grupo Parlamentario Mixto e o Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda–, o Grupo Parlamentario Socialista e o Grupo Parlamentario Popular terán o tempo regulamentado, e na réplica intervirá soamente o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por parte dos grupos solicitantes.

Comezamos, polo tanto, o debate coa rolda dos grupos parlamentarios.

En primeiro lugar, ten a palabra o Grupo Parlamentario Mixto, a súa portavoz, señora Martínez.

A señora MARTINEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

O Consello de Contas atopou irregularidades en varios cursos da Fesan, que é unha das grandes beneficiarias das subvencións da Xunta en materia social e que percibiu 10 millóns de axudas do Goberno galego dende o 2009. Nos

dous expedientes que o Consello de Contas examinou quedou constancia do uso ilícito da filial Gesan para subcontratar os cursos e tamén para realizar o control de calidade que debería de ter sido feito por unha compañía externa non vinculada. Gesan tiña como administrador único a Manuel Rodríguez Sedano, o director xerente de Fesan. Curiosamente, Gesan tamén recibiu cursos subvencionados pola Consellería de Traballo, e polo menos nun deles Contas tamén atopou irregularidades.

¿Por que recibe todas estas axudas públicas a Fesan? A resposta está na súa relación co Partido Popular. Jaime Rodríguez-Arana Muñoz foi o seu primeiro presidente, e trátase dun ex deputado do Partido Popular, ex director da revista *REGAP*, subsecretario do Ministerio para as Administracións Públicas, director xeral do INAP, e incluso o xornal *Público* chegou a cualificalo como a guía espiritual do ministro do Interior, porque Rodríguez-Arana dirixía o grupo de meditación e orientación de Jorge Fernández no Opus Dei. O actual presidente, Ángel Sampedro, e o primeiro presidente, Rodríguez-Arana, son coautores do libro *O galeguismo*, editado pola Xunta e por Foesga.

As últimas contas que presentou a Fesan coinciden co ano no que se destapou a rede de corrupción de Azet Janet, no ano 2013, coa que Fesan se repartía os contratos que adjudicaba a Consellería de Traballo, levando a Fesan máis de catrocentos mil euros. O propio Consello de Contas detectou as mesmas irregularidades en Fesan que as que se detectaron en Azet Janet.

O que era secretario da entidade, Manuel Rodríguez Sedano, constituíu ao ano seguinte da posta en funcionamento da Fesan a sociedade mercantil Gesan, que en 2012 se converteu co nome de Versa Asesores.

Ao ano seguinte de crearse Gesan, Manuel Rodríguez Sedano pon en funcionamento tamén a consultora CEES, cun obxecto similar a Gesan e Fesan. CEES tivo ata nove sedes sociais, algunhas delas que coincidían coas de Gesan e Máis Atención, entidade creada tamén por Rodríguez Sedano no ano 2005.

Un dos operadores en CEES e en Gesan/Versa, Santiago Davila, puxo en 2009 en marcha a empresa Davila Pérez Santiago, que logo cambiou o nome por Hércules Proxectos

e Estudos, que optou a varios contratos da Xunta en competencia con CEES.

A Xunta outorgou, polo menos, catro contratos a CEES por valor de 234.000 euros, tres deles eran da Consellería de Traballo entre o 2011 e 2012 e un da Secretaría de Igualdade. Os catro contratos foron negociados sen publicidade; en dous contratos a Xunta invitou a Hércules e a CEES, e a adjudicataria resultou ser CEES. Noutra liquidación, Traballo invitou as tres mesmas empresas e volveu gañar CEES.

É dicir, atopámonos cun entramado de empresas co mesmo obxecto social, cos mesmos socios, cos mesmos directores, que van montando empresas que compiten entre elas para obter as subvencións da Xunta de Galiza, sen que se aclare en ningún momento nin por que a Xunta saca estes contratos sen publicidade, por que llelos ofrece ás tres mesmas empresas que coinciden cos mesmos titulares na súa constitución, que teñen relación entre eles, que teñen relación directa co Partido Popular as tres, que comparten sedes, e quedan moitas preguntas sen responder, ademais de ter que aclarar todas as irregularidades detectadas polo Consello de Contas, e que van desde a inexistencia de parte de existencias á falta de realización dos contratos comprometidos, ou que se considere a presidenta da fundación como persoal de apoio dos cursos.

Foi contratada a Fesan para realizar actuacións que afectaban, por exemplo, a custodia de expedientes, a tramitación de acreditacións profesionais, e incluso tivo algunha axuda para fomento do baile tradicional, é dicir, que tiña axudas para obxectos que non tiñan nada que ver coa Fesan. Polo tanto, ao noso entender, merece unha comisión de investigación que aclare tanto o outorgamento destas subvencións como a chamada, a concorrència sen publicidade das tres empresas que forman parte do mesmo grupo e comparten ademais directivos.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días.

Xa está explicado basicamente o asunto polo cal solicitamos a comisión de investigación no concreto, e iso permíteme ir ao miolo da cuestión.

Isto cheira ao enésimo capítulo da historia do saqueo das administracións públicas protagonizado polo Partido Popular. Un máis, señores do Partido Popular. Vostedes, a dereita, sempre apostaron pola privatización dos servizos públicos co pretexto dunha maior eficiencia, pero co obxectivo de saquear as administracións e os recursos públicos e mais de disfrutar comodamente das portas xiratorias.

Vostedes, os defensores do libre mercado, viven e viven moi ben do BOE e do DOG e mais das súas relacións co poder político cando deixan de estar no poder político. O *modus operandi* soe ser similar ao que xa vimos en moitos sumarios, no último sumario da operación Zeta: persoas afíns ao Partido Popular utilizan as súas relacións para conseguir contratos, a prestación de servizos en ocasións é fraudulenta ou non se presta, e tamén de vez en cando, habitualmente, algunhas das migallas veñen de volta para financiar o Partido Popular ou para pagarlle un salario de 3.000 euros mensuais ao amigo do presidente Pachi de Lucas, que se embolsaba eses 3.000 euros simplemente coa calidade de ser moi amigo do señor Feijóo.

Fesan é unha pseudofundación constituída por persoas afíns do contorno do Partido Popular que se beneficiou entre 2009 e 2013 de 9,6 millóns de euros da Xunta en contratos e subvencións de todo tipo. O seu primeiro presidente foi Jaime Rodríguez-Arana, como xa foi dito aquí, subsecretario do Ministerio de Administracións Públicas do primeiro Goberno Aznar; moi coñecedor das políticas que se ían implementar de privatización de servizos públicos, e sabía moi ben como había que montar os chiringuitos para facer esa administración paralela de amiguiños do Partido Popular. Tamén dirixiu a Escola Galega de Administración Pública na era Fraga. Preparou perfectamente o terreo para despois irse forrar á privada. E o máis importante de todo, que aquí non se dixo: asesor espiritual do tamén membro do Opus Dei Jorge Fernández Díaz, ministro do Interior, que despois escoita *voces de ángeles*. Esta fundación conseguiu todo tipo de contratos.

E outra das características deste saqueo das administracións públicas é que son empresas “atrápalo todo”; empresas

“atrápalo todo” que o mesmo conseguen un contrato dun campamento de verán que dun centro de día, que dunha escola infantil, etc. Non hai especialización, non hai competencia, non hai cualificación, o único que se busca é a relación co poder público e nada máis.

É dicir, isto cheira ao de sempre: ao capitalismo de amiguetes e acabar convertendo estes chiringuitos de ex altos cargos do Partido Popular nunha verdadeira administración paralela, para maior gloria dos ex altos cargos do PP e a conta, como sempre, de Juan Pueblo. Cheira moito máis este asunto acontecendo en gran medida en contratos e adxudicacións da Consellería de Traballo e Benestar case nos mesmos anos, un pouco despois solapados, da operación Zeta.

Nestes últimos anos moitos son os casos que temos escoitado por parte de traballadores e usuarios, principais damnificados dos negocios que fan impunemente ás nosas costas. Externalízanse os servizos para, en teoría, ser xestionados por especialistas dun xeito eficiente, fomentando a competencia e mellorando os servizos. E o que vemos ultimamente é que se está constituíndo unha administración paralela, na que se está convertendo o conxunto de empresas que contratan múltiples e variados contratos, abarcando cada vez máis sectores, concentrándose cada vez en menos mans, indo cara a un camiño dun oligopolio privado de control dos servizos públicos. É o gran saqueo, e pretenden seguir como se nada, señores do Partido Popular.

E para esclarecer todo, ata as últimas consecuencias, o que os indicios nos din, queremos que se constituía esta comisión de investigación e que nos facilite información que normalmente escatima este goberno, e que ademais se comece un camiño de rexeneración. O Partido Popular, o partido da corrupción, non pode rexenerar nada, terán que vir outros facelo. E así saberemos tamén se é certo ou non a intensidade da utilización das portas xiratorias de membros actuais do Goberno galego, que mentres non teñamos probas non diremos, pero que se verificará no caso de constituírse a comisión de investigación e de que haxa un Parlamento que se tome en serio unha comisión de investigación, e non como a maioría popular toma a Comisión de investigación, por exemplo, das caixas de aforro de Galicia, unha auténtica vergoña e un auténtico escándalo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Soneira.

A señora SONEIRA TAJES: Señor presidente, señoras deputadas, señores deputados.

O pasado xoves, a pasada semana, na rolda de prensa posterior ao Consello da Xunta, o señor presidente preguntado por este asunto tivo, poderíamos dicir –ao mellor utilizado de maneira incorrecta o termo, o señor presidente corrixiame porque el disto sabe–, un lapsus freudiano. É dicir, cando lle preguntan por Fesan, o señor presidente saíu e asociou fundación Fesan con fundación que financia a Podemos con recursos venezolanos, e, polo tanto, desde a súa interpretación, ilegais, e como algo malo malísimo. ¿Por que o señor presidente asociou unha cousa coa outra? O señor presidente tiña moitas maneiras de saír. Podía dicir que non hai nada, podía dicir que se investigará, podía dicir que concorreu a Fesan de acordo coa lei... En fin, tiña todo un amplo abano, pero curiosamente o subconsciente –estas cousas que Freud conta a través da interpretación dos soños– levouno a asociar unha fundación que financia irregularmente, segundo el, a outra formación política cunha fundación do país que veremos en que acaba.

Claro que isto xa o patentou Manuel Fraga, que dixo que os fillos das familias prominentes tiñan máis facilidade para acceder a determinados postos e a determinados cargos, porque son fillos de familias prominentes, neste caso do Partido Popular. E así, porque a memoria é fráxil, acaba en postos de relevancia social “*porque yo lo valgo*” moita xente. ¿Acórdanse vostedes daquela señora que levaba un diario en Fórum Filatélico? Claro, porque “*ella lo valía*”. Ou recentemente dona Pilar de Borbón, que ela tamén o vale; pon mesas petitorias e exerce a caridade aquí, pero, por outra parte, fóra trata de salvar os seus impostos, porque iso parece que non é caridade, porque “*ella lo vale*”.

E aquí pásanos o mesmo. E Fesan é un caso de libro: xente de orde –que se dicía antes– que formou parte de gobernos da dereita tanto no Estado como na Comunidade Autónoma. Xente que se considera chamada a liderar grandes proxectos sociais en favor dos “desfavorecidos”. Curiosamente, xente que non arrisca ningún ochavo porque todo o fan a través dos seus contactos e co financiamento público.

É dicir, os que pagan os impostos aquí e que non teñen contas en Panamá, pero non poñen unha mesa na praza do Obradoiro para facer caridade pública, eses son os que financian este tipo de proxectos de xente ben relacionada co poder para facer “política social”. E, desde logo, xente que mantén unha relación extraordinaria coa Xunta e co Partido Popular, incluso algúns deles militan.

Por certo, esta xente fai competencia desleal coa iniciativa privada que actúa neste campo. Iniciativa privada que non ten nin os contactos, nin a facilidade para conseguir as subvencións, e que incluso ten que pagar os impostos para financiar os proxectos caritativos de todas estas persoas. Esa é a realidade. E é sorprendente nun goberno de dereitas que defende a libre competencia, que defende que o capital por si só redistribúe a regra, pero, non, aquí cóbraselle ao capital para financiar xente que compite deslealmente contra o capital. Unha contradición que ao mellor alguén nos explica. Sairá o portavoz do PP aquí –e algo xa nos adiantou o señor Rueda, que nisto é un especialista– a trucar contra todo o mundo. Aí vai para todos. Vale, perfecto. Ao mellor, equivocóme, pero sairá desde esta tribuna Venezuela, Andalucía e non sei..., incluso o santo mantra argumental do Partido Popular, que parece ser que é unha advocación nova.

Pero isto é o mesmo esquema que xa temos visto, e xa se citou aquí: operación Zeta, conseguidores aos que todos os galegos lles pagamos a pernocta e manutención na residencia oficial de Monte Pío, e que ata o día de hoxe ninguén nos explicou cal era a súa función. Iso si, dixo un señor que cobraba 3.000 euros todos os meses por iso, por conseguir, por abrir portas. E de feito hai correos e mensaxes cruzados.

Non se sabe se algúns cursos de formación se fixeron ou non. Hai un señor que di unha cousa gravísima, que aínda non foi denunciada polo Partido Popular. Di que unha parte deses recursos públicos era para financiar o Partido Popular na Coruña. E que se saiba ninguén denunciou o señor Gerardo Crespo, porque isto é gravísimo. Se é verdade é gravísimo, se é mentira tamén, porque se é mentira están poñendo en cuestión e calumniando o primeiro partido de Galicia, o partido que sostén o Goberno galego. E non nos consta que se teña denunciado.

Hai outro señor, o presidente de Caipe, que nos conta a semana pasada nunha rolda de prensa: é que llo tiñamos que

dar a Gerardo Crespo, porque nos dicían os funcionarios da Xunta de Galicia que contratáramos con el. E faino acompañado do seu avogado, ¡eh! Ou sexa, non é un señor que estaba tomando unhas copas e largou. Non, ese señor asistido de letrado conta estas cousas.

Operación Cátedra, tres cuartos do mesmo. Levamos preguntado se a directora xeral de Xuventude traballou algunha vez na empresa de Lalín que está sendo investigada por supostos cursos que non se celebraron, e aínda non sabemos nada, porque aquí a trasfega é nas dúas direccións: do Goberno para as fundacións e das fundacións ou das empresas amigas para o Goberno.

Fesan, creada por altos cargos dos gobernos de Aznar e de Fraga. No contorno desta fundación créanse empresas instrumentais que mesmo son convocadas en procedementos sen publicidade e negociados, e van as tres representadas polo mesmo suxeito. *¡Viva la libre competencia!* Participa todo o Goberno galego, uns en maior e outros en menor medida. Evidentemente, a palma lévaa a Consellería de Traballo e Asuntos Sociais, millóns de euros. Pero, por certo, todos os departamentos que dependen do señor Rueda, aínda que parece que con cantidades modestas, pero todos, todos os que dependen de Presidencia, téñenlle concedido algún tipo de axuda. En resposta oficial da Xunta de Galicia dada a este grupo: ata 2013 case sete millóns de euros no conxunto das administracións galegas; no día de hoxe non o sabemos, témolo preguntado.

Ao noso grupo, desde que ten saído nos medios de comunicación información relativa a esta empresa, pois teñen chegado persoas e empresas que nos teñen trasladado que as inspeccións non son iguais nos cursos de formación de Fesan que noutros cursos de formación, incluso hai queixas formais dos inspectores. Ás veces, traballadores dos centros de día ou das escolas infantís eran convidados amablemente, por se caía unha inspección non prevista, a que ocuparan o posto teórico de alumnos. Iso está denunciado no noso grupo, téñense vido queixar moi amargamente.

A Consellería de Educación para homologar títulos e autorizar determinadas ensinanzas –estamos falando en moitos casos de ciclos superiores de FP en especialidades que requiren un equipamento carísimo, todo o que ten que ver con ortodoncias e sanidade–, ben, pois a algúns deles cando

foron protestar á Consellería pola facilidade que se dá para homologar e autorizar os do Fesan, e os deles ao mellor levaban un ano alí esperando, o que lles dicían era: teñen vostedes que denunciar porque xa non sabemos que facer. Todo isto é o día a día, o pan noso de cada día.

Ben, quizais para o grupo maioritario isto non mereza unha comisión de investigación, non o sei. O que me merecería é a mesma dilixencia que tivo o señor Rueda con outras supostas tramas, que mobilizou toda a Xunta para inspeccionar, para despois quedar en nada. Ao mellor, aquí tamén conviría mobilizar os recursos da Administración para, visto todo o que saíu, investigar o que pasa aí.

Claro que ao final chegamos a unha conclusión, e debaterémolo aquí noutro momento neste Pleno: ¿por que a Xunta de Galicia, por exemplo, non recorreu o recorte brutal de competencias do señor Montoro, que o Constitucional acaba de declarar, iso, inconstitucional para que os municipios xestionaran os asuntos sociais, a saúde básica, etc., etc.? Porque o plan é darllo a esta xente, aos fillos das familias prominentes, que non arriscan nada, señor Rueda. É a Administración a que financia, e finánciao cos impostos precisamente destes aos que vostedes despoixan dos servizos básicos.

Nós imos apoiar esta comisión de investigación. Non sei o que fará o Partido Popular porque é quen decide, quen ten a maioría, lexitimamente; agora, señor Rueda, aínda que o seu grupo decida que non paga a pena investigar isto, vostede ten recursos máis que suficientes para investigar o que hai detrás disto, e sobre todo vostede pode explicarnos por que o seu departamento é tan xeneroso con estes e tan rácano con outros. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Soneira.

Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

“Tengo por costumbre, querido Sancho, que, en viendo el burro venir, ya de lejos me apercibo sin confundirme de las patadas que pudiera propinarme; por tanto, mi fiel escudero, fíjate en los andares, y si viéndolo retorcido y mal encarado vieres que arranca sin compostura hazte a un lado, que de estos con mala idea es mejor no tener contac-

to. Y hay que tener cuidado con tal calaña... Y cuidado, amigo Sancho, que son los mismos que luego cobran de berberiscos y de otros que más allá someten a sus pueblos”. Así lle dicía don Quijote a Sancho nunha obra mestra da nosa literatura, *El Ingenioso Hidalgo Don Quijote de la Mancha*, un clásico de Miguel de Cervantes que conserva, como ven plena vixencia máis de catrocentos anos despois.

Pois ben, señorías do Grupo Popular, os nosos compañeiros de bancada de esquerda veñen retorcidos, efectivamente, e mal encarados con esta petición de comisión de investigación, con mala idea e arrancando sen compostura contra nós. Todo lles vale con tal de facerlle oposición a este goberno.

Señora Soneira, vemos pleno tras pleno que a vostede lle gusta moito falar de corrupción, que lle gusta moito falar de sospeitas, que lle gusta moito falar de intrigas, de texemaxes. Pero eu dígolle máis: non ten vostede necesidade de saír da casa para falar deses asuntos, cambie as insinuacións por afirmacións. Se quere falar de corrupción, pode falarnos non de presunta corrupción, pode falarnos de presunta corrupción plenamente investigada polos xulgados do noso país. E esa investigada polos xulgados do nosos país está no seu propio partido, non ten vostede que inventar absolutamente nada.

Sabe vostede, señora Soneira, que están sen secretario xeral no Partido Socialista, e sabe por que; porque sobre el pesaban dez imputacións. Sabe vostede tamén por que se tivo que ir o anterior secretario xeral, o anterior do anterior; tamén por imputacións. Sabe vostede que lle pasou ao anterior presidente... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! Silencio, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...do Partido Socialista, o señor Orozco, que está imputado, que tamén tivo que irse. *(Murmurios.)* Polo tanto, en definitiva, señora Soneira...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...creo que vostedes os socialistas se ven na obriga de manexar aquilo de que todos somos iguais. Pero non é verdade, señora Soneira, non todos somos iguais. E dígolle máis: non creo que o señor Abel Caballero... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

Un momento, por favor. Perdoe, señor Tellado. Está o señor Tellado no uso da palabra, vostedes xa falaron.

Silencio, por favor, que vostedes teñen a súa rolda tamén.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Non creo, señora Soneira, que o señor Abel Caballero comparta esa estratexia súa de sementar ventos; non vaia ser que recollan vostedes máis tempestades das que xa padece o Partido Socialista. Polo tanto, non veña vostede xerar desconfianza, e desconfianza infundada e interesada.

Dende o Grupo Popular temos a sensación de que a desesperación política a vostedes, os grupos proponentes e o grupo que os secunda, os leva a facer unha oposición tan sucia como torticeira. Vostedes veñen sementar dúbidas sobre o Goberno, pero tamén sobre os funcionarios que traballan na Administración autonómica. Vostedes poñen en dúbida a legalidade de procedementos de concorrencia competitiva e vostedes poñen en dúbida procedementos de adxudicación nos que participan mesas técnicas de contratación, nas que están funcionarios, non están políticos. Iso é o que acaban de facer vostedes nas súas intervencións. E, polo tanto, vostedes veñen aquí poñer en dúbida a neutralidade, a profesionalidade e a independencia dos funcionarios da Xunta de Galicia, e nomeadamente dos que dependen da Asesoría Xurídica, do corpo de letrados e da Intervención Xeral da Xunta de Galicia. Iso é o que veñen vostedes facer. Nós non compartimos esa forma de facer política que vostedes teñen.

Dicía vostede que eu tiña que ir a Venezuela para buscar explicacións. Non, temos que ir á Xunta de Galicia buscar explicacións. Nós o que queremos é botar luz onde vostedes queren que haxa escuridade.

Mire, imos coller un dato: ano 2008, gobernaban vostedes, ¿saben canto facturou Fesan coa Administración autonómica? A cantidade de 1.600.000 euros. Imos coller o último ano do Goberno do Partido Popular, ano 2015, ¿canto facturou Fesan para a Xunta de Galicia? Uns 624.000 euros. ¡Caramba!, señora Soneira, ¡caramba!, señores da oposición, co Goberno bipartito a empresa da que vostedes falan triplicaba a súa facturación coa Xunta de Galicia, tres veces

máis que agora; o triplo, señorías: 600.000 agora, con vostedes 1.600.000. Eu supoño que no turno de réplica vostedes darán algún tipo de explicación sobre isto. E non sei se seguindo as súas teorías, señorías, se temos que actuar coa mesma desconfianza que actúan vostedes, se temos que actuar con desconfianza en relación co señor Ricardo Varela e se temos que actuar con desconfianza en relación co señor Anxo Quintana, que eran os que contrataban con esa empresa. Vostedes desconfiarán –supoño– o triplo do señor Ricardo Varela e o triplo do señor Anxo Quintana que do que desconfían do Goberno actual da Xunta de Galicia.

Seguindo as súas teorías, señorías, non sei se temos que desconfiar tamén dos contratos que Martiño Noriega, alcalde de Teo, lle adxudicou a esta empresa que vostedes queren investigar; teremos que desconfiar, polo tanto, do señor Martiño Noriega. Teremos que desconfiar do señor Orozco, que lle adxudicou tamén contratos en Lugo a esta empresa. ¡Caramba! E teremos que desconfiar, polo tanto, se seguiremos as súas teorías. Pero eu creo que non, señorías, pois nós non dubidamos de ningunha adxudicación, nin das do señor Martiño Noriega, nin das do señor Orozco, nin das do Goberno actual da Xunta de Galicia. Entendo que vostedes si, que vostedes prefiren dubidar das contratacións de todo o mundo. Polo tanto, o Bloque Nacionalista Galego tamén dubidará das contratacións en Pontevedra que lle fixo a esa empresa o señor Fernández Lores, alcalde do Bloque Nacionalista Galego. Supoño que darán explicacións sobre as contratacións que lle teñen dado.

¡Vaia trama, señorías, teñen descuberto vostedes de corrupción!, vaia trama que salpica tanta xente e salpica os seus propios partidos. Eu creo que deberían actuar vostedes con máis rigor e máis seriedade. Non se pode botar dúbidas sobre os gobernos da Xunta de Galicia, nin sobre os funcionarios da Xunta de Galicia, que é o que fixeron vostedes ata o de agora.

Aquí non hai un Carrumeiro, señorías, do Bloque Nacionalista Galego, aquí non hai un caso como o de Mobles Torrado. ¿Que non se acordan deses casos? ¡Ah!, xa non queremos falar deses casos, pero este non é un Carrumeiro e este non é un Mobles Torrado, empresa esta de apelido insigne que en ano e medio facturou 600.000 euros para o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, todo ben partido en corenta contratos. Corenta contratos en ano e medio coa

empresa Mobles Torrado, todos eles –hai que dicilo, ¡eh!– en adxudicacións directas do Bipartito, con procedementos negociados e sen publicidade. (*Murmurios.*) Ese é un exemplo que nós, dende logo, non quixeramos seguir.

Falaban vostedes de formación. Miren, o caso dos cursos de Fesan foi investigado polo Consello de Contas, eses programas de formación para o emprego desenvolvidos nos anos 2010 e 2011, e, efectivamente, o Consello de Contas detectou unha serie de irregularidades. As mesmas deficiencias que o Consello de Contas no mesmo informe recolle tamén nos cursos desenvolvidos pola fundación da CIG –pola Forga–, por Formega, por Forem –de Comisións Obreiras–, por UGT e tamén polas confederacións de empresarios. Efectivamente, o Consello de Contas detectou todas esas irregularidades, todas esas deficiencias.

Pero é que vostedes non o contan todo, é que ese informe do Consello de Contas foi elevado ao Tribunal de Cuentas, para que o fiscalizase. Iso vostedes sábeno, e vostedes saben que o Tribunal de Cuentas contestou a ese informe. E, polo tanto, permítanme que lles lea un escrito remitido polo Tribunal de Cuentas, pola Sección de Enjuiciamento do Tribunal de Cuentas, remitido ao Consello de Contas con data 9 de marzo de 2016, sobre os cursos que vostedes poñen en dúbida, que ten executados esa empresa durante os anos 2010 a 2011. O escrito do Tribunal de Cuentas, do que vostedes non queren falar aquí porque se lles desmorona toda a súa argumentación, di o seguinte:

“En relación con las diligencias preliminares número 109/1525, del ramo del sector público autonómico, informe de fiscalización de programas de formación para el empleo, ejercicios 2010-2011, Fundación de Estudios y Análisis, Fesan, Galicia, se comunica para su conocimiento el archivo de las mismas por auto de 22 de diciembre de 2015.”

Arquivado polo Tribunal de Cuentas. O que vostedes veñen facer aquí é sementar dúbidas sobre a honorabilidade dun goberno e sobre os funcionarios que traballan ao servizo da Administración pública. ¡Vaia forma de facer política, remexendo nos contedores con tal de desprestixiar un goberno, desprestixiar unha administración para tratar de sacar tallada política! Iso é do que vostedes tratan de facer.

E por iso nós o que imos facer é facerlle caso al *Caballero de la Triste Figura* cando dicía aquilo de: *“Tengo por costumbre, querido Sancho, de que, en viendo el burro venir, ya de lejos me apercibo sin confundirme de las patadas que pudiera propinarme; por tanto, mi fiel escudero, fijate bien en los andares, y si viéndolos retorcidos y mal encarados vieres que arranca sin compostura hazte a un lado”*. Iso é precisamente o que nós imos facer.

Señorías, non hai caso, sigan vostedes con esa estratexia. Fraco favor lle fan vostedes a Galicia, fraco favor lle fan vostedes á imaxe da política e fraco favor lle fan vostedes á imaxe desta cámara, que está ao servizo dos galegos, non ao servizo dos seus partidos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Réplica, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señoras e señores deputados.

Vou tomar prestada do señor Tellado a literatura que toca hoxe neste pleno e vou dicir que *“con la iglesia hemos topado, amigo Sancho”*.

Neste caso vólvese repetir: A Coruña, Opus, financiamento do Partido Popular... E é posible, señor Tellado e señoras e señores do Partido Popular, que vostedes non queiran precisamente investigar este asunto para que non volva saír aquí o nome do tan venerado señor Romay Beccaría, que sempre está detrás de todos os chanchullos vinculados ao financiamento do Partido Popular.

É curioso, señor Tellado, que vostede coa intervención, non de contedor, senón de camión de lixo, que acaba de facer desde este estrado veña aquí acusarnos aos grupos da oposición de xerar desconfianza, de falta de rigor e de falta de seriedade.

Mire, señor Tellado, que vostede nos traia aquí un informe do Tribunal de Cuentas como principio de autoridade para xustificar que non hai caso, cando o Tribunal de Cuen-

tas durante máis de vinte e cinco anos non viu caso no financiamento do Partido Popular, que agora está sendo investigado e mesmo xulgado con apertura de xuízo oral en máis dun caso polos tribunais de xustiza, non deixa de ser pintoresco.

Señoras e señores deputados, estamos ante un caso clarísimo dos que o Bloque Nacionalista Galego, cando se celebrou neste Parlamento a falida Comisión de estudos sobre a corrupción, consideraba que eran aspectos imprescindibles para estudar por esa comisión, que era como acaban derivando cuantiosas cantidades de cartos públicos para a súa xestión por parte de empresas e entidades privadas, e poñiamos diversos ámbitos sobre os que había que poñer o acento.

E neste caso que hoxe traemos aquí para que se investigue, concorren precisamente tres deses ámbitos de risco: subvencións e convenios, contratación pública e privatización de servizos públicos. E a través desa vía, señoras e señores do Partido Popular, foron derivados desde o ano 2011 até o 2014 uns 7,5 millóns de euros á empresa Fesan e adláteres. E se contamos o ano 2009 e 2010, fiscalizado polo Consello de Contas, 9,6 millóns de euros. Son 9,6 millóns de euros plagados de irregularidades –como xa se dixo aquí– nunha empresa que igual xestiona unha escola infantil que un centro de día, que dá cursos de formación, que, por certo, xestiona axudas para desempregados que despois nin sequera cumpre os compromisos de contratación deses desempregados.

Estamos, señoras e señores do Partido Popular, ante un claro asunto no que se mesturan dúas cousas: as máis vellas prácticas da presunta corrupción política con ese caciquismo 4.0 que está poñendo de moda o Partido Popular, que consiste en que precisamente persoas vinculadas co seu partido acaben sendo as que xestionan e conseguen gran parte deses recursos públicos.

E, señor Tellado, vostedes, o Partido Popular, cando aquí se cuestionan as súas decisións políticas, tanto ten que falemos da privatización da sanidade e deterioración dos servizos públicos como do ensino, como neste caso de prácticas corruptas que se fan desde a administración, sempre se amparan detrás dos empregados públicos. Nós aquí non queremos que se investiguen os empregados públicos, queremos que se investiguen as decisións políticas da administración pública. Porque terá que lembrar vostede que na Consellería de Benestar xa tivo que dimitir un director xeral, precisa-

mente o de Formación. E aquí estamos falando novamente de cursos de formación e de inxentes cantidades vinculadas aos recursos de formación que están baixo sospeita, e vostedes seguen sen considerar que é necesario investigar que estivo pasando durante todos estes anos no departamento da señora Mato, non cos funcionarios da señora Mato, senón coa señora Mato e cos cargos políticos que a señora Mato puxo á fronte desas responsabilidades.

Señoras e señores do Partido Popular, eu non falei co resto dos grupos propoñentes, pero estou segura de que aceptarán se vostedes queren facer unha emenda *in voce* á proposta de resolución que se amplíe a investigación a partir do ano 2005. Seguro que o Partido Socialista tampouco ten ningún problema. Se o problema que teñen vostedes é pedirlle explicacións ao Bipartito...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ...nós estamos dispostos a que a investigación dese departamento, deses cursos, das adxudicacións e das derivacións de cartos a Fesan se faga desde o ano 2005, porque nós si que non temos nada que ocultar. E aquí os que teñen algo que ocultar son os que se amparan detrás dos funcionarios...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ...os que se amparan detrás dos sindicatos, que xa sabemos que o señor Rueda é experto en ir inspeccionar as sedes de organizacións sindicais, pero despois cando se trata de levantar as alfombras nos seus departamentos é bastante máis timorato.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: E, polo tanto, remato, señoras e señores do Partido Popular, dicindo que quen non quere investigar é quen evidencia que ten moito que ocultar.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz.

Rematado o debate, procedemos á votación da solicitude de creación da comisión de investigación.

Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación, por iniciativa dos GG.PP. da Alternativa Galega de Esquerda, do Bloque Nacionalista Galego e Mixto, sobre os contratos, convenios, subvencións ou demais actos administrativos que provocasen que cargos públicos rematasen en mans da fundación Fesan.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a solicitude desta comisión de investigación.

O señor PRESIDENTE: Pasamos ao punto 2 da orde do día, que se corresponde co de comparecencias.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Facenda, por petición propia, para informar sobre o peche do exercicio 2015 e o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o conselleiro de Facenda, don Valeriano Martínez García.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Comparezo hoxe para informar o Pleno do Parlamento galego do peche de exercicio do ano 2015 e do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Quixera comezar expresando a miña satisfacción porque entre todos fomos capaces de cumprir un ano máis o déficit público; un éxito que non é do Goberno, senón que é un éxito de Galicia.

Galicia é a proba de que a estabilidade, a seriedade, o rigor e a boa xestión dan os seus froitos, e de que, contrariamente ao que se ten escoitado en moitas ocasións nesta cámara, o cumprimento do déficit público non é un atranco para crecer. E este éxito reside en que Galicia ten hoxe un modelo propio de crecemento. Un crecemento que permite ir

deixando atrás a crise económica e que non se basea en gastar máis do que ingresamos, senón en crecer desde a estabilidade e o rigor para consolidar un crecemento san, en definitiva, para crecer mellor.

Señorías, Galicia foi capaz de lograr o que ata agora parecía moi difícil de acadar: crecer ao maior ritmo dos últimos oito anos, ao mesmo tempo que se reducía o déficit e non se incrementaba a débeda. Vexamos como é posible.

Lembrarán que o Goberno trouxo a esta cámara os orzamentos do 2015 para seguir cumprindo o obxectivo de estabilidade orzamentaria, seguir priorizando por riba de todo o gasto social, reforzar o investimento, reducir os gastos financeiros e implantar rebaixas selectivas de impostos para, por un lado, favorecer as familias e empresas, e, por outro, impulsar a recadación dos impostos vinculados á reactivación económica.

Os retos destas prioridades eran reforzar as políticas que favorecen a creación de emprego neto e a consolidación e intensificación da recuperación económica e do crecemento. E, señorías, unha vez pechado o exercicio, confirmase que se acadaron estes obxectivos. Galicia cumpriu en 2015 –un ano máis– o obxectivo de déficit público. Priorizamos o gasto en sanidade, educación e servizos sociais. Galicia liderou o esforzo investidor, reducimos os xuros do pago da débeda e conseguimos recuperar a recadación dos impostos vinculados á reactivación económica.

Este comportamento traducíuse en que en 2015 Galicia volveu crear emprego neto, e tivo un crecemento que desbordou as nosas previsións, co maior dinamismo desde antes da crise económica. Vexamos isto polo miúdo.

Galicia cumpriu de novo o déficit público, con moito esforzo por parte de todos os galegos e das galegas, pero Galicia cumpriu de novo o obxectivo de estabilidade orzamentaria, e fíxoo sendo unha das tres únicas comunidades que se axustaron á cifra pactada. Ademais, Galicia foi a autonomía que máis reduciu o déficit no último ano, do 1 % do ano 2014 ao 0,57 % do 2015, por debaixo do 0,7 % de límite autorizado polo Consello de Política Fiscal e Financeira.

En 2015 fomos quen de conseguir un incremento notable dos ingresos por tres vías fundamentais: por unha maior

achega do sistema de financiamento autonómico, por unha recuperación, por primeira vez –como xa avancei–, dos ingresos provenientes dos impostos vinculados á reactivación económica –e este dinamismo é clave porque demostra que a recuperación cada vez chega a máis familias, señorías; incentivamos a fiscalidade, medra o número de operacións vinculadas a transmisións e consecuentemente aumenta a recadación–, pero tamén, en terceiro lugar, por unha mellor xestión cun maior esforzo na execución dos fondos europeos e cunha maior eficiencia na execución do FCI. E tamén cun aforro no pago de xuros pola reestruturación da nosa carteira de débeda e por ter sido capaces de que o Estado habilítase un sistema a medida de Galicia como comunidade cumpridora que aforra cartos e que mantén a nosa autonomía financeira. Todo isto permitiunos compatibilizar o cumprimento do obxectivo de déficit público co maior gasto investidor, á cabeza de España, como logo veremos.

Priorizamos tamén o gasto social. Os gastos non financeiros executámoslos nun 105,3 % sobre o orzado, un 4,5 % máis que no ano 2014. E priorizamos o de contido social, pois supón o 80,3 % do gasto executado. No capítulo I o gasto crece porque, por un lado, pagamos a metade da extra aprazada polo Goberno central en 2012 tan pronto como foi posible legalmente. E foi unha cantidade moi importante, preto de 105 millóns de euros que puidemos afrontar pola solvencia das nosas contas. Ademais, na nómina deste mesmo mes de abril os empregados públicos recibirán outro 25 %, e a devolución total completárase en setembro. Esta solvencia tamén permite ampliar os días de antigüidade e ofrecerlles aos mozos esperanzas de acadar un emprego público con ofertas de prazas para a Administración: máis de 2.600 este ano 2016. Por outra parte, porque destinamos 17 millóns de euros máis que en 2014 para incrementar o número de substitutos de persoal en xulgados, hospitais, centros de saúde e centros de servizos sociais.

No capítulo II o incremento foi neste caso do 5 %, motivado en esencia por dúas causas: atender por primeira vez os doentes da hepatite C, destinando 77 millóns de euros para sufragar o seu tratamento –un esforzo xusto pero moi importante e que non nos impediu cumprir o déficit público–, e tamén compensamos os 24 millóns de euros como consecuencia do aumento do tipo de IVE para determinados produtos sanitarios. Sen estes dous apartados conseguiríamos rebaixar o capítulo II nun 1,1 %. E no capítulo IV executa-

mos o cen por cento dos créditos iniciais e priorizamos partidas cun reforzo de 4 millóns de euros adicionais para as universidades, outros 4 millóns para adquisición de material escolar e 5 millóns para a gratuidade no ensino.

Galicia liderou o esforzo investidor. No capítulo VI incrementamos os investimentos reais nun 43 %, é dicir, 224 millóns de euros máis. E no capítulo VII o aumento foi de case o 10 %, 58 millóns de euros máis. Por tanto, sumados ambos capítulos de investimento, o incremento respecto do 2014 foi de 25 puntos e máis de 280 millóns de euros. Esta aposta polo investimento fixo que Galicia fose a comunidade autónoma que fixo un maior esforzo investidor no 2015, destinou o 14,6 % do gasto dispoñible a investimento, case o dobre que a media das comunidades autónomas.

Reducimos tamén os xuros do pago da débeda. No capítulo III conseguimos reducir un 15 % o gasto financeiro, o que supuxo que os galegos aforrásenos 56 millóns de euros no pago de xuros que permitiron unha maior marxe de manobra para reforzar os gastos produtivos. Contamos con 56 millóns de euros adicionais grazas a unha mellor xestión da carteira de débeda, non endebedarnos por riba do autorizado e ser capaces desde Galicia de exixir que o Estado habilítase un instrumento idóneo para nós como comunidade cumpridora, o Fondo de Facilitade Financeira, que permite aforrar cartos aos galegos sen perder autonomía financeira.

Conseguimos recuperar tamén a recadación dos impostos vinculados á reactivación económica. Os ingresos tributarios dos impostos cedidos incrementáronse en case un 7 % no último ano ata superar os 512 millóns de euros, sobre todo pola recuperación, por primeira vez dende antes da crise, dos impostos vinculados á reactivación económica. Os ingresos por transmisións patrimoniais medraron un 19 % –máis de 28 millóns– e o de actos xurídicos documentados máis dun 13 % –máis de 10 millóns–; en total, 40 millóns de euros máis. A este bo comportamento destes impostos súmase a boa xestión de fondos europeos, cuns ingresos que medraron por riba do 13 %, e a do Fondo de Compensación Interterritorial, que o fixo nun 143 % ao conseguir executar 105 millóns de euros, o dobre do orzamento, e, desta forma, máis que duplicar o executado no 2014.

E con esta execución de orzamento e cumprindo o déficit público puidemos conseguir os dous obxectivos que nos

marcamos, que eran volver crear emprego neto e consolidar e intensificar o crecemento económico, que –como digo– desbordou as nosas previsións. Galicia pechou o 2015 con 41.000 parados menos e 32.000 ocupados máis que o ano anterior, e conseguir baixar a taxa de paro en 3 puntos. Sabemos que este descenso do paro non é suficiente e que aínda temos moitos galegos en situación de desemprego, pero conseguimos revertir a situación, pasar da destrución á creación de emprego.

Galicia intensificou o seu crecemento económico no 2015 e creceu ao ritmo de España. Ademais, se analizamos a evolución trimestre a trimestre, Galicia está tendo un crecemento sostido e cada vez a maior ritmo. Así o reflicte o recente dato do INE, que sitúa o crecemento do PIB no 3,2 % –ao mesmo nivel que España– e que ratifica o que vimos defendendo desde o Goberno galego, que o 2015 foi o ano no que se acelerou a recuperación económica de Galicia. Tivemos un comportamento dos principais indicadores económicos –como son o índice de produción industrial, o índice de actividade do sector servizos, o comercio polo miúdo ou as exportacións– mellor que no conxunto de España. Pero, pese a iso, sempre quixemos ser prudentes, quizais nesta ocasión ultraprudentes –como xa dixen durante a presentación dos orzamentos actualmente en vigor–. Continuaremos analizando o comportamento dos indicadores por se convén revisar á alza as previsións, pero sempre mantendo a prudencia, porque somos conscientes de que a incerteza sobre o Goberno de España pode ter efectos indesexados sobre a consolidación da recuperación económica.

Señorías, esta notable melloría no crecemento económico e esta progresiva e continua mellora do mercado laboral en Galicia foron posibles cadrando as contas autonómicas e non gastando por riba do que ingresamos. ¿Foi doado? Non, foi moi difícil, pero Galicia demostrou un ano máis que con políticas rigorosas e serias é posible cumprir o déficit público, e facelo priorizando o gasto social e liderando o esforzo investidor. ¿Foi positivo? Si, sen dúbida. Galicia conseguiu o que parecía moi difícil de lograr e o que ningunha outra comunidade autónoma logrou: crecer de maneira importante ao mesmo tempo que reducía o déficit e non incrementaba a débeda. Entre o camiño doado de gastar o que non tiñamos e exixir que nos financiaran eliximos o camiño máis difícil, o camiño de gastar mellor. Demostramos que se pode gastar máis reducindo o déficit e sen endebedarnos máis.

Galicia foi en 2015 un exemplo de solvencia e crecemento, un espello no que se miran o resto de comunidades autónomas. E a Airef corrobora no seu último informe que de novo este ano 2016 Galicia será unha das poucas comunidades que estará en disposición de volver cumprir o déficit público.

Señorías, cumprir o déficit público non é tan só obter un número ou unha boa nota, ten consecuencias positivas para todos os galegos e as galegas tanto no presente coma no futuro. Porque cumprindo o déficit público endebedámonos menos, liberamos recursos para reforzar gastos produtivos e para a sanidade, para a educación, para os servizos sociais. Ademais, se controlamos o déficit non só temos máis recursos no presente, tamén no futuro, porque asumimos menos cargas financeiras. Un dato corrobora este argumento: se Galicia seguise a mesma evolución que o conxunto de comunidades tería neste momento 3.000 millóns de euros máis de débeda, o que suporía un custo anual a maiores de 85 millóns de euros en gastos financeiros. Ou, dito doutro xeito, se Galicia tivese o mesmo comportamento que a media das autonomías, os galegos teríamos que renunciar a 85 millóns de euros de gasto produtivo para pagar os xuros da débeda.

Ademais, cumprir o déficit público ten máis vantaxes para todos e para todas as galegas, permite manter a nosa autonomía financeira, tomar nós as decisións que máis nos benefician e que non sexan outros os que decidan por nós. Permite manter a solvencia da comunidade autónoma, permite xerar confianza e credibilidade, confianza e credibilidade que se traducen en investimentos, pois os empresarios perciben a Galicia como un lugar atractivo e seguro para os seus investimentos. E permite reforzar o gasto social, porque pagamos menos xuros pola débeda e destinamos máis recursos á sanidade, á educación e aos servizos sociais.

Este control do déficit permite reforzar o gasto social –no ano pasado en máis de 280 millóns de euros adicionais–, permite incentivar o investimento, porque no 2016 temos máis dun 14 % de orzamento destinado a este capítulo, e permite acometer a maior rebaixa fiscal da historia de Galicia para que hoxe o 98,5 % dos contribuíntes paguen menos IRPF, que o 99 % non pague o imposto de sucesións e doazóns e os que aposten por dinamizar o medio rural se beneficien dos impostos cero.

Señorías, o esforzo colectivo dos galegos, que permite cumprir ano a ano o déficit público, xa nos permite ter unha vantaxe reputacional como comunidade, pero tamén ten que ter unha recompensa económica. Xa a tivo no 2015, ano no que o cumprimento de Galicia tivo como resultado case 150 millóns de euros adicionais por cumprir o déficit público, e terá que volver tela neste ano. Se en 2015 tivemos compensación económica por cumprir o déficit público, para este ano tamén demandaremos o mesmo ao Goberno de España. En ningún caso toleraremos que Galicia, como comunidade cumpridora, poida sufrir penalización ningunha; é máis –insisto–, demandaremos unha compensación económica. Agardo, pois, contar co apoio de todos os grupos parlamentarios para facer esta demanda diante do Goberno de España. *(Aplausos.)*

Señorías, estamos no modelo de crecemento galego que buscamos, na senda do crecemento san, cun control do déficit e da débeda. Cumprir de novo o déficit público no 2015 mantivo tamén controlado o endebedamento. Este control continuo sitúa a Galicia, que antes da crise estaba entre as comunidades máis endebedadas, entre as menos endebedadas, con 5,6 puntos menos de media en ratio débeda/PIB. Galicia é a comunidade autónoma en que menos medrou a débeda en 2015, e este control permitirá que comece xa a necesaria redución da súa ratio de endebedamento.

Durante a recesión aumentamos 10 puntos o gasto en sanidade, educación e servizos sociais, políticas ás que dedicamos 8 de cada 10 euros. Agora, que empeza a recuperación económica e a mellora de ingresos, seguimos blindando a porcentaxe de gasto social.

Polo que se refire ao esforzo investidor, Galicia mantense nos últimos anos sempre entre as comunidades con maior esforzo investidor, que foi especialmente importante no 2015, ano en que –reitero– foi a que liderou este capítulo en España.

Galicia, ao igual que nos últimos anos, continuou no pasado exercicio como unha das administracións que pagou con maior axilidade aos seus provedores.

Señorías, queda moito por facer, pero consideramos que imos polo camiño correcto. Precisamente polo camiño percorrido, por ser Galicia unha comunidade cumpridora, sol-

vente, cunhas contas serias e rigorosas, xa estamos en disposición de executar un orzamento expansivo, con baixada de impostos, creación de emprego e investimento para crecer, para sumar toda a cidadanía á recuperación económica.

E farémolo coa maior rebaixa fiscal da historia de Galicia, para aumentar a renda dispoñible dos cidadáns e incentivar o consumo, con políticas que afondan na recuperación do mercado laboral, incrementando o dobre que o orzamento os recursos destinados a favorecer a creación de emprego, cun completo paquete de medidas sociais para que a recuperación chegue a todos, con oportunidades a quen máis o necesita, e cun reforzo no investimento.

E xunto a este orzamento expansivo de 2016, temos deseñada a folia de ruta de Galicia para o medio prazo, o Plan estratéxico 2015-2020, un documento de país que está en trámite parlamentario e que teremos ocasión de debater nas vindeiras semanas e que garante á cidadanía galega que non haberá improvisacións.

Ademais dun orzamento expansivo e dun plan estratéxico, Galicia dispón nestes momentos de varias fortalezas para consolidar a recuperación económica e a creación de emprego, fortalezas que nunha conxuntura caracterizada pola incerteza política e institucional, constitúen, sen dúbida, importantes vantaxes comparativas respecto a outros territorios.

Galicia é un exemplo de estabilidade institucional en España; temos que aproveitalo. Galicia é solvente, das poucas comunidades autónomas que manteñen intacta a súa autonomía financeira; temos que aproveitalo. Galicia pode exercer o seu autogoberno en plenitude; temos que aproveitalo. Galicia é fiable, seria, ten credibilidade e xera confianza; temos que aproveitalo. E estas fortalezas estanse a traducir en datos positivos durante os primeiros meses do 2016.

No primeiro trimestre, a creación de sociedades mercantís en Galicia creceu a un ritmo do 15 %. Os ingresos tributarios en Galicia están rexistrando un bo comportamento. O índice de produción industrial medrou un 8 % nos dous primeiros meses e Galicia está entre as autonomías con mellor evolución. Galicia é a comunidade na que máis aumentou a facturación do sector servizos no arranque do 2016, cinco puntos superior á media española.

O último dato coñecido do comportamento do emprego tamén indica que a baixada do desemprego é lixeiramente maior en Galicia que na media. Crecen 3 puntos os fogares que chegan con facilidade a fin de mes, aínda que seguen sendo moitos, moitos, os que o fan con dificultade. E a “tarxeta benvinda”, de 100 euros ao mes, xa ten 1.000 beneficiarios e 2.500 solicitudes.

Podería seguir con máis exemplos, pero tamén quero facer fincapé en que existen riscos alleos a Galicia, como é a incerteza política e institucional en España, que poden truncar estas boas expectativas de comezo de ano. E o primeiro indicador desta incerteza xa o coñecemos: está baixando a confianza. O último dato do índice de confianza do consumidor que elabora o CIS indica que en marzo baixou 2,6 puntos, o que supón o seu terceiro descenso consecutivo logo de que en decembro do ano pasado acadara niveis de optimismo récord, desde que se elabora esta serie dende o ano 2004.

Por iso resulta clave aproveitar a estabilidade institucional que achega o Goberno galego nun momento en que Galicia crece a un ritmo previo á crise, Galicia crea emprego cada vez a maior ritmo, Galicia cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria e seguirá reducindo o déficit público, Galicia baixa a ratio de endebedamento, Galicia continúa aforrando en xuros para reforzar o gasto produtivo, Galicia segue entre as comunidades que paga con máis axilidade, Galicia lidera o esforzo investidor, Galicia baixa os impostos, Galicia mantén a súa autonomía financeira e exerce en plenitude o seu autogoberno. *(Aplausos.)*

Señorías, este goberno ten unha estratexia clara e un rumbo definido, queda moito por facer, pero moito xa se ten feito. Co esforzo colectivo da cidadanía, Galicia hoxe ten máis futuro. Nunca caeremos na autocompracencia, pero si consideramos que é de xustiza poñer en valor todo o camiño percorrido ata o de agora. Desde o Goberno galego contribuímos a este bo camiño cunha execución orzamentaria seria e rigorosa, que prioriza o importante e que busca aproveitar ao máximo cada euro do que dispoñemos.

En definitiva, a execución orzamentaria constata que Galicia cumpriu os obxectivos que se marcou no 2015. Galicia cumpriu de novo o déficit público. O gasto en sanidade, educación e servizos sociais foi a prioridade. Galicia estivo

á cabeza das comunidades en esforzo investidor, reducimos o pago de xuros de débeda e conseguimos dinamizar a economía, con rebaixas selectivas que permitiron acadar unha maior recadación.

Consolidamos así o crecemento económico e volvemos crear emprego neto, cadrando as contas. Galicia ten un modelo de crecemento, un crecemento san para crecer mellor, aproveitando que xa temos un orzamento expansivo e unha planificación seria e rigorosa a medio prazo, como é o Plan estratéxico 2015-2020. E consideramos que é moi positivo que no 2015, un ano máis, Galicia fose exemplo e espello no que se miran o resto de comunidades autónomas por ter conseguido o que ata agora parecía dificilmente alcanzable: un crecemento sólido, compatible coa maior diminución do déficit público acometido por calquera autonomía, e sendo a comunidade na que menos medrou o endebedamento.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra a señora Martínez García.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidenta.

Eu, señor conselleiro, de verdade que non sei como o mundo, abraiado ante os logros de Galiza e o Goberno Feijóo, non nos coloca unha praza, unha en Washington, outra en Bruxelas. Somos, de verdade, é que vostede non se bica na boca porque non pode, está namorado, e que é alucinante. Creo que en Alemaña están pedíndolle a Feijóo que cambie de nacionalidade para poder ser presidente de Alemaña ante os éxitos tremendos. De verdade, eu non sei se é descarro, se é porque pensa que os galegos e as galegas somos imbéciles e non nos... *(Murmurios.)* enteramos do que está pasando no noso país, pero, dende logo, foi patético escoitalo a vostede falar de como está a situación do noso país.

Pero é que, ademais –aínda é máis patético–, cando se fala de que no Estado se incumpre o déficit, o ministro bóta-

lles a culpa ás comunidades autónomas e á Seguridade Social, porque a Seguridade Social, señoras e señores, non ten nada que ver co Goberno central, ¡eh!, non é responsabilidade do Goberno central ter a Seguridade Social na situación na que está. Pero xa é o colmo que o conselleiro, ademais, recolla que os enfermos e enfermas de hepatite C son os que nos acabaron por fastidiar as contas. Indecente, indecente, porque vostedes entenden a solidariedade do sistema como caridade; así, todas as medidas que toman son medidas caritativas, que llas deberon de propoñer dende o Opus Dei, porque non se entende que estas poidan ser medidas políticas.

Pero esqueceuse –o ministro esqueceuse, vostede tamén–, cando fala dos problemas que ten a economía galega e a economía do Estado, de falar do peso da corrupción. Non falou do peso da corrupción, que xa está taxado pola Comisión Nacional do Mercado de Valores en 48.000 millóns de euros, é dicir, o 4,5 % do PIB, é dicir, superior ao 4,2 de redución do déficit que se acordara con Bruxelas. Polo tanto, ante esa corrupción que vostedes amparan –e acabamos de ver que a amparan votando en contra de que se abra unha comisión de investigación sobre o uso fraudulento dos cartos públicos–, amparando a corrupción, vostedes bótanlles a culpa a outros factores, como ás persoas enfermas de hepatite C, por exemplo.

Pero tampouco falou vostede do que supón nesta situación ese desvío de diñeiro a paraísos fiscais. Tampouco falou diso, cando hai moita xente deses amigos seus implicados neses paraísos fiscais, aos que vostedes, ademais, lles seguen dando negocio para que sigan desviando diñeiro a paraísos fiscais.

Tampouco falou vostede da influencia que tivo nos resultados económicos tanto a baixada no prezo do petróleo como o abaratamento do diñeiro. Todo é un éxito do señor Feijóo e das súas políticas, e o que non é un éxito non se nomea.

Galicia cumpriu o déficit, pero tamén debemos de saber a conta de que cumpriu o déficit. Os ingresos –o déficit vai en función de ingresos/gastos– veñen das transferencias polas competencias e polos impostos cedidos e a participación nos impostos do Estado. Claro, en ano electoral baixamos os impostos, porque queda moi ben baixar os impostos. Pero o problema é que para o ano 2017, se os ingresos veñen

fundamentalmente de impostos e baixamos impostos, evidentemente imos ter un ano moi negro; pero xa pasaron as eleccións, que é o importante. Entón, agora estamos en campaña electoral e non pensando realmente no futuro deste país.

Pero, ademais, vostedes apoiaron este cumprimento do déficit primeiro e non aboarlle ao persoal público os cartos que lle deben nin recuperar o persoal público os dereitos que lle usurparon.

O PIB medrou un 3,2 en 2015, pero vostede non di que medrou un 4,9 menos que hai oito anos, que no 2008; é dicir, que estamos con oito anos de atraso.

Galiza chegou ao 92 % da media da Unión Europea en 2008 e agora estamos no 83. Distanciámonos de Europa. Tamén se distancia o Estado español, que en 2007 tiña o 105 % e agora supón só o 94 %.

Galiza cumpriu o déficit nun contexto de débeda pública do 100 % do PIB, coa consecuencia, para cumprir este déficit, dun desemprego de máis do 20 % da poboación activa, o incremento da precarización dos novos postos de traballo, que diso vostedes non falan. Falan de creación de postos de traballo, pero non falan de que por cada posto de traballo dos que se creaban antes agora se crean tres, porque son a tempo parcial, con menores salarios e con menos dereitos.

E, polo tanto, isto implica tamén unha baixada na contribución á Seguridade Social. Polo tanto, son as súas propias políticas as que están favorecendo que a Seguridade Social recade menos, moito máis ademais cando seguen apostando por políticas de subvención á contratación subvencionando a cota empresarial da Seguridade Social e, polo tanto, descapitalizando os ingresos da Seguridade Social.

Pero tamén conseguir o cumprimento de déficit supuxo a migración da nosa mocidade, da nosa mocidade máis formada, a perda de poboación, o envellecemento da poboación, a desindustrialización do noso país, o abandono da investigación e a precariedade na sanidade, os servizos sociais e a educación.

Un cumprimento baseado nas políticas de recortes. Só temos que lembrar que a redución do orzamento de sanida-

de –que vostede aí alababa– no Estado entre 2010 e 2015 foi de 24.500 millóns de euros. En Galiza no ano 2015 destínoose á sanidade globalmente un 20 % menos que no orzamento máis alto dese período e un 30 % menos no capítulo de persoal. Así temos a sanidade, así hai unha manifestación para o 12 de maio reclamando unha sanidade digna pública, reclamando que non se obrigue as persoas, os pacientes, a ir á sanidade privada.

Pero tamén temos outros exemplos na súa política, como a prórroga de Ence, a eucaliptización do noso país. Unha economía netamente importadora, cunha balanza comercial negativa que é a cuarta no *ranking* estatal de importacións. Un déficit galego que é maior que o español en importacións. Galicia forma parte das comunidades economicamente periféricas que abastecen ás economías centrais nas que se concentra a actividade económica. Galiza salienta na subministración de leite, carne, peixe, madeira de baixa calidade e semimanufacturas metálicas para que se traballe noutros lugares, enerxía dispoñible para o consumo final, debendo soportar o seu impacto no territorio.

O papel da nosa economía vén determinado pola importación masiva de fósiles e polo protagonismo e dependencia das grandes multinacionais. Non se aposta polas empresas galegas. É mentira.

A taxa de emancipación da mocidade galega segue empeorando e a confianza dos consumidores, descendendo. Segue reducíndose o peso dos salarios no produto interior bruto. Seguen rexistrándose unha media de sete desafiuzamentos diarios. Segue a emigración da mocidade. En Galiza hai 121.000 mulleres e 106.700 homes en desemprego. Vostede só fala de desempregados, nunca se acorda de que a maior parte da poboación desempregada son mulleres e que a poboación máis precarizada son tamén mulleres.

A comezos do 2015 algo máis de 53.000 persoas tiñan recoñecido dereito á prestación, unhas 38.000 recibían asistencia, o 30 % estaban á espera. Esa cantidade foi subindo e agora máis do 30 % están en espera desas axudas que xa tiña recoñecidas.

Remátaseme o tempo, pero non quero tamén deixar de recoñecer que as súas políticas fai que dependamos máis que nunca de investidores estranxeiros, a conta de entregar os

nosos mercados, o noso capital industrial e os nosos recortados servizos públicos aos mercados financeiros globais, como ocorreu e está ocorrendo co novo hospital de Vigo ou como ocorreu tamén con Barreras ou con toda a contratación pública.

Unha economía baseada na precariedade laboral, na dependencia enerxética e financeira, os sectores con baixo valor engadido e a privatización dos servizos públicos. Unha política que só crea emprego no sector servizos –vostede mesmo o dixo–; no sector servizos é onde se crea emprego, pero tamén é certo que no sector servizos é onde as condicións laborais son máis precarias, onde a eventualidade é maior e onde os salarios son máis baixos.

Polo tanto, estase creando unha economía outra vez baseada en sectores de pouco valor engadido, en sectores que non xeran riqueza no país, como é o sector servizos, como é o turismo ou como son outras...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...actividades que non son industriais.

Queda moito que dicir, gárdoo para a réplica, pero dende logo é decepcionante escoitalo a vostede falar dunha Galiza que só existe no imaxinario do Partido Popular.

Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da AGE. Ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días a todos e a todas, aos que están arriba tamén.

Señor conselleiro, veu dar un mitin de precampaña; xa os vin mellores, ¡eh!, como mitineiros, xa os vin mellores; veu darse un exercicio de autobombo. Gustaríame saber, que me dixera, en confianza, se vostede cre isto ou simplemente é un disciplinado traballador do Partido Popular que vén facer precampaña. Despois xa mo pode dicir.

E veu aquí simplemente presumir de que vostedes son os que mellor recortan. Iso é do que veu presumir vostede. Se tivésemos cumprido co obxectivo do déficit porque recadamos máis das grandes empresas, porque eliminamos as sicav, porque eliminamos os paraísos fiscais, porque lle metemos a tesoura ao señor Soria, ao señor Cañete, etc., pero vostede veu aquí presumir de que cumpre co obxectivo do déficit pero facéndolles cargar todo o esforzo ás clases traballadoras. En cambio, vostedes, os seus, para os que traballan, cada vez viven mellor, cada vez gañan máis, cada vez pagan menos impostos. As clases traballadoras cada vez gañan menos e cada vez pagan máis impostos. E aí están os datos, señor conselleiro. Veu aquí presumir dun número que significa que vostedes son os campións dos recortes.

Porque o problema non é o déficit, o problema non é un número, o cumprimento dun número. O problema é o desemprego, o problema é a desigualdade, o problema é a desprotección de miles de persoas que vostedes deixaron na estacada aplicando ortodoxamente o que lles mandaban que tiñan que aplicar os poderosos. O problema son os desafuzamentos, non o cumprimento do obxectivo do déficit, señor conselleiro. O problema é a fraude fiscal. O problema son as súas amnistías fiscais. O problema son as súas reformas fiscais, que favorecen os de arriba. O problema é que cada vez os salarios pagan máis impostos, uns salarios que cada vez son máis minguantes. O problema é a xente que tivo que marchar deste país porque vostedes lles negaron oportunidades, porque non fixeron políticas para desenvolver os sectores produtivos deste país. O problema son eses investigadores que se foron fóra, aos que lles truncaron vostedes a carreira por cortar polo san as axudas á investigación universitaria de 2011 a 2015. Ese é o problema. A vostedes non lles importa, porque vén vostede aquí dar un mitin do ben que cumpren o obxectivo do déficit.

O problema é o paro xuvenil, que vostedes multiplicaron por catro case. O problema son os parados de longa duración que xa non cobran ningún tipo de prestación, que vostedes multiplicaron por máis de tres. O problema é que Galicia subiu a taxa de paro moito máis que no resto do Estado. O problema é que Galicia é a quinta que máis decreceu no PIB —teño aquí os datos—, a quinta que menos medrou de todas as comunidades autónomas.

Os problemas da xente son eses, señor conselleiro, non entenden de obxectivo do déficit. E moito menos cando ese

obxectivo do déficit é un mecanismo máis de submisión dos Estados aos que verdadeiramente están gobernando en Europa nestes momentos. É un mecanismo máis deses grandes poderes para entrar no sector público. Non se pode aumentar o déficit, non se pode contratar xente, non se pode contratar os mozos que saen da universidade para dar servizos públicos, hai que dárllelo ás empresas amigas, porque hai que ter estabilidade orzamentaria.

É un mecanismo de submisión tamén. Vostede veu aquí facer precampaña dicindo que ou ganan vostedes ou isto vai ser o caos, *la inestabilidad política*. A súa estabilidade non a queremos, señor conselleiro. E é normal, porque vostedes xa aceptaron eses mecanismos de submisión que significa que os Estados teñen que ir financiarse aos mercados privados, eses mercados privados que xa están comprando diñeiro a intereses negativos e que despois os Estados teñen que pagarlles para que eses bancos saquen beneficios. Xa se lles vai comprar ata ás grandes empresas os seus bonos. Eses que aceptan como vostedes que sexan empresas privadas relacionadas cos intereses oligárquicos que manexan o cotarro, porque vostedes lles deixan manexar o cotarro, e vostedes traballan para eles, eses mesmos son os que din canto é a prima de risco de cada Estado.

E, claro, evidentemente, cando no Estado español hai a posibilidade de que haxa unha política que teña o atrevemento de dicir que hai que subir o salario mínimo interprofesional para que a xente poida traballar, e que lle dea para poder vivir, e que lle dea para poder pagar a alimentación e para poder pagar a súa vivenda, entón inmediatamente esas medidas soben a prima de risco, esas medidas fan temblar a aqueles que teñen que ter confianza nas políticas, fan temblar aos grandes, evidentemente.

Porque en todas as políticas hai contradicións. Vostedes defenden uns e nós defendemos outros. Por iso vostedes aceptan un marco no que quen manda e diseña as políticas son os grandes poderes oligárquicos que teñen empresas e teñen traballadores nesas empresas que din que a prima de risco é maior ou menor. Cada medida que o Goberno Rajoy tomaba contra a xente, contra a clase traballadora, aumentaba a confianza dos mercados nas súas políticas. É evidente, é evidente. Pero o resultado foi o empobrecemento xeneralizado. É evidente que vostedes xeran moita confianza nos grandes poderes financeiros, porque están facendo as políticas para eles.

Vostede tamén falou do autogoberno, en plenitude, un autogoberno en plenitude. Moi ben. Ningunha competencia transferida dende que vostedes gobernan, nin unha. Moita soberanía cedida ao Estado e a Europa. E vostede di que gozamos dun autogoberno en plenitude, cando se ten demostrado que non temos nin sequera ferramentas para protexer o noso naval, para protexer o noso sector lácteo, non temos nin sequera soberanía para protexer o noso sector enerxético, e vostede estame dicindo que gozamos dun autogoberno en plenitude.

Vostedes decidiron que había que cumprir con ese número de obxectivo do déficit, custase o que custase, e vaia se custou, pero custoulles sempre aos de abaixo.

E vostede tamén dixo que era ese grande obxectivo, cumprir o déficit, e tamén non dixo que ese custase o que custase tamén significou que, se había que pechar o exercicio en setembro e cortar de raíz, se cortaba; se había que deixar de executar fondos europeos, deixáronse.

Un exemplo, o último: o Programa de desenvolvemento rural. Vostedes chegaron, de 145 millóns reprogramaron a 122, e, aínda así, estiveron á cola da execución dos proxectos, e, por primeira vez na historia deste país, 600 expedientes quedaron sen resolver no Agader, señor conselleiro. E niso tivo que ver a súa obsesión por vir aquí vender un número, e por iso se perderon máis de 80 millóns de euros de fondos para desenvolvemento rural que viñan de Europa, señor conselleiro. Se vostede pide que os premien por cumprir co déficit, por ser moi obedientes dos poderosos, tamén debería de pedir que algún asuma responsabilidades por perder 80 millóns de euros nun rural que esmorece e que se vén abaixo.

Despois vostede tamén fala de crecemento e de obxectivo do déficit. Mire, eu escoitei o señor Montoro xustificar o incumprimento do obxectivo do déficit dicindo que, por outra banda, a economía medrou un 3,2 %, das que máis medraba en toda Europa. Claro que vostedes incumpriron o déficit en ano electoral, permitíronse alegrías fiscais e evidentemente ata ese fracaso significou o éxito de que contribuíron á demanda interna; evidentemente, comparada un ano con outro, aumentou a demanda interna e por iso, equivocándose, incrementaron o crecemento.

Pero nós pensamos que hai que cambiar totalmente a lóxica. Hai que destinar recursos públicos a cambiar o

modelo produtivo, hai que destinar recursos públicos para que todos os estudantes que vostedes están expulsando fóra traballen aquí nun novo modelo produtivo, e non como vostedes, que o único futuro que lles dan é ser camareiros. E ¿de onde van saír eses recursos? Pois evidentemente, meténdolles a tesoira aos seus amigos, meténdolles a tesoira ás sicav, meténdolles a tesoira aos paraísos fiscais, meténdolles a tesoira aos que máis gañan.

E simplemente, coa media de recadación do Estado español, coa media europea de recadación de ingresos fiscais, xa nos conformabamos, para ter eses recursos para desenvolver políticas que, por un lado, dinamicen a economía, cara a onde temos que ir, a unha economía verde, sostible, con emprego cualificado, e non como fan vostedes, extractiva e con empregos de baixa cualificación, e tamén para garantir o que non garante nunca a iniciativa privada, que é a protección de todos e todas as cidadás deste país, o que non garante as súas políticas. Vostedes, con estas políticas, favorece-ron a uns, non hai máis que ver.

Vostede falaba do emprego. Mire, aínda lles queda moito treito —e non o van ter, ese treito— para recuperar a ocupación que había neste país cando vostedes chegaron. Vostedes destruíron 123.000 empregos dende que chegaron. Non hai máis que ver os datos do IGE de ocupados cando vostedes chegaron e ocupados que hai agora. E vostedes destrúen esa ocupación. E, en cambio, había unha estatística que saíu hai pouco que dicía que, a pesar de incrementarse nas cifras oficiais 19.000 ocupados...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...o PIB, o peso no PIB dos salarios dos galegos e das galegas descendeu. ¿Iso que significa? Que vostedes nos levan a un modelo de precariedade, de temporalidade, deses que se chaman traballadores pobres, que hoxe en día traballar nin che garante poder vivir.

Moita grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.
Señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro.

Mañá o Grupo Socialista preguntará ao señor Feijóo se considera que a política de estrito control do déficit é benéfica para este país. E teño que empezar dicindo que me parece moi atinada esta pregunta, aínda que non a formule o noso grupo parlamentario, porque o seu goberno, efectivamente, é un campión no cumprimento dos obxectivos do déficit, pero a nosa economía, señor conselleiro, segue medrando por baixo da media estatal, o mesmo que acontece con Canarias, a outra comunidade de réxime común que cumpriu co obxectivo de déficit. No extremo contrario, Cataluña e a Comunidade Valenciana están entre as máis incumpridoras, pero a economía destas comunidades medrou por riba da media. Das dezasete comunidades autónomas somos medalla de prata no cumprimento dos obxectivos de déficit, pero en PIB per cápita descendemos ao posto décimo segundo.

Miren, segundo o presidente da Xunta, a nosa economía entrou nun círculo virtuoso. ¿A que se refire? Pregúntolle, señor conselleiro, en que consiste ese círculo virtuoso. ¿A que o ritmo de destrución de emprego dende que vostedes chegaron á Xunta de Galiza duplicase o do Estado español? ¿A que descendese no dobre a taxa de ocupación? ¿A que a taxa de actividade nese período baixase 4 puntos, por 1,7 no Estado español? O seu virtuosismo consiste en cumprir o que lles ditan, aínda que sexa prexudicial para o noso país.

Vostede vén presumir do cumprimento dos obxectivos de déficit, pero os obxectivos de déficit impostos polo Goberno central están ao servizo do seu modelo centralista e antisocial, señor conselleiro. Pretenden forzar as comunidades autónomas a facer recortes nos servizos públicos e nas políticas sociais. E vostedes, en vez de cuestionar ese modelo, pretenden ser alumnos obedientes, e así, dende 2009, levan recortado case 2.000 prazas de persoal na nosa sanidade e 1.500 no noso ensino público. Niso consiste a súa blindaxe das políticas sociais. Prefiren incluso ser máis papistas que o Papa e criticar o señor Montoro por ser permisivo co déficit.

Mire, se no Estado español só tres comunidades autónomas cumpriron cos obxectivos de déficit non é por un problema de xestión, é por un problema estrutural, señor conse-

lleiro: un sistema de financiamento que condena as comunidades autónomas á insuficiencia de recursos e unha repartición do déficit totalmente inxusta. O Estado central xestiona pouco máis do 50 % do gasto público, mais reserva para si o 83 % do déficit, e as comunidades autónomas xestionan un terzo do gasto público, mais o Estado impúxolles como límite máximo o 17 % do déficit.

E, por se fose pouco, para 2016 o Goberno central fixa para si unha redución do 24 % respecto do límite de gasto establecido para 2015 e impón unha redución adicional do 57 % para as comunidades autónomas; todo isto para forzar as comunidades autónomas a facer recortes e dismantelar as políticas sociais. E o seu Goberno, en vez de cuestionalo, en vez de denunciar que o Goberno central incumpra a lei e non revisa o sistema de financiamento autonómico, o seu Goberno, en vez de cuestionar estas cuestións –valla a redundancia–, compórtase como un alumno chivato e pelota e ata exige que se castigue as comunidades incumpridoras.

Mire, o señor Oriol Junqueras di que a carta de Montoro é inaplicábel, que Cataluña non fará ningún recorte, e vostedes alporízanse. Pero o señor Montoro xustificou o desvío na Seguridade Social apelando –cito textualmente– “á vontade política de non conxelar nin recortar as pensións, xa que é un valor da nosa democracia e do noso Estado do benestar”. Non é un argumento tan distinto, ¿verdade, señor conselleiro? Iso, loxicamente, á marxe da hipocrísia do señor Montoro, porque son as políticas do Partido Popular as que si que están poñendo en perigo o sistema de pensións, co cóctel explosivo de degradar as condicións laborais, rebaixar as cotizacións empresariais e botar man do Fondo de Reserva para financiar partidas que non deben ser soportadas polas cotizacións sociais.

Señor conselleiro, vostedes antepoñen a obediencia aos ditados do Goberno central a que as políticas públicas contribúan –citando as súas propias palabras– a un crecemento san, a un crecemento san tamén dende o punto de vista social, señor conselleiro, porque non é san un crecemento no que hai unha minoría cada vez máis enriquecida a custa dunha maioría cada vez máis empobrecida.

Intermón Oxfam presentou a comezos deste ano o informe *Unha economía ao servizo do 1 %*. As conclusións son demoledoras. O Estado español é o Estado da OCDE no que

máis medrou a desigualdade dende o inicio da crise, case 10 puntos máis que a media Europea e 14 veces máis, nada máis e nada menos, que en Grecia. E estes días, señor conselleiro, coñecemos os datos do Informe do mercado laboral en Galiza no ano 2015, e o único grupo de traballadores que medran no noso país é o que cobra menos da metade do salario mínimo, menos da metade do salario mínimo. Mire, segundo a Carta social europea, un traballador con ingresos inferiores ao salario mínimo está en perigo de pobreza ou vive xa na pobreza, e en Galiza o 61 % dos traballadores asalariados xa se atopa nesta condición, señor conselleiro. Ese é o crecemento san do que vostede presume. Recomendolle, por tanto, que teña en conta este dato antes de tirar foguetes polo medre do PIB.

Alégrome de que por unha vez os datos melloren as previsións iniciais –créanme–. Nunca pensei que canto peor, mellor, nunca fun desa teoría. Iso si, pídolle que as árbores non lle impidan ver o bosque, porque a fenda mantense e ensánchase, señor conselleiro.

En PIB por habitante estamos un 12,3 % por baixo da media do Estado, 3.000 euros menos por habitante. Iso pese a que Galiza segue perdendo poboación, o que debería de provocar un incremento do PIB por habitante. O PIB galego está aínda un 6,3 % por debaixo do ano 2008, por debaixo de como estaba cando vostedes chegaron ao Goberno, un descenso case dous puntos superior ao do conxunto do Estado español neste período. E segundo Eurostat, señor conselleiro, o PIB per cápita galego só representa xa o 80 % da media europea. Retrocedemos en termos de converxencia ao ano 2003.

En definitiva, señor conselleiro, os datos indican que ese crecemento san do que vostede presume consiste en que a fenda que padece o noso país non só non se corrixe senón que se segue agrandando, seguimos diverxendo.

Mire, tamén estes días coñecemos un estudo que di que os mozos galegos son os máis pesimistas respecto do seu futuro laboral. O 23 % cre que nos próximos cinco anos a súa situación laboral será aínda peor ou moito peor da que padecen actualmente. Mañá preguntaremos ao señor Feijóo na sesión de control sobre esta cuestión.

Por tanto, señor conselleiro, que as árbores non lle impidan ver o bosque, porque o noso país segue sumido no deva-

lo demográfico, no devalo social, e segue diverxendo economicamente respecto do Estado español e da Unión Europea. Iso é o que arroxan os datos, aínda que –iso si–, en cumprimento de déficit, efectivamente, somos subcampións.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Jorquera.

Grupo Parlamentario Socialista. Señor González Santín.

O señor GONZÁLEZ SANTÍN: Grazas, presidente.

Bos días, señor conselleiro.

Señorías.

Bueno, pois eu vou empezar exactamente igual que acabou o compañeiro do BNG: espero, señor conselleiro, que o bosque non lle impida ver as árbores ou que as árbores non lle impidan ver o bosque.

Eu, a verdade, cando vin a súa intervención, esperaba o que realmente foi, é dicir, veu vostede aquí presumir duns resultados, uns resultados que eu me alegro no persoal de que nos datos macro son mellores que os do ano anterior –e eu recoñézollo e eu sinto profunda alegría–, pero, desde logo, chamoume moito a atención a súa intervención, porque se podería resumir na nota de prensa que vostedes publicaron na web da súa Consellería o 31 de marzo de 2016 e da que me vou permitir ler un extracto moi pequeniño.

Dicía: Galicia cumpriu o obxectivo de déficit público fixado para o ano 2015 e foi a segunda comunidade autónoma con mellor resultado, segundo confirmou hoxe o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Segundo os datos do Ministerio de Facenda, Galicia rexistrou un déficit público do 0,57 no 2015, cumprindo así o obxectivo do 0,7 % fixado polo Consello de Política Fiscal e Financeira para todas as comunidades autónomas. O déficit do conxunto das comunidades autónomas situouse no 1,66 %, case o triplo que o galego.

Vaime permitir que extracte uns parágrafos de aquí. Primeiro, foi a segunda comunidade autónoma. Ese era o seu obxectivo, o seu obxectivo era ser os campións do déficit

público, poder chegar aquí e dicir: somos a mellor comunidade de España. Quedaron de segundos, non está mal.

Pero permita que lle diga, señor conselleiro, no seu punto seguinte, que na nota de prensa din que vostedes acadaron un déficit público do 0,57 % en vez do 0,7. Iso quere dicir que vostedes deixaron, sen incumprir o obxectivo do déficit, de utilizar arredor duns 80 millóns de euros. Estará vostede comigo, señor conselleiro, en que, na situación na que estamos, con 80 millóns de euros se poden facer moitas cousas, pero claro, o importante era quedar de segundos ou de primeiros –non sei– no obxectivo do déficit. Vostedes transformaron o que é un medio nun fin en si mesmo, o seu fin é lograr que o déficit público sexa o centro de todas as súas políticas.

Para os socialistas os obxectivos de política económica non é un déficit público. Os obxectivos é o crecemento, o emprego, a mellora da sanidade, a mellora da educación, a mellora das políticas sociais. E o déficit, unha restrición que temos que cumprir a medio prazo, desde logo, pero que non é nin moito menos o centro das nosas políticas. Se, desde logo, o seu obxectivo era acadar o obxectivo do déficit, norboa, conseguírono, señor conselleiro, e son vostedes a segunda comunidade autónoma.

Pero deixe que lle diga que cando o obxectivo a acadar do déficit do 0,7 é fácil, si, se o que queremos é só iso. ¿Por que? Porque, para acadar ese obxectivo, o único que hai que facer é recortar, e iso, señor conselleiro, teño que recoñecerlle que o fan ben.

Vostede falaba dos orzamentos na súa intervención do ano 2015. Entre outras cousas, vostede falaba do aforro dos intereses da débeda pública. Eu cuantifiqueille con relación ao 2014 en máis de 500 millóns de euros ese aforro, pero vostede poñía como unha medalla, e teño que dicirlle que iso non se debe á política da Xunta de Galicia, iso débese á evolución dos mercados financeiros; supoño que estará vostede de acordo comigo. E tamén lle recoñezo que si, que subiron os ingresos tributarios.

Pero, pola contra, ¿que fixeron vostedes? Mire, o investimento só aumentou en 32 millóns; as políticas activas contra o paro, en 31; e o gasto social, por exemplo, en 40 millóns, este gasto social ao que vostedes lle dedican tanta

porcentaxe. Se vostede tivera aplicado eses outros 80 millóns, que seguirían cumprindo o límite, podería multiplicar por tres o incremento no gasto social con respecto ao ano anterior.

Os do 2015 son os sextos orzamentos presentados polo Goberno do señor Feijóo, e están caracterizados todos eles pola austeridade, que xa teño que dicirlle que ten demostrado o seu fracaso e que veñen manter basicamente os progresivos recortes que se fixeron nos exercicios anteriores. E eu téñolle que dicir que estes orzamentos renunciaron a loitar contra o paro e a desesperación da xente, a cambio de aparecer como alumnos avantaxados no cumprimento do déficit.

Vostedes non aceptaron no seu día unha emenda que presentou o Partido Socialista para loitar contra o desemprego, rechazaron un plan de emprego que despois ao ano seguinte vostedes anunciaron nos orzamentos deste ano. No noso plan había programas para loitar contra o desemprego, plans de emprego xuvenil, plans de retorno da mocidade, plans de formación, plans de fomento ao cooperativismo, plan de empregabilidade a través dos concellos. E todo iso vostedes non o aceptaron. E agora sabemos que, ademais, poderían ter cumprido o obxectivo do déficit gastando 80 millóns máis. ¿Non sería mellor –digo eu– que cumpriran o obxectivo do déficit –que o cumprirían igual– e que gastasen eses 80 millóns máis? Gustaríame que na súa réplica me dixera cal é a súa opinión ao respecto.

O seu cumprimento do déficit afonda na crecente desigualdade social, persistindo na liña de austeridade que veñen caracterizando os últimos orzamentos. Renuncian ao impulso e ao crecemento produtivo e á mellora da protección social dos galegos e das galegas.

Voulle dar algúns datos que creo que debería ter en conta á hora de falar tamén do déficit.

Non melloraron o salario dos traballadores galegos, que ven como día a día van perdendo o poder adquisitivo. Agora –tamén o dixeran nalgunha intervención anterior– temos un novo concepto: traballadores pobres, traballadores que están traballando e que non poden chegar a fin de mes.

Temos un gasto social cada vez máis contraído, en termos absolutos. Si que é certo que, en termos relativos, señor

conselleiro..., (*Murmurios.*) si, si, eu voulle dar un dato. No ano 2010 dedicábase a gasto social 8.262 millóns de euros; no 2015, 6.447. Estamos a falar dun 22 % menos. En termos relativos é outro tema.

Tamén teño que dicirlle que temos un forte endebedamento público, aínda que vostede diga que hai –e é certo– comunidades autónomas que están moito máis endebedadas que a nosa, pero ese endebedamento vai lastrar as políticas futuras de calquera gobernante que teña que asumir o Goberno da Xunta de Galicia. E tamén hai minoracións drásticas no gasto produtivo.

E despois, señor conselleiro, teño que dicirlle que, aínda que melloraron os niveis de execución orzamentaria, son francamente mellorables tamén os que ten no ano 2015.

Renuncian tamén a maiores ingresos, por non pedir e solicitar, como xa fixemos nosoutros en varias ocasións, que se cambie o sistema de financiamento autonómico, algo que creo que se debería abordar con seriedade en próximas datas.

O que cabería preguntar agora ao Goberno –e que me gustaría que tamén vostede nos dixera– é que, por exemplo, todos eses aforros, por exemplo pola redución do que se vai ter que pagar de intereses da débeda, a que se van dedicar para este ano 2016. ¿Vanse dedicar para axudar a xente que non ten emprego a atopalo? ¿Ou vanse dedicar a conseguir o novo obxectivo de déficit para o ano 2016? Gustaríame tamén que nolo aclarara despois na súa seguinte intervención.

Se collemos a información de Facenda, vemos que o señor Montoro o outro día deu uns datos certamente interesantes, ¿non? A Administración xeral tiña un obxectivo do 2,9 e pechou co 2,53, tras un axuste feito por Eurostat. A Seguridade Social, sen embargo, que tiña un obxectivo do 0,6, pechou con 1,26. E os concellos, que eran os causantes do déficit –parecía ser, segundo dicía o señor Montoro, do déficit da Administración–, pois tiveron superávit, mentres que o seu obxectivo era do 0 %, sendo as comunidades autónomas as que tiveron un déficit do 1,66 cando o seu obxectivo era do 0,6.

¿A onde lle quero chegar? Como dixo a Airef (a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal), no ano

2016 non se van cumprir polo Estado os obxectivos do déficit, imos ter que seguir facendo recortes, e temo, señor conselleiro, que eses recortes que nos van vir dados polo Estado –que lles recordo que están alí gobernando tamén vostedes, o Partido Popular– pois tamén se van ter que aplicar aos cidadáns galegos.

E eu pregunto: ¿que vantaxe tivemos de que se nos aplicaran recortes neste 2015 se agora, ademais, nolos van aplicar no 2016? ¿Ou imos ter que esperar a que, solicitándolle por este Parlamento ao señor Montoro que teña en conta os resultados da economía galega, pois cambie de parecer e nos permita aos galegos ter unha vantaxe comparativa con respecto ás outras comunidades autónomas que non cumpriron?

Tamén quero que me diga que opina sobre o anuncio que tamén fixo o señor Montoro, que dicía que vai aplicar medidas correctoras –non sei se intervir contas é moi forte–, pero que vai aplicar medidas correctoras a varias rexións e reterllos fondos –falaba de Aragón e de Estremadura– por atraso no pago a provedores.

Pero é que, ademais, o señor Montoro dicía unha cousa moi interesante: advertía que podían seguir ese mesmo camiño Baleares, Andalucía, Cataluña, Madrid, Murcia, Castela-León, Cantabria, Galicia, Asturias e tamén a Comunidade Valenciana. Gustaríame que na súa réplica me diga que ten que dicir a esa afirmación do señor Montoro.

Eu vou rematar –seguierei despois na réplica– comentándolle algún tema máis que creo que é interesante, á parte de ter sido os segundos nos obxectivo do déficit, e que creo que debería ter en conta á hora de executar estes orzamentos –espero que non lle pida os apuntamentos á súa antecesora–, falando do Plan estratéxico, do que falou vostede na intervención ao final. Teño que dicirlle que o último Plan estratéxico tivo unha desviación de máis de 4.000 millóns de euros.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor González Santín.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Hai un concepto que non vén en absoluto de ningún economista dos que habitualmente se encasillan como economía liberal, ou de economía neoliberal; é un concepto desenvolvido fundamentalmente pola economía dos anos 50, os autores que elaboraron, como Murray e outros, as teorías do desenvolvemento, que era o concepto de círculo vicioso. Este concepto aparece por primeira vez na editorial primeira da revista, que é un clásico na economía do desenvolvemento, *Economic Development and Cultural Change*, que é dos anos 50. E, evidentemente, aínda que en todas estas teorías queda claro que a xestión económica non é o único factor que incide no desenvolvemento económico dos países que van un pouco atrasados, ou que están subdesenvolvidos, senón que hai outros factores, de tipo cultural e mesmo de tipo institucional, o certo é que ese concepto de círculo vicioso callou na ciencia económica, e na outra crise, que agora sabemos que non foi nin sequera tan grande como a que estamos a vivir, a que estamos deixando xa atrás, pero que aínda seguimos cos seus efectos entre nós, que é a crise dos anos 70 –a crise do petróleo–, pois levou a que moitos facendistas falaran da contraposición entre ese círculo vicioso do desenvolvemento e o círculo virtuoso.

É nestes termos nos que o Goberno fala de círculo virtuoso, e nos que eu tamén pois teño falado nalgunha ocasión. O círculo virtuoso da economía, basicamente no contexto do gasto público, é que con tipos de xuro baixos hai máis crédito, polo tanto hai máis investimento real, iso fai crecer a produción, o cal fai crecer o emprego e polo tanto as rendas dos cidadáns, que á súa vez consomen máis, aforran máis e polo tanto impulsan novamente o crecemento.

Fronte a iso, hai un círculo vicioso, que é o que frea o desenvolvemento, onde tipos de xuro máis altos implican menos crédito, o cal implica menos investimento real, co cal a produción cae, co cal tamén cae o emprego, co cal caen as rendas das familias, polo tanto hai menos consumo e menos aforro, e polo tanto a economía segue para abaixo, segue en crise e decrecendo.

É evidente que, para conseguir un círculo virtuoso na economía, o que chamamos institucións públicas, o sector público, todos teñen que facer o conveniente, e por exemplo é evidente, é unha das boas cousas que estamos a ter, pese a que

algúns criticaban non hai tanto cando comezou a crise a propia existencia do euro, pois estamos a ver que, por exemplo, o Banco Central Europeo e a súa política de tipos de xuro baixos pois está a axudar, e o vento de popa que dicimos, ¿non?, está a axudar a economía española a deixar atrás a crise.

Polo tanto, cada parte do sector público ten que facer o posible para que cando hai unha crise que nos mete nun círculo vicioso, que foi exactamente o que recibiu tanto o Goberno en Galicia no ano 2009 como especialmente o Goberno de España no ano 2011, pois para convertelo nun círculo virtuoso que consiga ese resultado –que ao final é o que que nos preocupa a todos–, que haxa ingresos, que a xente traballe e que o sector público poida garantir o Estado de benestar.

Por iso, bueno, eu quero agradecer que, aínda que de forma expresa –non moi entusiasta, pero de forma expresa– o fixeron tanto o portavoz socialista como o portavoz nacionalista, recoñeceron que estamos ante uns datos dos que se alegran, porque, no fondo, contradín os prognósticos que eles facían cando pois dicían que precisamente a xestión da Facenda pública autonómica o que nos ía levar era xustamente ao contrario, a unha caída, a caer máis a economía, e, polo tanto, estamos a ver que iso non foi así.

Eu creo, certamente, que, ademais, e na medida en que se pode criticar o señor Montoro, porque non soubo embridar o déficit, tanto na Seguridade Social como no conxunto das comunidades autónomas, eu espero que esas críticas –que foron moi duras– por parte do portavoz socialista Jordi Sevilla: “*Es incuestionable la responsabilidad del Gobierno y es evidente que esto complica la gestión del próximo Ejecutivo*”, é evidente que se iso é unha crítica que se fai porque o déficit é excesivo, incluso, aínda que eu creo que non vai pasar, se vostedes herdasen este goberno, terían que dicir exactamente o contrario, terían que dicir que é incuestionable a responsabilidade deste goberno e que é evidente que isto facilitaríaa xestión do próximo Executivo, ¿non? (*Aplausos.*), simplemente por coherencia, ¿non?

Pero non só estas cuestións son macroeconomía, como dicía o portavoz de AGE.

Vostede leu probablemente na prensa económica estes días que o Banco Central Europeo excluíu Cataluña do pro-

grama de compra de débeda. Ante este anuncio, que estaba orixinado polo feito de que que a Generalitat tiña un crédito a curto prazo cunha entidade financeira de 100 millóns de euros que non ía devolver, o cal levaba a que a cualificación da débeda pública catalá, que nestes momentos xa é bono basura, pasara a unha cualificación aínda moito peor –exactamente a dun documento que non vale para nada, que é *Select the Default*–, bueno, o señor Oriol Junqueras o primeiro que fai é chamar o señor De Guindos, e inmediatamente o señor Montoro, e evidentemente eles botáronlle unha man para mudar esa débeda a curto prazo a débeda a longo prazo e evitar o *default* definitivo da débeda catalá.

¿E por que o señor Oriol Junqueras, que obviamente non é do PP, nin defensor do déficit cero, etc., fai iso? Porque sabe perfectamente que, se hai un *default* da débeda, quen vai ter un problema non é el, nin o Goberno; quen vai a ter o problema son os cidadáns de Cataluña, porque o sector público autonómico vai deixar de pagar; e non só vai deixar de pagar aos provedores, é que vai deixar de pagar aos seus funcionarios.

Polo tanto, cando falamos destas cifras e se di que van ben as cifras macroeconómicas pero que non se está a axudar a economía da xente, pois hai que ter coidado, porque certamente si que axuda que vaia ben a economía, que o Goberno teña unhas contas saneadas, a que a cidadanía vaia mellor.

Ben, todos dixeron que o señor conselleiro viña presumir. O señor conselleiro é galego, e cando pode presume como galego, amodiño, pero presume destes datos (*Aplausos*), porque pode presumir evidentemente da xestión que ten feito tanto el como o Goberno no seu conxunto, porque o cumprimento do déficit público é unha cousa do conxunto do equipo do Goberno, do seu liderado, do presidente Feijóo –evidentemente ten especial importancia o traballo da Consellería de Facenda, pero é un traballo de equipo de todo o Goberno–.

¿E por que o conselleiro presume amodiño de galego, e eu tamén creo que hai algo do que presumir? Porque hai menos déficit, pero o déficit inferior, que é o déficit da diferenza entre ingresos e gastos, ten que ver, fundamentalmente, con que hai moitos máis ingresos do sistema de financiamento, liquidacións positivas –90 millóns de euros– que non

se nos reteñen, como se lles van reter aos que incumpriron o déficit para o ano que vén. É o que está dicindo o señor Montoro: vostedes non gasten máis. Eu vou reter as liquidacións positivas para que vostedes gasten o mesmo e non incrementen o gasto con estas liquidacións positivas. Porque creceu o 7 % a recadación dos tributos que xestiona directamente a Xunta, os tributos cedidos e os tributos propios, que chegan ata un total de 512 millóns de euros. E porque houbo unha mellor xestión dos fondos comunitarios, que incrementaron o seu peso no orzamento un 13 %. Hai máis ingresos pero tamén hai menos gastos, concretamente gastos financeiros. Hai 56 millóns de euros de aforro nos tipos de xuro precisamente por ter cumprido o déficit nos anos anteriores. E ademais tivo a ben por primeira vez –e miren que falamos das liquidacións negativas que herdamos dos anos 2008 e 2009– o Goberno de España, a aquelas comunidades que cumprían o déficit, condonarnos a devolución prevista para o ano pasado. Unha devolución que eu creo que foi, basicamente, para o que o conselleiro veu pedir o apoio de toda a Cámara, e desde logo que ten o apoio do Grupo Popular, porque é un premio que lles permite ás comunidades que cumpren o déficit chegar a ter máis gasto.

E de aí vén que teñamos uns orzamentos expansivos. Vostedes non crían nos orzamentos expansivos. Hoxe o último informe da Airef deixa claro –o informe da Airef que foi mencionado por algún dos portavoces– que Galicia ten que facer unha redución do déficit do 0,5 ao 0,3, un axuste do 0,2, pero en ingresos vai ter un 0,7 máis, co cal non é que haxa que facer un axuste do gasto, é que hai un 0,5 % do PIB que podemos gastar a maiores. Iso é o que incorpora o presuposto, aquela cuadratura do círculo que, como ven, era un círculo virtuoso e non era un cadrado vicioso que impide o desenvolvemento.

Temos, polo tanto, ademais, todo iso nun contexto no que no ano 2015 hai 41.000 parados menos e 32.000 ocupados máis; no que o PIB medra a unha taxa do 3,2. O gasto social está a crecer –o 80 % do gasto novo é gasto social–, hai máis investimento –crece un 14 % en 2016–, e todo iso permite que, á súa vez, os cidadáns disfruten de máis recursos, non só porque baixan os tipos de xuro, non só porque se desapalancan e reducen o seu endebedamento, non só porque a inflación é baixa, senón tamén porque lles baixamos o imposto de sucesións, o imposto do IRPF e o imposto para as transmisións no rural.

Todo isto é o que en economía se chama un círculo virtuoso, e nós evidentemente, conselleiro, sentímonos moi satisfeitos de que os datos desmintan os agoreiros que dicían que estes orzamentos ían afundir a economía galega. Nós cremos que é ao revés, que estamos nunha boa situación para que a partir do 2016 se afiance a recuperación, pero, evidentemente –como dicían os portavoces–, non hai que baixar a garda, hai que perseverar no círculo virtuoso porque os problemas a longo prazo son de enorme magnitude. Eu coincido en que as árbores non nos deben impedir ver o bosque...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...pero creo que tampouco hai que andarse en exceso polas ramas. Porque a longo prazo a dimensión dos problemas é enorme: a adaptación da nosa economía produtiva ao contexto da Unión Europea e ao mundo globalizado; adaptar a formación para o emprego; adaptar as empresas en tamaño para que crezan as exportacións; mellorar en innovación e desenvolvemento; reter o talento..., e todo iso, evidentemente, vainos permitir afrontar os problemas sociais.

A boa xestión económica non abonda, pero é imprescindible. E tamén fai falta estabilidade institucional, non só no autogoberno, senón tamén no Goberno. Falaron aquí de caos como alternativa, é que o denunciaba o conselleiro.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: Eu creo que o caos queda evidente escoitando as distintas interpretacións da economía que fan os partidos da oposición, aquí e en Madrid. A curto prazo, desde logo, nós imos seguir con esta responsabilidade, e esperamos que todo o mundo poida tirar proveito deste exercicio de boa xestión que fixo o Goberno de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Réplica. Conselleiro de Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Grazas de novo, señor presidente.

Tentarei, dunha maneira ordenada, ir contestando as distintas cuestións que foron formuladas polos voceiros dos distintos grupos parlamentarios segundo foron intervindo.

Agradezo moi moito o ton co que se está celebrando este debate, se ben é certo que das consideracións xerais do que nos traía... E non é porque empezando eu veña falar do meu libro, do meu libro, do meu libro. Tamén se introduciron libros que teñen unha compoñente estatal da cal temos formada a nosa opinión, que non llela ocultamos nunca. Pero gustaríame cinguirme un pouco ao estado nestes momentos do cumprimento dos obxectivos de déficit e débeda, como tamén da regra de gasto, da que non falamos ata o de agora. Algunhas veces tamén se ten criticado neste Parlamento o que foi o exercicio de 2015 e por onde van os tiros –tamén é moi importante– no 2016. E tamén o que foi a execución orzamentaria, que é a outra cara da moeda, á que se fixeron tamén algunhas referencias por parte de vostedes.

Teño que agradecer tamén cando o señor Santín consideraba que os datos macro son bos datos. Eu creo que son excelentes datos, pero de ningún modo, de verdade, deduzo algún tipo de autocompracencia nas miñas palabras, incluso polo ton repousado que estou utilizando nestes momentos. É moito o que levamos feito. Creo que se corrobora que é unha forma de traballar correcta. Pero é moitísimo máis o que queda por facer.

Efectivamente, son bos os datos macro. Tamén lle adianto, señor Santín, que efectivamente non son 80 millóns, son aproximadamente setenta e algo –73-75 aproximadamente– ese diferencial que vostede adiantou. O que si lle adianto tamén é que estamos no mes de abril, non hai que esperar demasiado a que se confirmen os datos definitivos. E de novo cumprindo o déficit. Non se preocupe que non perderemos ningún millón de euros. Estamos tan interesados ou máis que calquera de vostedes en aproveitar a marxe que nestes momentos, falando coa IDAE, temos, porque se están discutindo determinadas cuestións que nós consideramos que deben de ser tidas en conta e que permitirán, dunha maneira clarísima, aproveitar ese diferencial que non é de 80, pero si que é de 70 e tantos millóns de euros. ¿Vale? Vaia por adiantado que unha cousa é cumprir, pero sería –permítanme a expresión coloquial– do xénero tonto quedarnos de sobrecumpridores, como din os cubanos.

Polo tanto, seguimos confiando no que levamos feito, pero de ningún modo imos permitir perder esa capacidade e esa marxe polo simple cumprimento do dato en si. O dato o que nos está adiantando é que este Goberno vai ser quen, a través da sociedade civil, de seguir tratando de dinamizar todo o tecido económico, que é ao final do que se trata. Isto non é máis que unha parte de toda a ecuación xeral, que vén sendo o desenvolvemento económico e social desta comunidade autónoma.

Tamén se comentaba hai un momento aquí cal é un dos principais corolarios. E o principal corolario tamén non teremos máis que esperar ao venres que temos reunión do Consello de Política Fiscal e Financeira en Madrid, onde todas as comunidades autónomas –que tamén se fixo aquí algunha referencia–. Gustaríame comprobar –e vostedes non é que estean invitados ao Consello de Política Fiscal, pero si o poderán seguir pola prensa– cal vai ser verdadeiramente o estado de opinión nestes momentos tamén que están facendo os nosos homónimos noutras comunidades autónomas para ver se, efectivamente, quererían estar na posición deste que lles está falando, ou están moi contentos con cal foi o resultado do ano pasado. Polo tanto, o primeiro corolario de todo isto é que a Comunidade Autónoma de Galicia, dada a súa evolución en 2015, que non é máis –dunha maneira un pouco máis incisiva– que recoller o moito que vimos traballando dende o ano 2009. A partir dese realismo de afrontar a situación de crise económica, nestes momentos a comunidade pode adiantar que non terá que facer ningún tipo de recorte no que coñecemos actualmente, que creo que é todo.

Polo tanto, vaia por adiantado que ese é o primeiro gran corolario de cumprir a senda de consolidación fiscal. Non vou discutir se pode haber opinións distintas ou non sobre o tamaño que pode ter o déficit asignado á Seguridade Social, ao propio Estado, ás corporacións locais ou ás autonomías, de ningún modo. O que si é que esta comunidade, con distintos gobernos, se ten comprometido sempre a que, unha vez que se acorda determinada cuestión no Consello de Política Fiscal, trataremos sempre de logralo, como así o demostramos ano tras ano.

Tamén adianto que neste 2016, efectivamente, cremos que somos das comunidades que están en mellor disposición de acadar o 0,3 %. Pero é que ese 0,3 % o que significa é que a consolidación fiscal en Galicia está practicamente esgota-

da. Polo tanto, o primeiro corolario ao que alguén de vostedes se refería, como son os recortes, tamén están esgotados. A partir de aquí, empeza a xogar a regra de gasto; pero a partir de aquí tamén xoga algo moi importante –que tamén foi introducido por alguén de vostedes–, que é o noso nivel de débeda. E o noso nivel de débeda o que nos está dicindo nestes momentos é que Galicia no 2015 foi a comunidade autónoma onde menos medrou a débeda. Ademais, se analizamos esta última lexislatura, 2012-2015, somos a comunidade onde menos medrou a débeda. E se o consideramos incluso dende o ano 2009, Galicia é a Comunidade onde menos medrou a débeda. Nestes momentos o que si lles pode adiantar é que igual que a nosa propensión é cumprir este ano en materia de déficit público, este 2016 será o primeiro exercicio no que a Comunidade Autónoma baixará do 18,6 % que ten nestes momentos, en relación co PIB, ao 18,1 %, non creo que cheguemos ao 18,2 % do PIB. Somos tamén das poucas comunidades autónomas que está en disposición, se non é no ano 2020, que é o compromiso, si no 2021, de cumprir o compromiso de débeda pública.

Pero é que na débeda pública, á parte da mellora importante que supuxo para Galicia a entrada en facilidade financeira, que son, por unha parte, as vantaxes que efectivamente existen no mercado, sobre todo é a vantaxe que supuxo para a Comunidade Autónoma o noso convenio o ano pasado de 85 millóns de euros para maiores gastos. Polo tanto, creo que estamos nunha disposición moi boa para, sen despistarnos, tratar de profundar no que é o crecemento económico, no cambio de modelo produtivo que xa vimos avanzando dende a posta en marcha do orzamento de 2016, cando discutiamos no Parlamento cales eran as directrices principais, e como tamén saben vostedes, do que son as principais actuacións contidas no escenario de 2020 no noso Plan estratéxico, que queremos confrontar con todos vostedes.

A primeira delas é a denominada empregabilidade e crecemento intelixente. Eu creo que a partir de aí podemos todos poñernos en cuestión. Empregabilidade. Falouse moito aquí de empregabilidade. Somos conscientes todos da situación de crise, da crise e da dobre crise que tivemos dende o ano 2008. Hai unha recuperación certa do parámetro de emprego. ¿Chega con iso? De ningún modo. ¡Se o estamos repetindo ata a saciedade distintos membros do Goberno ou do grupo parlamentario cando por aquí vimos!

Necesitamos que o dinamismo económico teña unha compoñente cuantitativa e cualitativa, sen predeterminar en que sector en concreto se pode ir tirando, porque isto é moito máis rico –grazas a Deus– do que pode parecer, e non hai ningún tipo de determinismo.

Polo tanto, todos os datos do ano 2015 corrixen moi moito os de anos anteriores polo que respecta ao desemprego, polo que respecta á ocupación, polo que respecta a calquera nivel comparativo que nos sitúa como mínimo no ano 2012. ¿Quere iso dicir que nos sintamos contentos? Non, por iso estamos proponendo que estes maiores recursos se vaian dedicando a todas estas cuestións.

Tamén se fixo aquí unha referencia á xestión orzamentaria. A xestión orzamentaria creo que foi unha xestión correcta –vou quedar aí, en correcta–. O que si as cifras... O que tamén me chama moito a atención é que, no que se foi falando aquí polos distintos grupos, verdadeiramente a parte cuantitativa non foi á que máis tempo lle dedicaron, senón á cualitativa. A min tamén me gusta dedicarlle un pouco de tempo á parte cuantitativa, porque, cando se fala aquí do que significou a execución do orzamento consolidado da Xunta e das súas entidades, estamos a falar de que o maior gasto –que foron, en concreto, aproximadamente, uns 382 millóns de euros no gasto non financeiro–, a sanidade foron 201 millóns de euros; a educación, 69 millóns de euros e aos sectores produtivos 32 millóns de euros máis que no ano 2014. Polo tanto, vir aquí falar de que non estamos incidindo, consolidando e mellorando a nosa sanidade pública, a nosa educación pública, os nosos sectores produtivos, tratando de dinamizalos, non se corresponde coas cifras unha vez liquidado o exercicio do 2015. Como tampouco se corresponden determinadas mensaxes que estamos tratando de corrixir, ás que me referirei dentro dun momento. Agora gustaríame comentar o tema da evolución do PIB.

No tema da evolución do PIB, que é moi importante para este goberno nestes momentos, tanto en termos absolutos como en termos relativos, estamos falando de que estamos crescendo ao ritmo de España, pero, se se acordan vostedes do que eran o primeiro e o segundo trimestre do ano 2015, quere dicir que no segundo semestre estamos medrando por riba do que o está facendo o comportamento medio de España.

Acaban de saír tamén os primeiros datos do que pode ser o crecemento trimestral de España, no entorno do 0,7 % ou 0,8 %. Galicia está no mesmo entorno, quizá centésimas por riba do que está a media española. Existen riscos, como dicía anteriormente, e vostedes –cun certo nivel de gracejo– tildaban, cando estabamos falando de estabilidade, de política institucional. É que ese é o principal factor nunha economía avanzada para que o investimento flúa. Investimento que tamén se falou aquí, ligado á cuestión das exportacións, cando se cuestionou por algún dos intervinientes o noso nivel de exportación, e resulta que o ano 2015 foi un ano récord en exportacións. E cando falamos das importacións e miramos os seus compoñentes, o que están avanzando as importacións e que están destinados boa parte deles a bens intermedios que, como saben vostedes, terán un corolario posteriormente e un retardo que se traducirá en maior crecemento no PIB.

Non podo coincidir con vostedes cando se refiren en termos –para o meu entender– un pouco esaxerados de máis cando utilizan conceptos como a pobreza e a desigualdade de Galicia. ¿Quere iso dicir que me sinta cómodo cos resultados que presenta a comunidade autónoma? De ningún modo –e dígollo dunha maneira altísima–, pero non se poden de novo terxiversar as cifras. Todos os informes de exclusión e desenvolvemento, como pode ser o de Foessa, os últimos datos do INE ou os datos do IGE, o que corrobora é a situación de Galicia entre as dúas ou tres mellores comunidades autónomas. A un nivel alto, si, pero estamos entre as dúas ou tres comunidades autónomas nos datos oficiais que estamos barallando. E, ao mesmo tempo, cando miramos ese corolario no orzamento de 2016, vemos a nosa aposta polo tema da inclusión, como pode ser o 17,7 % de máis que destinamos a estas cuestións no orzamento de 2016. Porque, volvo repetir, a recuperación económica non será plena ata que se perciba a nivel de practicamente cada cidadán noso.

Tamén os datos que se barallan aquí dunha maneira sistemática por parte de determinados grupos non se compadecen, de novo, cos datos oficiais dos que dispoñemos, como é o tema da emigración. No tema da emigración, con carácter xeral, entre os datos oficiais ano 2008 e 2014, en Galicia marcharon 204.033 persoas, pero viñeron 240.130 persoas. E cando nos referimos aos mozos entre 2009 e 2014, resulta que marcharon de Galicia 77.641 mozos e viñeron 79.434. ¿Quere iso dicir que no compoñente nos sintamos cómodos

e haxa persoas que teñen que saír porque non atopan oportunidade aquí? De ningún modo. Temos que camiñar. Pero as cifras, de novo, son tercas e non se compadecen con determinadas mensaxes de carácter cuasicatastrofista dirixidas por algunhas das súas señorías.

Tamén se referiron vostedes ao tema do emprego público. No tema do emprego público, o que si me gustaría destacar é que a situación cambiou moito no ano 2015. Poucas comunidades, coma nós, foron quen de poder afrontar eses 105 millóns de euros para devolver a paga extra do 2012, da que nestes momentos cobraremos o 25 % no mes de abril e o 24 % –para chegar ao cen por cento total– no mes de setembro, o que nos sitúa –dado o carácter consolidado do fondo que creamos na nosa Lei de emprego público– na tesitura que tiñamos no ano 2012, como calquera outra comunidade autónoma. Polo que se refire ao volume de emprego público, resulta que Galicia é a comunidade que presenta unha maior estabilidade nas cifras, se as consideramos dende o 2009. Polo tanto, de novo non se compadecen coa realidade algunhas das cuestións que foron introducidas por algún grupo; á parte de que en emprego público non é soamente unha cuestión puramente retributiva, senón que hai outro tipo de acordos, aos que temos chegado coas organizacións sindicais, que teñen que ver con libranzas, con permisos –como calquera empregado necesitamos as nosas libranzas e os nosos permisos–, ou como é a oferta pública de emprego neste ano, que nos tres sectores estamos falando de 2.644 prazas, e a recuperación do cen por cento alí onde é posible, como sempre dixemos, do que é a taxa de reposición. Polo tanto, máis e mellor emprego público e en mellores condicións; ese sempre foi o noso motivo e así queremos seguir traballando.

De todas as intervencións, o que si me gustaría resaltar é que, se non somos a única, somos das dúas ou tres comunidades autónomas –catro como moito– que nestes momentos creo que é fácil dicir que temos capacidade de autogoberno pleno para desenvolver as nosas competencias, e máis alá. Soamente catro comunidades como moito, e dúas delas non son de réxime común, teñen esa capacidade de autogoberno real, plena, nestes momentos, como vostedes poderán seguir. Ademais, esta outra cuestión: como nos miran a nós desde fóra. Tamén é bo ver como nos miran, se nos gustaría estar nesta postura –como lles dicía desde esta tribuna algún compañeiro–, ou como nos mira, incluso a nivel mediático –e así

está recollido, paréceme recordar, nalgún xornal do día de hoxe–, algún catedrático, onde clarísimamente poñía os dous factores que teñen que ver: un factor, segundo el –non estou en absoluto de acordo, como espero que non estean vostedes–, é que o actual sistema de financiamento nos beneficia á comunidade autónoma, e de ningún modo pode coincidir con el, pero o que si recollía é que a política financeira desenvólta por este goberno –e non só no 2015, senón no 2009– é a correcta. Por iso obtemos os resultados que obtivemos no ano 2015 e que esperamos obter tamén, como lles adianto, no ano 2016.

Tamén se falaba aquí da evolución dalgúns parámetros do ingreso. O ingreso estase recuperando en practicamente todos os parámetros, pero o que si me gustaría destacar –tamén ligado ao ano 2016 e ao ano 2017, e algunha das persoas tamén o introduciu na súa intervención– é que a recadación do ano 2015, como vostedes saben, ten efecto no 2016, pero sobre todo na liquidación que teremos no ano 2017, e Galicia presenta un incremento na recadación do 10,7 %, fronte á media española do 3,8 %. No IRPF a nosa recadación subiu un 1,8 %, en España baixou un 0,3 %. Isto tamén nos está adiantando, e non fai falta ir moitísimo máis alá nin facer logaritmos neperianos sobre esta cuestión de cifras, que a mensaxe que estaban dicindo vostedes desa precarización absoluta no mercado laboral non se compaxina co resultado de recadación por IRPF, porque, cunha táboa idéntica, resulta que en España baixa o 0,3 % e en Galicia sobe o 1,8 %.

Polo que respecta ao imposto sobre o valor engadido, en Galicia medramos un 15,6 %, en España un 7,3 %. De novo, isto o que nos está adiantando é que a economía galega está tendo un pulo vía consumo que non tiñamos ata o ano 2015.

En sociedades, cando se critican aquí determinadas opcións do Goberno, benvidas sexan todo tipo de sociedades, as grandes, as pequenas, as máis pequenas e as minúsculas, como dicía tamén Tocqueville. En sociedades medramos un 26,2 % e en España un 10,3 %. Polo tanto, quedemos todos coa cifra de que en Galicia no 2015 se recadaron aquí polo Estado 618 millóns de euros máis, que teñen un corolario xa no ano 2016 como adianto, calculado polo Estado, pero que tamén o terán na liquidación do ano 2017.

Polo tanto, cando noutros momentos se criticaba a nosa postura respecto de determinadas políticas a nivel fiscal que

estabamos desenvolvendo, de novo se confirma que determinadas adecuacións de carácter impositivo no IRPF, incluso en sucesións e doazóns e impostos no rural, o que provocan é unha dinamización económica de semellante tamaño que embebe esa pretendida minoración que tivemos no seu momento.

Xa para ir rematando, señorías, tampouco me quero estender e dar aquí unha clase; non é a miña intención, nunca o foi, nin sirvo para estas cuestións. O que si é difícil é que deduzan das miñas palabras unha mensaxe mitineira, como dixo tamén determinado interviniente. As miñas palabras poden resultar incluso aburridas, como practicamente todos os conselleiros ou conselleiras de Facenda, un mitineiro dáme a impresión de que non. Curiosamente, a súa primeira intervención si que rozaba o mitin puro e duro. Está ben que cada un se espraie no que considere oportuno.

Hai outra cuestión antes de rematar que me gustaría expoñer, porque de novo hai determinadas cuestións lanzadas por vostedes que non podo compaxinar de ningún modo. Cando me refería a Sanidade, a ese incremento tan importante –e falouse aquí por algunha interviniente tamén da hepatite C–, o primeiro que dixen –e do que me sinto orgulloso, como calquera outro membro deste goberno, destas bancadas ou deste tipo de ideas– era se temos o medicamento adecuado para atender o conxunto de poboación. E tamén lle podo adiantar que no ano 2015 fomos a maior das proporcións das comunidades autónomas. Eses 77 millóns de euros foron do mellor que puidemos gastar. Non o miren como gasto, mírenlo como normalidade. E aínda así fomos quen de entrar no resultado.

Polo tanto, reitero que os froitos que estamos comezando a acadar por ter consolidada a axenda de redución progresiva e non abrupta do déficit público animan a este goberno a seguir por este camiño. Cadrar as contas, non gastar por riba do que se pode, en definitiva, gastar mellor, é o que permite hoxe a Galicia ser unha comunidade de referencia en España. Unha comunidade solvente, que paga as súas obrigas sen necesidade de pedir cartos ao Estado e mantendo sempre a súa autonomía financeira para poder exercer en plenitude o seu autogoberno.

O último exemplo é que a maioría de comunidades autónomas terán que facer axustes este ano por terse desviado e

gastado por riba das súas posibilidades. Galicia non terá que facer axustes, e poderá seguir executando o seu orzamento para, entre todos, consolidar a recuperación económica, con máis ingresos, con menos impostos e cumprindo de novo os obxectivos de déficit público e débeda.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor conselleiro.

Rolda especial de aclaracións.

Grupo Parlamentario Mixto. Ten a palabra a señora Martínez García.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Ben, señor conselleiro, por moito que intente darlle a volta á realidade, a realidade é a que é. É certo, e é a única explicación, que a redución do déficit en Galiza se fixo a conta de sacrificar a maioría social e o incipiente Estado do benestar que empezabamos a ter, e xa se encargaron vostedes de liquidalo antes de que collese nin sequera un pouquiño de auxe.

Está a súa economía, a súa política económica, baseada nunha economía de subsistencia, coa creación de emprego temporal, precario e a tempo parcial. Así temos os datos do emprego creado, da redución do paro, por exemplo no último mes, en marzo, e temos que no sector servizos a redución foi de 2.270 persoas, mentres que na industria foi de 76 e na construción de 464. O seu modelo está definido: é un modelo baseado na precariedade, no castigo ás clases populares e, fundamentalmente, á clase traballadora. Téñollo dito máis dunha vez, non entra a clase traballadora nos seus obxectivos.

En canto ao gasto social, que vostede di que se incrementou tantísimo, incrementouse o gasto social porque hai máis pobreza, e se hai máis pobreza, haberá que atendela. E, aínda así, hai máis persoas, por exemplo en dependencia, con axudas xa recoñecidas pero que non as cobran, que non acceden a elas, que no mes de xaneiro. Vai aumentando a lista de dependentes con aprobación das axudas pendentes de desfrutalas. Polo tanto, vostedes o que fan é, o gasto que tiña a Administración, trasladarlllo á sociedade, e fundamentalmente á sociedade máis débil, porque está claro que na elusión fiscal, nos paraísos fiscais e na corrupción, vostedes

non se meten, iso estao pagando, como se suele decir, Juan Pueblo, que é quen está pagando... E neste momento hai 23.000 persoas con dereito recoñecido á prestación que non a teñen recoñecida.

Tamén os concellos están dicindo que xa está ben, que a Xunta o que fixo foi trasladar gastos da propia Administración galega aos concellos, fundamentalmente en ensino e centros de saúde, en reparar colexios e centros de saúde que caen, que non son útiles, e que os teñen que reparar os concellos porque a Xunta os ten totalmente desatendidos.

Unha economía baseada na precariedade laboral, na dependencia enerxética e financeira, nos sectores de baixo valor engadido e na privatización de servizos públicos. E a clave do crecemento non está aí, a clave do crecemento está na eliminación das actividades produtivas insostibles e na cualificación da clase traballadora. Algo que a min me gustaría que un día realmente se investigara é que se fixo co diñeiro da formación no Estado español. Por que hoxe temos un cadro de persoal, de traballadores e de traballadoras, con baixa formación. ¿Que pasou? En formación, desde logo, vostedes néganse a investigar. E habería moito que investigar sobre que pasou con todos os cartos que viñeron de Europa.

E tamén podemos falar do descenso en obras públicas en Galiza, onde a propia Xunta reduciu os 131 millóns do ano 2014 a 108, sendo a peor cifra de toda a era Feijóo. E tamén podemos falar, en ano electoral, desas medidas que vostedes poñen enriba da mesa para loitar contra a pobreza; medidas de calidade, non medidas políticas, que xeren beneficio, que xeren riqueza, para poder facer unha mellor distribución da mesma; dun sistema fiscal inxusto, e, dende logo, medidas de calidade, como as medidas de axudas para persoas con menores de 16 anos a cargo, que non cobran a Risga pero que teñen salarios que están a nivel da Risga. Estamos falando de salarios que rondan os 400 euros. ¿Como vostede vén aquí dicir que se crea riqueza cando no noso país o que máis abundan son os salarios de 400 euros nos novos empregos que se crean? Porque son traballos a tempo parcial, traballos que obrigan á clase traballadora a acudir a comedores sociais e a pedir axuda. Paquetes de axudas que parecen sacadas de Cáritas, cheques para alugueiros de baixo custe, cheques bebé, subsidios de material escolar, cheques para a luz... é dicir, medidas para, dende logo, cumprir co principio de caridade, pero non co principio de xustiza social.

Vostedes trasladaron á maioría social o custo da crise que debía soportar a Administración co recorte das prestacións sociais, a privatización dos servizos públicos, a venda dos sectores produtivos, o empobrecemento da maioría social, un reparto menos equitativo da riqueza e un gran espolio das arcas públicas por parte de políticos...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...e empresas.

Non ten nada de que gabarse –xa remato–, pero si, señor Puy, se hai un cambio de goberno, ao próximo goberno quédalle moito que arreglar de todo o que vostedes destruíron. E para empezar tería que empezar a aplicar políticas activas de emprego que vostedes non son quen, cámbianas por caridade.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario de AGE. Ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señor conselleiro, si que veu dar un mitin. Veu colocar un titular nada máis, non veu ofrecer nada máis de utilidade para o país. Vostede veu aquí a tratar de colgar –e seguramente o consiga con moito éxito– que entramos nun círculo virtuoso, a iso é ao que viñeron vostedes... Coma sempre, manexando a linguaxe e colocando o debate onde a vostedes lles interesa, por iso agora o colocan no obxectivo de cumprimento do déficit, pero non o colocan nos desafuzamentos, non o colocan na pobreza, na exclusión social, non o colocan nos traballadores pobres, non o colocan na deterioración das condicións laborais, dos salarios, etc. Vostedes colócano en el círculo virtuoso. Xa falaremos despois di círculo virtuoso.

Fala vostede de cifras. Mire, na demografía non manipulen as cifras, aínda que teñen bastante habilidade para facelo. Por primeira vez na serie histórica, os datos do IGE din que hai saldo migratorio negativo nos anos 2013 e 2014, datos oficiais. Isto significa que se vai máis xente da que entra, vaise máis xente da que entra. Iso non sucedía antes. Igual que non sucedía antes a perda de poboación provoca-

da dende que vostedes chegaron. Ata o ano 2010, en Galicia subía a poboación. Primeiro, porque viña moita máis xente da que se ía, porque había máis oportunidades de traballo; e porque o saldo vexetativo era mellor, porque a xente tiña mellores perspectivas para poder plantexarse ter fillos. Iso é de sentido común. E dende que vostedes gobernan a día de hoxe, aproximadamente se perderon 80.000 habitantes en Galicia, ¡80.000!; son 64.000 os últimos datos oficiais a 1 de xaneiro de 2015. Iso significa que cada ano, a partir de 2010, Galicia perdeu 16.000, 15.000, habitantes. Iso significa algo, é sintomático. É síntoma dun país onde non hai oportunidades para traballar e onde as oportunidades non permiten ter a estabilidade suficiente, os ingresos suficientes, as condicións de vida suficientes, para quen queira plantexarse poder ter fillos. Por iso eses datos como síntoma, señor conselleiro, como síntoma.

Vostede falaba de desigualdade e pobreza. Lea o informe do Consello Económico e Social, monográfico sobre exclusión social e pobreza, e verá como vostedes só utilizan os índices que lles conveñen para manipular unha realidade evidente. Desde que vostedes gobernan, aumentou a exclusión social moitísimo. E é normal, explica ese informe. Fala do incremento dos prezos da sanidade dende o ano 2008 ao 2014; do 21 % que subiron, sobre todo, os produtos farmacéuticos. ¿A quen afecta iso? Aos pensionistas e, sobre todo, á xente con baixos ingresos. O que subiron os servizos de ensino, o que subiu a luz, a electricidade. Ás empresas eléctricas, a Gas Natural, non se lle aplica a teoría da competitividade, fíxaselles un prezo oficial para que non perdan cartos, non vaia ser que despois non poidan colocar ex ministros do Partido Popular. ¿Verdade? O 31 % que subiron os subministros básicos: electricidade, luz, gas, ¿verdade? Diso vostedes non falan. Non falan das ratios de exclusión social e de pobreza, que din que en termos reais, se mantemos a liña media sobre a que se calcula a exclusión social, se incrementou un 36 % neste país. Ou dos posibles problemas de cronificación da pobreza infantil e xuvenil creados neste país. Ou, como xa lle dixen, na multiplicación dos parados que xa non reciben ningunha prestación. Vostede non veu falar diso, veu falar do círculo virtuoso.

Falaban de caos, tamén. Claro, o caos son as propostas que fan as forzas políticas para reducir os privilexios dos de sempre e para, por exemplo, subir o salario mínimo interprofesional. Ese é o caos que vostedes anuncian se gaña

alguén diferente ao Partido Popular. En cambio non é caos o que aconteceu nesta lexislatura, nin o de Bárcenas, nin o de Gürtel, nin destruír discos duros na sede do Partido Popular, nin pagar con diñeiro negro a reforma da sede de Génova, nin a Púnica, nin a Pokémon, nin a Pikachu, nin Gómez de la Serna, nin Gustavo de Arístegui, etc., ¡iso non é caos! Nin o aumento da desigualdade nin o aumento do desemprego, ¡iso non é caos!, é a orde que vostedes queren, é evidente.

E vostede falaba, señor conselleiro, do reparto do déficit. ¿Vostedes que postura adoptaron no Consello de Política Fiscal cando se adopta este reparto? Porque cando a Xunta de Galicia concorda alí, no reparto do déficit, que lle dá un -2,9 % para o Estado, o -0,7 % para as comunidades autónomas e o -0,6 % á Seguridade Social, vostedes están asumindo o austericidio da sanidade e do ensino, que teñen competencias autonómicas, que xestionan as comunidades autónomas, Galicia tamén...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...converténdose nuns capataces da Troika. Con catro veces máis de marxe para o Estado central, que se lle dá ao Estado central, permítese o luxo de manter as sicav e outro tipo de figuras para a elusión fiscal, Panamá, etc. Mesmo se permiten rebaixas fiscais electorais e este tipo de alegrías; ou que se esquilme o fondo de referencia para as pensións, que vostedes reduciron a menos da metade...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...con estas políticas que non conseguen a sostenibilidade das contas da Seguridade Social. Isto non é inocuo, con outro reparto non sería preciso este austericidio. (*Murmurios.*) E se vostedes detraesen os recursos dos que máis teñen, tampouco serían necesarios os recursos dos que menos teñen. Vostedes son cómplices dunha estratexia antisocial. Non é un círculo virtuoso, é un círculo vicioso precisamente.

O seu legado, o legado do señor Feijóo, asusta ao máis valente...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...tanto na destrución de emprego, como na situación dos sectores produtivos, como están os nosos gandeiros, como está o noso sector naval, etc. ¿A que prezo cumprimos o déficit?

E, por último xa, ¡home!, na execución dos orzamentos non están vostedes para presumir. Se non, mire a execución, durante os anos que vostedes gobernaron, por exemplo nas políticas de vivenda, a ver cales son.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ¡Cifras ridículas! Ou no desenvolvemento rural, algo tan necesario como o desenvolvemento rural.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario do BNG. Señor Jorquera, ten vostede a palabra.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señora presidenta.

Señor conselleiro, en primeiro lugar pídlle que me aclare unha dúbida. Se non lle entendín mal na súa réplica, vostede dixo que Galiza foi cumpridora pero que non foron sobrecumpridores, como se di en Cuba, porque sería de tontos. Téñoos aquí anotado textualmente. Entón, claro, acláreme: se é tan bo este ritmo de redución brusca, drástica, do déficit, se é tan bo cumprir o déficit, por que en cambio sería de tontos sobrecumprilo.

Creo que está entrando vostede nunha contradición. Está recoñecendo que esta redución brusca do déficit nas comunidades autónomas que impón o Goberno español significa detraer recursos que en investimento e en políticas sociais serían moi necesarios para este país.

Pero ademais, señor conselleiro, vostedes cumpren o obxectivo do déficit, por unha banda, deixando facturas sen

pagar ¿Ou acaso son falsas as informacións aparecidas en medios de comunicación que relatan que o Sergas deixou facturas pendentes de pago por 412 millóns de euros ao peche do 2015? Lémbrolle que xa o Consello de Contas en distintas ocasións advertiu á Xunta das prácticas de diferir pagos ao exercicio vindeiro.

E vostedes cumpren o déficit xerando débeda, mal que lle pese, señor conselleiro. Vostede dixo textualmente que Galiza tería 3.000 millóns de euros máis de débeda se se comportase como o resto das comunidades autónomas. ¿E por que non fai a comparación co Goberno anterior, algo, por certo, que lles gusta moito? Porque mire, a realidade é que o seu goberno herdou débeda por un importe total de 3.923 millóns de euros, e agora a débeda de Galiza, se incluimos a colaboración público-privada, ascende xa a 13.429 millóns de euros. Dende que vostedes gobernan, incrementouse a débeda, sen incluír a colaboración público-privada, nun 164,4 %. E se incluimos a colaboración público-privada, a débeda contraída polos gobernos Feijóo ascende xa a 9.506 millóns de euros. Estas son as cifras reais, señor conselleiro.

Vostede, á hora de falar das bondades do cumprimento do obxectivo de déficit, dixo textualmente que axuda a crear confianza e credibilidade e, deste xeito, atraer investimentos ao noso país.

Mire, ¿son falsas estas informacións?: Galicia tiene una fuga, hay más empresas que huyen de las que llegan. ¿É falsa esta información?: Galicia capta solo el 3,9 % de todo el capital-riesgo que se invierte en España.

Pero quero determe nunha cuestión á que lle concedemos particular relevancia, señor conselleiro. Vostede insiste en que unha das bondades de cumprir cos obxectivos do déficit é que permite manter a autonomía financeira de Galiza. E eu preguntome: ¿para que vale a autonomía financeira de Galiza se vostedes non a exercen? Porque vostede repetiu varias veces –ademais enfaticamente– que deste xeito podemos exercer en plenitude o autogoberno. Ben, exercer en plenitude o autogoberno. Resulta que vostede representa o Goberno galego, estamos nun debate no Parlamento galego, e dixo textualmente que o seu goberno tiña opinión sobre o reparto de obxectivos de déficit entre distintas administracións que establece o Goberno central, pero que o expresará no Con-

sello de Política Fiscal e Financeira. É dicir, nunha cuestión tan importante para Galiza, vostede nin expresa ante a Cámara que representa a vontade popular de Galiza a opinión do Parlamento galego nin a somete a contraste co resto dos grupos. Pero mire, é que vai concluír este debate e vai seguir pasando vostede de puntillas sobre o sistema de financiamento autonómico, pese a que o Goberno central incumpriu a lei e se negou a revisalo.

Vostede, citando un artigo, dicía que discrepaba radicalmente da afirmación de que o actual sistema era bo para Galicia. ¿Cantas veces o emprazamos nesta Cámara a que exixa esa revisión, a que concrete unha proposta de país, a que a contraste co conxunto dos grupos desta Cámara? E seguimos esperando, señor conselleiro. E logo vostede vén presumir de que están exercendo en plenitude o autogoberno, cando furtan a esta Cámara e a este país un debate tan importante para a nosa nación como é este.

E conclúo xa. Vostede insiste en que os datos que aportamos os distintos voceiros dos grupos da oposición sobre a pobreza ou a exclusión social en Galiza son datos que non se ateen á realidade. Eu aportei un dato, señor conselleiro, ademais pódoo contrastar: o único colectivo de traballadores que medra en Galiza é o daqueles que cobran menos da metade do salario mínimo.

Fágolle unha pregunta. ¿Vostede considera que cobrando menos da metade do salario mínimo é posíbel vivir con dignidade? Contésteme, por favor. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Jorquera.

Grupo Parlamentario dos Socialistas. Señor González Santín.

O señor GONZÁLEZ SANTÍN: Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, falaba vostede dos 80 millóns; non eran 80 que eran 73. Non imos discutir a estas alturas por seis millóns, voulle aceptar incluso a súa cifra. Pero téñome que referir ao que vostede dicía. Falaba vostede de ser sobre-cumpridores. É que o foron, pasáronse de freada. No ano 2015 vostedes puideron gastar 73 millóns máis cumprindo obxectivos. Polo tanto, pasáronse de frear. Punto un.

Punto dous. Os datos macro, señor conselleiro, ben, pero as persoas mal , ¿eh?, as persoas mal. ¿Onde vai todo ese diñeiro?, ¿onde se reflexan eses datos económicos na vida das persoas? Teríamos que pensar que estamos a facer mal. Ao mellor isto ten que ver co que dicía o señor Puy acerca do círculo vicioso e o círculo virtuoso. É que ao mellor nos falta unha pata, señor Puy, a redistribución, que tamén é necesaria nese círculo virtuoso. E vostede sabe que cada día en Galicia hai unha brecha máis grande entre os ricos e os pobres. Polo tanto, eu creo que algo estamos a facer mal.

Falaba vostede tamén da recadación do IRPF, que estaba crecendo máis en Galicia que en España, dicía vostede, e que, polo tanto, esa brecha de renda non sabía de onde a sacabamos. Pois mire, dos datos oficiais.

A renda media en Galicia é dun 12,7 % menos que a media das comunidades. Temos cinco comunidades peor e once mellor. Estamos por debaixo da media en renda e, polo tanto, creo que aí tamén teremos algo que dicir.

E non me contestou vostede –supoño que se lle olvidaría– ao que dicía o señor Montoro sobre ese anuncio de medidas correctoras que dixo que lles ía aplicar a Aragón e a Estremadura, pero que podería aplicar, entre outras, a Galicia. A min gustaríame que na súa réplica se pronunciase sobre iso. Se é que é unha tontería o que dicía o señor Montoro, ou como o ve vostede.

E dicía vostede que ía ir ao Consello de Política Fiscal e Financeira nunha situación mellor que os outros responsables de Facenda doutras comunidades. Pois si, probablemente si, pero recórdolle que as comunidades autónomas que cumpriron foron vostedes, Canarias e o País Vasco, tres. En contra, non cumpriron todas as demais e tampouco cumpriu o Ministerio de Hacienda, porque polo déficit da Seguridade Social tampouco cumpriu.

Eu espero que iso que dixo o señor Montoro na súa intervención –que eu collín entre aspas–, de que “estas comunidades contarán cunha serie de contrapartidas e cun tratamento diferenciado”, non se refira a que non se lles vai exixir un plan económico financeiro, porque se esas son as contrapartidas, desde logo, mal imos.

Eu creo que temos que facer un plan a medio e longo prazo e fixarnos nos obxectivos que temos que fixarnos. A

recuperación dos niveis de financiamento público de I+D+i. Temos que tamén facer un plan para captar os recursos humanos perdidos dende o ano 2010; eses mozos tan preparados que nosoutros formamos aquí, que ten un custo para Galicia e que están rendendo fóra de Galicia. Tamén creo que temos que facer un plan para actuar e dinamizar o Igape; que polo menos cheguemos dentro duns anos aos niveis de execución –non lle digo máis– que tiñamos antes da crise.

Tamén creo que temos que procurar a creación de emprego a curto prazo para aquelas persoas que perderon o seu emprego durante a crise ou aquelas que nunca traballaron e queren facelo. Tamén hai que apostar pola igualdade entre homes e mulleres e incrementar o orzamento en educación, algo tan fundamental para nós, un pilar da nosa economía; e digo ben, da nosa economía. Temos que intentar chegar –xa non lle digo máis, pero nos próximos cinco anos– ao 5 % do PIB, para chegar no 2025 a ese famoso 7 % que sería desexable en educación, para que todos os nenos conten cos libros de texto e conten co material escolar que necesiten, e poidan contar todos con bolsas de estudo, para que ninguén quede sen poder estudar cando o quere facer e ten a capacidade para facelo.

Tamén creo que temos que garantir a asistencia sanitaria para todos os galegos e as galegas, así como dotar unha renda de inclusión á totalidade das familias sen ingresos da nosa comunidade, ou garantir o cumprimento efectivo dos dereitos da lei de autonomía persoal e da dependencia, por poñer algún exemplo.

Tamén lle recordo que, segundo a última EPA do cuarto trimestre do 2015, había 32.800 persoas ou familias con dificultades económicas que non podemos olvidar. Por iso, señor conselleiro, eu creo que temos moitas cousas que facer. Ademais temos unha poboación envellecida, e ese 1,6 % de déficit da Seguridade Social vai traer unhas repercusións moi grandes na nosa economía. Vostede sabe que moitas das familias galegas se manteñen grazas ás pensións dos seus maiores.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor GÓNZLAEZ SANTÍN: Por todo iso –xa remato, presidenta–, señor conselleiro, eu agardo que tome as medi-

das axeitadas e deixe a un lado os triunfalismos, e deixen de ser aquí en Galicia un laboratorio de austeridade do Goberno central porque non dá resultado.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Santín.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señora presidenta.

Como as súas señorías están atentas ás novas, verán que ese Consello de Política Fiscal e Financeira está convocado xa para o próximo venres. Efectivamente, alí acudirán os conselleiros de Facenda das distintas comunidades autónomas. Algún irá pensando exactamente que programas de gasto dos que tiñan previsto facer neste ano van ter que someter a acordos de non dispoñibilidade, e outros conselleiros irán cun orzamento que ademais de estar avaliado pola Airef dá unha marxe do 0,5 % do produto interior bruto, segundo a propia Airef, para incrementar o gasto social, porque é a principal competencia que ten a comunidade autónoma, pero tamén o gasto do investimento. Certamente, hai comunidades autónomas que non van ter que recortar pero que non van poder incrementar o gasto, e hai comunidades autónomas que o que se pode discutir é en canta cantidade máis van incrementar o gasto. Nós confiamos en que haxa outra vez unha sobreexecución. Este ano foi do 105 % do conxunto do presuposto inicial, o cal quere dicir que, se seguimos por ese camiño, o ano que vén non só teremos o que xa prevé o orzamento de incremento de gasto, senón que incluso poderemos superalo.

É evidente que con esta boa xestión se poden deixar detrás debates que consumiron aquí moito tempo e que nos fixeron a moitos indignarnos coas expresións que facían con nós; por exemplo, o da Hepatite C. É significativo que a Xunta puidera asumir os 77 millóns de euros que custou o tratamento e que deixáramos á marxe este debate, e que outras comunidades autónomas tamén o asumiran pero, evidentemente, cun sacrificio e cun custo maior, porque agora van ter que asumir as consecuencias desa desviación do déficit.

E non só incrementando a política social, senón tamén o investimento. Eu quero recordar que Galicia é, no exercicio do 2015, a comunidade autónoma que máis investiu por habitante; é dicir, no gasto de investimento autonómico foi a comunidade que por habitante investiu máis, 465 euros, o cal é o dobre que a media das comunidades autónomas, 223. E, por certo, é moito máis que en Canarias, que está 39 euros por debaixo da media. E tamén está por debaixo de Galicia o País Vasco, que investiu máis que a media, pero 109 euros por habitante menos que Galicia.

Ben, esta execución, sobreexecución, tamén foi no ámbito dos ingresos, como dixen antes. Agora dise que os ingresos son regresivos. Bueno, pois se ven vostedes os datos da execución, verán simplemente que os ingresos por impostos directos subiron un 103 %, mentres que os ingresos indirectos o 101 %. Eu non me canso de reiterar que a reforma que fixemos é progresiva; que mantemos o imposto do patrimonio, que é o imposto directo máis progresivo que hai no sistema fiscal autonómico; e que ademais o incrementamos pactando un como o que hai noutras comunidades nas que gobernan forzas de esquerda.

Galicia está cumprindo o déficit. Eu supoño que estará de acordo o PSOE con isto. No acordo de goberno que fracasou, pero no que insisten e teiman os socialistas en Madrid, o que din é que queren manter un firme compromiso coa estabilidade orzamentaria e cumprir os novos obxectivos de déficit que se negocien coas autoridades europeas, situando o déficit por debaixo do 3% no 2017; e, efectivamente, nese conxunto de medidas nós estamos a favor.

Falouse do endebedamento tamén. Cando comezamos a gobernar no ano 2009, imos dicir que Galicia estaba xa, porque é un pouco arriba un pouco abaixo, na media das comunidades autónomas. Nas PPP, por exemplo, Galicia estaba por riba da media, porque o endebedamento por PPP sobre PIB en Galicia era do 0,5 %, como consecuencia de decisións adoptadas, moitas delas, polo Goberno bipartito en relación con vías de comunicación. Estabamos no 0,5 % do PIB e a media das comunidades autónomas no 0,2 %. Na actualidade, Galicia está no 0,7 %—cun incremento do 0,5 % ao 0,7 %—, e o conxunto das comunidades autónomas pasou do 0,2 % ao 0,6 %; é dicir, un incremento do dobre en financiamento público-privado, o cal tamén desfai un pouco que somos os campións do endebedamento por vía público-privado.

vada. En todo caso, o endebedamento do conxunto de Galicia estaba en 7,2 %, máis ou menos na medida de España, e actualmente está no 18,7 % do PIB, mentres que o conxunto das comunidades autónomas está no 24,7 %.

Vostedes din, comparemos co que deixamos nós. ¡Home, claro!, é que nos tivemos que afondar na loita contra a crise, e de feito, mesmo quen criticou este endebedamento, pediu-nos varios anos que non fixeramos caso aos límites de endebedamento nin aos límites de gasto e que nos endebedásemos moito máis.

Evidentemente, mantemos a autonomía política. Hai un vello dito que di que unha información que é verdade pode converterse nunha falsidade. Por exemplo, se alguén anuncia que hai un colapso nunha autopista, o máis probable é que ao pouco tempo xa non haxa colapso na autopista. Pero tamén pode ocorrer ao contrario, que unha falsidade de converta nunha verdade. Por exemplo, se un di que un banco que está ben vai quebrar, o máis probable é que o banco remate por quebrar.

Cando se fala de pesimismo, cando se fala de caída da confianza do consumidor, pois certamente teño que recordar que, afortunadamente, en Galicia hai estabilidade, e que o risco que anuncian todas as institucións, desde o Banco de España á Unión Europea...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...é o cumprimento tanto da estabilidade orzamentaria como dunha situación de estabilidade política. Certamente, os riscos son grandes. Pero, certamente tamén, este goberno está a cumprir. Sen triunfalismos, porque sabemos que os retos que temos por diante son enormes, que non temos superado a crise nin os seus efectos. O que si sabemos é que por este camiño imos cara á solución definitiva dos problemas que nos deixou a crise.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Puy.

Turno de peche. Ten a palabra o conselleiro de Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):
Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, pechamos un debate sobre a execución orzamentaria e o cumprimento do obxectivo de estabilidade no que resulta moi satisfactorio para o Goberno galego que o feito de que Galicia sexa unha comunidade cumpridora non sexa novidade. É a constatación do rigor e da seriedade cos que traballa este goberno. E non resulta unha novidade que Galicia cumpra, porque este goberno estivo comprometido co control do déficit público desde o primeiro día. Mantívoo nos peores momentos e manteno agora que empezamos, con moito esforzo, a deixar atrás a crise económica.

Sempre dixemos que cadrar as contas, non gastar máis do autorizado, era a mellor maneira –nun primeiro momento– de resistir con menor impacto negativo as consecuencias da crise, para logo encarar con máis garantías a recuperación económica.

E pechado o ano 2015 este rigor e esta responsabilidade teñen o seu reflexo en datos moi esperanzadores, porque, señorías, afortunadamente, de todos os indicadores que había a comezos desta lexislatura, a finais do ano 2012, e os que hai agora en Galicia tan só se parecen os que fan referencia a que esta comunidade cumpriu o déficit público ano a ano. O resto –reitero que con moito esforzo por parte dos galegos e das galegas– viraron por completo e evolucionaron na boa dirección. Nesta lexislatura Galicia foi capaz de pasar da recesión ao maior crecemento económico en oito anos, pasar de incrementar a taxa de paro a reducila cada vez máis, pasar de perder cotizantes a incrementar afiliados á Seguridade Social, e pasar de incrementar o endebedamento a estabilizalo e comezar a senda descendente. E todo isto sen gastar máis do autorizado e reducindo o déficit público a máis da metade do que tiñamos hai só tres anos.

O Goberno galego contribuíu a iso coas ferramentas que tivo á súa disposición; en primeiro lugar, co deseño duns orzamentos rigorosos; e, en segundo lugar, cunha execución responsable que cumprise os obxectivos para os que estaban deseñadas as nosas contas. E fíxoo ano a ano, priorizando e buscando sacar o máximo partido a cada euro nun momento de orzamentos decrecentes. E é o que está a facer este ano cuns orzamentos xa crecentes, que permiten reforzar partidas prioritarias e levar a cabo medidas como as rebaixas fis-

cais do IRPF, a eliminación da tributación por sucesións e doazóns ao 99 % dos galegos e das galegas e a estratexia de impostos cero para a dinamización do medio rural.

Mereceu a pena o esforzo colectivo de Galicia, e o mellor está por vir. Insisto: sen triunfalismos, pero recoñecendo que todo o traballo feito nos últimos sete anos serviu para situar a Galicia en mellor disposición que anos atrás. Temos unhas contas saneadas, temos credibilidade, xeramos confianza, mantemos a autonomía, exercemos o autogoberno e crecemos mellor, reducindo o déficit e sen aumentar débeda. Galicia ten o seu propio modelo de crecemento. Díganme, señorías, cantas comunidades poden dicir o mesmo.

Pero o importante non son os eloxios que poida recibir Galicia, que tamén reconfortan, o importante son os beneficios que este comportamento serio e responsable, e este enorme esforzo, supón para os cidadáns galegos. Os galegos aforramos o ano pasado 150 millóns de euros por cumprir o déficit público, e o Goberno galego demandará ante o Goberno do Estado que este ano os galegos tamén teñan que ter vantaxes económicas polo esforzo feito.

Moitas grazas a todos. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor conselleiro.

Como foi informado, pasamos a substanciar as mocións.

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Soledad Soneira Tajés, sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia, no prazo de dous meses, dun estudo de reordenación da planta local que sirva de base ás iniciativas de fusión ou cooperación supramunicipal

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): A esta moción presentóuselle unha emenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

(*O G.P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Jacobo Moreira Ferro, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.*)

Emenda de substitución

Débase substituír o texto da parte resolutiva da Moción, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

– Desenvolver a coordinación entre a Xunta de Galicia e as deputacións provinciais galegas na promoción dos procesos de fusión voluntaria.

– Promover a sinatura de convenios ou protocolos de colaboración coas universidades galegas para, previa solicitude daqueles concellos que amosen interese en abordar un proceso de fusión municipal voluntaria, elaborar aqueles estudos técnicos que faciliten unha mellor valoración da súa conveniencia e viabilidade, e que poderán contemplar os seguintes aspectos:

– Socioeconómico e demográfico

– Niveis de servizos e administrativos

– Potencial integración en áreas socioeconómicas concretas e complementariedade das súas potencialidades

– Recomendacións sobre fórmulas de colaboración que permitan a mellora e extensión dos servizos ao conxunto de poboación, a rendibilidade económica e social e a dinamización económica”)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Para formular a moción ten a palabra a señora Soneira Tajés.

A señora SONEIRA TAJES: Grazas, señora presidenta.

Señorías, no pasado pleno interpelamos o señor Rueda sobre os estudos que tiña feito a Xunta de Galicia sobre posibles fusións de concellos, e moi particularmente sobre as dúas sobre as que levamos agora mesmo actuado, que son os únicos exemplos que coñecemos: a do norte, a do Concello de Oza e o seu veciño, máis agora a anunciada de Cerdedo e Cotobade.

A resposta do señor Rueda, evidentemente, foi toda unha sorte de vaguidades que demostraban que non había ningún

estudo que aconsellara neste caso concreto a fusión de determinados concellos, nin sequera que había estudos globais do conxunto da planta municipal de Galicia que aconsellaran esta ou aquela fusión, ou esta ou aquela actuación que mellorara e mudara as condicións de vida e as dinámicas demográficas nos concellos obxecto do estudo. Non existían, e ademais a emenda que presenta o Grupo Popular demostra que non existen, é a constatación fehaciente de que non hai nada diso.

Hai tamén unha constatación: o único criterio que se ten utilizado ata agora é un criterio político partidista, as fusións utilízanse como instrumento –e incluso a min paréceme ata sorprendente– de debate político para anuncios estrela do presidente da Xunta, ou incluso do propio señor Rueda agora que accedeu á máxima responsabilidade orgánica na súa provincia. Son máis “PPfusións” que fusións de concellos que se complementen na súa dinámica demográfica, no seu tecido socioeconómico ou en calquera variable que permita mudar as condicións que levaron a eses concellos á situación actual. Porque, ter como finalidade exclusivamente a suma de habitantes en superficies en moitos casos extensas, que están despoboadas, abandonada a actividade no sector primario e a desertización humana como norma, iso ao final, se non se mudan as condicións que levaron a eses concellos a esa situación, é literalmente absurdo. ¿Por que? Pois porque –e verémolo no futuro– estes concellos fusionados exclusivamente para acadar unha porcentaxe maior de ingresos do Estado –que é certo que se van conseguir polo aumento da poboación– en menos dunha xeración volverán estar na mesma situación en que se atopan hoxe. ¿Por que? Imos coller como exemplo a última proposta, imos coller datos que dan os propios concellos para xustificar a posteriori –e que se quere vestir como un estudo– as razóns que aconsellan a fusión.

Mire, os propios concellos –o de Cerdedo, por poñer un caso– falan de que a idade media da súa poboación está por encima dos 57 anos. ¿Que significa iso? Que, por unha evolución puramente biolóxica, dentro... Eu antes dixen unha xeración, non son capaz de calcular os anos. Pero, fíxense vostedes, dende o anos noventa ata agora, tanto Cotobade coma Cerdedo –máis acentuado en Cerdedo porque tiña menos poboación– perderon máis de 1.000 habitantes, 1.200 e 1.400. Se non mudamos as condicións que levaron ao Cerdedo actual a esta situación, e ao Cotobade actual a esta

situación, a fusión de ambos os dous concellos, que están no contorno dos 6.000 habitantes, se seguen coa mesma dinámica, perderán 2.000 habitantes nos próximos dez ou quince anos.

Resultado: imos volver ter un concello de menos de 5.000 habitantes cunha media de idade altísima, sen actividade e que aconsellará fusionalo con outro que estea ao lado para conseguir máis ingresos adicionais do Estado, por un mecanismo puramente artificial pero que non muda para nada as condicións socioeconómicas que permitan que eses concellos sexan viables, viables no sentido de que teñan actividade económica, dinamismo social, radicación da poboación máis nova, etc.

Tamén, collendo como exemplo isto, se fusionan dous concellos –ou preténdese– dos que un pivota sobre Forcarei e A Estrada, onde teñen os seus puntos de referencia comercial, educativo, xudicial, etc., e outro que pivota sobre Pontevedra. E óbvianse outras alternativas que complementarían mellor e que por encima forman parte, digamos, que da tradición histórica, do mesmo que se dicía de Cerdedo con respecto a Forcarei ou A Estrada, como pode ser o caso que propón por exemplo o alcalde de Ponte Caldelas. Pero parece ser que non parece tan interesante porque son de signos políticos distintos. E, señorías, eu creo que concordaremos en que iso de ter un alcalde dunha cor política nun momento determinado da historia dun municipio non pode ser a razón fundamental, porque iso é circunstancial e os cidadáns hoxe queren e mañá non queren contar con que este ou aquel partido rexa os seus destinos.

O alcalde de Ponte Caldelas propón unha solución distinta. Fáganse os estudos, colaboren Xunta e Deputación, e a partir de aí, dese estudo, teñamos unha opción que nos permita unha integración máis razoable e, se me permiten, máis racional.

¿Que propoñemos nós? Que a Xunta, que ten a competencia, faga un estudo, que ademais os datos están aí, de distintos institutos e organizacións. Hai precedentes incluso de alcaldes do Partido Popular liderados polo alcalde de Lalín no seu día, o señor Crespo, que incluso encomendaron un estudo á universidade e a Caixa Galicia para facer un estudo daquilo que lle chamaban “o macroconcello do Deza”. Acabou como acabou, pero algo hai xa, e a Xunta de Galicia ten

os recursos e os medios, e se ten a vontade política é factible facer un estudo xeral do conxunto dos municipios de Galicia. ¿Para que? Non por un capricho, senón para que os distintos concellos, desde abaixo, con base neste estudo, decidan eles, falando cos veciños, falando cos empresarios, falando coas organizacións sectoriais de todo tipo do seu termo municipal, facendo proxeccións demográficas de futuro, tratando de incluír os estudos que faga a Xunta de Galicia nun mapa *ad futurum* do seu propio municipio, só ou acompañado. ¿Para que? Para unha finalidade que é esencial: dinamizar sobre todo o noso medio rural, que é onde están estes municipios pequenos, pero dotar o conxunto da cidadanía nestes municipios de servizos públicos de calidade en todos os sentidos.

Eu creo que non é tan complicado. Nós facemos unha serie de suxerencias que nos parecen razoables e de sentido común. Co método Rueda-Feijóo de levantarse pola mañá e decidir que dous alcaldes do PP teñen que fusionar dous municipios sencillamente porque agora toca, pola razón que sexa, pois non parece que iso sexa nin o máis razoable nin o máis acaído.

Parece que é a nosa obrigación, e é sobre todo a obrigación do Goberno facer un estudo do país, facer proxeccións *ad futurum* e buscar a fórmula para que isto non sexan ocorrencias senón que sexa un deseño de política do conxunto do país que nos permita recuperar poboación e actividade, sobre todo no medio rural, e a viabilidade dos municipios fusionados ou sós.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Soneira.

Polo Grupo Popular, ten a palabra o señor Moreira Ferro.

O señor MOREIRA FERRO: Bos días. Grazas, señora presidenta.

Ben, señora Soneira, eu creo que o primeiro no que debemos ter as cousas claras é en saber que opina o Partido Socialista; en primeiro lugar, en saber se están a favor ou en contra das fusións. Porque sinceramente o día que se anunciou a fusión dos concellos de Cotobade e de Cerdedo o pri-

meiro que escoitamos do Partido Socialista de Galicia foi dicir que isto era unha fantochada, empezaron a criticar este anuncio feito por dous alcaldes –que, por certo, os dous gañan con maioría absoluta sobrada–. E o mesmo día en Madrid asinábase un acordo por parte do Partido Socialista con outro grupo, Cidadáns, *Acuerdo para un gobierno reformista y de progreso*. Non será nin reformista nin de progreso, nin seguramente será goberno. Pero dicían: “Fomentar, en coordinación coas comunidades autónomas, a racionalización das entidades locais en España, promovendo a fusión voluntaria de municipios” –que é o que promove a Xunta de Galicia– “co fin de ofrecer de forma eficaz e eficiente o mesmo nivel de prestacións e servizos a todos os cidadáns, con independencia de onde vivan”.

Tan mal lles parecía esta fusión pero digo eu que hai alcaldes do Partido Socialista aos que non lles parece tan mal, como, por exemplo, ao alcalde de Ponte Caldelas, que se quere unir a esta fusión. Polo tanto, deberían vostedes, en primeiro lugar, clarificar cal é o seu criterio.

E, por outra parte, vemos logo actitudes por parte da persoa que está como delegada do alcalde de Vigo na Deputación de Pontevedra que decide non recibir a estes dous alcaldes, que si teñen maioría absoluta –ela no seu grupo non ten maioría absoluta–. Pero non os recibe e, en cambio, si decide recibir a unha plataforma que se montou para protestar contra a fusión. Creo que non é de recibo que a Deputación e esta persoa –a presidenta da Deputación–, que dicía que ía ter as portas abertas para todo o mundo, aos alcaldes de Cotobade e de Cerdedo lles dea un portazo. Iso non é ter as portas abertas. E como sigamos así, señoría, probablemente a Deputación de Pontevedra, en vez de ser a Deputación de Pontevedra, vai ser “a Deputación contra Pontevedra”.

Mentres vostedes seguen buscando un criterio para adoptar ante as fusións –posto que non teñen un criterio claro–, nós imos ser construtivos e imos seguir traballando a favor das fusións. E por iso lles propoñemos, cunha emenda, un texto alternativo, un texto alternativo no que instamos a Xunta de Galicia a desenvolver a coordinación entre a Xunta de Galicia e as deputacións provinciais para promover os procesos de fusión voluntaria, e promover a sinatura de acordos ou convenios ou protocolos coas universidades galegas para que os concellos que por iniciativa deles o decidan teñan claro se hai vantaxes ou desvantaxes para facer

unha fusión e que pidan eles un informe ás universidades con eses parámetros que vostede expresa de interese na súa iniciativa.

Polo tanto, non se trata de impoñer fusións senón de deixar a iniciativa aos concellos no exercicio da súa autonomía local. Pero, iso si, incentivando a aqueles que libre e voluntariamente deciden fusionarse. Os beneficiarios de todo isto non van ser os políticos, van ser os veciños –neste caso de Cotobade e de Cerdedo–, porque terán garantidos os seus servizos e o concello terá máis recursos.

E a Xunta fomenta as fusións non só porque 2,2 millóns do Fondo de Cooperación Local se destinen de xeito preferente para os concellos que opten por elas, senón tamén porque se regula por lei que aqueles concellos que aposten pola unión recibirán da Xunta solucións para sacar a adiante cuestións tales como as novas relacións de postos de traballo ou tamén os seus novos inventarios de bens, ou incluso tamén os seus novos plans xerais de urbanismo. Tamén se blinda por lei a prioridade destes concellos para a recepción de subvencións autonómicas e se soluciona a xestión dos postos habilitados nacionais que resulten afectados polo proceso de fusión.

Polo tanto, en definitiva, señoría, hai uns incentivos estimulantes enriba da mesa para aqueles concellos que decidan voluntariamente, voluntariamente, dar o paso, e aos que a Xunta de Galicia, como xa ten comprometido, dará o máximo soporte antes, durante e despois do proceso. Isto non é unha novidade. Está previsto na Lei de administración local de Galicia que a Xunta de Galicia poderá establecer, entre outras, diversas medidas de fomento das fusións. Son as que se están implementando por parte da Xunta de Galicia.

E no caso de Cotobade e de Cerdedo esta fusión permíralles, ademais, ter ingresos adicionais que alcanzarán 1,5 millóns de euros nunha lexislatura. E, ademais, tamén hai que ter en conta –e creo que todo o mundo entende isto e que todos os cidadáns están pedindo que cada vez haxa menos administracións e menos concellos, porque algúns non teñen sentido por separado– que terán un menor custo burocrático, evidentemente, ao contar cunha única corporación municipal e polos aforros que suporá a contratación conxunta de servizos e subministracións varias. Trátase, por tanto, de economías de escala por todos coñecidas. E, ademais, o

futuro Concello de Cotobade e Cerdedo verá incrementado o coeficiente de ponderación para calcular a participación nos ingresos do Estado.

Polo tanto, propoñemos este texto alternativo e pedímoslles que se sumen a el pero, desde logo, mantendo a filosofía de que as fusións sexan voluntarias e de que a Xunta de Galicia o que faga sexa promovelas, incentivalas e facilitalas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Moreira.

Grupo Parlamentario Mixto.

Señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Ben, os concellos galegos e a súa veciñanza acusaron con moita dureza a crise económica, que aínda non se ve cando vai rematar. O desleixo e os recortes da Xunta afectaron as principais competencias das corporacións locais, e a discriminación e o clientelismo, que xa eran crónicos antes, agora vense agravados. O ensaio *Educación democrática e barbarie*, de Xaquín Álvarez Corbacho, pon en evidencia os métodos da vella política do caciquismo que intercambia favores por votos. Por exemplo, os concellos gobernados polo PP recibiron o 92,3 % das subvencións da Xunta; máis claro, imposible.

E nas fusións seguen coa vella cantilena, a verdade é que nin se agochan reforzando o poder das deputacións a través do Goberno central sen que a Xunta, a día de hoxe, achegase nin unha soa actualización da Lei de administración local de Galiza. Cubriron a primeira papeleta do seu goberno coa fusión dos concellos de Oza e Cesuras, na que o propio alcalde se lles plantou nos medios de comunicación co habitual “¿que hai do meu?”. Porque do prometido ao conseguido sabemos que nada de nada. E agora, xusto antes das eleccións, volven poñer o espantallo dunha nova fusión: Cerdedo-Cotobade.

Miren, esta repartición que se está facendo non ten comparación coas fusións que tiveron lugar no século XX en Galiza –19, entre elas a de Bouzas, Lavadores, Oza, Candedo...—. A propaganda de Feijóo case sempre esaxera a realidade da parálise municipal para distraer dos problemas de

financiamento dos concellos e do sector público que pagan os pratos rotos da débeda privada da banca e dos evasores e saqueadores fiscais que aniñaron ao carón do PP. As fusións non son máis ca outro debate trampa para distraer.

Calquera análise seria das pretensións da Xunta sobre a reformulación da Administración local deixa en evidencia que a dispersión poboacional se acentuaría ao aumentar a área territorial que terían que atender os novos concellos. En Galiza o sobrecusto que para a prestación dos servizos públicos supón o fenómeno da dispersión poboacional non se corrixe polo feito de que eses servizos sexan prestados por municipios máis grandes que os actuais tras un eventual proceso de ordenación do mapa municipal, que, por certo, nin o hai nin se agarda. Agora ben, calquera mente minimamente amoblada propoñería fórmulas de colaboración e cooperación entre concellos, mantendo a administración de proximidade. O Partido Popular marcou por lei dende Madrid que canto máis lonxe estea a Administración da xente, mellor, comprometendo seriamente a xestión dos servizos municipais dos concellos de menos de 20.000 habitantes, os máis dispersos; unha medida especialmente lesiva para Galiza, onde son un total de 293 os concellos con menos de 20.000 habitantes, o 93 % do total. Polo tanto, foi unha medida que acabou coa autonomía local en Galiza para facela dependente dun ente tan antidemocrático como a deputación.

Con vostedes no Goberno, Rajoy reforzou o papel das deputacións. E estas institucións obsoletas, no canto de desaparecer, pasan da simple cooperación á prestación directa dos servizos á cidadanía en concellos intervidos. O Partido Popular é plenamente consciente do desmantelamento que está a facer do sector público co único fin de introducir a xestión de grandes corporacións, un último nicho de mercado para os seus amigos que se afanan en preparar para o saqueo os servizos sociais locais, os servizos de auga, lixo, iluminación, viarios, etc. Na suba do canon de Sogama temos o exemplo. Non lles deron ás entidades locais nin sequera a oportunidade de seren oídas nesa decisión. Eu non sei se este é o futuro que lles agarda aos veciños e veciñas dos concellos de menos de 20.000 habitantes que prepara o Partido Popular.

Unha última pregunta antes de rematar: ¿as cuestións relativas ás parroquias ou comarcas non se tratan na Xunta? ¿Ou están agardando a que dende Madrid lles dean permiso

para tratar estes asuntos? Porque realmente Galiza xa ten unha estrutura organizativa que dá resposta a todas as necesidades sen necesidade de promocionar e de forzar a fusión de concellos. Temos áreas metropolitanas, temos comarcas naturais, que poden funcionar como entes coordinados que dean resposta ás necesidades da cidadanía mantendo a Administración local preto dos cidadáns, non afastándoa deles.

En conclusión, o Goberno de Feijóo non pode rectificar xa unha deriva irracional na que está metido cando afronta a reestruturación local. A cidadanía expresou o seu descontento nas urnas e están abertas as portas a unha nova etapa de cambio tamén para os concellos.

Señoras e señores do Partido Popular, estamos no futuro, hai un cambio en marcha que vai moito máis alá da simple campaña electoral. Hai un cambio que nos leva tamén a pensar noutra organización para Galiza, nunha organización sen deputacións, nunha organización en función das comarcas naturais.

Nada máis, moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Señor Ron.

O señor RON FERNÁNDEZ: Ben, bo día a todos e a todas.

A iniciativa que hoxe comentamos, a moción, incide nun dos aspectos máis controvertidos e que require de fondas análises, de reflexións pausadas e de estudos científicos tamén: a ordenación do territorio xunto aos modelos de gobernanza do dito territorio.

Na interpelación presentada no pleno anterior e na resposta de Rueda quedou evidenciado que non existe rigor na resposta do señor Rueda e que falta unha clara diagnose, que non se puxeron en contraposición eivas, virtudes e vantaxes no tocante á situación actual do mapa municipal de Galicia, que está lonxe de ter claridade. A ausencia da dita diagnose e dunha planificación consecuente reflíctese mesmo no erro conceptual que cometeu o señor Rueda nas súas declaracións, nas que confundía e converteu en sinónimos “fusión” con “coopera-

ción intermunicipal”. E nós entendemos, desde logo, que non é o mesmo unha fusión que unha cooperación intermunicipal.

O señor Rueda mesmo fallaba no principio que implicitamente implica a fusión. Suponse que a fusión vén animada por unha necesidade de mellorar a cohesión social e territorial a través da provisión de servizos públicos de calidade para eses veciños e veciñas; unha mellora que tamén viría evidenciada, segundo os discursos dominantes, nunha redución dos custos económicos derivados da dita provisión. Polo tanto, non entendemos como o señor Rueda pode dicir que a fusión o que debe facer é achegar o mesmo nivel de prestación de servizos. Entendemos nós que non é para iso senón para mellorar as eivas existentes precisamente que provocan a necesidade de fusión. O argumento incentivador económico non debe ser o indicio que asuma unha fusión voluntaria. Unicamente a fusión voluntaria non pode vir a través dos incentivos económicos.

Falta traballar no que hai que traballar, que é no mapa da comarcalización, no mapa das comarcas galegas. Claro, deixouse unha definición confusa, limitada, un papel precario na organización do territorio, sen funcións operativas e competencias definidas. ¿Por que non se avanza na comarcalización no transporte público, no tratamento do lixo, residuos, no servizo de extinción de lumes, limpeza de praias, etc.? Hai estruturas orgánicas institucionais que se están agregando por xustaposición e producen un solapamento e competitividade, non producen cooperación, producen competitividade e impide saír da ollada endocéntrica do localismo. As estruturas político-administrativas con competencias en urbanismo e ordenación do territorio para áreas urbanas galegas dificilmente responden ás necesidades dinámicas, sociais e económicas que necesita a cidadanía.

Repetimos: fusión non é o mesmo que cooperación intermunicipal. Se a fusión se realiza cunha ollada de redución de custos dos servizos municipais, haberá que analizar se realmente é así e determinar se non estamos máis ben ante un problema estrutural de financiamento e de disgregación competencial –por exemplo, a través da aparición das deputacións– e comprobar mediante informes serios que en efecto a economía é beneficiosa para a cidadanía coa fusión.

Pensem en dous concellos con núcleos poboacionais dispersos. A fusión non elimina a dita dispersión; ao contra-

rio, para non obrigar a parte da cidadanía dese concello fusionado a desprazamentos penosos que antes non tería que realizar, a fusión deberá manter dúas unidades administrativas para atender as necesidades das persoas. E non falamos só de provisión de servizos públicos, tamén do exercicio da democracia.

Polo tanto, ao noso entender todo apunta a que hai que contextualizar de forma analítica e non caer no erro da aplicación por analogía con fórmulas que poden dar resultados noutros países, noutras latitudes, e que responden a trazos antropolóxicos e de ocupación do espazo realmente diferentes á realidade galega. Polo tanto, hai que analizar ben e, polo tanto, estamos de acordo coa moción que formula o Partido Socialista de solicitar un estudo, porque iso é o que falla. E agora mesmo nas palabras dicían: Non, que o fagan as universidades. ¡Home!, a Xunta de Galicia algo terá que dicir neste aspecto, porque, se non, ¿para que están vostedes aquí? E traballar nos aspectos socioeconómicos, demográficos, niveis de servizos públicos de calidade e administrativos, a potencial integración de áreas, etc, todo o que se pide nesta iniciativa, que loxicamente compartimos. Pero hai que especificar e clarificar, que o que non se fixo foi traballar, precisamente, no mapa de comarcas de Galicia, que aí é onde se debería traballar para, precisamente, favorecer a cooperación intermunicipal, que é a onde realmente se debería camiñar.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ron.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente. Señorras e señores deputados.

Desde logo, a política do Goberno do Partido Popular en relación co noso mapa administrativo e territorial é bastante pintoresca. A pesar de termos competencias recoñecidas no Estatuto de autonomía, non só non se exerceron esas competencias, senón que mesmo se permitiu que, a través da chamada Lei de racionalización da Administración local, do Estado, se vulneraran flagrantemente esas competencias

no que é a definición do marco administrativo e territorial do noso país. Pero é tamén pintoresca esa política porque a política do Partido Popular, en relación co mapa territorial e administrativo do noso país, reaparece cada catro anos, curiosamente sempre no último período de sesións completo anterior a un proceso de eleccións autonómicas. Lembra-mos aínda como no ano 2012, no último debate do estado da nación da anterior lexislatura, o señor Núñez Feijóo, que non tiña nada máis importante que anunciarnos aquel día nese debate do estado da nación, sacou da chisteira a fusión dos concellos de Oza dos Ríos e Cesuras. E agora, precisamente xusto con ese paralelismo temporal e tamén electoral, o señor Núñez Feijóo e tamén o señor Rueda sacan da chisteira a fusión dos concellos de Cotobade e Cerdedo. Todo isto sen que polo medio, durante estes catro anos, a Xunta teña feito absolutamente nada para definir unha política en relación con como debe ser a prestación dos servizos, cal debe ser o nivel de prestación de servizos, cal é unha análise seria do custo real dos servizos para os concellos, etcétera. Durante todo este tempo, durante estes catro anos, o único que fixo o Partido Popular foi outra decisión –esta xa non pintoresca, senón máis ben raiando co aberrante– de introducir en todas as ordes de axudas destinadas a concellos que se primaría, a través da puntuación, dunha forma esaxerada aqueles que presentasen proxectos en común; é dicir, que nunha orde de creación de emprego o de menos era cantos empregos se fosen crear e de que calidade fosen os empregos que se crearan, senón que o que puntuaba era que fose realizada entre varios concellos. E así poderíamos poñer moitos outros exemplos. Ou sexa que tamén neste ámbito a política do Partido Popular foi inexistente agás esta propaganda e esta frivolidade que gastan vostedes da fusión de municipios nas vésperas dos sucesivos procesos electorais.

Miren, desde hai catro anos, que se anunciou a fusión de Oza e Cesuras, desde varios xa que se formalizou esa cesión, desde logo a este Parlamento o Partido Popular nunca trouxo ningún balance de qué reportou de positivo para os cidadáns, para os veciños e veciñas dese novo concello, esa fusión, qué supuxo en termos de aforro comparando o custo-beneficio, custo-calidade, dos diferentes servizos públicos, en definitiva, cales son as vantaxes e os eventuais inconvenientes desa fusión.

Agora véñennos con esta de Cotobade e Cerdedo, e repetindo o señor Moreira o mesmo mantra da economía de esca-

la. Mire, aquí non hai demostrado nada de economía de escala. Mire, a fusión concretamente dos concellos de Cotobade e Cerdedo vai dar lugar a un territorio de case 230 quilómetros cadrados, cunha frioleira de 187 núcleos de poboación, e ¿alguén quere seriamente saír a esta tribuna e dicir que polo feito de que se fusionen se vai recoller o lixo ou se vai prestar calquera outro servizo máis barato e dunha forma máis eficaz en 187 núcleos de poboación e que iso vai ser beneficioso para os cidadáns, así, simplemente por arte de birlibirloque?

Despois, ¿cales son os criterios para as fusionés? Porque aquí, cando se falou disto máis ou menos en serio, sempre se poñía o límite dos 5.000 habitantes. Mire, ¿sabe vostede, no macizo central de Ourense, cantos concellos hai que xuntar para xuntar 5.000 habitantes? Chandrexa de Queixa, Manzaneda, Vilariño de Conso, Trives e Río. Eses fan a frioleira de case 800 quilómetros cadrados de territorio. ¿E iso é economía de escala, cando imos ter un resultado de máis de douscentos núcleos de poboación e algúns por carreteras de montaña afastados entre si en máis de cen quilómetros?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ¿Iso é economía de escala e iso é beneficiar os intereses? Mire, se de verdade queren falar algunha vez en serio de ordenación do territorio, de optimización dos recursos, de prestacións de servizos aos cidadáns, traian aquí unha proposta seria, que parta da eliminación das deputacións, de estudar verdadeiramente cales son os servizos que deben prestar os concellos e cales a Xunta aos cidadáns que viven nos distintos lugares do territorio. E a partir de aí podemos empezar a falar.

E, señor Moreiras, xa que vostede...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ...pregunta se estamos a favor ou en contra das fusionés dos concellos, voulle contestar. Dependendo, igual me parece máis razoable que me propoñan fusionar o meu concello, Barbadás, que está pegado...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

A señora PAZ FRANCO: ...a Ourense, que non hai solución de continuidade con Ourense, que que me propoñan fusionar

Cerdedo e Cotobade, porque a incidencia para os seus veciños e veciñas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: ...seguramente é máis positiva no primeiro caso que no segundo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da moción.

Señora Soneira.

A señora SONEIRA TAJES: Grazas, señor presidente.

Bueno, a importancia que lle dá o Goberno galego a este asunto tradúcese en que ao principal responsable da Administración pública de Galicia non lle interesa un debate que é fundamental, fundamental. ¡Alá el! E a segunda conclusión que eu saco deste debate é que o Partido Popular ten medo. Ten medo de que un estudo serio poña en cuestión as "PPfusionés", ¿entenden? Porque incluso temos un exemplo aí. En Oza-Cesuras, ningún dos apriorismos que se nos venderon aquí se cumpríu. Polo tanto, ¿que quere que lle diga? Como teño pouco tempo, non me vou liar.

Mire, isto é unha ocorrencia. Si, dígollo, é unha ocorrencia. Porque non é estar a favor ou en contra, subscribo o que acaba de dicir a señora Paz. Depende en que sitios e en que condicións. E será para mudar as condicións. Para repetir o mesmo esquema e que dentro de dez anos volvamos estar por debaixo de 5.000 habitantes, incrementemos o territorio pero non haxa actividade económica, que o único que teñamos sexan pecios habitacionais abandonados sendo pasto do lume cada equis tempo..., se vostede cre que iso é a solución, pois alá vostedes.

Agora, sobre a emenda, mire, señor Moreiras, sinceramente, ¿de verdade que aínda a estas alturas lle temos que dicir á Xunta que desenvolva a coordinación entre a Xunta de Galicia e as deputacións provinciais galegas na promoción dos procesos de fusión voluntaria? ¿Vostede está de coña? Bueno, perdón, ¿vostede de verdade que le o que

escribiu? Non sei se o escribiu vostede ou se llo dixo o señor Rueda.

Despois dínos: “Promover a sinatura de convenios ou protocolos de colaboración coas universidades galegas para, previa solicitude daqueles concellos que amosen interese en abordar un proceso de fusión municipal voluntaria, elaborar estudos técnicos”, etc. Pero vostede ¿que pensa?, ¿quérelles quitar a autonomía local? Pero se iso pódeno facer os concellos mañá mesmo, sen necesidade da Xunta. Nós pedimos outra cousa. Pedimos que o primeiro responsable da Administración pública en Galicia faga un estudo onde os concellos, libremente e en función do que diga ese estudo, opten polo que queiran. Iso si, falando primeiro cos veciños, porque, claro, dicía vostede... Creo que en Cerdedo e Cotobade chegas por alí, dis bos días e sáche o velliño: ¿Que?, ¿como vai a fusión?, ¿como vai a fusión? ¿Vostede cre iso? ¡Se se enteraron pola prensa, se se enteraron pola prensa!, ¡se houbo concelleiros do Partido Popular que se enteraron cando deu a noticia o señor Rueda!, ¡se non o sabían os membros –xa non digo da oposición– do goberno, dos grupos municipais do Partido Popular, en ambos os dous concellos! ¡Que me conta vostede!

Non lla aceptamos, porque ademais a nosa o que di é que se fagan os estudos. Se a Xunta quere colaborar coas universidades, coas deputacións, que é de sentido común, ten autonomía para facelo, non llo hai que poñer aquí. Digámoslle: Xunta, fai un estudo, e fáino polo menos neses campos que marcamos. E se o Concello de Lalín foi capaz de buscar a cooperación da universidade e o financiamento de Caixa Galicia, non me diga vostede que a Xunta de Galicia non é capaz de conseguir polo menos o mesmo.

Polo tanto, non a aceptamos e deixamos o texto como estaba, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Soneira.

Moción do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para garantir que ningunha persoa ou familia sexa desafiuzada en Galicia da súa vivenda habitual

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción, ten a palabra o señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: Bo día a todos e a todas.

Desde o Grupo Parlamentar de AGE presentamos unha moción que ten que ver cun dos maiores dramas deste país e do conxunto do Estado, que é o das persoas que perden a súa vivenda. Un país digno debería ser un país que garanta, cando menos, aqueles dereitos que ten na súa carta magna, e este é un dos dereitos que se contemplan na Carta Magna pero que ningún goberno ata o de agora fixo nada por que fose un dereito real e non simplemente unha declaración de intencións.

Non só iso, senón que durante moito tempo se estivo lexislando en contra dos dereitos das persoas a ter unha vivenda pero a favor daqueles que especulan, que utilizan a vivenda non como algo necesario senón como un ben puramente especulativo. Así poderemos observar como veremos que quen defende por parte do grupo maioritario desta Cámara a súa oposición seguramente a esta postura é das persoas que maior número de vivendas acumula dos que estamos aquí no conxunto desta Cámara. Polo tanto, os intereses son distintos entre aqueles que teñen unha única vivenda e defenden esa vivenda e aqueles que utilizan a vivenda como un mero elemento especulador acumulando moitísima vivenda simplemente con ese obxectivo.

O primeiro que hai que deixar claro é que hai que eliminar a política estrutural que teñen os gobernos da Xunta de Galicia e do Estado a respecto da vivenda. Non é comprensible que neste país non teñamos nin tan sequera un parque público de vivendas en aluguer digno. Todos recordamos como durante o *boom* inmobiliario nos concellos ese 10 % de aproveitamento lucrativo foi sempre monitorizado polos concellos para facer obras a maior honra do alcalde de turno e non foi tido en conta para quedar con esa porcentaxe de vivenda que a día de hoxe suporía un elemento fundamental para que o conxunto da cidadanía deste país tivese un acceso á vivenda pública por parte das institucións que o puideron contemplar. Pero aqueles que gobernaron historicamente non só o país, senón a maioría dos concellos e dende logo o Estado, estaban preocupados noutras cousas; como por exemplo se demostrou en Madrid vendendo vivendas públicas directamente a fondos buitres.

En Galicia o problema non desapareceu, senón que o problema está mudando. E temos tamén que denunciar que desaparece do foco mediático porque a día de hoxe é moi difícil que un desafuzamento se dea con milleiros de persoas na rúa evitándoo, porque para iso tamén o Partido Popular introduciu a Lei mordaza, que ten provocado que moitísimas persoas que foron defendera veciños para que non foran botados das súas casas acabaran pagando con sentenzas xudiciais e con multas estratosféricas a defensa do ben común, que é que todas as persoas deste país teñan unha vivenda.

Digo que mudou porque hai un caso paradigmático de como xa o efecto da perda da vivenda ten que ver coa degradación das condicións de vida do conxunto de persoas deste país. Durante o mes de xaneiro prodúcese xa en Galicia os primeiros desafuzamentos non só xa dunha vivenda senón das persoas que alugan un cuarto, as persoas que son incapaces nin tan sequera de ter unha vivenda, que teñen un cuarto alugado e son desaloxadas porque non poden pagar ese cuarto. Ou como, por exemplo, se incrementa de forma exponencial a respecto de desafuzamentos hipotecarios, os desafuzamentos por mor de non poder pagar o aluguer. Case todos os desafuzamentos que se fan por non poder pagar o aluguer fanse en alugueres por debaixo dos 350 euros. Estamos ante un problema de loita de clases daqueles que acumulan todo, vivendas, capacidades económicas, fronte a aqueles que non poden nin sequera pagar unha vivenda de menos de 350 euros. Iso ten moito que ver cun país onde hai un vinte e tantos por cento de paro ou onde un terzo dos traballadores cobran menos do salario mínimo, a pesar de que o presidente en funcións dixo hai poucos días nunha canle de televisión que moi poucas persoas neste país cobran o salario mínimo. É unha indignidade que o máximo responsable do conxunto do Estado non saiba que é un terzo dos asalariados deste país os que cobran menos do salario mínimo. E, polo tanto, así se dan estas situacións de non poder manter unha vivenda digna en condicións dignas.

O problema non desaparece, 7 desafuzamentos ao día, tres cuartas partes deses desafuzamentos en vivenda, non como se suele dicir habitualmente. Pero sobre todo alguén terá que explicar por que hai esa inquina por parte dos gobernos de turno de ocultar as cifras e non ser claros, e non ser capaces de dicir cales son de vivenda habitual. ¿Por que nunca se fixo ese estudo ou por que nunca se fixo o estudo,

por exemplo, de cal é o número de vivendas vacías no conxunto do país ou, por exemplo, cantas sociedades acumulan centenaes de vivendas na súa posesión? Namentres hai persoas que non poden pagar un cuarto alugado dentro dunha vivenda compartida, porque os pisos patera xa se dan en Galicia como un elemento habitual entre residentes, non residentes, entre emigrantes e non emigrantes, resulta que hai sociedades que acumulan centenaes de vivendas vacías simplemente esperando un momento especulativo. Incluso a Sareb, un elemento que é utilizado con recursos de todos, está esperando determinados procesos inmobiliarios que lle dean vantaxe económica para poñer no mercado vivendas, cando o que terían que ter é ese fin público de benestar social de darlle unha necesidade a aquelas familias que non poden pagar a súa vivenda.

Polo tanto, nosoutros o que queremos é, primeiro, que se estableza ese parque de vivenda pública para aluguer e que se regularice tamén dunha forma máis estrita e controlada o tema das leis hipotecarias; sobre todo, en solos urbanos. Porque o que hai é unha desregulación tan brutal que o que provocou é que as axudas ao aluguer para as familias, que vende a Xunta como a grande solución, en moitos casos o único que significa é que se incrementa o prezo do aluguer desas familias exactamente na mesma cantidade na que se percibe unha axuda para estas familias. Por certo, axudas absolutamente escasas e para as que hai que contribuír cunhas condicións absolutamente draconianas e cun proceso burocrático que moitas familias nin sequera se poden permitir.

Polo tanto, nós o que queremos deixar encima da mesa é, unha vez máis, que o problema non desapareceu, por moito que a xente queira aparentar que estamos noutra situación. Decía aquí antes un voceiro do Partido Popular que estabamos nun círculo virtuoso da economía. Tan virtuoso que sete persoas cada día perden a súa vivenda, esa é a virtuosidade dunha economía vista dende o foco da dereita, do Partido Popular, que ten outros intereses que non os da maioría social. Polo tanto, ese círculo virtuoso debería ser tan suficiente virtuoso para que calquera de nós, calquera das familias que está nesta situación no país, tivera acceso a esa vivenda. Polo tanto, non é só unha política de axudas de maquillaxe, senón de modificar as condicións estruturais e que polo tanto calquera familia teña garantido que se van defender os seus dereitos nesa situación. E estamos, polo tanto, ante unha política do *lifting* sobre a situación econó-

mica, que queda na superficialidade das cifras, pero non vai ao drama particular das familias, das persoas, dos traballadores, das traballadoras, que non poden nin sequera garantir esta realidade.

Polo tanto, esperemos que, se teñen un mínimo de humanidade, sexan capaces de apoiar esta iniciativa da Alternativa Galega de Esquerda e, en todo caso, esperamos ao segundo turno para aclarar algunhas das cuestións, que seguramente aqueles que posúen moitísimas vivendas volverán dicir aquí que este é un problema que non existe.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fajardo.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, a señora Fernández.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

No tema que estamos tratando agora mesmo, a efectividade da Xunta deixou moito que desexar, non foi capaz de dar resposta a esta grave necesidade da sociedade, un gran problema estrutural. Si que se amosou moita publicidade e moito *boom*, mais aínda non hai unha solución convincente.

Non se evitou que no ano 2015 se practicasen 2.432 lanzamentos, que practicamente sete familias cada día perderan as súas vivendas, pese a que descenderon as execucións hipotecarias e os desafuzamentos, dos datos que aportaba o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza a través do Servizo de Estatística do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Desde o 2008 producíronse 16.000 execucións hipotecarias nas catro provincias galegas. Os realoxamentos por execución hipotecaria foron 43 no pasado ano e houbo 167 adxudicacións directas de vivendas a familias en situación de grande dificultade.

A maioría dos desafuzamentos practicados no ano 2015 foron consecuencia de procedementos derivados da Lei de arrendamentos urbanos por impago do aluguer. Foron, en concreto, 1.507; 800 estiveron relacionados con execucións hipotecarias e outros 225 con outras causas. A Xunta, dende

o ano 2012, presume que ten 12 medidas, que xa nos comentaron no pleno anterior, para evitar e para paliar os desafuzamentos hipotecarios ou por impago do aluguer, mais estas cifras falan por si mesmas. E aquí, igual que no resto do Estado, hai un insuficiente stock de vivendas de aluguer social, que non supera ao conxunto do Estado, un 2 %, moi por debaixo da media da Unión Europea, que se atopa nun 9 %. Isto exige un xiro na política de vivenda de 180 graos, un xiro que ten que comezar xa.

Esta carencia é causa dun desenvolvemento socioeconómico inferior e moi desigual, se o comparamos coa importancia que si adquire o aluguer social noutros sistemas residenciais en estados, por exemplo, da Unión Europea que están máis desenvolvidos e son menos desiguais. Falemos de Finlandia, un 16 %; de Francia, un 17 %; do Reino Unido, un 18 %; de Austria, un 23 %.

A mobilización das vivendas baleiras cara ao aluguer social emerxe como unha das políticas de vivenda que precisa con moita urxencia a sociedade e o medio ambiente. E se falamos do presente, e se falamos da actualidade, unha das medidas estrela é o famoso bono-alugueiro; axudas dese programa de carácter urxente que se destinan a atender as unidades de convivencia afectadas por un procedemento de desafuzamento por falta de pago das rendas da súa vivenda habitual, posibilitando o acceso a un novo contrato de aluguer, ou incluso evitando o propio lanzamento da vivenda. Aquí tamén hai que dicir que se benefician outra serie de colectivos para esta axuda. Mais esta axuda ten unhas cantas trampas, porque é bastante restritiva. De feito só se dá unha axuda de doce meses que se pode prolongar outro ano máis, de 150 euros; ou dáse unha cantidade maior cando hai que facer un único pago ou, se non se cambia de vivenda, atender recibos pendentes.

Os compromisos de gasto que asume a Xunta no bono social de aluguer son moi poucos. Falamos este ano de 1,4 millóns de euros, no vindeiro ano de 1,6 e no 2018 de só un millón; é dicir, é moi ridícula a cantidade.

Este ano si que entra en vigor o decreto polo que se regula o censo de vivendas baleiras, onde a inscrición no censo será obrigatoria para todos os inmobles desocupados que formen parte de edificios de tipoloxía residencial colectiva ou de complexos inmobiliarios situados en concellos de

máis de 100.000 habitantes, sempre que sexan propiedade de entidades de crédito, das filiais inmobiliarias, entidades de xestión de activos, incluídos os procedentes de reestruturación bancaria, para ser empregados na planificación en políticas sociais. Son importantes esas vivendas que achega a Sareb co obxectivo de reforzar a atención ás necesidades sociais relacionadas coa vivenda, e o seu compromiso de priorizar as zonas nas que se detectou unha maior necesidade para a progresiva cesión de vivendas baleiras á Xunta, co fin de destinalas aos alugueres sociais. E é importante, sobre todo, porque hai que reforzar os lugares onde existe unha maior demanda social acreditada. Si sabemos que no propio censo tamén se poden inscribir vivendas de particulares, de concellos ou doutras persoas xurídicas.

Consideramos que á parte das axudas, que de momento son moi escasas, está fallando tamén a comunicación. Entendemos que debe haber un traballo conxunto e coordinado dende a Xunta coa Fegamp, co poder xudicial, axentes sociais, asociacións e outros colectivos sociais relacionados con este tema, porque é un grave problema, moi grave.

E tamén nos remitimos a exemplos que funcionan. Porque, por exemplo, do famoso bono aluguer si se sabe, e a Xunta ten constancia, que non chega a todos os colectivos sociais. Esta, de feito, é unha das grandes demandas das asociacións que se dedican aos desafuzamentos.

E comento tamén outras medidas que tomaron grandes cidades, como os protocolos de actuación para que os servizos sociais sexan informados en casos de especial vulnerabilidade, antes da execución dos propios lanzamentos da vivenda.

Imos apoiar esta moción porque entendemos que os puntos que se tratan son imprescindibles, e hai que empezar a traballar xa, porque estamos falando dun gran problema estrutural que non é único, desgraciadamente, ante a crise na que vivimos, o paro e as condicións laborais precarias.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Pombo.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Moi bo día, señoras e señores deputados.

Señor Fajardo, o Grupo Parlamentario do BNG, como non podía ser doutra maneira, vai apoiar esta proposición non de lei para instar a Xunta de Galiza a que adopte todas as medidas oportunas para garantir que ningunha persoa nin familia galega sexa desafuzada da súa vivenda cando esta sexa a súa vivenda habitual. Apoiamos as catro medidas propostas nesta PNL por ser coincidentes con varias iniciativas que o Grupo Parlamentario do BNG xa ten reclamado neste Parlamento.

Lembrarán, señoras e señores deputados, que o pasado 26 de xaneiro, dende este mesmo lugar, no nome do Grupo Parlamentario do BNG, defendín unha proposición non de lei para garantir o dereito a unha vivenda digna e para evitar as terribes consecuencias dos desafuzamentos na Galiza; PNL para garantir o dereito a unha vivenda digna, para cumprir coa lexislación vixente, lexislación que proclama o dereito a unha vivenda digna e adecuada, así como o deber dos poderes públicos de promover as condicións necesarias e as normativas pertinentes para facer efectivo este dereito; dereito á vivenda que é competencia do Goberno galego, segundo se recolle no artigo 27.3 do Estatuto, mais que tamén está recollido na Declaración Universal de Dereitos Humanos e no Tratado da Unión Europea. Dereito si contemplado na lexislación mais que non se cumpre en Galiza, que se incumpriu en máis de 10.000 ocasións na era Feijóo, 10.000 desafuzamentos seguen petando na nosa conciencia e 10.000 lamentábeis dramas permanentes de desafuzamento ben por hipoteca, ben por alugueiro.

Lamentablemente, se contamos os avalistas destes 10.000 afectados poderíamos estar a falar de máis de 20.000 persoas nun drama permanente que o Goberno galego da era Feijóo non foi quen de atallar, non foi quen de garantir ese dereito fundamental recoñecido na lexislación vixente. Lamentablemente o Goberno galego non foi quen nin de garantir o dereito a unha vivenda nin de deter eses máis de 10.000 desafuzamentos nin de atallar a emerxencia social que estamos a vivir, onde cada vez medra máis a desigualdade social; cada vez os ricos, máis ricos, e os pobres, máis pobres.

Señorías, a Xunta non foi quen de garantir o dereito a unha vivenda digna porque a política do señor Feijóo en vivenda é recorte continuado. Só hai dicir que o programa 451B de acceso á vivenda neste orzamento do 2016 contempla 14,8 millóns de euros para investir, cando no 2009 contemplaba 108,7 millóns. Ou sexa un recorte de preto do 90 %, 95 millóns de euros menos dedicados á vivenda.

Por iso, a pesar das palabras da conselleira o pasado pleno, cando foi interpelada aquí, a pesar desas medidas que nos volveu repetir, a pesar das palabras que volveron repetir que a Xunta é propietaria de 2.800 vivendas en alugueiro, as palabras quedan en palabras, como din os que traballan e defenden os desafuzados, que din que se asinan acordos, protocolos, plans, programas e mesmo convenios no 2013 para axudar a persoas en situación de especial vulnerabilidade. Tres anos despois, segundo eles, todo queda en papel mollado porque segue habendo denuncias, denuncias e denuncias na prensa de xente que cada día queda desafuzada. O 16 de marzo en Vigo unha muller durmindo dúas semanas na estación de autobuses cos fillos a cargo dos familiares para que se lles faga a atención. O 19 de marzo en Ourense, San Cibrao das Viñas, unha vítima de violencia de xénero, cun fillo menor cun grao de dependencia por autismo, na mesma condición. Neste mesmo mes en Ferrol se anunciaban tres parellas desafuzadas das súas vivendas.

A realidade é que a Xunta, mentres hai moitas, moitísimas, familias desesperadas –aínda que calen o drama moitas que non teñen o acceso á vivenda–, a Xunta segue a non poder garantir estes dereitos fundamentais. Non son quen na consellería nin de ocupar as vivendas que están en propiedade de no IGVS e que están baleiras. Véxase o caso de Lugo denunciado tamén hai pouco tempo na prensa no barrio da Tinería. Por todo isto –e remato– vou dar apoio á iniciativa para garantir que ningunha persoa ou familia galega sexa desafuzada da súa vivenda habitual.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pombo.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Sánchez Bugallo.

O señor SÁNCHEZ BUGALLO: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bos días, señorías.

Ben, nós tamén imos dar apoio, como non podía ser doutro xeito, e en coherencia con outros apoios e con outras iniciativas que nós mesmos presentamos tanto neste Pleno como na Comisión 2ª, á proposta formulada polo Grupo Parlamentario de AGE, aínda que teño que recoñecer que preferíamos un maior nivel de concreción.

Non me vou estender nalgúns detalles porque moitos deles xa foron comentados aquí en intervencións anteriores, pero algún si me gustaría dicir. É certo que o número de desafuzamentos producidos en Galicia desde que o señor Feijóo é presidente da Xunta, de abril de 2009 a abril de 2016, probablemente supera os 17.000, atópanse, en todo caso, no entorno dos 17.000, cun promedio de algo máis de 2.500 cada ano. Son certos e correctos, e coincidentes cos que nós temos. Os datos que aquí se aportaron son os desafuzamentos producidos no ano 2015. E isto contrasta cos datos ofrecidos nesta propia Cámara pola señora conselleira, que fala do realoxamento de 400 familias desde o ano 2009; 400 familias e 17.000 desafuzamentos, a proporción é de 1 por cada 40.

Fálase das doce medidas que ten postas en marcha a Xunta de Galicia. Fálase tamén do bono alugueiro. E teño que facer algunha referencia a este tema. Galicia practicamente non ten parques de vivendas en réxime de aluguer de titularidade pública dignos dese nome. Exactamente hai 2.800; é dicir, o 0,15 % do parque residencial. Isto contrasta coas cifras doutros países europeos, incluso coas de cidades como Viena, que están case no 50 %; aquí, o 0,15 %. Polo tanto, unha cifra notoriamente insuficiente que se compensaba a través das axudas da Consellería e a través do control que exercía a propia Consellería sobre os pisos que se ofertaban en aluguer.

Hoxe iso substitúese polo bono alugueiro. A pregunta é: ¿a quen subvencionamos? ¿Ao que aluga o piso, ao cidadán que non ten vivenda ou ao cidadán que cobra o aluguer? E en moitos casos estamos subvencionando ao que cobra o aluguer e non ao que realmente demanda a vivenda. Iso é como o debate que había na Comunidade de Madrid sobre se

facen escolas infantís públicas ou darlles un cheque aos nenos para que foran a unha escola infantil privada. Pois aquí o que lles damos é o cheque para que vaian a unha escola infantil privada.

Por certo, esta cifra de desafuzados, máis aló do que diga logo o señor Castiñeira, contrasta coas 311.000 vivendas baleiras da nosa comunidade, segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística.

Pero un dos grandes problemas que temos, señorías, e fago referencia á intervención do señor conselleiro de Facenda, é a ficción presupostaria á que permanentemente asistimos. Píntanse uns orzamentos pero logo non se executan. E o paradigma de todo iso é o que sucede coa política de vivenda, e especificamente coa partida 451A. Do ano pasado o 53 % segue a estar, só se executou o 47 %. E non crean vostedes que foi unha excepción, foi o mellor ano desde que goberna Núñez Feijóo. Non só se baixou de 56 millóns que tiña no 2009 a 23, senón que o grao de execución baixou do 82 % que tiña no 2008, do 75 % que tiña no 2009, ao 47 % no 2015. E foi o mellor ano, porque no 2014, señorías, foi o 8 %; e no 2013 foi o 1 %, quedou o 98,7 % sen executar. No 2012 foi o 12 %, no 2011 o 13 % e no 2010 foi o 10 %. É dicir, que se pinta no papel e logo non se gasta. En total, máis de 300 millóns de euros sen executar nestes anos e 16.000 familias perdendo a súa vivenda. Era para que houbera cesamentos, e seguramente os haberá pero non xustamente pola razón pola que tiñan que producirse, que é por non darlle vivenda a quen a precisa habendo recursos públicos dispoñibles que non son utilizados para cumprir esa finalidade.

E, señor Castiñeira, se os datos lle parecen mal, déanos os bos, que levan sete anos para dalos e de momento non dan nada máis que desculpas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez Bugallo.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Castiñeira.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Grazas, señor presidente.

Señorías, bos días.

Señor Bugallo, a vostede xa lle deron as explicacións e aquí dese baixo nivel de execución orzamentaria e non

houbo os cesamentos que debería haber, efectivamente. Debería haber cando o señor Zapatero no ano 2008 exixiu... (*Protestas.*) Non, pero é que o señor Bugallo sabe o motivo, sabe o motivo deses 44,7 millóns correspondentes ao Plan de vivenda 2005-2008 que o señor Zapatero dixo que se executaran ao cen por cento, que se remitiran ás comunidades, e aí están e figuran nesa partida orzamentaria inexecutable. Pero nos presupostos do señor Zapatero aparecían executados. Pero a vostedes déronlles as explicacións, preguntou e déronllas. E déronllas nunha comparecencia, pero aínda así segue manipulando. E iso non lle vai ben a vostede, non lle encaixa coa súa personalidade, señor Bugallo. Iso é manipular, manipular descaradamente algo do que ten vostede coñecemento claro, ¡claro!, o que é esa partida e o problema que había neses anos.

E, ademais, vostede foi xestor público, foi alcalde, e sabe perfectamente que hai partidas, como casos de rehabilitación ou partidas en vivenda, que non se executan integramente nun ano, senón que pasan presupostos incorporados aos anos seguintes. Tamén o sabe, sabe perfectamente como é a execución. Iso si, se miramos a execución orzamentaria do Bipartito, claro, para empezar case o 50 % eran estudos, programas, informes e persoal. Claro, só na oficina do aluguer, na oficina, no persoal, gastábase máis do 50 % do orzamento que tiña a propia oficina. Ou en proxectos e estudos que se lle daban loxicamente a quen interesaba, e hai algún arquitecto de apelido moi coñecido que tivo moitos informes deses. Claro, facemos un plan de vivenda social onde metiamos uns estudos nos cascos históricos e en determinadas zonas das cidades nos que se gastaron 3 millóns de euros, só nos informes e estudos. Esa era a política de vivenda do Bipartito. Está aí, se quere falamos diso, se queremos falamos diso, falamos do número de vivendas que se incrementou nese parque de vivendas.

Pois, mire, si, hai un parque de vivendas, de 3.000 vivendas públicas, de promoción pública, que están á disposición e alugadas todas. Igual, señor Pombo, se quere falamos da Tinería de Lugo. Están en proceso de adxudicación as que hai baleiras, señor Pombo.

E, por certo, está moi ben que vaian vostedes coa súa futura candidata, parece ser, á Tinería a facerse fotos. Pero non olviden que aquel proxecto empezou no ano 2001, en época do Partido Popular. Non foi un proxecto do BNG

como intentan vender, nin moito menos. Non, señor Pombo, non. Ese barrio da Tinería, do que estamos orgullosos... A parte que se fixo, non como se está levando por parte do Concello, o que é a actual situación social dese barrio, denigrante realmente. E ao mellor aí ata coincidimos nesa situación. Pero, mire, iso non lle é culpa da Xunta de Galicia senón de quen está neste momento no Concello e leva quince anos –por certo, apoiado por vostedes–.

Miren, medidas en materia de vivenda da Xunta de Galicia, no ano 2015. Sempre nos parecerá pouco, porque xa dixo a conselleira o outro día na súa comparecencia que, mentres unha soa familia por motivos económicos quede sen unha vivenda, haberá preocupación e sempre será moita, pero por motivos económicos, porque aquí o que plantexa AGE non establece límites, pon claramente, sen máis, vivenda habitual, que pode ser calquera, e eu creo que aí hai que poñer límites, e por iso o bono alugueiro é para aquelas familias que están en situación realmente de necesidade, non para calquera, nin moito menos. A Xunta ten 3.000 vivendas; polo tanto, existe un parque de vivendas. Que o queiramos ampliar, pois paréceme ben. E sempre serán poucas as axudas que se fagan ás persoas e ás familias necesitadas.

Plantexan vostedes o desenvolvemento dun novo programa para prevención de desafiuzamentos e chócanos, e témollo que dicir claramente, cunha iniciativa que se acaba de aprobar a semana pasada, na que o que pedían era implementar as medidas de información das medidas existentes e dos programas existentes pola Xunta. Se imos dedicar diñeiro a informar máis dos programas e coordinar os programas que existen pola Xunta, será que non son tan malos. Vostedes mesmos estaban dicindo que había que dar maior información, e coincidimos en que é importante que se coñezan eses programas e por iso implementar esas medidas. Pero estaban validando eses programas e, de feito, estou convencido de que están dando os seus froitos.

E o bono alugueiro, efectivamente, é un bono que está funcionando e que é unha axuda importantísima. E, mire, medidas para familias no ano 2015: 6.387 familias beneficiáronse de axudas en materia de vivenda en aluguer, de medidas da Xunta de Galicia, e para este ano prevese que iso se incrementa e espérase que se sobrepasen as 6.500. Son 13 millóns de euros dedicados a esa política de aluguer e de axudas ao aluguer.

É dicir, polo tanto, non se pode dicir...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: ...nin moito menos, que non se estea facendo nada. ¿Parece pouco? Sempre. Mentres haxa unha familia desafiuzada estaremos preocupados e a Xunta traballará. E estamos convencidos de que a Conselleira e a señora conselleira van traballar e buscar medidas sempre e en todo momento para favorecer e reducir ese número de desafiuzamentos. Onte mesmo firmaba un convenio co Colexio de Avogados, polo que se pretende precisamente reducir antes de que vaian xa ao xulgado e buscar fórmulas de arbitraje e buscar solucións.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: E falan incluso dunha intervención, pouco menos, porque están falando de modificar a Lei de arrendamentos urbanos cunha intervención clara dos poderes públicos. ¡Home!, o que me gustaría dicir tamén é que a política de desafiuzamentos non é só da Xunta de Galicia, é fundamentalmente da Xunta en materia de vivenda, pero os concellos tamén teñen unha responsabilidade en materia social e...

O señor PRESIDENTE: Remate, señor Castiñeira.

Remate xa.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: ...gustárame –remato xa, señor presidente– que os grandes concellos, como Ferrol, A Coruña ou Santiago, gobernados polas Mareas, ou Vigo polo Partido Socialista, desde logo non se dedicaran só a promesas na campaña electoral e editar un folleto...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castiñeira.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: ...que é o único que fixeron nestes nove meses que levamos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da moción.

Señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: A verdade que o portavoz que elixe sempre o PP para estes temas é unha explicación evidente de como hai un desapego co problema por parte do Partido Popular. É moi difícil ter empatía con algo cando, polos datos públicos que tivemos todos rexistrados ao tomar o cargo, é quen máis vivenda en propiedade ten. É un dato que é público, que é coñecido e, evidentemente, non asume que é un problema algo que vive o resto da sociedade.

É tremendo que se diga que non existe un problema cando todos os días sete persoas quedan sen a súa vivenda. E tanto é así que vostedes non teñen ningunha iniciativa, ningún interese en que isto se elimine, que utilizou máis da metade do seu turno para contarnos o sempre no debate bipartidista, que a culpa é do Bipartito, a culpa foi do señor Zapatero, pero non asumen a responsabilidade dun Partido Popular que puxo a vivenda como un elemento especulativo e non como un elemento de beneficio social. A lei Rato tivo a consecuencia que tivo, a burbulla inmobiliaria e demais. Incluso o Partido Popular foi quen plantexou esa posibilidade de capitalizar o 10 % do aproveitamento, cando nese 10 %, se quedasen coas vivendas, estaríamos noutra situación.

Eu lamento moi profundamente que vostede lea o que di o asesor, pero non lea a iniciativa de AGE. Porque dicir que queremos un parque de vivenda pública en aluguer para todos, cando dicimos que é vivenda social... ¿Vostede vai pedir unha vivenda social? ¿Pon vivenda social? ¿Vostede vai pedilo? ¿Vai pedir vostede ter unha vivenda social? ¿Non, verdade? Vana pedir cada unha desas persoas que están no desemprego.

E dicir que é un éxito que se atendan a 6.000 familias en aluguer social nun ano cando temos 200.000 persoas no desemprego das cales 100.000 non cobran nin un euro, pois dígame vostede cal é a realidade, nin o 1 % de vivenda social en aluguer temos neste país.

Polo tanto, o primeiro que ten que asumir o Partido Popular é que existe unha problemática que vostedes aparentan coma se non fose tal. E ¿por que? Porque están interesados en mirar para outro lado. Se non existira esa problemática, vostedes non farían unha lei, a Lei mordaza, para condenar, perseguir e reprimir os que defenden as persoas que son desafuzadas. Porque iso é o que di a Lei mordaza. ¿Cantas persoas están hoxe en procesos xudiciais e con mul-

tas multimillonarias simplemente por ir defender que unha familia perdeu a súa casa pola lei que firmou e aprobou o Partido Popular? Esa é unha realidade, iso é unha realidade, iso é o que vostedes defenden. E, iso si, non hai ninguén aínda na cadea por defender fondos buitres, eses fondos aos que lles venderon vivendas en aluguer xente do Partido Popular, esa é a realidade do Partido Popular.

E, mire, un xa se está un pouco cansando de que se lles pida aos concellos do cambio que en nove ou dez meses solucionen os problemas do país. ¡Pero se levan vostedes nove anos gobernando! Por cada mes, levan vostedes un ano, non fixeron nada e resulta que o problema agora son os concellos do cambio, que en nove meses non fixeron practicamente nada. Bueno, polo menos en Santiago non saen cada mes por temas de corrupción. Esa é unha realidade que está encima da mesa.

Eu plantéxolle que o que di a nosa iniciativa é bastante sencillo: incrementar a niveis aceptábeis o número de vivendas en aluguer social que ten que ter este país, que non o ten, que non chega nin ao 1 %. Parécenos absolutamente razoable. Vostede falou aquí de algo que se empezou no 2001. Se desde o 2001 ata o 2016 non fixeron nada máis, está claro que hai moi pouca intención. E, despois, solucionar o problema estrutural, que é o profundo deste tema.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fajardo.

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Carmen Gallego Calvar, sobre o desenvolvemento regulamentario e as modificacións que debe introducir o Goberno galego na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G.P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción. Emenda de substitución:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

Continuar co desenvolvemento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia e, antes de que remate o ano, levar a cabo as seguintes actuacións:

1. Convocar unha orde de axudas e subvencións para as asociacións que desenvolven actividades dirixidas ao colectivo LGTBI, nas que se inclúan as seguintes actuacións

a) Campañas de sensibilización social que promovan comportamentos e actitudes de respecto e Igualdade.

b) Programas e medidas orientadas a favorecer a integración social das persoas LGTBI

c) Actividades que contribúan a remover os obstáculos que impidan ou dificultan que as persoas LGTBI desenvolvan plenamente a súa personalidade e participen en Igualdade de condicións en todos os ámbitos da vida política, económica, cultural e social.

2. Incluír no I Plan de Galego de educación en Igualdade unha sección específica da abordaxe da educación desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e repectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual, e afectiva, cuns obxectivos claros en canto a:

a) O establecemento de ámbitos de socialización que favorezan o coñecemento e a convivencia dentro da comunidade educativa co fin de ofrecer contextos onde visibilizar as boas prácticas.

b) A elaboración e posta a disposición dos centros educativos de todos os niveis de materiais e orientacións para a abordaxe da educación afectiva e sexual desde o respecto á diversidade e o desenvolvemento dun proxecto de vida libre e saudable en plenitude.

c) A colaboración con axentes socioeducativos e de formación en materia de saúde, para a abordaxe integral da saúde afectivo-sexual entre todas as persoas destinatarias

da comunidade educativa galega, independentemente do nivel e réxime de escolarización.

3. Organizar xornadas formativas dirixidas a profesionais de distintos ámbitos que verse sobre a diversidade sexual.

4. Continuar coa formación específica do persoal das administracións públicas na realidade LGTBI.

5. Adecuar os documentos administrativos relativos ás persoas transexuais, nomeadamente a tarxeta sanitaria, namentres non se teña procedido á rectificación da súa identidade de xénero no Rexistro Civil. No ámbito educativo abordarase cada caso particular de xeito individual, de modo que cando se pase lista na clase ou se dean os boletíns de cualificacións se respecte a identidade de xénero do menor e da menor de acordo con el/ ela e a súa familia.”)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR: Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señoras e señores deputados.

Quero saudar as persoas que nos acompañan en representación das organizacións que defenden as persoas LGTBI e lamentar a ausencia neste debate do vicepresidente, do señor Rueda, ao que interpelamos precisamente polo cumprimento desta lei, e que é ademais o responsable no Goberno de desenvolver a mesma; a ausencia neste debate, ao igual que estivo ausente no debate sobre a reforma da Administración local ou no debate dos desafuzamentos; tres cuestións que consideramos, desde logo, que son importantes e nas que o Goberno non debería de estar ausente neste Parlamento.

Cando fixemos o debate desta interpelación no pasado pleno, o señor Rueda acusábanos aos socialistas de traer esta interpelación para verificar ata que punto o Goberno galego está cumprindo coa Lei 2/2014, sobre as persoas LGTBI; acusábanos de que estabamos facendo política con traer este debate ao Parlamento e de que non fixeramos a lei nós, cando estabamos no Goberno. Parece ser que cando estive-mos no último Goberno da Xunta de Galicia os socialistas,

naqueles apenas catro anos, tiñamos que ter feito todas as leis que se lle poida ocorrer a calquera que había que facer, porque, se non, non fixemos un bo Goberno, e, polo tanto, calquera proposición de lei que traemos agora, porque consideramos que está de actualidade, que é unha demanda social, que hai colectivos que a piden, pois mal, non a tiñamos que traer, tiñamos que tela traído cando estabamos no Goberno, porque tiñamos que telas traído todas. Ese foi o primeiro argumento.

E o segundo era que, efectivamente, estabamos facendo política, porque, claro, isto non é o Parlamento de Galicia, isto debe de ser, pois, non sei, outra cousa, pero non é, ao parecer, o Parlamento de Galicia, e os grupos da oposición non temos dereito a facer o control do Goberno e dos compromisos que o Goberno adquire cando aquí se aproba unha lei, porque teño que lembrar que esta lei foi aprobada o 14 de abril do ano 2014 sen ningún voto en contra, con todos os grupos da Cámara presentes, e que foi aprobada para desenvolvela e para levala á práctica. E, polo tanto, se o Grupo Socialista, que foi o autor intelectual da proposición de lei que deu lugar a esta lei, se preocupa polo cumprimento desta lei, parecera que estamos no exercicio das nosas funcións como grupo parlamentario, pero non, parece que iso non é así.

Logo, durante o debate, tamén recoñeceu finalmente o ritmo lento na execución, no desenvolvemento desta lei –nós diríamos que inexistente– e, como non tiña ningún dato substancial que ofrecer do balance do cumprimento desta lei, anunciou algo que non estaba en ningún lugar, pero que, efectivamente, o Goberno pode poñer en calquera momento en marcha, do que nos alegramos, porque forma parte da lei. Anunciou que se ía poñer en marcha unha orde de axudas para os colectivos que traballan coas persoas LGTBI.

Polo menos, ao suscitar este debate dous anos despois da vixencia da lei, conseguimos algo, xa conseguimos que o señor Rueda se preocupase de vir aquí para poder anunciar algo e de que anunciara unha orde de axudas. Pois, benvido sexa ese anuncio.

Tamén nos dixo algunhas cousas que son inexactas, por non dicir que son mentira; por exemplo, falounos de que o Goberno galego se estaba reunindo con todos os colectivos que representan ás persoas LGTBI, absolutamente inexacto. Do Goberno galego –é dicir, dos membros do Goberno gale-

go que sentan no Consello da Xunta– só houbo un conselleiro, que foi o de Educación, que se reuniu cun dos colectivos, que é o que representa as persoas transexuais, e unicamente houbo unha reunión no Sergas coa directora de Procesos Asistenciais, que quedou de facer unha mesa de traballo e que oito meses despois de terse reunido cos colectivos segue esa mesa de traballo sen facerse. Non houbo, como se anunciou aquí e se dixo incluso desde as bancadas do Grupo Popular, ningunha reunión con ningún conselleiro de Sanidade.

E, insisto, o único colectivo ou colectivos cos que se reuniu o Goberno galego foi co de pais e nais de nenos e nenas trans, que está moi ben, que o agradecemos, pero teño que lembrar que o artigo 7 da vixente lei di no seu punto 2: “Os poderes públicos de Galicia establecerán un diálogo fluído e colaborarán coas asociacións e organizacións e colectivos LGTBI”. Con todos e todas, cousa que non se está a facer a día de hoxe.

Logo tamén nos falou o señor Rueda de que a través das consellerías de Educación, de Sanidade e doutros departamentos do Goberno, do departamento de Igualdade, se estaba desenvolvendo a lei. Ben, nós dicimos que non, que a lei non se está desenvolvendo, a pesar do que dixo aquí o señor Rueda. O único que hai é que nos plans de igualdade se fala –nunhas poucas liñas, pero sen especificar e sen entrar a fondo– do que é, por exemplo, o recoñecemento da realidade transexual, da diversidade afectivo-sexual, da identidade de xénero e de orientación sexual, pero non existe a día de hoxe –e, se non, corríxame– ningún protocolo educativo establecido na Comunidade Autónoma de Galicia. E non existe a día de hoxe –e, se non, corríxame– ningún protocolo sanitario establecido na Comunidade Autónoma de Galicia; protocolo educativo e sanitario que reclamabamos os socialistas, porque así o especifica a lei na proposición non de lei que foi aprobada hai un ano por unanimidade neste Parlamento e que un ano despois segue sen desenvolverse.

Así que, como non hai practicamente nada feito, como o señor Rueda foi incapaz de dar un dato concreto, como todas as respostas que temos solicitado para o Goberno da Xunta –e temos aquí a última resposta por escrito sobre o cumprimento desta lei– nos din unha cuestión tan concreta como: “Dende a súa entrada en vigor, os distintos departamentos da Xunta de Galicia implicados no seu desenvolvemento están

a traballar na súa aplicación nos seus diferentes ámbitos competenciais” –esta é a resposta que nos dá a Xunta de Galicia, tamén o ano pasado–, como todo isto está sen facer, señoras e señores deputados, volvemos con esta moción lembrar o que xa acordamos aquí, non só coa lei, senón coa proposición non de lei do ano pasado e agora con esta moción para ver se desta vez somos capaces de acordar, pero, como xa dixen no debate da interpelación, con datas concretas, non nos serven cuestións xenéricas que non comprometan.

E o que pedimos é que se desenvolva a lei. ¿Como? En colaboración coas organizacións LGTBI e coas demais administracións concernidas, con diálogo, con iso que exige o artigo 7 da lei e que a día de hoxe está incumprido. Que os compromisos que se adquiran aquí sexan para rematar antes de que acabe esta lexislatura, que, como depende do señor Feijóo, e non sabemos cando vai ser, pois vostedes me dirán se son capaces ou non son capaces.

¿E que compromisos pedimos que se fagan de xeito urxente? Pois ese protocolo educativo e ese protocolo sanitario, aos que xa se comprometeu o Grupo Popular o ano pasado, que estaban previstos na lei e están sen desenvolver: que eses centros de información á muller –eses centros dos que falaba o señor Rueda que non existen, que son 80 e que a día de hoxe están saturados para atender as mulleres vítimas da violencia machista, e que agora o Goberno galego de xeito unilateral e sen convocar nin dialogar nin consultar coas organizacións LGTBI quere dedicar á información e ao asesoramento das persoas LGTBI– hai que dotalos. Non serve con que a uns centros xa saturados, xa sobrepasados, con escaseza de persoal, que hoxe hai en toda Galicia, darlles máis traballo. Non, hai que poñer máis persoal, e ese persoal ten que estar formado e especializado na realidade LGTBI. Non serve un curso, como me lembraban hoxe pola mañá as persoas que forman parte do colectivo, de 20 horas. É necesario dotar deses centros de información á muller con máis persoas e con persoal formado especificamente.

E, en terceiro lugar, pedimos algo que veñen reivindicando os colectivos e que tamén reivindicou no seu día neste Parlamento a valedora do Pobo, que é que se cree un documento transitorio de identificación para as persoas transexuais, namentres fan o tránsito social e namentres non poden facer as modificacións no rexistro civil dos seus documentos

acreditativos de identidade, basicamente para que poidan operar con normalidade na súa vida cotiá e non sintan esa discriminación cando o seu sexo rexistral non coincide co seu sexo sentido.

E, por último, no último punto desta moción, o que pedimos é algo que tamén creo que é un desexo de todos, e é que a lei que fixemos entre todos e todas –e que é mellorable, como recoñecemos todos e todas cando se aprobou, porque non contén todo o que quixeramos, por iso é froito dun consenso– se poida modificar. As leis non son *sancta sanctorum* aos que non se lles poida tocar; pódense modificar, e ademais, se se modifican para melloralas, pois moito mellor para a cidadanía. ¿Que se poida modificar para que? Para dúas cuestións fundamentais:

A primeira, para introducir de novo ese procedemento sancionador e de infraccións que melloraba a lei e que facilitaba aos poderes públicos poder garantir o seu cumprimento, porque tiñan ferramentas para utilizar que agora non teñen.

E o segundo, para contemplar esa realidade transexual que nos quedou eivada na actual lei. É certo que a día de hoxe, e despois destes dous anos, as persoas que formamos parte daquela ponencia e o conxunto dos deputados e deputadas que estamos aquí coñecemos moito mellor esa realidade transexual e sabemos moito mellor cales son as ferramentas que temos que poñer á disposición das persoas transexuais para evitar que se sintan discriminadas.

Esas son as catro peticións que lle facemos no día de hoxe nesta moción.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora GALLEGO CALVAR: Eu agardo o apoio do conxunto dos grupos da Cámara para elas, porque se chegamos a acordo nesta moción estaremos de verdade encetando a cumprir con esta lei que a día de hoxe está sen desenvolver.

Máis nada e moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Grazas, señor presidente.

Bos días a todos e a todas. Bos días, señores deputados.

Quero darlles tamén a benvinda e saúdos ás persoas que están con nós e representan os colectivos LGTBI.

Pois ben, como vostede acaba de dicir, señora Gallego, o Parlamento aprobou, froito do consenso político dos grupos parlamentares, a Lei 2/2014, pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais. Unha lei que, dende logo, pode ter moitos peros no seu desenvolvemento, na súa aplicación. Para uns irá máis lento, para outros, máis rápido, pero o máis grande pero que tiñamos en Galicia era o baleiro legal existente respecto deste tema, e por iso dende o noso grupo, o Grupo Parlamentar Popular, queremos pór en valor o feito de que, grazas a ese consenso político acadado nesta Cámara, Galicia se convertera na primeira comunidade autónoma de todo o Estado que contou cunha lei.

E como vostede mesma dicía, señora Gallego, e recollo literalmente do *Diario de Sesións* do Parlamento de Galicia, dese 8 de abril de 2014: "...pero que hoxe afortunadamente xa é ou será, cando remate a votación de todos e todas nós –e sobre todo será–, unha lei de garantías, unha lei da cidadanía, etc.”.

E precisamente, señoría, esta lei de todas e de todos nós, de todos os galegos e as galegas, estase a desenvolver, e non sería bo tentar facer un uso partidista da mesma e romper con ese consenso existente, porque á fin e ao cabo isto vai en detrimento das persoas LGTBI, que son as que nos preocupan de verdade a todos nós.

Moitas das demandas que vostede fai xa se están a desenvolver. O conselleiro de Educación explicou en resposta a unha pregunta do Bloque Nacionalista Galego, aquí, en sede parlamentar –e leo textualmente–: “Presentaremos un protocolo que permita unha resposta acaída na garantía do dereito á identidade de xénero. O protocolo de identidade de xénero quere ser unha guía na que se logre implicar o conxunto da comunidade educativa e que reúna unhas orientacións de actuación dirixidas aos equipos dos centros educativos”.

Respecto doutra das súas peticións, claro que se traballa na formación, tanto dos profesionais sanitarios como dos profesionais no tema educativo. E tamén se traballa co propio alumando, e trátase de divulgar a realidade ás persoas LGTBI, de maneira que se acade a plena normalidade das distintas orientacións sexuais e identidades de xénero.

Dende a perspectiva sanitaria –que a vostede tamén a preocupa– xa llo expuxo o vicepresidente na interpelación –non vou repetir as súas palabras–, pero si quero facer fincapé no cumprimento do artigo 20 da lei. Como vostede sabe, as terapias hormonais estanse a administrar nas unidades de endocrinoloxía. En canto á formación do persoal sanitario, contéplase no Plan da formación do Sergas e da Consellería de Sanidade para o ano 2016. E respecto do protocolo sanitario están traballando conxuntamente a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria e a Subdirección Xeral de Atención ao Cidadán e Calidade.

Para o Grupo Popular a desigualdade de trato ou a discriminación de calquera galega ou galego por algunha causa ou algún motivo –xa sexa idade, sexo, orientación, sexual, etc.– non é admisible, e, de feito, esa foi a nosa filosofía na tramitación da lei. Entendemos que era necesario traballar a prol da non discriminación das persoas LGBTI e entendemos que era necesario seguir traballando para evitar a discriminación destas persoas. Por iso hoxe mesmo nós, porque estamos de acordo na non discriminación das persoas LGBTI, presentamos unha emenda de substitución que esperamos que conte co seu apoio e que lles paso a ler:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar co desenvolvemento da Lei 2/2014, pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, e antes de que remate este ano levar a cabo as seguintes actuacións:

1. Convocar unha orde de axudas e subvencións para as asociacións que desenvolvan actividades dirixidas ao colectivo LGBTI, campañas de sensibilización social, programas para favorecer a integración social, actividades para que as persoas LGBTI desenvolvan plenamente a súa personalidade e participen en igualdade de condicións en todos os ámbitos da vida política, económica, cultural e social.

2. Incluir no primeiro Plan galego de educación en igualdade unha sección específica que integre a diversidade de xénero sexual e afectiva.

3. Organizar xornadas formativas dirixidas aos profesionais nos distintos ámbitos que versen sobre a diversidade sexual.

4. Continuar coa formación específica do persoal das administracións públicas na realidade LGBTI.

5. Adecuar os documentos administrativos relativos ás persoas transexuais, nomeadamente a tarxeta sanitaria, namentres non se teña procedido á rectificación da súa identidade de xénero no Rexistro Civil.

No ámbito educativo abordarase cada caso particular de xeito individual, de modo que cando se pase lista na clase ou se dean os boletíns de cualificacións se respecte a identidade de xénero do menor ou da menor de acordo con el ou ela e a súa familia.”

Esperamos que conte co seu apoio.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez-Vispo.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

No seu momento non dei o meu voto afirmativo á Lei 2/2014, pola igualdade das persoas LGBTI. Un dos motivos –que non o único– que me levaron á abstención foi que a devandita lei non contaba cun réxime sancionador no articulado, eiva que deixa as vítimas en situación de indefensión e que na meirande parte dos casos as leva a renunciar á denuncia das agresións e violencia contra elas dirixida.

No apartado b) desta moción insta o Goberno á modificación da lei para a introdución dun procedemento sancionador. É por iso que esta moción vai contar co meu voto afirmativo, aínda que sigo pensando que o texto que se aprobou

non deixa de ser unha declaración de boas intencións. Unha lei que se viu de tal xeito –e así o recoñeceu a señora Gallego na súa intervención no pasado pleno– modificada polas emendas do PP que, aínda que xa na súa orixe era moi mellovable, mudouna –como manifestei antes– nunha mera declaración de boas intencións.

A consideración de minorías ás persoas LGBTI e a patoloxización da súa sexualidade non son os lugares de partida que eu considero idóneos para acadar a igualdade de dereitos, porque ao patoloxizar a diversidade sexual dáselle carácter de conduta de risco á hora de contraer certas enfermidades e etiquétase as persoas en función dos roles do patriarcado. Unha ideoloxía sexual que condena a homosexualidade e que considera normal e maioritaria a heterosexualidade, algo totalmente falso, segundo os últimos estudos de filósofas e filósofos tan acreditados como Paco Vidarte e Beatriz Preciado, entre outros. É por iso que as persoas transexuais se enfrontan de xeito universal á medicalización, psicopatoloxización e/ou cirurxía á hora de obter, por exemplo, un DNI onde se recoñeza o sexo que senten e non o que se lles atribúe en función dos xenitais cos que naceron. Moitas persoas trans non rexeitan necesariamente o seu corpo e non queren someterse a tratamentos, operacións e informes psiquiátricos.

En canto ao aspecto educativo, e considerando a escola como un espazo non neutral en canto a que perpetúa e sostén os roles do sistema patriarcal, insisto de novo na necesidade e no ideal dun sistema coeducativo que promova unha aprendizaxe que se apropie e comprenda o feminino e o masculino sen predominio de ningún deles.

E aproveito para comentar a campaña escolar da Xunta “Eu respecto”. Coido que a Xunta de Galiza debería pedir responsabilidades ás creadoras e responsables da súa aprobación. Por un lado, é difícil de entender, sen ter o coñecemento previo, que as cores do arco da vella contidos na palabra “Eu” representan o colectivo. Por outro, a petición de respecto establece unha barreira nada integradora entre os que ven a realidade LGBTI desde fóra e entre os que a disfrutan desde dentro. Creo entender que o fin co que se aprobou a lei é o de normalización e integración.

Vou dar de todos os xeitos o voto afirmativo á totalidade da moción no sentido de que supón un pasiño cara a adiante na consecución da igualdade na lexislación galega.

Grazas, máis nada.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bueno, entendo que as propostas que se trasladan hoxe na moción teñen relación tamén con esas recomendacións derivadas desa comparecencia no mes de febreiro da actual valedora do pobo cando veu dar conta precisamente do informe do anterior valedor sobre os dereitos das persoas LGBTI. Precisamente estas eivas que se relatan aquí, e que foron denunciadas pola voceira do Partido Socialista e pola valedora nesa comisión, nós entendiamos que eran susceptibles de producirse cando se aprobou a lei, e ese foi o motivo polo que nos abstivemos. Entendiamos que o posicionamento favorable, o voto a favor desta iniciativa nese momento por parte do Partido Popular era máis un posicionamento cosmético, toda vez que as medidas que nós considerabamos máis importantes non foron asumidas nese proceso de debate de tramitación da lei, e que ademais –como xa temos denunciado– se retirou precisamente a parte sancionadora da mesma.

De feito, precisamente o que solicita a moción –os servizos sociais e sobre todo a educación e a sanidade– foron os que quedaron máis eivados probablemente e sobre todo a sanidade. Nese momento nós, durante a tramitación, propuñamos –digamos– que os coñecementos formativos se inclúsen ou fosen de obrigado cumprimento na función pública e se inclúsen cando se avalía unha oferta pública de emprego; sen embargo, foi rexeitado.

Os traballadores e traballadoras públicas, en sanidade, en educación, teñen a obriga de ter uns coñecementos e, obviamente, a Xunta de Galicia a obriga de proporcionarlos; sen embargo, tampouco está a ser así e como moito parece que se inclúe nalgúns dos cursos voluntarios. Sucede un pouco como cando falamos do asunto da violencia de xénero, que logo realmente algo que é de cumprimento de dereitos das persoas non pode ser optativo e, sen embargo, nunca pois –digamos– se inclúe como algo esencial na formación dos empregados e empregadas públicas.

E logo temos situacións indesexables, como o que aconteceu, por exemplo, na agresión homófoba que sucedeu este presente ano en Santiago de Compostela, na que –nós, de feito, trasladamos nunha pregunta a este Parlamento– houbo un tratamento non adecuado, pois neste caso denuncian –valla a redundancia– os denunciante pois por parte dalgúns traballadores públicos, e neste caso pois membros das forzas de seguridade, ¿non?, que os deixaron desprotexidos e que ademais eles consideran que non recibiron un tratamento adecuado. Polo tanto, que os traballadores públicos estean formados é responsabilidade tamén da Xunta de Galicia.

E a nivel sanitario quedou fóra unha das propostas que este grupo facía que considerabamos máis importante e que era a relativa, primeiro, á prevención e promoción da saúde no colectivo LGBTI, nas persoas LGBTI en xeral, pero logo, ademais, o tratamento tanto médico-cirúrxico como psicolóxico daquelas persoas transexuais ou intersexuais que decidan –porque poden decidilo ou non– someterse a ese tratamento.

A día de hoxe iso non se aceptou e, como denunciou a propia valedora na comparecencia, non existe ningún centro de referencia para esa reasignación de sexo, non está contido na carteira, e, ademais, tamén segue sen contarse cun protocolo para a reprodución asistida que impida que se poida retirar este dereito ás mulleres independentemente de que teñan parella masculina ou non –xa temos debatido disto nesta Cámara, ¿non?– ou simplemente para adecuar o tratamento hormonal en persoas transexuais e intersexuais que decidan someterse a ese tratamento.

E tamén –debatémolo nalgunha ocasión– os problemas que xera non poder modificar –como xa se explicou aquí– os documentos oficiais das persoas onde figuran pois cun nome que non os representa ou que non se corresponde coa súa identidade de xénero. E, polo tanto –tal e como denunciou a valedora, que era necesario un documento transitorio–, nós concordamos co que se propón nesta iniciativa, toda vez que o trámite parece que de modificación do DNI, que corresponde ao Goberno central, pois é suficientemente longo como para causarlles prexuízos abondos mentres non poidan ser modificados eses nomes.

E felicitámonos ademais de que o Partido Socialista inclúa na moción esa inoperatividade dunha lei que non ten

réxime sancionador e que o inclúa na moción, porque ese era precisamente –había moitos– o motivo máis groso polo que nós decidimos absternos cando se votou esta lei, a pesar de que sabiamos que era positivo e que era necesario, porque entendiamos que era papel mollado e que daba a sensación de que o Partido Popular non quería facer absolutamente nada, e a día de hoxe vemos como non se está a poñer en marcha e como ademais non hai ferramentas para sancionar a quen as incumpre.

Entendendo isto –e xa non teño máis tempo–, poderíamos falar aquí, como xa se trasladou, da desafortunada campaña de “Eu respecto”, que, dende logo, non parte da igualdade senón da diferenza, e do problema que se xera creando o punto de información nos CIM, que son actualmente os que informan as mulleres pois sobre todo de cara á violencia de xénero.

Imos apoiar a moción do PSdeG.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.
Señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidente.

Bo día, señoras deputadas, señores deputados. Bo día tamén ás persoas que nos acompañan no hemiciclo.

Dous anos despois non imos reiterar todas as argumentacións de por que no seu momento decidimos apoiar esta iniciativa, mais é certo que tamén xa nese debate puñamos luces sobre as cuestións que quedaran máis frouxas ou que era necesario que sufriran un desenvolvemento. O certo é que vimos na interpelación do pleno anterior, substanciada polo Grupo Socialista, que, efectivamente, a maioría das cuestións están agardando o seu desenvolvemento. É dicir, non é soamente que a maiores se engadan nesta moción cuestións novas que xa estaban no texto orixinal, como pode ser todo un proceso sancionador, senón que tamén están sen desenvolver cuestións fundamentais.

Como as deputadas que me precederon xa centraron algunhas, eu quixera centrarme en dúas cuestións: no ámbi-

to educativo, que seguimos agardando a que se nos presente como se vai desenvolver –que eu creo que é moi importante– esta lei, que entendemos que se fará dentro dese Plan de igualdade que está desenvolvendo o Goberno, e que, efectivamente, a campaña que se propón para os centros, que se propón antes de ter debatido o propio Plan de igualdade, eu tamén considero que ten unhas eivas que deberían ser revixadas para que sexa unha campaña moito máis integradora, máis de aceptación e non soamente de respecto.

E, segundo, o tema dos CIM. Cando debatemos a lei neste Parlamento dicíamos unha cuestión clara: ¿quen é responsable de cada cousa? ¿Cal vai ser o aparato administrativo, a unidade dentro do Goberno galego que vai ter que desenvolver as accións? E había unha acción, que é a acción de información, de acompañamento, da que entendo que o Goberno decidiu que se fixera cargo a Secretaría de Igualdade, en tanto que o novo Decreto dos CIM (dos centros de información ás mulleres) incorpora o asesoramento, información, acompañamento e entendo que tamén, de ser o caso, tramitación de denuncias e todo o que sexa necesario das persoas LGBTI.

Pensemos un momento o que significa de aumento do volume de traballo para os centros de información ás mulleres, que están literalmente saturados, saturados, están infradotados na maioría dos casos onde existen, e nas cidades están completamente infradotados, e agora teñen que asumir a maiores toda unha formación que supoño que a pode dar o Goberno galego, pero no decreto está recollido que soamente se dan 50 horas; 50 horas de formación non parecen o programa máis adecuado. E un acompañamento, algo que é diferente, moi diferente á realidade para os que son creados os centros de información ás mulleres.

Eu entendo que entón estamos falando de igualdade e de igualdade de dereitos, pero estamos falando de realidades moi diferentes ás que se teñen que enfrontar. Entón, profesionais formadas para a promoción da igualdade, para a corresponsabilidade e, fundamentalmente –que é o ámbito no que máis están traballando–, a violencia de xénero, teñen que asumir o desenvolvemento dunha parte importantísima desta lei, sen persoal a maiores, porque se seguen mantendo os mesmos perfís profesionais nos centros de información ás mulleres que no decreto anterior, claro, sen dotación orzamentaria a maiores e sen profesionais a maiores.

Igual que fan as propias profesionais, que, como seguramente xa saberá o Partido Popular, se están reunindo e están moi preocupadas polo tema, ¿como se vai asumir este? ¿Que información van dar –imaxinemos– pois a unha nai ou a un pai que teñan unha nena que sexa transexual? ¿Que información realmente? ¿Que acompañamento? As profesionais, en boa lóxica, demandan que non están formadas para iso. ¿E que é acaso este o cometido?

A señora Iglesias fixo unha reflexión moi interesante respecto do heteropatriarcado. Creo que entendemos o concepto e ademais témolo debatido en reiteradas ocasións, pero a pregunta de base é, efectivamente, aínda que esteamos nun marco de dominación común, ¿non?, e con variables que compartimos: ¿era necesario incluír esta atención ás persoas LGTBI nos centros de información ás mulleres? ¿Era ese o espazo máis correcto? Se se considera que si –non vou entrar nese debate, porque non temos tempo de debullalo polo miúdo–, dende logo que ten que ser como unha unidade independente, con profesionais independentes e con formación e dotación orzamentaria independente. Eu non vou criticar que estean aí, porque ese é un debate de fondo que non é, que creo que excede esta Cámara, pero, dende logo, que, de ser, ten que ser cunha unidade independente.

E, por favor, cambiándolles o nome aos centros de información. Non sei, non se me ocorre cal é o nome, podemos darlle voltas, pero non poden ser centros de información ás mulleres, non sei, hai conceptos novos como intersección, o que sexa, pero está claro que é unha forma, dado que acababa a lexislatura, de intentar aparentar que se está desenvolvendo a lei, e realmente, sinceramente, cos centros de información ás mulleres estase a facer unha auténtica chapuza, unha auténtica chapuza.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Deteñan ese decreto, pensemos de vagar, que se fale cos colectivos, efectivamente, e busquemos, se teñen que ser aí –que eu non dubido ideoloxicamente que teñan que ser aí–, en todo caso deseñemos para que poidan dar un bo servizo a estas persoas, cunha boa formación e cunha boa dotación.

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Adán.

Grupo autor da moción. Señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR: Grazas, señor presidente.

Bueno, en primeiro lugar, agradecer ás portavoces da oposición o voto favorable a esta moción. Non vou entrar agora na disquisición coa portavoz do Grupo Mixto e de AGE sobre o voto desta lei. Nós votamos esta lei a favor porque considerabamos, a pesar das eivas –teño que lembrar que o proxecto orixinal do Grupo Socialista contiña un procedemento sancionador e de infracción–, que era mellor ter un texto legal que ofrecera garantías do que poder tirar despois para reclamar o seu cumprimento ou o seu non cumprimento, neste caso, para reivindicar que se cumpra, que non ter nada, ¿non?

En canto ao Grupo Popular, acéptolle a emenda como engádegas, señora Rodríguez-Vispo, tirando a primeira parte da exposición de motivos, porque eu creo que o que propón vostede aquí de convocar a orde de axudas –xa o dixen no debate da interpelación, co señor Rueda– me parece ben, pero todas as demais cuestións que plantexa vostede nesta emenda de substitución á nosa están por debaixo mesmo do que aprobamos de maneira unánime o ano pasado. É dicir, no ano pasado falabamos na proposta de resolución de protocolo educativo e sanitario e vostede non os cita en ningún momento, por exemplo. E no ano pasado falabamos de dialogar coas organizacións LGTBI galegas e vostede suprimo da emenda de substitución que me presenta.

E ¿por que lle digo isto? Mire, porque o diálogo é importante, primeiro, porque está na lei –artigo 7–, para o señor Rueda, que é o que ten que favorecer o cumprimento e o desenvolvemento desta lei, para que o escoite, porque o outro día nos dixen no debate que non se reunira coas persoas que conformaban os colectivos LGTBI porque non llo pediran. ¡Oían, non!, é que non funciona así. Ten que ser o vicepresidente o que convoque os colectivos a ter unha xuntanza para ver como se desenvolve a lei, esa xuntanza que tiña que ter tido para o departamento de Igualdade, pero non só.

Por exemplo, neste decreto que se está facendo sobre os centros de información á muller para incluír aí o asesora-

mento, a realidade LGTBI, como dicían as que me precederon no uso da palabra e eu mesmo na miña primeira intervención, sen dotar de máis persoal, ¿por que non se está dialogando cos colectivos LGTBI?, porque non se está facendo. Entón, é necesario que se desenvolva a lei de acordo cos colectivos.

E, tamén, que se desenvolva a lei en todo o que ten que ver co protocolo educativo e sanitario, non só falando –insisto en que me parece ben que se fale cos colectivos que representan as persoas transexuais, e agradézoo–, pero non só, non só. O protocolo educativo e o protocolo sanitario van para todas as persoas LGTBI, non van só para as persoas transexuais.

E mire, señora Rodríguez-Vispo, dicir que se están facendo cousas é pechar os ollos á realidade. Na cuestión sanitaria, só un exemplo, ¿vostede sabe que nas terapias hormonais o criterio dos endócrinos é distinto en función de quen sexa o endócrino e que hai bloqueadores hormonais que se están dando a nenos e nenas trans con 16 anos e noutros con 18 anos? Bueno, pois o que se pide é unificación de criterios, o que se pide é que as persoas que están especializadas e as persoas que xa teñen unha certa experiencia sexan as que leven –digamos– dalgún modo a voz cantante no protocolo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora GALLEGO CALVAR: ...educativo e sanitario que fai falta.

Así que –insisto– nós queremos que a lei se desenvolva con garantías, e por iso o que facemos é asumir a súa emenda, pero como engádega e nunca como substitución do noso texto, porque o noso texto o que recolle é o acordo do ano pasado e non imos pasar dous anos despois porque teñamos menos garantías que as que tiñamos hai un ano.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Pasamos a continuación á votación das mocións.

Comezamos coa votación da Moción do Grupo Parlamentario Socialista para que, no prazo de dous meses, se presente un estudo de reordenación da planta local que sirva de base ás iniciativas de fusión ou cooperación supramunicipal.

Xa manifestou a ponente que non acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Soledad Soneira Tajés, sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia, no prazo de dous meses, dun estudo de reordenación da planta local que sirva de base ás iniciativas de fusión ou cooperación supramunicipal

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a Moción do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para garantir que ningunha persoa ou familia sexa desafiuzada en Galicia da súa vivenda habitual.

Votamos.

Votación da Moción do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para garantir que ningunha persoa ou familia sexa desafiuzada en Galicia da súa vivenda habitual

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos a continuación a Moción do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia sobre o desenvolvemento regulamentario e as modificacións que debe introducir o Goberno galego na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

Xa manifestou a ponente que aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario Popular como engádega.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Carmen Gallego Calvar, sobre o desenvolvemento regulamentario e as modificacións que debe introducir o Goberno galego na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

Declaración institucional relativa ao futuro en liberdade do pobo saharauí

O señor PRESIDENTE: Antes de suspender o pleno ata a tarde, fanme chegar os grupos unha declaración institucional, que leo a continuación:

“O Parlamento de Galicia quere reafirmar o compromiso co futuro e a liberdade do pobo saharauí, asumindo e renovando os importantes acordos acadados na última Conferencia dos intergrupos parlamentarios Paz e Liberdade no Sáhara Occidental celebrado nesta mesma institución os días 5 e 6 de marzo do presente ano, por segunda vez na historia da nosa Autonomía.

A visita do secretario xeral da ONU aos territorios ocupados abriu un conflito diplomático entre Marrocos e a ONU, primeiro coa negativa para recibir a Ban Ki-moon en Rabat e despois coa expulsión de 73 persoas empregadas civís de

Minurso. Este conflito fai perigar o mandato de Minurso e son un grave elemento de preocupación para o cumprimento do plan de paz para o Sáhara Occidental acordado entre as partes.

O pasado 17 de marzo celebrouse o Consello da Seguridade das Nacións Unidas, cun importante informe do secretario xeral. Instamos os representantes do Goberno de España, como membros deste Consello de Seguridade, a priorizar o diálogo para obter, sen máis atrasos, unha solución xusta e definitiva, que pasa por levar á práctica o dereito de autodeterminación do pobo saharauí mediante a celebración do referendo.

Consideramos imprescindible que a misión das Nacións Unidas para o referendo do Sáhara Occidental –Minurso– debe ser reforzada nos territorios ocupados coa plenitude das delegacións que mantiña anteriormente, asumindo a potestade para vixiar e salvagardar os dereitos humanos da poboación saharauí no Sáhara Occidental.

Defendemos garantías de transparencia e legalidade nos procedementos xudiciais para os presos saharauís que participaron no campamento de Gdeim Izik, de acordo coa legalidade internacional e cos dereitos humanos.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2016”

(Apróbase por asentimento.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis trinta.

Suspéndese a sesión ás tres da tarde e retómase ás catro e trinta e dous minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde. *(Murmurios.)*

Reanudamos a sesión coa seguinte comparecencia.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria, por petición propia, para informar sobre o desenvolvemento do polo tecnolóxico e industrial galego de avións non tripulados

O señor PRESIDENTE: Para facer a comparecencia ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, don Francisco Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, comprácame estar hoxe aquí para explicar con detalle un proxecto estratéxico e de enorme transcendencia para Galicia, como é o desenvolvemento do polo tecnolóxico e industrial de avións non tripulados ubicado en Rozas. Unha aposta ambiciosa de todos os que queremos o mellor para a nosa terra e para todos aqueles que queremos que Galicia amplíe as súas capacidades de innovación e de produción, e convertemos nun referente, nun novo sector de futuro, como é o vinculado aos avións non tripulados.

Unha aposta que se enmarca no obxectivo deste Goberno de modernizar a nosa industria, tal e como está recollido na Axenda de Competitividade de Galicia Industria 4.0, e na Estratexia de Especialización Intelixente, a RIS3.

Unha aposta que terá en Rozas o núcleo central deste novo sector, pero que se completará con accións no resto de Galicia. Falo, particularmente, de Ourense, onde se implantará unha nova titulación en enxeñería aeronáutica, así como de Vigo, coa posta en marcha do novo Centro de Innovación Aeroespacial que vimos de inaugurar a semana pasada en Porto do Molle. Unha aposta da que se beneficiarán as nosas pequenas e medianas empresas, as universidades e os centros tecnolóxicos, e, en consecuencia, unha aposta que fixará novo tecido industrial en Galicia creando novos postos de traballo de calidade.

E isto grazas ao desenvolvemento de toda a cadea de valor do sector, desde as actividades de I+D, á fabricación e certificación dos avións non tripulados, á súa comercialización e, grazas tamén, ao aproveitamento para Galicia de todos os sistemas que permitirán xestionar mellor o noso territorio a través do uso dos avións non tripulados. Un uso para a loita contra o furtivismo, a prevención de incendios, as actuacións de salvamento marítimo ou o control da produción pesqueira e marisqueira.

Estamos, en definitiva, señorías, ante un proxecto que é bo para Galicia, que é bo para o noso tecido produtivo e que constitúe unha verdadeira oportunidade de futuro para o noso mercado laboral. Un proxecto que se caracteriza pola rigorosidade e pola transparencia coa que se ten desenvolvi-

do e polo seu carácter pioneiro, sobre todo á hora de buscar solucións xurídicas para poder atraer investimento privado e poder dispor dun catálogo innovador de servizos mediante un programa conxunto de I+D+i.

Baixo estas premisas demos o primeiro paso no ano 2014 creando o Centro de Investigación Aerotransportada en Rozas. Un centro que, como saben, se trata dun centro mixto entre a Xunta de Galicia e o Estado, e que se dedica en exclusiva ao desenvolvemento de I+D+i para o uso civil de avións non tripulados e a súa certificación con esta finalidade.

Un compromiso firme que se recolle en dous convenios publicados no *Boletín Oficial del Estado*: o primeiro, asinado o 5 de novembro do ano 2014, para desenvolver o proxecto de infraestruturas e de equipamento necesario para o centro de investigación; o segundo, dirixido a regular a creación do centro, que foi asinado o 1 de outubro do ano 2015 e que está publicado no *Boletín Oficial del Estado*, do 22 de xaneiro deste mesmo ano.

Nestes convenios recóllese toda a información sobre as competencias e as funcións encomendadas ao Centro de Investigación Aerotransportada de Rozas, coa finalidade de que este centro sexa un centro de referencia a nivel europeo, tanto dende o punto de vista científico coma dende o punto de vista tecnolóxico. Neles constátase tamén con claridade que o investimento que estamos a executar neste centro é de 10 millóns de euros, dos cales 2 millóns de euros son aportacións de fondos propios da Xunta de Galicia e 8 millóns son aportacións do Estado a través de fondos europeos.

E recóllese tamén nos convenios a obriga de destinar á actividade do CIAR, do centro de investigación, aplicacións civís, tal e como figura expresamente no artigo 5 do convenio asinado no ano 2014. Un requisito que está avaliado adicionalmente, porque os fondos europeos que dedica o Estado só se poden dedicar a aplicacións no ámbito civil.

Así pois, estamos a desenvolver este proxecto e neste momento estase a concluír a construción das novas oficinas, o novo hangar e a torre de control do Centro de Investigación Aerotransportada, para iniciar seguidamente a dotación do equipamento. Unha primeira fase que se inaugurará nas próximas semanas, polo que de inmediato cursaremos unha invitación ao presidente da Cámara para organizar unha visi-

ta na que os deputados e as deputadas poidan coñecer, polo miúdo, tanto as instalacións coma as actividades que se están a desenvolver no Centro de Investigación Aerotransportada. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

O segundo paso para conformar o polo aeronáutico consistiu en buscar un socio tecnolóxico con capacidade para liderar un proxecto de inversión industrial de avións non tripulados de uso civil xunto ao centro de investigación. Por iso o pasado ano decidimos desenvolver un instrumento novidoso, un instrumento pioneiro en España, como é a Asociación para a Compra Pública Precomercial. Grazas á flexibilidade deste instrumento, hoxe estamos en condicións de contratar servizos de I+D nos que a Xunta de Galicia compartirá os riscos e os beneficios necesarios para poder desenvolver e poder xerar un verdadeiro impacto na mellora dos servizos públicos, e tamén para integrar toda a cadea de valor na nosa economía e facelo da man de grandes líderes no sector da aeronáutica, que ademais teñen un claro compromiso de permanencia e de colaboración coas empresas e cos centros de coñecemento galegos.

Con este obxectivo comezamos, en definitiva, a tramitar a Asociación para a Compra Pública Precomercial. En maio do 2015 anticipamos o seu lanzamento mediante a publicación dun anuncio nos diarios oficiais tanto galego, nacional coma europeo. En xuño habilitamos unha web específica sobre esta iniciativa, que conta con todos os detalles da mesma, e no mes de xullo publicamos a licitación nos tres diarios oficiais.

Tras este proceso presentáronse nove candidaturas con empresas de máxima relevancia internacional, tales como Boeing, Airbus, Ab System, Inaer, AugustaWestland, Telespazio Ibérica, Indra, Everis e un consorcio formado por empresas galegas que se presentaron a esta licitación. Un resultado, señorías, que puxo de manifesto que a Xunta de Galicia estaba, e está, no camiño axeitado. Pero, sobre todo, un resultado co que as nosas pequenas e medianas empresas, as nosas universidades e os nosos centros de investigación tiveron a oportunidade de presentar as súas credenciais e as súas capacidades ás principais multinacionais do mundo. Unha oportunidade única para o conxunto do noso tecido produtivo e o noso tecido tecnolóxico.

O resultado do proceso xa o coñecen, catro finalistas: Inaer, Indra, Airbus e Boeing, resultando elixida a aposta

conxunta presentada por Inaer e Indra. E foi a elixida, en primeiro lugar, por ser a oferta que tivo unha maior puntuación por parte da comisión de valoración, e tamén, en segundo lugar, por ser a máis vantaxosa para os intereses de Galicia. E é a máis vantaxosa porque conseguiu o mellor equilibrio entre os medios e os recursos achegados por estas dúas empresas ao contido do programa conxunto de I+D+i que imos desenvolver conxuntamente, e tamén aos recursos solicitados á Xunta de Galicia.

O proxecto conxunto presentado por Indra e Inaer é, dende logo, unha ambiciosa proposta, que mellora os retos tecnolóxicos e os compromisos plantexados pola Xunta de Galicia na licitación. Dúas multinacionais que teñen acreditada a súa solvencia técnica e económica e unha ampla experiencia no desenvolvemento da I+D no eido dos sistemas aéreos non tripulados, o que avala, señorías, a súa capacidade para maximizar o impacto social e económico en Galicia.

Inaer Helicópteros, o Grupo Babcock, é hoxe líder mundial na prestación de servizos de misións con aeronaves tripuladas, está presente en 23 países, factura máis de 6.000 millóns de euros e suma 35.000 empregados.

Pola súa banda, Indra configúrase como un dos líderes mundiais en alta tecnoloxía, desenvolve a súa actividade en 149 países, factura preto de 3.000 millóns de euros e emprega a máis de 38.000 traballadores.

O compromiso recollido na oferta de Indra e Inaer suma unha achega total, por parte destas dúas empresas, de 75 millóns de euros de capital privado, que xunto aos 40 millóns de euros aportados polo Goberno galego reforzan, de modo significativo, o proxecto inicial de Rozas. Estamos a falar dun investimento total de 115 millóns de euros, que facilitará a creación de 600 postos de traballo entre empregos directos e indirectos, e que xerará un efecto multiplicador entre as empresas, as universidades e os centros tecnolóxicos que participarán neste proxecto.

En concreto, Indra e Inaer comprométense a trasladar toda a súa actividade de avións non tripulados a Galicia, a implantar seis novas empresas no noso país, a desenvolver un catálogo de produtos que se fabricarán integramente en Galicia e se comercializarán a nivel mundial, impulsarán tecnoloxías transversais de alto impacto noutros sectores, como o

sector naval e o sector da automoción, e tamén se encargarán de construír un parque tecnolóxico e industrial en Rozas.

Para isto, o aeródromo lucense incorporará a fábrica de helicópteros non tripulados de Inaer, a fábrica de avións non tripulados de Indra, un centro tecnolóxico, unha oficina de deseño de certificación, unha unidade de instrución e de formación de pilotos e outra adicional de operadores de sensores, un centro de control de tráfico aéreo, un novo hangar e unha incubadora de empresas.

Todas estas actuacións e infraestruturas implican un compromiso de permanencia de Indra e de Inaer en Galicia que, como mínimo, chegará ata o ano 2026.

Desta forma, señorías, establecemos as condicións necesarias para fabricar en Galicia tres modelos non tripulados cun alto potencial de mercado: o helicóptero *Lumes*, o avión de ala fixa *Targus* e un vehículo mariño que inclúe un micro-robot submarino con capacidade para a recollida de mostras. Uns vehículos que se desenvolverán en Galicia contando co aval do Centro de Investigación Aerotransportada de Rozas, que ofrecerán, tamén, servizos necesarios para probar en Rozas os prototipos e tamén para conseguir as homologacións e as certificacións necesarias para que se poidan comercializar os produtos finais.

Este é, señorías,... (*Aplausos.*) un elemento esencial da colaboración da Xunta de Galicia co INTA, porque a sinerxía entre o Centro de investigación e o Parque tecnolóxico industrial é precisamente o que nos diferencia doutras rexións que, ao igual que Galicia, tamén intentan entrar no mercado de avións non tripulados, e, dende logo, sitúanos nunha situación única e preferente.

Este esforzo público-privado terá un importante impacto directo para Galicia. En primeiro lugar, polo compromiso asumido por Inaer e Indra para contratar coas nosas empresas e os nosos centros de investigación. Concretamente, 18 empresas de sectores diferentes, como o sector aeronáutico, metalúrxico, naval ou TIC xa teñen comprometida a súa participación no proxecto. Ao igual que 13 centros de coñecemento da comunidade, entre os que se inclúen as tres universidades galegas.

Un compromiso que ten un especial valor para este Goberno, porque o compromiso de Indra e Inaer é contratar

de forma directa con estas empresas e centros de coñecemento contratos por un importe de 42 millóns de euros, que se recollerán no contrato da asociación precomercial que asinaremos ao longo deste mes. E, adicionalmente, tamén suporá unha oportunidade para estas empresas e centros de coñecemento, porque poderán participar na explotación da tecnoloxía que os desenvolva.

En segundo lugar, o proxecto permitirá crear novo tecido industrial. Haberá tres empresas que establecerán as súas sedes en Galicia: Acubens, S4A Solutions e Tecnam Aviation, e tamén tres filiais de Indra se instalarán en Galicia. Polo tanto, estamos falando de que seis novas compañías pasarán a traballar directamente desde Galicia.

E, en terceiro lugar, señorías, porque a través deste acordo de asociación que firmaremos con Indra e con Inaer a Xunta se reserva gratuitamente o uso da tecnoloxía resultante de todos estes proxectos, unha tecnoloxía que utilizaremos para prestar os mellores servizos á cidadanía galega en ámbitos como os da prevención e extinción de incendios; a xestión máis eficiente de recursos forestais, agrícolas e gandeiros; o inventariado e xestión intelixente do territorio e do patrimonio; o salvamento marítimo; a vixilancia costeira; o control do furtivismo; a detección de mareas vermellas ou a xestión eficiente de emerxencias e fluxos turísticos. Todos eles, retos que figuran expresamente na licitación e que serán os compromisos que asumirán Indra e Inaer para desenvolver a tecnoloxía necesaria.

Polo tanto, señorías, estamos a desenvolver o plan de actuación que deseñamos hai máis dun ano. Un plan de actuación que busca desenvolver en Galicia un novo sector económico e converternos nun referente tecnolóxico industrial no sector de avións non tripulados para uso civil.

Estamos ante un mercado mundial con enormes perspectivas e con grandes expectativas de crecemento, un mercado no que Galicia xa ten importantes capacidades instaladas a través das súas pequenas e medianas empresas e centros de coñecemento, pero que agora temos a oportunidade de ocupar unha posición de liderado nun novo sector emerxente. Un proceso que terá éxito na medida en que saibamos impulsar e fortalecer a colaboración público-privada entre a Administración central, a Xunta de Galicia e as aportacións e coñecementos do sector privado.

Para esta finalidade, dende a Xunta de Galicia temos comprometido xa un orzamento de 50 millóns de euros de aquí ao ano 2020. Os 10 millóns de euros para converter o centro de investigación aerotransportada de Rozas nun centro de investigación e certificación en avións non tripulados para aplicacións civís e os 40 millóns de euros para crear ao seu carón un parque tecnolóxico industrial punteiro mediante o uso da contratación pública para favorecer a innovación.

Polo tanto, señorías, a Xunta de Galicia ten feito un esforzo, un esforzo importante deseñando un instrumento flexible e garantista que permita completar os 40 millóns de euros de fondos públicos implicados no parque tecnolóxico industrial de Rozas a través dunha achega sen precedentes de capital privado, con aportación de 75 millóns de euros. Un total, en definitiva, de 115 millóns de euros entre a aportación pública e a aportación privada. *(Aplausos.)*

Un desembolso público de 40 millóns de euros que se realizará sempre e cando as empresas Indra e Inaer vaian cumprindo escrupulosamente os fitos e os resultados comprometidos no acordo de asociación, e, polo tanto, toda esa aportación de diñeiro público irá directamente vinculada ao cumprimento dos fitos establecidos no acordo da asociación que firmaremos nas próximas semanas. Un acordo, señorías, cuxo contido tamén estará á disposición desta Cámara.

Polo tanto —e conclúo—, con este proxecto Galicia ten dado un paso estratéxico na súa aposta de crear un novo modelo produtivo e un novo modelo económico capaz de xerar emprego estable e de calidade. O obxectivo é fixar tecido industrial en Galicia e situar a nosa industria á cabeza de España e de Europa en todos os sectores económicos nos que temos as maiores capacidades. E estámolo a facer no marco da Estratexia de Especialización Intelixente e no marco da Axenda de Competitividade Galicia-Industria 4.0, que é, precisamente, onde hai que encadrar esta iniciativa vinculada aos avións non tripulados.

Nesta ocasión, esta meta, señorías, é posible grazas ao esforzo de todos, grazas ao esforzo da Administración central, grazas ao esforzo da Xunta de Galicia, grazas ao esforzo das pequenas e medianas empresas, grazas ao esforzo de Indra e de Inaer e grazas ao esforzo, tamén, das universidades e dos centros tecnolóxicos galegos.

Porque, señorías, este Goberno asume que a colaboración público-privada é básica para que proxectos dunha grande envergadura, como a entrada no sector dos avións non tripulados de uso civil, poida facerse realidade e, polo tanto, converter a Galicia do século XXI nunha terra industrial, innovadora e de vangarda.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios. Grupo Parlamentario, Mixto, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Boa tarde, señor conselleiro.

Ben, estamos falando de Rozas, un aeródromo construído polos nazis en 1943 en Castro de Rei polo seu estratéxico emprazamento sobre unha gran chaira, sen tráfico aéreo e con saída ao mar, que se converterá nun dos centros de investigacións, no maior do Estado, e un dos poucos de Europa.

A Xunta, e vostede agora, insiste en que este centro investigará estas aeronaves para os ámbitos e obxectivos civís como a loita contra incendios, salvamento marítimo ou conservación do patrimonio. Pero admiten que non controlan o destino que as empresas privadas ou o Goberno central decidan dar aos resultados obtidos nos ensaios.

A Xunta pagará ás empresas elixidas para as investigacións sobre drones e proporcionaralles o recinto acondicionado, os equipos e garantías de seguridade e confidencialidade. A cambio, o Goberno galego terá a titularidade das patentes que se rexistren e o uso gratuíto, aínda que non exclusivo, xa que, como vostede dicía, o socio privado ten dereito a comercializar os seus inventos con outras compañías ou administracións, e aquí non quedan delimitados os fins do seu uso cando os venden a terceiros.

O aeródromo de Rozas é propiedade de INTA, que se encarga tamén de certificar os drones militares que cumpren os requisitos para ser utilizados con fins civís.

No debate sobre o Estado da nación celebrado en outubro de 2014 xa o presidente Feijóo anunciaba o investimento no aeródromo lugués de Rozas. O convenio asinado entre o Goberno galego e INTA obriga, textualmente, a destinar os equipos de investigación do proxecto a aplicacións exclusivamente de uso civil. Pero eu preguntolle: ¿pode a Administración galega controlar como aplican o investigado no recinto de Lugo as empresas na súa maioría pertencentes a grupos de negocios armamentísticos?

Dende o INTA advirten que, aínda que en Rozas non se desenvolverán investimentos e investigacións de uso directamente militar, as derivadas do que alí se indaguen son incontrolables. Isto son declaracións do propio INTA, que non pon a man no lume de que non teñan uso militar fóra do uso que lle dea a Xunta de Galicia.

O sábado 12 de setembro o aeródromo de Rozas acolleu a primeira proba dun drone do exército en territorio do Estado, como recoñeceu o Ministerio de Defensa, un *Searcher* do exército de terra, unha aeronave non tripulada de fabricación israelí utilizada en Afganistán, que efectuou un voo durante hora e media recorrendo unhas cinco millas. Foi o primeiro dunha serie de voos cuxo obxectivo é obter o certificado de aeronave en habilidade, que se lles exige a todas as aeronaves que operan en espazo europeo.

En xaneiro deste ano efectuouse un amplo despregue de forzas da OTAN no campamento de Santa Cruz de Parga, case 800 persoas chegaron ás instalacións nas que protagonizaron un operativo para analizar e practicar a resposta á petición de axuda dun país da organización que fose invadido. Trátase dun exercicio correspondente ás actividades de forza de moi alta dispoñibilidade, como membros de diversos países e cun mando encomendado a un país concreto. A cada un dos países encoméndaselle cada ano a creación dun corpo destas características.

No caso do Estado español, esta actividade encargóuselle á Brilat con sede en Figueirido, polo que se elixiu para este exercicio o campamento de Parga. Militares galegos e asturianos constituirán o núcleo desta forza conxunta de moi alta capacidade, unha brigada multinacional coa principal característica da súa capacidade de despregarse en apenas corenta e oito horas en calquera escenario da OTAN.

Deste modo, a brigada pontevedresa configúrase como a resposta militar da OTAN á ameaza xihadista, pero tamén a conflitos como os que se manteñen en Ucraína ou Rusia por cuestións territoriais ou calquera outro escenario onde a defensa colectiva e os intereses da OTAN estean en xogo.

En calquera caso, o feito de que a brigada dispoña de dous días para despregarse dende a recepción da orde de intervención deixa claro que non poden contar coa autorización do Congreso dos Deputados e Deputadas.

Dende a brigada incidiron en que a recepción desta orde de activación obriga a incrementar a dispoñibilidade da nova forza de moi alta dispoñibilidade, así como o desprazamento terrestre de vehículos desde as súas bases permanentes ata portos e aeroportos de embarque. Un portavoz oficial de Defensa afirma que esas homologacións técnicas se seguirán efectuando en Rozas cando funcione o centro de investigación da Xunta, pero con total seguridade e sen armamento.

Ría, pero o drone que España vai comprar a Estados Unidos foi empregado pola Administración Obama en Paquistán, Iemen ou Somalia, polo que resulta difícil crer que os catro *ripper* comprados por Defensa só se dediquen a vixilancia, xa que dependerán de Defensa e operarán a través do Exército do Aire.

A unidade terá a súa sede en Torrejón, aínda que se advirte desde o Ministerio de Defensa que os drones poderán ser trasladados desde Madrid a outras bases menos saturadas, porque necesitan lugares onde o voo non teña complicacións especiais para compartir o espazo aéreo, unhas características que parece cumprir Rozas; polo tanto, tamén nos preguntamos se Rozas vai ser a base militar destes drones que non van estar na sede de Torrejón.

Aínda que se ten comprado para vixilancia, non significa que non se poidan utilizar para outras cousas no futuro. O MQ-9 está preparado para cargar unha tonelada de explosivos, aínda que en teoría o seu uso é civil, pero si se pode adaptar para uso militar, e dispón ademais de anclaxes para cohetes, *stinger*, mísiles e bombas. Se se decidira armalo sería relativamente fácil, bastarían modificacións menores e un software específico. Iso é o que pasa cos drones civís, que se poden adaptar perfectamente á actividade militar.

Para o 2025 Europa xa debería de ter o seu propio vehículo aéreo de combate non tripulado, e ese é un dos seus obxectivos. Polo tanto, preguntámonos se ese obxectivo europeo dun vehículo aéreo non tripulado de combate é o que se está seguindo en Rozas. Porque a pesar da reiterada afirmación do Goberno galego de que será destinado exclusivamente a uso civil, o constante recurso do Goberno galego á mentira, igual que o Goberno do Estado, deixa moitas preguntas sen contestar e xera grandes dúbidas. Por exemplo, ¿poden ser adaptados e empregados os modelos de drones que se deseñan e se constrúen en Rozas para obxectivos militares?, ¿hai algún tipo de limitación ás empresas que van desenvolver este proxecto para que non poidan vender a terceiros os seus inventos se van destinados a fins militares?, ¿realizaranse prácticas militares da forza de moi alta dispoñibilidade de Figueirido no aeródromo de Rozas?

Só deixar claro que nós non nos opoñemos á investigación e ao desenvolvemento de drones para uso civil. É certo que en certos escenarios, como poden ser os incendios forestais, poden ser de moita axuda e poden, incluso, limitar ou mellorar as condicións de traballo dos traballadores de incendios forestais e tamén previr que se expoñan a circunstancias perigosas coa utilización destes drones. Pero cábenos serias dúbidas sobre a súa posterior utilización.

Moito nos tememos que isto sexa o caramelo, unha industria envelenada, unha industria que, como industria civil, pode ser apoiada, pero cunhas derivadas perigosísimas que podían converter a Galiza nunha das áreas de Europa onde se desenvolvan máis actividades militares para a OTAN, onde se desenvolvan prácticas militares, voos de drones militares sobre o espazo aéreo galego para facer prácticas.

Polo tanto, apoiando a industria, apoiando o avance, apoiando a investigación e a tecnoloxía, cremos que carece bastante de transparencia todo o que se leva falado neste Parlamento sobre esta actividade en Rozas, e que o Goberno galego non desmente o que di INTA sobre a posible utilización militar por terceiros dos avances e dos inventos que se desenvolven en Rozas.

Para nós sería fundamental que vostede hoxe deixara claro ao pobo galego que esa actividade e eses investimentos co diñeiro público da Xunta nunca, xamais, serán dedi-

cados á actividade militar, e que, polo tanto, estará prohibido tanto a actividade militar da OTAN en Rozas, coma que as empresas adxudicatarias vendan os seus inventos a terceiros para desenvolver armamento militar.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Señor conselleiro, quen mente dende unha posición de poder, exerce unha forma sutil de violencia, e a min a súa intervención resultoume tremendamente violenta, a verdade é así.

Tivo vostede, iso si que llo recoñezo, unha impecable habilidade para despois de ter asinados varios convenios co Ministerio de Defensa, despois de ter investida importante cantidade de diñeiro público en instalacións e en terreos do Ministerio de Defensa —prestei moitísima atención á súa intervención—, non pronunciou nin unha soa vez a palabra exército, defensa, soldados. Nada que teña que ver, por suposto, con este tipo de cuestións. Foi unha intervención branca, impecable, diría eu.

Dicía Alfred Adler “que a mentira carece de sentido se a verdade non se percibe como perigosa.” E vostedes témenlle profundamente á verdade, porque o seu Goberno sostenese sobre piares cuxa única argamasa é a mentira.

Diante do desmantelamento dos nosos sectores produtivos: o sector lácteo, o sector pesqueiro; diante do desmantelamento do noso sector industria: o sector naval, as enerxías renovables; diante da súa estratexia de converter a Galicia nun territorio *low cost*, e en venda: aí temos a Lei do solo, o Plan de megaminería; diante dos seus grandes proxectos fracasados: a Lei de acuicultura, o concurso eólico; e despois de colocar a Galicia á cola do país, que está á cola de toda Europa en I+D+i, ¿pois que lle queda xa ao Goberno galego? Bueno, pois o único que lle queda é defender o seu proxecto estrela: a grande base de drones de Rozas.

E faino vostede a través dun exercicio de violencia retórica. Mentiu vostede con verdadeira desenvoltura, mesmo con xovialidade, foi vostede xovial na súa exposición.

Pero, señor conselleiro, o Goberno galego investiu 2,5 millóns de euros en acondicionar uns terreos que son titularidade do Ministerio de Defensa. Pódeo repetir comigo se quere: mellora da torre de control, sistemas de control, perimetraxe, etc.

Vostedes ampararon e agocharon o desenvolvemento en Rozas do drone *Atlante*, na actualidade en proceso de artillaxe polo fabricante de mísiles MBDA, do que foi director xeral o actual ministro de Defensa, o señor Pedro Morenés.

O Ministerio de Defensa realizou probas de navegabilidade co drone *Searcher* en Rozas, coa unidade de elite Grosa, dependente do Rexemento de Intelixencia número 1. Unhas probas dirixidas a obter as certificacións necesarias para participar nas manobras da OTAN. Si, señor conselleiro.

E todo isto xa está dito, e todo isto é moi grave, pero sendo isto moi grave o peor estaba aínda por chegar, o peor aínda non acontecera.

Vostedes puxeron en marcha un proceso de selección e contratación de socios tecnolóxicos para a base de drones de Rozas, e resulta que a que ía a ser a maior iniciativa para o desenvolvemento do tecido aeronáutico galego, deixou de partida sen ningunha posibilidade a ningunha empresa galega do sector, cuns requisitos imposibles de asumir para ningunha empresa galega.

¿Que requisitos? Pois 50 millóns de volume de negocio consecutivo en cada un dos tres últimos anos. Dende logo, as pequenas empresas, esas ás que vostedes se refire, están en plenas condicións de asumir eses requisitos.

Nin tan sequera constituíndose nunha UTE as empresas galegas foron capaces de ser adxudicatarias neste concurso, e foron rexeitadas.

Esqueceu tamén dicir, señor conselleiro, que teñen presentado un recurso estas empresas, a pesar de que nas bases do concurso non figuran os mecanismos para presentar o recurso. ¡Que curioso! ¡Que transparente! ¡Que limpo todo!

Un concurso feito á medida de Indra, si, señor conselleiro, unha empresa implicada en pagos en B a cargo do Partido Popular na operación Púnica, ¡así de claro!

Unha empresa, Indra, dependente organicamente do Ministerio de Defensa. Señor conselleiro, repita comigo: Ministerio de Defensa, por acordo do Consello de Ministros do 25 de xullo de 2014. Unha empresa que ten unhas débedas de 700 millóns de euros, un índice de endebedamento –Indra– do 241 %, unha caída do seu valor accionarial do 50 % nos últimos 5 anos. Unha empresa que ten declarado un ERE de despedimento de 2.000 traballadores: 1.750 no noso país e o resto no estranxeiro.

Pois a esta empresa vaille dar o Goberno galego 20 millóns de euros, non sei se coa finalidade de devolverlle os pagos en B e sanear as súas contas. Non o sei, pero ten toda a pinta, señor conselleiro, ten toda a pinta.

E a outra a unha multinacional do armamento, si, Babcock International, unha das principais multinacionais de armamento do Reino Unido. Defensa, señor conselleiro, repita comigo.

¿Como lle podemos chamar a isto, señor conselleiro? ¿Como podemos explicarnos que o ministro de Defensa colocara o señor Bartolomé Marqués, un alto cargo do Ministerio de Defensa, no comité técnico asesor da mesa de contratación que escolleu e seleccionou unha empresa que á súa vez depende do propio Ministerio de Defensa? Nun concurso de concorrencia competitiva, señor conselleiro, non negociado.

¿Non cre o señor conselleiro que unha empresa que ten unha vinculación clara cun señor que percibe 95.000 euros do Ministerio de Defensa non ten este señor ningún tipo de conflito de interese á hora de entregarlle un contrato e asesorar a mesa de contratación a unha empresa que depende do propio Ministerio de Defensa?

Bueno, eu non sei se vostede o ve así, pero a min paréceme que a cousa pinta fea, señor conselleiro.

¿Sabe, señor conselleiro, que as empresas galegas rexeitadas nesa UTE amosan serias críticas ao procedemento de selección e adxudicación? ¿Sábeo? Debera de sabelo, porque

vostede en lugar de estar tan preocupado polas multinacionais do armamento, polas empresas do estranxeiro, por esas Airbus, por todas esas empresas, debera de estar preocupado polas empresas galegas, polas pequenas e medianas empresas que se dedican ao sector aeronáutico e que, dende logo, nin precisan unhas instalacións como Rozas, nin precisan, dende logo, que as deixe fóra de calquera concurso, onde terían a máis mínima posibilidade de ser adxudicatarias dun contrato.

Señor conselleiro, ás empresas galegas non lles sobran os contratos, non sei vostede como o ve.

¿Como pode vostede subir aquí arriba, a esta tribuna, e dicir que se vai crear emprego? ¿Como pode unha empresa que despide a 2.000 traballadores crear emprego en Galicia. ¿Que fai, despide nun lado e contrata noutro? ¿Ese é o seu modelo de emprego, señor conselleiro?

¿Como pode comprometerse unha empresa que ten o volume de débedas que lle digo, que está declarando un ERE de despedimento de traballadores, dicir que aquí van crear emprego?

Iso si, non coinciden as empresas cos seus datos, señor conselleiro. Vostede falou de 600 empregos, as empresas despois faláron de 300, agora resulta que xa estamos falando de 180, 100 directos e 80 subcontratados. A cousa vai minguando, pero non importa, o caso é que lle dea tempo a chegar ás eleccións con este proxecto vivo. Esa é a súa única intención.

¿Sabe vostede, señor conselleiro, que están vostedes conculcando a letra r) do artigo 4 da Lei de contratos públicos, que di literalmente, e voulo ler: “Na adxudicación de contratos de investigación e desenvolvemento deberá asegurarse o respecto aos principios de publicidade, concorrència, transparencia, confidencialidade, igualdade e non discriminación.”

Vostedes –a pesar de que este tipo de contratos están excluídos parcialmente da Lei de contratos públicos– están, evidentemente, incluídos neste apartado cuarto, onde se fai referencia explícita aos requisitos que teñen que cumprir, non crea que non sabía que me ía saltar vostede con iso.

¿Saben vostedes que están a incumprir tamén a Lei de competencia? Están vostedes a incumprir a igualdade de

competencia, porque esas empresas galegas que se quedaron fóra dese concurso non tiveron oportunidade de colocar no comité técnico asesor a ningunha persoa. Pero Indra si tivo esa oportunidade, ¿verdade, señor conselleiro?

Ese é o seu sentido do patriotismo, é vostede un galego patriota, que entrega contratos millonarios a empresas estranxeiras e de fóra de Galicia.

Xa lle digo que, dende o noso punto de vista, ten vostede unha habilidade negociadora increíble. Voulle explicar a vostede o negocio que fixo o INTA.

O INTA conseguiu da Xunta de Galicia un proxecto de adxudicación a través do cal instalou en Rozas o CIAR –Centro de Investigación Aerotransportada–, dependente do Ministerio de Defensa, con diñeiro da Xunta, e tamén conseguiu instalar en Rozas a Indra, unha empresa dependente do Ministerio de Defensa –como lle digo por acordo do Consello de Ministros–, co cal o Ministerio de Defensa xa se garante co diñeiro da Xunta: a parte organizativa a través do INTA e a parte empresarial a través de Indra. E todo iso nun negocio redondo, que nos vai custar a todos os galegos e a todas as galegas, segundo vostede, 50 millóns de euros. Eu diría moito máis, porque investiron antes nas obras, e houbo outro tipo de diñeiro entregado ao aeródromo.

Polo tanto, son vostedes uns *cracks*, son vostedes uns *cracks*. É digna de eloxio a operación que fixeron vostedes, estanlle dando diñeiro de todos os galegos e de todas as galegas para que empresas multinacionais deriven investigación, en teoría destinada a usos civís, a usos militares.

Vostede sabe perfectamente que nun proceso de recortes de fondos do Ministerio de Defensa están a captar fondos a través de proxectos de investigación, como é o caso do que estamos a falar.

¿E sabe vostede unha última cousa, conselleiro? Despois de todo o que eu lle teño dito aquí, se continúa adiante con isto, estarán a prevaricar, estarán a cometer un caso clarísimo de prevaricación, téñollo advertido en comparecencia pública, e dígoallo e advírtollo nesta sede parlamentaria, neste hemiciclo. Se seguen adiante, señor conselleiro, prevaricarán. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Vázquez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidente.

Boa tarde, señoras deputadas, señores deputados.

Boa tarde, señor conselleiro, tamén saudamos –pois entendo que son alumnos e alumnas– os que nos acompañan no hemiciclo hoxe.

Mire, señor conselleiro, deberíamos facer case un histórico dende o 2009 ata hoxe do que son os anuncios na Consellería de Industria para entender como podemos enmarcar esta situación, que ademais xa foi descrita polo deputado e a deputada que me precederon, a respecto desta especie de carreira aeroespacial, este “2016: *Unha Odisea no espazo*”, que está inaugurando agora o período preelectoral.

Quero recordarlle que na anterior lexislatura vivimos o grande plan industrial, que era o eólico, 14.000 empregos e 6.000 millóns. Fiasco, nada, unha perda de emprego de 1.200 traballadores e traballadoras no sector.

Pero é que vivimos outros momentos tamén electorais. ¿Recorda cando Mitsubishi ía facer unha planta de baterías en Plisán? Plisán a día de hoxe segue sendo unha paisaxe lunar, aínda non está desenvolta coma unha área loxística.

Pero hai máis, trae aquí, por exemplo, 1.030 postos de traballo en Melón para facer unha fábrica de coches eléctricos, que era exactamente o futuro. Si, si, non acene, porque eu traio incluso a noticia, por se acaso desconfía de que existira tal realidade, porque era o futuro, o coche eléctrico, e todas as reunións e as previsións para tal cousa. ¡Aí quedou, fracaso total!

Pero entramos na campaña electoral do 2012 e vimos o Santo Grial da industria galega, que era Pemex, literalmente perseguido e despois conquistado, e despois serviu para vender un estaleiro a Pemex, e hoxe, despois de repasar todas as súas comparecencias nesta Cámara, en reiteradas ocasións falar da posibilidade que tiña Pemex para a industria galega, xa no inicio desta lexislatura, alá por febreiro do 2013, vos-

tede afirmaba que ese acordo culminado en maio 2012 nos levaría a un novo núcleo loxístico en Europa, e ese núcleo loxístico terá sede no porto exterior da Coruña, unha realidade que moverá non se sabe cantos millóns, pero si, claramente, 3.000 postos de traballo.

Recentemente reunímonos cos sindicatos do naval, tanto da ría de Ferrol como da ría de Vigo, onde nos confirman que os floteis escasamente chegaron aos 400 postos de traballo en cada unha das rías, tanto no estaleiro público como no estaleiro privado. Pois hoxe, en pleno inicio de campaña como estamos, unha das últimas notas de prensa do señor presidente refírese á construción dun polo aeroespacial, literalmente é algo que vostede dixo aquí. Tamén deixou deslizar que significa unha conexión entre Nigrán –é dicir, onde Feijóo vén de inaugurar Porto do Molle, efectivamente, un edificio tecnolóxico aeroespacial–, a enxeñería aeroespacial de Ourense e o centro de Rozas. Literalmente, vostede fala deste triángulo bastante mal conectado. Eu quero preguntarlle que nos explique por que se elixe Rozas, un centro tecnolóxico aeroespacial polo que hai que parabenizar a todos os investigadores e investigadoras que o levan a termo, non tanto o Goberno galego. E decídese un grao en Ourense. Entenda que o triángulo, cando menos, dá para pensar un pouco se non foron os acontecementos levando a ese triángulo e non unha planificación industrial programada que nos leve desde un centro aeroespacial no sur da provincia de Pontevedra, a un grao, efectivamente, aínda que dependa da Universidade de Vigo, en Ourense, e en Lugo xa foron explicadas aquí as características que ten este aeródromo, o centro de Rozas.

Por certo, tamén queríamos preguntarlle se para o desenvolvemento de avións non tripulados se necesitan tantos metros cadrados, ou, efectivamente, o que fixo con cartos públicos o Goberno galego foi adecuar instalacións para o uso de Defensa. Esa é unha das primeiras preguntas que queremos que nos resolva, porque entendemos que o desenvolvemento dos drones e as industrias que existen en Galiza, as empresas da aeronáutica, non necesitan tamaño espazo para o seu desenvolvemento industrial e tecnolóxico. En todo caso, que nos expliquen, porque ademais está por escrito na nota de prensa da Xunta de Galiza, cal val vai ser ese desenvolvemento tecnolóxico. Porque vostede tamén nunha comparecencia, na de innovación –na da RIS3, para ser máis exacto–, comprometeuse aquí a que ao final da lexislatura

estariamos falando dun... –permítame ir exactamente ao dato para ser máis rigorosa– di vostede: “Galiza aspira a aumentar o investimento público de I+D+i ata o 1,2 % nesta lexislatura”. ¿Exactamente en cal estamos no investimento? Últimos datos publicados: 0,89. Son os últimos datos públicos que existen, e o compromiso era do 1,2 %. Os investigadores estiveron hai pouco polos pasillos deste Parlamento demandando poder continuar coas súas carreiras investigadoras. E vostede, xa no final da lexislatura, para avaliar a Industria 4.0, RIS3, Axenda da competitividade e non sei cantas máis cousas que aquí nos foi explicando a base de eixes e presupostos de actuación, vén cun proxecto con ramificacións na área de Defensa, e tamén lle preguntamos e queremos que nos conteste exactamente que significa –porque está por escrito, pero vostede hoxe acaba de volver facer referencia– a reserva do uso exclusivo da tecnoloxía. ¿Que significa iso para o Goberno galego, para a Axencia de Innovación –que entendemos que é a axencia que está posicionando eses cartos–, e como iso ademais vai repercutir na innovación noutras empresas?

Cando estamos falando de I+D+i –vostede ademais o leva dito en todas as súas intervencións–, estamos falando de que iso vai chegar capilarmente ao resto de empresas. Mais vostede o que hoxe aquí nos dixo é que serán empresas de fóra –seis, en concreto– as que se asentarán no territorio. ¿Cal vai ser a relación tecnolóxica e de innovación que con cartos públicos de todos os galegos e galegas o Goberno galego vai pagar nas empresas do sector? ¿Cal vai ser esa ósmose ou esa relación, dado que esas empresas do sector, efectivamente, non acadaron o concurso e quedan fóra? ¿E cal vai ser o desenvolvemento tecnolóxico?

Vostede falaba de 600 postos de traballo, moi por debaixo das expectativas da anterior lexislatura, das baterías dos coches eléctricos... Estamos falando de que tipos de postos de traballo, cantos investigadores e investigadoras, a cantos tecnólogos vai dar traballo esta inversión de 115 millóns de euros exactamente? ¿Cal vai ser a relación co centro de Vigo e cal vai ser a relación coa Universidade de Vigo e, en concreto, co grao de Enxeñería Aeronáutica? ¿Cal está prevista para esa relación con este centro? Porque, efectivamente, dado que vostede aquí se compromete a que vai ser exclusivamente para uso civil –o cal agardamos, dado que lle foi preguntado pola señora Martínez con exhaustividade– solicitamos que explique aquí que cláusulas existen para que

teñamos constancia de que vai ser soamente para uso civil e que relación vai existir.

A nós deunos varios exemplos: os incendios; as investigacións mariñas; a migración de aves, de animais; supoño que a comprobación de construcións, tanto que sexa de edificios como de pontes, calquera que sexa, co desenvolvemento que se faga no grao de Ourense. Teño moito interese en saber como se está traballando para que isto non sexan cousas soltas. Se simplemente foi unha frase do señor presidente cando vai a unha inauguración. Porque o proxecto de Rozas ten sentido se realmente vai haber un investimento na aeronáutica en Galiza, máxime cando o naval vostedes o deixaron esmorecer; mañá o falaremos nunha pregunta que temos a vostede mesmo e nunha proposición non de lei. Cando vostedes deixan, ademais, que se perdan posicións na automoción; quero lembrarlle que nunha das últimas intervencións viamos como hai unha perda de traballo real na automoción, no sector do automóbil, fundamentalmente no sur da provincia de Pontevedra. Cando deixan, por exemplo, que esmoreza completamente o sector lácteo e todas as posibilidades de industria do sector lácteo, que eu digo que en Lugo tería cabida; podería ter unha posibilidade, e aí esmorece. Cando un dos eixos da RIS3, como é a acuicultura, tamén esmorece; de feito tivo que retirarse esa nociva Lei de acuicultura.

Polo tanto, señor conselleiro, o único balance que ten da RIS3, da Axenda da competitividade e de todas as propostas da Industria 4.0 son os drones. E para iso ten que intentar vostede revestilo de que está en conexión co Centro Aeroespacial de Nigrán...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: ...e cun novo grao aeroespacial. ¿Ou realmente existía algún tipo de programación? Eu, francamente, creo que non, que se funciona, literalmente, a espasmos nesta Consellería de Industria, como funciona o Goberno galego. Neste 2016, *Odisea no espazo* é o novo título para Feijóo nesta campaña electoral. Isto cobre un papel, que é ter algo que poder vender a respecto da creación de emprego. Pero nós, efectivamente, utilizando este título, como Hal 9000, desconfiamos, somos escépticos, e agardamos as súas respostas.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Adán.

Grupo Parlamentario dos Socialistas. Señor Losada Álvarez.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señora presidenta.

Señorías, boas tardes, público que nos acompaña, señor conselleiro.

Antes de que lamente vostede –como fai habitualmente– a miña habitual falla de rigor, quero empezar dicindo solememente unha cuestión. Os socialistas estaríamos encantados de que Rozas se convertera nun segundo Toulouse, sede de Airbus, ou nun segundo Everett, sede de Boeing. Dígooo para que conste en acta e non haxa ningunha alusión retórica a que non queremos que se fagan avións nesta comunidade autónoma. (*Aplausos.*)

A verdade é que o escoitei por segunda vez, porque estiven vendo o Telexornal da Televisión de Galicia, no que xa se fixeron eco da entrevista que vostede fixo esta mañá sobre os drones. É verdade que o contou cunha capacidade de síntese maior que aquí no Parlamento, o cal seguro que os ouvintes e os televidentes o agradecen. Pero, en todo caso, en termos xerais o mesmo. Eu creo que por cuestión de cortesía parlamentaria procede empezar polo Parlamento e despois facer a tourné de presentación da película polo resto dos medios de comunicación. (*Aplausos.*)

Eu quero darlle soamente tres datos, señor conselleiro, para enmarcar este deslumbrante proxecto industrial. O primeiro, que o produto interior per cápita desta comunidade autónoma é o 17 % inferior á media da Unión Europea –dato importante–. Hoxe deume a sensación de que ao conselleiro de Facenda, cando lle respondía ao meu compañeiro González Santín, lle parecía un dato irrelevante. A min sempre me pareceu o dato fundamental para medir a riqueza dun país. O outro dato, ese 0,87 % do PIB en I+D+i, no caso do PIB per cápita, aproximadamente un pouco por debaixo de Eslovenia, practicamente como a República Checa; no caso do I+D+i estamos un pouco peor, estamos como Ucraia ou

como Turquía; e logo, 45.000 empregos industriais perdidos. Este é o marco xeral no que nos temos que mover.

O outro día, nunha entrevista, o presidente da Xunta respondía a unha cuestión que me soou tan *déjà vu* que a verdade me asustei un pouco pensando en Rozas, nos drones, na aeronáutica... en fin, na industria de Galicia. Cito textualmente: “¿Cuál es el reto que más ilusión le hace para antes de las próximas elecciones gallegas?”. ¡Oh, casualidad! –el ¡oh, casualidad! lo digo yo, no lo decía el periodista– (*Risos.*) “Ahora mismo tenemos un proxecto que, si se consolida, será la mayor apuesta industrial de la historia de Galicia”. Exactamente o mesmo que o eólico, só que estes voan e os outros soamente xiraban. Avanzamos notablemente en termos espazotemporais. (*Murmurios.*)

Eu volvo repetir, está moi ben a asociación de compra pública precomercial; está moi ben a linguaxe das consultoras internacionais; están moi ben todas as compras e os diálogos competitivos nalgúns sectores. Eu, desde logo, teño algún amigo que traballa no sector sanitario, e os resultados desas compras competitivas es que los aparatos que nos están colocando son de una generación tecnológica anterior. Falo de sanidade, non sei como van ser os drones. Digo que estea atento, non vaia ser... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, exactamente. Eu agradeceríalle, señor Dorado, que se dera un paseo polo Servizo de Radioloxía do Hospital Álvaro Cunqueiro. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Entón, vai alí vostede e cóntanllo. Se non vai, seguro que non llo contan. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Bueno, pois se vai, seguro que llo contan, porque, desde logo, a min cóntanmo. Polo tanto, vamos a ver en esto de la competitividad en el diálogo comercial donde nos situamos. Insisto, quero que se fagan avións tripulados, non tripulados, en fin, o que sexa pertinente.

Home, 75 millóns de euros de capital privado –pareceume que dixo vostede–, a verdade é que a situación financeira de Indra eu non vou entrar aquí nesta cuestión, pero por un momento pareceume unha especie de manager, tanto de Indra como de Inaer. No caso de Inaer, pois non o teño tan claro. O feito de que pertenza a Babcock International dilúe as contas de resultados. Pero no caso de Indra, se non fora por ese 20 % da SEPI, a situación é bastante complicada; excepto a familia March, que está moi contenta de participar aí, como seguro que vostede tamén sabe. Sempre hai unha

familia, isto é unha cuestión practicamente pronatalista. Sempre, en cada diálogo competitivo, hai unha familia, se non é March, é Entrecanales e, se non, é del Pino; pero sempre hai unha familia prominente da economía española que dialoga competitivamente coa Xunta de Feijóo, ¡sempre! Entón, eu creo que convén non ser demasiado optimista.

Porque miren, a verdade é que eu teño algunhas dúbidas e, evidentemente, algúns antecedentes de promesas incumpridas. (*Murmurios.*) É verdade que algúns dos compañeiros que faláron con anterioridade xa fixeron algunha referencia, pero eu non podo evitalo, señor conselleiro, o do concurso eólico coñecémolo todos. A verdade é que este é un proxecto humilde. Eu recordo que no concurso eólico eran 14.000 empregos e 6.000 millóns de euros. Baixar de 6.000 millóns de euros a 300 é unha redución brutal nas expectativas. Vese que esta campaña electoral está un pouco máis axustada.

Recordamos tamén a Mitsubishi e á Plisan. Non sei se ten ido por alí, eu casualmente pasei este sábado. Asegúrolle que as garzas están anidando con absoluta comodidade nalquel lago. (*Risos.*) Estamos a punto de que Birdlife International o promova como espazo protexido, como humidal protexido. Dos vehículos eléctricos de Melón non falamos. (*Murmurios.*) Da frota menor de Pemex e da base para a distribución de combustibles de Pemex para toda Europa en Punta Langosteira, tampouco. Do dique flotante, en fin, eu creo que non fai falta tampouco que falemos con detalle. E do Plan Impulsa Lugo e Impulsa Ourense, pois, bueno, a verdade é que impulsa moito pero o malo é que a renda media desas... Non, non me mire con esa cara de sorpresa. Se eu non dubido de que impulsen. O que digo son os datos da renda per cápita de Ourense e de Lugo, señor conselleiro. Eu só falo diso. Seguro que está impulsadísimo todo, pero o certo é que son a penúltima e a antepenúltima das 50 provincias españolas. Entón, ¡joia!, pois ao mellor hai que impulsar noutra dirección, algo deberíamos de facer.

Este é un tema, o do aeródromo de Rozas, que vén, desde hai máis tempo do que vostede empezou a falar. Vostede situou o inicio cronolóxico no ano 2014 –ou iso me pareceu entender a min–, pero no ano 2011 xa Defensa estudaba instalar unha base de avións espía no aeródromo de Lugo, e o propio INTA estaba probando... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu agradézolle ao señor Castiñeiras as aportacións intelectuais de primeiro nivel, pero como segu-

ro que fala despois de min, vaime poder matizar todo o que considere. O INTA levaba probando, polo visto, xa nese momento en Rozas, algunhas destas aeronaves había algún tempo. Pero ademais, no ano 2013 xa, nun prego de prescripción técnicas do propio INTA, pedíase ou solicitábase a prestación de servizos de asistencia técnica ao CIAR de Rozas Lugo.

Polo tanto, eu comprendo que isto ten moitos pais, é unha cousa un pouco..., case un novelón do século XVIII. Ten unha traxectoria anterior, non foron os primeiros que se deron conta de que había unha pista de aviación asfaltada de 1.200 metros no concello de Castro de Rei. Outros gobernos o viron antes, exploraron algunhas posibilidades, probablemente algunhas non saíron, é verdade que as circunstancias económicas tamén mudaron de maneira significativa.

Efectivamente, temos 50 millóns de euros. Eu recoñezo que intentei facer un seguimento das distintas notas de prensa do Goberno galego sobre dotacións orzamentarias para este proxecto e custome traballo. Fixen unha especie de síntese, non sei se acertei, pero entendín que 10 millóns para inversións directas, por dicilo dalgunha maneira, 25 millóns de euros para un socio tecnolóxico, que entendo que neste caso é Indra e Inaer, e 20 millóns de euros posteriormente para compra intelixente a este socio tecnolóxico de drones para a propia Administración autonómica. Eu entendín isto, foi o que fun capaz de sacar desas notas de prensa. É verdade que logo houbo algunha nota posterior, moi recente, na que xa se fala de 115 millóns de euros, de 600 empregos, e xa entramos na axenda, nesa especie de pista de despegue estilo concurso eólico, que non sei moi ben onde vai rematar. Pero –insisto–, 10, 25 e 20, entendín.

Entón agora a cuestión fundamental, señor conselleiro. Diñeiro público para empresas que aportan tecnoloxía, non me cabe dúbida. O único que pedimos é información e transparencia; información e transparencia.

Pedimos información sobre un tema polo que, por exemplo, aquí se pasou de maneira absolutamente tanxencial, que é o tema da dobre tecnoloxía civil e militar. Información, tranquilidade dos cidadáns.

Os socialistas somos plenamente conscientes de que, neste momento, na industria aeronáutica a maior parte da

tecnoloxía é de dobre uso. Somos plenamente conscientes, pero información. Porque os cidadáns están vendo en todas partes uns carteis que poñen INTA-Ministerio de Defensa, pero escoitan ao conselleiro de Economía e Industria e ao presidente da Xunta dicir que iso non ten nada que ver co ámbito militar e co exército, e eu entendo que teñan unha certa perplexidade, porque incluso a temos os que temos que estudar estas cuestións.

Polo tanto, información niso, información na coordinación...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...como dicía a señora Adán, un perfecto triángulo equilátero Lugo-Vigo-Ourense. Eu creo que iso exige un esforzo de coordinación moi serio, non sei se algún mecanismo. Por certo, sempre que en iniciativas parlamentarias este deputado e este grupo pediron coordinación, para o sector que fose, entre o Igape e a Axencia Galega de Innovación, polas razóns que foran o Grupo Parlamentario Popular votaba en contra. Espero que neste caso algo coordinen, porque ponen pasta los dos...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...Remato, señora presidenta. Como vostede sabe, pon máis pasta un, pero os dous poñen fondos públicos. Polo tanto, espero que exista esa coordinación.

Por último, señor conselleiro, e espero no segundo turno centrar aí a cuestión, información e esforzo por dar cabida e participación ao sector empresarial galego neste proxecto, que polo de agora, e polo que lle chega a este deputado e a este grupo, igual que no caso do Servizo de Radioloxía do Hospital Álvaro Cunqueiro, é que nin está nin se lle espera.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Losada.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Castiñeira Broz.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Grazas, señora presidenta.

Señorías, boas tardes.

Señor Losada, está claro que para vostede o señor conselleiro non podía facerlle un extracto como para o resto dos telespectadores porque é duro de mollera... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* e necesitaba bastante máis tempo e dedicación. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E voulle dicir, si, porque... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non se preocupe, porque o nivel intelectual ao que se referiu... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non o arreglo, non o arreglo, tranquila que non estaba dialogando con vostede, xa dialogarei co señor Losada, que foi o portavoz que puxeron aquí. Posiblemente porque os de Lugo non se atreveron a falar de Rozas, veu un valiente a falar de Rozas, precisamente *(Murmurios.)*, e a falar das aportacións intelectuais do señor Castiñeira *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* O señor Castiñeira nin lle é catedrático como vostede nin como Pepe Blanco, non é catedrático como Pepe Blanco nin como vostede, pero non vén enganar a ninguén, como foi o señor Pepe Blanco enganar aos lucenses. *(Aplausos.)*

E remítome ao ano 2005, señor Losada. Claro que o que non coñece o terreo ao mellor ten un problema, e non lle fai falta ser catedrático para iso. Este é o nivel intelectual dos enganados do Partido Socialista en Lugo. Si. O 30 de decembro anuncian grandes proxectos para Lugo. Proximamente –como se fora unha película–, el día 18 de enero habrá grandes sorpresas. O día 12 de xaneiro, Orozco, Besteiro, incluso o señor Touriño –había campaña electoral, ¿non se acorda?, no ano 2005–, anunciaban que o 18 de xaneiro ía haber tal..., anuncios na prensa por todos os lados..., e chegou o día 18 de xaneiro e eran 15.000 postos de traballo que ía haber nunha planta de reciclaxe e mantemento de avións que ía ser o non vai máis. ¿Sabe cantos empregos houbo? Nin 15 nin 1.000, ¡cero!, ¡cero! *(Aplausos.)* Ese é o nivel intelectual ao que vostede está recorrendo, señor Losada. Por iso que, sendo socialista, ir falar de Rozas, eu agocharíame. Sobre todo en Lugo, sobre todo en Lugo. Si, si, si.

E pide información e transparencia. Mire, non lle hai mellor información e transparencia –e iso para vostede e para o resto dos portavoces– que o *Boletín Oficial do Estado* e o *Diario Oficial de Galicia*. Aí están os convenios fir-

mados con INTA, onde aparecen recollidos exactamente os usos e as funcións (*Aplausos.*) que van ter. Non lle hai mellor transparencia.

Pero atreveuse a falar de familias. No Bipartito non había familias nin apelidos, non había diálogo competitivo, señor conselleiro, non. Había diálogo, había diálogo con Torrado, había diálogo para adxudicar 40 contratos directamente, sen competitividade nin igualdade de condicións. Para iso si o había no Bipartito. Iso parece ser que si. Pero aí non había socios tecnolóxicos, eran socios de Goberno, que é diferente, é diferente.

Miren, na Terra Chá, á que teño o honor de pertencer, de ser de alí e de ter parte da miña familia, meus irmáns sonlle gandeiros alí, fíxense se están asustados que o outro día fun para alí e eles, ademais de andar con chalecos antibalas e cascos, agora estaban pensando, a gran preocupación deles, é como deseñar para poñerlles ás vacas tamén chalecos antibalas e cascos nos cornos, porque é o que falta, señor Vázquez, para asustar á xente e intentar alarmar. ¡Home, por favor! Paréceme, paréceme que unha base (*Aplausos.*) da OTAN ou non sei que...

Eu creo que cando un non ten argumentos recorre a calquera cousa. ¿Por que? Porque do que se trata é moi sencillo. Hai señores progresistas que, se as cousas non van mal, non lles vai ben a eles. Polo tanto, precisan que non se xeren empresas, que non se xere emprego, para que eles poidan ir ben, porque se non é imposible. E por iso están en contra de Ence, da ampliación de Citroën, de gas de Mugarodos... Por suposto, por suposto, e de moitas máis. De calquera empresa xeradora de emprego para Galicia van estar en contra. Van estar en contra porque non interesa. Non interesa, ¿verdade, señor Vázquez? Iso é o que hai, porque non interesa. Hai que opoñerse a todo, a ver se así cae algo.

E logo, en fin, en fin, ¡que vostede diga que este contrato vai todo para empresas de fóra...! Eu non sei se leu atentamente o que hai. ¡Oia, 18 empresas! Hai un compromiso claro, claro, con 18 empresas, das cales a gran maioría son galegas. E hai un compromiso de investir 115 millóns de euros en Lugo.

A señora Adán –e dígollo con cariño, xa o sabe– preguntáballe ao señor conselleiro por que en Rozas. Eu voulle

dicir o porqué. Téñolle que dicir que, como lucense, dóme que faga esa pregunta. ¿Por que en Lugo? Pregúntelle ao seu compañeiro que está detrás, que é deputado por Lugo do BNG. ¿En Lugo? Porque vai sendo hora de que nos toque a Lugo; porque Rozas está en Lugo; porque existe un aeródromo alí e porque, despois de moitísimas promesas incumpridas por parte dos gobernos aos que vostedes apoiaron, Galicia tamén existe, e tamén existe a Galicia interior, señora Adán. E merecemos e necesitamos unha oportunidade, e esa oportunidade estánola dando un goberno do Partido Popular. (*Aplausos.*) E por iso si, Rozas.

Por certo, o triángulo equilátero, señor Losada, Lugo-Vigo-Ourense paréceme que ten as medidas do triángulo equilátero algo equivocadas. Máis ben parecerá un isósceles, pero, desde logo, equilátero non parece.

Miren, a min gustárame saber exactamente por que vostedes, que se opoñen practicamente a todo aquilo que vaia xerar emprego, se a vostedes lles din que se vai facer unha inversión de 115 millóns, garantida, con contratos e publicada no *Boletín Oficial do Estado*; se a maiores lles din que se van crear 600 postos de traballo; se a maiores din que as empresas adxudicatarias Indra e Inaer teñen o compromiso, para levar a cabo o seu contrato, de trasladar as súas fábricas de helicópteros non tripulados ou de avións non tripulados a Rozas precisamente, e se van montar alí, polo tanto, dúas fábricas destes aparellos, un centro tecnolóxico, unha oficina de deseño e certificación, unha unidade de instrución e formación de pilotos, outra unidade de instrución e formación de operadores de sensores, un centro de control de tráfico, un novo hangar e unha incubadora de empresas, resulta que vostedes están en contra. ¿Pódenme dicir cal é o problema, señor Vázquez? ¿Cal é o problema?

¿O problema é que se monte iso en Rozas? ¿O problema é que haxa unha inversión prevista de 115 millóns para Rozas? ¿O problema é que se vai dar traballo a 18 empresas galegas, e máis que, loxicamente, indirectamente poden ter traballo? ¿O problema é que resulta que hai uns compromisos claros por parte da empresa Indra e Inaer de traer toda a súa actividade en vehículos aéreos non tripulados precisamente a Rozas? ¿Iso é un problema? ¿Cal é o problema? ¿Ou o problema é que ao mellor isto funciona e resulta que hai postos de traballo, e segundo vostedes quen tivo esa iniciativa, despois de moitas promesas, resulta que foi un

gobierno do Partido Popular? ¿Será ese o problema? Porque, desde logo, eu asegúrolle que son daquela zona, e falo bastante cos meus veciños daquela zona, e eu non observei ningunha preocupación especial nos veciños de se aquilo era ou non era, se unha base da OTAN, se militar..

Está perfectamente claro nos convenios que están firmados, e xa llo explicamos varias veces aquí. Xa llo explicamos varias veces a vostede e á súa formación, e tamén llo explicaron á súa compañeira Yolanda Díaz no Congreso dos Deputados, pero parece que do que se trata é de revolver, revolver, revolver, e a ver onde chegamos.

É dicir, ese é o obxectivo. E mire, non lle é por aí. Isto, a pesar de vostedes, vaise levar a cabo porque –como lle dicía antes– Lugo existe e a Galicia do interior existe. Hai un compromiso claro dun goberno do Partido Popular que vai levar adiante este proxecto. Isto non lle son as promesas baldías, as promesas vacías, do señor Pepe Blanco, o gran intelectual do Partido Socialista.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Castiñeira.

Para a réplica ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señora presidenta.

Agradezo, en primeiro lugar, todas as intervencións dos diferentes grupos para debater sobre un proxecto que entendemos que é vertebrador para Galicia, que vai permitir fixar tecido industrial e que, polo tanto, vai abrir novas oportunidades en termos de emprego e, sobre todo, en termos de futuro para os nosos xóvenes e para o conxunto do noso tecido produtivo.

Dicía a señora Martínez que, efectivamente, apoian este proxecto no que significa o uso de drones con fins civís. Eu agradézolle sinceramente ese compromiso de apoio porque, efectivamente, ese é o obxectivo do Goberno, polo tanto, pode ter o convencemento de que o Goberno está traballando nesa liña. E insisto en agradecerlle ese apoio ao proxecto

en tanto en canto –e tal como reflexamos aquí– é un proxecto que ten unha vocación para usos civís.

O que eu creo –e intento recoller tamén as intervencións do Grupo de AGE– é que o que non se pode é vir a esta Cámara a especular. O Goberno está dicindo claramente que o desenvolvemento da tecnoloxía que se vai desenvolver en Rozas ten unha vocación de uso civil, polo tanto, dá respostas a solucións concretas que o Goberno quere desenvolver en materia de xestión do territorio. Iso é o que se vai desenvolver en Rozas. Especular sobre o uso que se lle poida dar por un determinado país non só á tecnoloxía de Rozas, senón a calquera tecnoloxía que se poida desenvolver en España, que se poida desenvolver en calquera centro de investigación galego ou en calquera centro de investigación, eu creo que, sinceramente, non é rigoroso e non centra o obxectivo claro que ten o Goberno de impulsar a innovación, de impulsar a investigación e de impulsar o desenvolvemento tecnolóxico no noso país.

Creo, sinceramente, que non ten nada que ver Parga con Rozas, e creo sinceramente, señora Martínez e señor Vázquez, que, aínda que a min tamén me gusta o cine bélico, aquí vimos falar de proxectos concretos de desenvolvemento de tecnoloxía e non vimos a esta Cámara a especular –insisto– sobre os usos que se lle poidan dar a nivel internacional non só á tecnoloxía desenvolvida en Rozas –insisto–, senón a calquera tecnoloxía desenvolvida por unha universidade, un centro tecnolóxico en Galicia, en España ou a nivel internacional. Eu creo que, se falamos en serio, hoxe ninguén dubida de que os grandes avances que se produciron no século XX ou no século XXI tamén naceron de desenvolvementos vinculados ao ámbito militar. Se hoxe vostedes utilizan o GPS, se vostedes utilizan o internet e se vostedes utilizan os antibióticos, seguro que non son tecnoloxías que ninguén utilice cun obxectivo militar, son tamén de uso civil. Polo tanto, creo que hai que centrar o debate e non se pode vir á Cámara a especular.

O Goberno fala claramente de cal é o obxectivo que ten investindo fondos públicos, que é desenvolver tecnoloxía e investimentos con aplicacións civís, e esa é, loxicamente, a aplicación que lle imos dar a este proxecto. E, señorías, non hai ningún tipo de informe nin ningún dato obxectivo que plantexe en ningún momento que o centro tecnolóxico de Rozas teña un carácter militar, ningún.

Eu creo, sinceramente, que este goberno, dende o primeiro momento, está deixando clara a súa aposta. Incluso o Goberno, ante unha proposta de AGE instando a que o Consello de Contas puidese fiscalizar todos os fondos europeos investidos no aeródromo de Rozas, votou que si, loxicamente, porque este proxecto, se algo ten, é absoluta transparencia e absoluta rigorosidade dende o punto de vista xurídico.

Polo tanto, creo que non podemos vir especular. Vimos falar dunha acción política, vimos falar dos intereses da sociedade galega, vimos falar de emprego e vimos falar, loxicamente, en futuro, e todo o demais hai que deixalo –insisto– no eido da especulación.

Na intervención da Alternativa Galega de Esquerda, eu lamento que vostedes sigan detrás da pancarta do non, porque a vostedes non lles vale ningún proxecto industrial que este goberno está a impulsar. Se falamos do gas natural, vostedes din que non a Reganosa; se falamos de enerxía, vostedes din que non ás centrais térmicas; se falamos do sector naval, vostedes din que non a Pemex; se falamos da automoción, vostedes din que non a Citroën, xa o dixeron; e agora, se falamos de aeronáutica, din que non a Rozas. Eu creo, sinceramente –díggollos con todo respecto–, que o modelo económico deste goberno difire totalmente do modelo económico de Podemos, absolutamente. Entendemos perfectamente que o seu modelo económico sexa o de países como Venezuela. Pero, dende logo, o modelo económico deste goberno é o dunha Galicia que quere ser un país moderno, dunha Galicia que quere apostar pola innovación, dun país que quere apostar pola industria e dun país, dende logo, que quere apostar polo futuro do seu talento e do traballo da súa xente. (*Aplausos.*)

Segue a cruzada de AGE contra o proceso de compra pública precomercial, á que esta tarde se sumou tamén o Partido Socialista. Eu o primeiro que teño que dicir, señor Losada, é que a Asociación para a compra pública precomercial é un desenvolvemento que fixo a Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia en colaboración coa Axencia Galega de Innovación. Polo tanto, é un proxecto que nace da Xunta de Galicia, que se desenvolve na Xunta de Galicia e que ten todas as garantías. Creo, sinceramente, que temos que ter un recoñecemento dos nosos funcionarios e temos que ter un recoñecemento tanto da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia como da Axencia Galega de Innovación porque foron

quen de desenvolver un proxecto que é pioneiro en España, que ningunha outra comunidade autónoma foi capaz de desenvolver, e un acordo que nos vai permitir captar capital privado para desenvolver este proxecto.

E dicir, señor Vázquez, que a contratación non cumpre coa lei (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) eu creo que é unha mostra simplemente de non coñecer, aínda que a nomee, a normativa vixente; e é verdadeiramente preocupante cando un deputado sobe a esta Cámara e intenta trasladar a confusión.

Señorías, vostedes deberían saber, porque está publicado –non porque o diga un membro deste goberno, senón porque está publicado–, que o acordo da Asociación para o desenvolvemento precomercial que imos formalizar con Indra e con INAER é unha contratación de servizos de I+D que está excluída expresamente do texto refundido da Lei de contratos do sector público. Pero tamén deberían de saber, porque así está recollido, que a adxudicación deste acordo se realizou baixo os principios de publicidade, de concorrencia, de transparencia, de confidencialidade, de igualdade e de elección da oferta máis vantaxosa. Polo tanto, cun cumprimento escrupuloso da legalidade, aproveitando todas as posibilidades que nos daba tanto a Lei de contratos públicos como, loxicamente, a posibilidade de desenvolver este acordo da Asociación de desenvolvemento precomercial.

Polo tanto, creo que hai que poñer en valor as cousas que facemos ben, e, dende logo, neste sentido o traballo desenvolvido pola Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia e pola Axencia Galega de Innovación creo, sinceramente, que merece non só o noso respecto, senón o noso aplauso, por ser capaces de desenvolver esta oportunidade para Galicia.

O señor Vázquez denuncia que o proceso é irregular porque un subdirector xeral do INTA ten un claro conflito de intereses. Eu, sinceramente, creo que aquí o único conflito de intereses que traslada creo que é vostede, porque iso que vostede quere trasladar a esta Cámara, señor Vázquez, é sencillamente rocambolesco. Vostede sabe perfectamente que no prego de contratacións xa avanzamos, no mes de xullo do ano 2015 –vostede parece que traballa con atraso, no tempo, refírome–, que nesa publicación queríamos que participara o INTA. Está publicado. E queríamos que participara na Mesa de contratación non só para ter avaliadores externos, senón

porque entendíamos, señor Vázquez, que o INTA debe de xogar un papel clave como socio do Centro de Investigación Aerotransportada de Rozas. E vostede sabe que a dependencia do INTA é da SEPI, sábeo perfectamente, e sabe que a participación que ten a SEPI é minoritaria, dun 21 %, como ten, por certo, noutras moitas compañías.

Polo tanto, entendemos que o proxecto non só cumpre a legalidade, senón que supón –insisto– unha oportunidade para desenvolver unha contratación onde, neste acordo de asociación que imos asinar, se recollen todos os pactos e todas as condicións en canto á vinculación da Xunta de Galicia con Indra e con INAER; un documento, este acordo de asociación, que loxicamente será público e que, polo tanto, será coñecido por todos os deputados e por todos os cidadáns.

Trasladábanos a señora Adán na súa intervención os diferentes anuncios da consellería. Mire, o traballo deste goberno mídese por realidades e por feitos, e cando vostede me fala de Pemex a realidade é que en menos de tres, catro meses, Galicia vai entregar 2 floteis a Pemex, como este goberno anunciou, e van significar uns ingresos de 300 millóns de euros para o tecido produtivo galego. Polo tanto, a participación de Pemex no sector naval foi un elemento fundamental para a recuperación do noso sector aquí en Galicia. *(Aplausos.)*

Vostede fáleme da automoción, pero non quere falar de que, efectivamente, este goberno, traballando xunto co sector e traballando xunto con Citroën, foi quen de colaborar para que a factoría de Vigo poida desenvolver un novo vehículo, unha furgoneta, o proxecto K9, e de como todo o sector da industria auxiliar, grazas a esa adxudicación, vai investir preto de 2.000 millóns de euros e, polo tanto, vai consolidar o sector da automoción nos próximos dez anos.

E cando vostede fala do sector eólico non fai mención a que o sector eólico en Galicia se está apoiando como se apoiou no pasado. Non quere recoñecer a situación que se está a desenvolver por parte do Goberno dende o punto de vista da reforma do sector eléctrico, e obvia eses 127 millóns de euros que xa se ingresaron na Xunta de Galicia grazas á aplicación do canon eólico desenvolvida pola Lei do sector eólico 8/2009. E tampouco os investimentos, máis de 900 millóns de euros que xa se investiron, vinculados aos plans

industriais, e eses máis de 2.000 empregos que se desenvolveron no propio sector.

Polo tanto, con todo respecto, este goberno fala de feitos e fala de realidades en materia industrial. Hai unha planificación perfectamente recollida a través da Axenda Industria 4.0 e a través da Estratexia de especialización intelixente, e grazas a esa planificación hoxe podemos estar falando nesta Cámara dun proxecto tan vertebrador como é o polo aeronáutico de Rozas.

Eu lamento que vostede me pregunte –sinceramente o lamento– por que eliximos Rozas. Eu creo que vostede seguramente non ten ningún tipo de animadversión nin a Lugo nin a Ourense, non sei o seu partido, non o sei, pero lamento a pregunta. E lamento a pregunta porque a elección de Rozas ten un sentido, ten unha planificación, e creo que temos que poñer en valor todo o noso territorio. E creo que a responsabilidade do Goberno non é pensar en clave local, senón é pensar en clave global, e, polo tanto, traballar polo futuro e polo emprego do conxunto dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)*

Pero xa que mo pregunta, voulo responder. A elección de Rozas é moi sinxela. En primeiro lugar, porque temos a infraestrutura. Temos un aeródromo e tan só tiñamos que modernizar ese aeródromo, adecuando as súas infraestruturas e equipando ese aeródromo coa tecnoloxía máis avanzada de cara ao sistema de control aéreo. E para iso estamos investindo 10 millóns de euros, que é unha contía razoable desde o punto de vista do investimento. Ese foi o primeiro motivo. Pero é que ademais o aeródromo de Rozas cumpre con todas as condicións, tanto dende o punto de vista de navegabilidade como dende o punto de vista meteorolóxico, para o desenvolvemento de probas destas características. E se me pide un terceiro argumento, doullo con toda intensidade. Porque Lugo e a Galiza do interior tamén merecen unha aposta industrial. *(Aplausos.)*

O señor Losada trasladábame o interese que ten que, efectivamente, Rozas teña éxito. Eu tamén me sumo a ese obxectivo e espero contar tamén co apoio do Partido Socialista de Galicia, porque é certo que o Partido Socialista, cando estaba no Goberno en Madrid, intentou a través do seu ministro de Fomento desenvolver un proxecto similar, pero o certo é que iso si que foi un anuncio. Non houbo ningun-

ha concreción sobre esa aposta por Rozas e esa aposta por Lugo. E eu quero sinceramente, señor Losada, que dende a súa posición, dende o Partido Socialista de Galicia, agora que o Goberno trae un proxecto, trae unha concreción e conseguiu atraer capital privado para desenvolver con 115 millóns de euros este proxecto, vostedes o apoien. Iso é o que espero. Unha vez que vostedes non foron quen de conseguilo, que agora poidan apoiar un goberno que presenta un proxecto concreto, que presenta investimentos concretos e que trae un orzamento concreto a esta Cámara.

Tamén os diferentes grupos da oposición me plantexaron as súas dúbidas sobre o impacto que este proxecto podía ter sobre o noso tecido produtivo.

Señorías, un proxecto destas características, onde hai que competir a nivel internacional coas principais empresas aeronáuticas, require de importantes investimentos. É certo –e hai que recoñecelo– que o noso tecido produtivo, conformado na súa maior parte por pequenas e medianas empresas, non dispón dese músculo financeiro. Pero o que tamén é certo é que cando este goberno plantexa a Asociación para compra pública precomercial, ponlles dúas condicións a todos os licitadores, que foron as dúas condicións que marcaron a elección da oferta gañadora.

Eses dous condicionantes foron, en primeiro lugar, os recursos e os fondos que as empresas estaban dispostas a poñer, e aí temos esa aposta de 75 millóns de euros de capital privado. E a segunda condición –e vén así recollido na propia licitación– é cal era o seu compromiso nas diferentes propostas na súa vinculación coas pequenas e medianas empresas e coas universidades e os centros de investigación. Señorías, dos 115 millóns de euros hai un compromiso que quedará reflexado no contrato do acordo da asociación, no cal as dúas empresas, Indra e Inaer, se comprometen a contratar 42 millóns de euros con 18 pequenas e medianas empresas e 13 centros de coñecemento. Creo que é un compromiso claro e unha aposta polo tecido produtivo galego, e responde precisamente á vocación do Goberno para vertebrar un proxecto, non só coa presenza de dúas importantes empresas multinacionais senón para que esas empresas tirasen do propio tecido produtivo. Polo tanto, poden ter a seguridade de que o Goberno velará non só para que se produza ese cumprimento de aportación de 75 millóns de euros por parte de Indra e Inaer, senón que tamén

velaremos para que iso teña unha repercusión directa sobre o noso tecido produtivo.

E para finalizar, o señor Losada planteábame as súas dúbidas e facíame referencia a notas de prensa.

Señor Losada, eu creo que non hai que facer referencia ás notas de prensa cando se fala do proxecto Rozas. Hai que facer referencia ás propias publicacións e á propia licitación que está publicada no *Diario Oficial de Galicia*. E nesa licitación vostede poderá comprobar que no acordo da Asociación pública precomercial hai dous compromisos. Primeiro, unha aportación de 25 millóns de euros para contratar servizos de I+D con empresas que se presenten ao concurso. En segundo lugar, unha aportación de 20 millóns de euros en compra pública innovadora nunha fase posterior, para o que o Goberno abriu o diálogo competitivo en setembro do ano pasado.

A primeira fase, a fase A, da contratación da compra pública precomercial de 25 millóns de euros, tivo como resultado a asignación do proxecto a Indra e Inaer. Vostedes saben que na propia licitación se recollía a posibilidade de incrementar o orzamento, e iso foi o que fixo o Goberno. O Goberno pasou de 25 millóns de euros a 40 millóns de euros porque entendía que coas aportacións de 75 millóns de euros das empresas Indra e Inaer tiñamos un maior impacto do proxecto para Galicia. E esa fase B, señor Losada, de compra pública innovadora, é a que estamos a traballar e na que ao longo do ano 2016 remataremos coas diferentes licitacións para desenvolver compra pública innovadora adicional ao proxecto da creación do Polo industrial e tecnolóxico en Rozas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor conselleiro.

Rolda especial de aclaracións. Polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra a señora Martínez García.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Señor conselleiro, teño que confesarlle que, se cheguei con dúbidas, marchou con moitas máis dúbidas. Se cheguei con medo, marchou con moito máis medo.

Para empezar, eu non falei dos postos de traballo porque xa dou por sentado que iso é propaganda electoral; é dicir, xa non me preocupo, dáme igual que digan 600 que 800. Non lles vou crer porque sei que é propaganda electoral. Se fora un pouco prudente, non lle contestaría á voceira do BNG nin sobre Pemex nin sobre Citroën nin sobre o eólico; é dicir, mellor borrón e conta nova. Non recorde mentiras pasadas, que fan máis difícil tragar agora co que nos está contando. Polo tanto, recoñezan os seus fracasos. Non vou dicir que recoñezan as mentiras, pero poden contemplalo como un fracaso, como un intento fallido, pero non nos fagan cumular con rodas de muíño.

Por outra parte, a min seguen quedándome dúbidas, aínda que sexa así, propaganda, non sei se son 600, 300 ou 50, non sei cantos van estar en Rozas, cantos en Ourense, cantos se van crear en Nigrán, si son postos directos ou indirectos. Esas empresas galegas ás que lle van dar traballo non sei se van ser empresas de servizos ou son empresas de industrias tecnoloxicamente avanzadas, porque ao mellor resulta que contratan a limpeza, seguridade, o comedor. Pois si, contratan empresas galegas, pero, evidentemente, tamén nos interesa saber que tipo de empresas galegas.

Outra cousa que nos interesa é se tamén hai un plan para adaptar a formación profesional a esta nova industria, porque se supón que, se crea postos de traballo, teremos que tamén formar o persoal para eses postos de traballo tan tecnoloxicamente elevados.

Outra dúbida que me crea, que vén na prensa, é que para empezar o persoal de enxeñería vén de Alacante. ¿Por que? Hai unha translocación. Deslocalizan a empresa que teñen de I+D, o centro de I+D de Alacante, e traen o persoal para Galiza, co cal, enxeñeiros galegos parece que non van contratar moitos. Pero tamén van desmantelar o centro de mantemento de Toledo e tamén o traen para Rozas, co cal tampouco vai haber novos postos de traballo, é persoal que vén de Toledo e que vén de Alacante, polo tanto, segue quedando a nosa dúbida.

Non me contestou a se estes drones que se van realizar en Rozas poden ser adaptados a obxectivos militares; se se van coller en Rozas drones procedentes de Torrejón; se se van seguir facendo prácticas militares das forzas de moi alta dispoñibilidade de Figueirido. E eu quero tamén que me

conteste, se fai o favor, se isto ten que ver con algo coa base de drones que se prevía e que segue saíndo nos medios de comunicación en Trasmiras, en Ourense, de Airbus e Northrop Grumman.

Polo tanto, a OTAN di que o sitio ideal é Ourense, que é un ceo limpo. E para os drones militares, mellor Ourense que Rozas. Eu non sei se aquí no que se está convertendo isto é nun polo de actuación da OTAN. Dáme moito medo, porque vostede segue sen contestar as preguntas concretas.

Vostede contestaba así, medio polo aire, dicindo que xa no século pasado todos os avances tecnolóxicos estiveron vinculados á industria militar. Pois xa é hora de que avancemos. Porque á industria militar lle interesa o poder económico e o poder político, non lle interesa a poboación. A tecnoloxía, os investimentos de diñeiro público, deben de servir para a sociedade e, polo tanto, para a paz. A ciencia ten que estar ao servizo da sanidade, da saúde, do benestar. Non nos serve esa ciencia, eses avances tecnolóxicos, que conseguen grandes avances, pero que despois, para comprar a medicación da Hepatite C non poden adquirilas as persoas. Esa industria non nos interesa, como non nos interesa a industria da guerra.

Polo tanto, non todo investimento é bo. Queremos investimentos para a paz e investimentos para mellorar a calidade de vida da cidadanía. Pero tamén me gustaría que me dixera se hai algún tipo de control da Xunta sobre esa investigación e os seus usos. Di que se vai facer público ese documento asinado entre Xunta, Indra e Inaer. Eu creo que hoxe deberíamos de telos todos xa diante todos na man para poder miralos.

Pola miña parte, nada máis. Espero que me conteste esas preguntas. Eu quedo moi preocupada e con moitas dúbidas de que o meu país vaia ser unha base da OTAN, que o meu país vaia apostar pola morte en vez de apostar pola vida.

Nada máis.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas señora Martínez.

Grupo Parlamentario da AGE. Ten a palabra o señor Vázquez Díaz.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Ben, señor Castiñeira, voulle dedicar soamente catro liñas, se lle parece. Porque a verdade é que estivo vostede sembrado co tema dos chalecos e os cascacos para as vacas; especialmente falando da Terra Cha, onde as explotacións gandeiras estano pasando seriamente mal por culpa da xestión deste Goberno. E non sei se é veciño vostede da Terra Cha, pero estou seguro de que se vai por alí o correrán a garrotazos. Diso estou seguro, que o van correr a garrotazos.

En canto aos señores do Goberno, conselleiro, eu xa sei que o Goberno non é partidario de Venezuela. Foi moi claro e insultante o señor presidente a ese respecto. Vostedes teñen máis afinidade por Panamá. Máis afinidade, máis cercanía, máis alá do diplomático. O tema de Panamá téñeno máis cercano, Venezuela quédalles lonxe.

Algunhas aclaracións. Mire, cuestión prioritaria, a seguridade. AGE solicitou as certificacións da Axencia Estatal de Seguridade Aérea e da Axencia Europea de Seguridade Aérea hai máis dun ano, e seguimos agardando. Se estamos a falar da realización de voos experimentais con avións non tripulados, cremos que o mínimo é aportar as certificacións de seguridade. Cremos que a cidadanía terá dereito a ter acceso a que se cumpren todos os requisitos.

Segunda aclaración, drones para vixilancia de prevención de incendios; drones para a observación de movementos sísmicos; drones para operacións de rescate. Non precisan nin das instalacións nin dos requirimentos técnicos nin das dimensións nin da capacidade de carga que teñen os drones cos que se están a realizar as probas. ¿De acordo? Non necesitan deses requirimentos. ¡Pero se é que llo dixeron as empresas vinculadas naquela especie de posta en escena que tivo vostede coas empresas galegas, onde lle dixeron: nós non necesitamos todo isto que vostede nos está contando. Dixéronllo claramente. Un drone que se manexa cun aparato de control remoto dos habituais que empregan as empresas galegas non precisa desas dimensións nin deses requirimentos.

Solucións xurídicas. Falou vostede e utilizou unha palabra que me fixo moita graza. Adoptamos unha solución xurídica innovadora. É unha curiosa forma de chamarlle á prevaricación, porque facer ao Ministerio de Defensa xuíz e parte nun concurso de concorrencia competitiva, ten tela que a iso se lle chame unha solución xurídica innovadora. Inno-

vadora para o Partido Popular non é, porque é a forma habitual que ten de adxudicar os concursos ás empresas afíns.

Unha cuestión que me pareceu interesante. Falou o señor Losada de que sempre hai unha familia, Familia March. Ten razón, pero neste caso hai dúas familias. Está a familia March e o presidente, o señor Abril Martorell, fillo dun ilustre procurador en Cortes franquista. Sempre hai unha, dúas ou tres familias, esa é a realidade. E dixo que AGE era a forza política do non: do non a Gas Natural, ás térmicas, aos drones... Non, nós non somos a forza do non a Gas Natural, somos a forza do non a Reganosa e ao chanchullo coa familia Tojeiro que fixo o señor Fraga e o Partido Popular, que é unha cousa moi distinta. Nós non somos a forza do non ás térmicas, dito así, en bruto, senón que somos a forza política en contra dos chanchullos con Fenosa, a familia Barrié de la Maza e a explotación dos recursos públicos de Galicia a custo cero e por riba do lombo dos galegos e das galegas. Nós non somos as forzas do “non” para os drones de uso civil, senón que somos o grupo do “non” á operación Púnica e da entrega de diñeiro público a Indra, implicada en pagos en B ao Partido Popular. En definitiva, AGE é a forza do “non” ao espolio dos recursos públicos dos cidadáns. Claro que si que somos a forza do “non” do espolio aos recursos públicos dos cidadáns, porque iso é ao que vostedes se dedican.

Non sei como ten dende logo a desfachatez de falar de transparencia. Miren vostedes o transparentes que son: vostedes quedaron obrigados, no mes de abril do ano pasado, cando aprobaron esa lei da boa xestión na Administración, a crear un tribunal de contratación pública de Galicia. Pois ben, pasado un ano, pasado un ano, seguimos sen contar con este tribunal de contratación, que sería unha ferramenta excelente para poder ver se vostedes son tan transparentes como se gaban de ser, porque a realidade é que non o son.

Vostedes atribuíronlle funcións para a prevención da corrupción ao Consello de Contas e resulta que lle recortan dúas persoas que prestaban un servizo precisamente para previr esa corrupción. Vostedes, claro, están inmersos nunha operación de *lifting* e de cosmética política diante dun proceso electoral que os ten evidentemente e seriamente *acongojados*. Esa é a realidade.

E, por favor, señor conselleiro, non minta. Claro, a SEPI ten as accións de Indra, iso é evidente. Tamén ten evidente-

mente a titularidade de Navantia, pero a dependencia orgánica é do Ministerio de Defensa, tanto de Navantia como de Indra. ¡Home!, imaxino que vostede iso o saberá, cando menos iso o saberá. Non mesture unha cousa coa outra. Evidentemente, o accionariado claro que é da SEPI, pero a dependencia orgánica e política, a titularidade política de Navantia e de Indra, é de Defensa, e vostede sábeo. Non o agoche, non o oculte.

Dúas preguntas moi concretas, moi concretas. ¿Que interese pode ter o Ministerio de Defensa na investigación con drones para uso exclusivamente civil? Gustaríame que mo explicara, porque é unha entelequia que a min me custa entender. ¿Por que o Indra, un organismo dependente directamente do Ministerio de Defensa, ten tanto interese en investir recursos, non só económicos, senón tamén recursos persoais e humanos, na investigación dirixida unicamente a uso civil? Cústame moitísimo enténdelo, ao mellor agora o Ministerio de Defensa quere converterse nunha especie de ONG, ¿verdade?, dedicada á vixilancia contra –non sei– as manifestacións, ou non sei, non sei. Quero que mo aclare, porque a min tamén me preocupan os usos civís que vostedes entenden que pode ter o Ministerio de Defensa.

Segundo, ¿como é posible que un sector no que se prevé un incremento do volume de negocio de 90.000 millóns de euros nos próximos dez anos –iso é o que din os datos oficiais– pode necesitar do apoio do Goberno? ¿Por que? ¿Por que un volume de negocio tan importante, unhas multinacionais con tantos recursos, necesitan de 20 millóns de euros do Goberno galego, cun volume de negocio previsible, como lle acabo de dicir? ¿Non será que se estarán a sanear as contas de empresas públicas, primeiro privatizadas polo PP e logo voltas a facer públicas outra vez...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ...polo Partido Popular, co diñeiro de todos os galegos?

Non dixo vostede nin unha soa verdade, fixo soamente argumentación periférica, pero a realidade é que vostede sabe que eu non vertín nin un só dato que non fora verdade, e non o pode desmentir.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Vázquez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.
Señora Adán Villamarín.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidenta.

Mire, señor Castiñeira, ¿por que Lugo? Porque as cousas teñen que ter unha lóxica, e nós dende logo somos nacionalistas e defendemos o emprego en todo o país, en todo o país, en toda a nación galega; iso témolo clarísimo. Pero o que lle preguntaba ao señor conselleiro é: ¿vai facer de Rozas o Silicon Valley aeroespacial de Galicia? ¡Benvido! Aplaudimos, sen ningún problema. Pero vostede tamén debería ter entón cumprido as promesas pois de Feijóo no ano 2011 coa hemodinámica do HULA ou co sector lácteo. Vostede soamente con isto, ¿non? Vostede ten moito que defender –xa que está en plan provincia– na súa provincia, moitísimo, e moitas promesas que ademais lle pediron os seus veciños e veciñas, e que aquí non votou a favor delas; ou sexa, que iso tamén está aí.

Entón, nós o que lle preguntamos –e agardamos a súa contestación, señor conselleiro– é: non cuestionamos que sexa este proxecto en Rozas, senón cal vai ser a coordinación, se vostede efectivamente –como aparece na nota de prensa do Goberno galego– quere facer un polo aeroespacial en Galiza, porque as empresas non están aí, as empresas é que non están nese contorno, desprázanse as empresas, móvense. Supoñendo que estamos falando de empresas tecnológicas, porque a señora Martínez, claro, dixo: se esas dezaioito empresas van ser as da limpeza, do *catering*, con todo respecto, efectivamente, pero as empresa tecnológicas vanse desprazar.

¿Cal vai a ser a relación co centro do sur da provincia de Pontevedra? E a min de verdade que me preocupa moito co grao de enxeñería aeroespacial, porque as cousas teñen que ter unha lóxica cando se deseñan, e moito máis cando estamos falando de que queremos xerar os futuros enxeñeiros e enxeñeiras, pois claro, se vostede vai investir, se todos imos investir cartos públicos en Rozas, iso ten que ter unha coordinación, e vostede ten que explicalo aquí, porque foi un tema do que non falou.

Porque se, efectivamente, non vai ser para uso militar, senón unicamente para uso civil, as empresas e o centro tecnolóxico e de investigación están noutro lado. Iso vostede ten que recoñecelo, están noutro espazo físico, e eu entendo que se poden desprazar, e dende logo que quede moi claro que este grupo parlamentario defende o emprego en Lugo, ¡vamos!, creo que non hai ningunha dúbida, pero ningunha dúbida, ningunha.

Pero as cousas teñen que ter unha lóxica. Como se nos falaba no seu momento dunha fábrica de coches de vehículos eléctricos en Melón ou na PLISAN, as cousas teñen que ter unha lóxica, e teñen que ter uns compromisos, e os compromisos que vostede aquí esgrime son de carácter tecnolóxico e de investigación –iso é o que nos entendemos–, non soamente de certificación deses drones, senón de investigación e de aplicación tecnolóxica e de innovación. Polo tanto, contéstenos á coordinación, por favor.

Segunda pregunta, respecto dos usos civís e militares. Mire, é que da tecnoloxía efectivamente moito se ten escrito, e non é do século XIX nin XX, dende a antigüidade, os maiores descubrimentos científicos feitos para a arte da guerra e non para a convivencia na paz. Pero, claro, entendemos que estamos noutro momento. Nós cremos que o Ministerio de Defensa non debería facer investigación e innovación, senón que debería ser realizada noutros ministerios, noutros ministerios, iso –vamos– clarísimo. Polo tanto, efectivamente, os obxectivos do Ministerio de Defensa distan moito dos obxectivos pois de educación ou dos obxectivos que queira ter o Ministerio de Industria, como no seu momento tamén criticamos a adscrición de Navantia ao Ministerio de Defensa.

E xa, porque as nosas sospeitas cando vostede fala aquí de que vai haber dezaioito pequenas e medianas empresas galegas, que vai ter esa relación, mire, segundo os últimos datos públicos, son 11.000 empresas menos dende que Feijóo é presidente –11.000, que é un volume interesante de empresas–, máis 35.000 postos industriais perdidos dende que Feijóo é presidente, cunha relación do PIB en investigación e innovación que xa foi antes perfectamente relatada, tanto polo señor Losada como eu lle expliquei tamén respecto dese dato, do 0,89 % fronte ao 1,2 % que vostede prometeu alá no 2013, e estamos no 2016, nesta situación e neste contexto, permítame que lle diga que esta

comparecencia hoxe aquí semella máis unha propaganda, ou unha forma de operar do Partido Popular, véxase eólico, por coller tres ítems que todos temos gravados na retina perfectamente: eólico, Pemex e agora a carreira aeroespacial.

Polo tanto, ¿cantos empregos...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: ...directos, cantos empregos indirectos, compromiso de uso civil? E, sobre todo, para que nós teñamos claro que vai haber un uso civil de toda a tecnoloxía e a investigación que se faga en Rozas, vostede debe explicar cal vai ser o proxecto de coordinación cos centros aeroespaciais que existen no país, porque se temos un centro aeroespacial nun lado, unha facultade noutro e despois un aeródromo noutro, que permítame que lle diga que hai quen xa di, bueno, que igual xa lle están buscando nome, está JFK, alá despois do océano, pois aquí por exemplo FC –non queda mal, queda moito mellor que ÑJ, pero, bueno, calquera deles–, tamén lle poñemos...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: ...enriba da mesa por se quere levalo para meditar sobre isto.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Adán.

Grupo Parlamentario dos Socialistas. Señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Ben, grazas, señora presidenta.

Señorías, señor conselleiro.

Bueno, señor Castiñeira, agradézolle a aportación intelectual do triángulo, efectivamente, isósceles. Vexo que se lle dá ben a xeometría variable, o cal resulta pois moi satisfactorio.

Mire, aos socialistas válenos todos os proxectos industriais. O único que queremos é respecto medioambiental e condicións laborais dignas; só queremos iso, señor conselleiro. E, por favor, queremos a menor publicidade e propaganda posible.

Eu non falo de funcionarios, nin falo de asesoría xurídica, aínda que dalgún funcionario podía falar. Podía falar da que era interventora xeral da Xunta de Galicia e despois conselleira de Facenda, funcionaria da Administración autonómica, que en oito horas xustificou o cambio do modelo de financiamento do hospital de Vigo; de 350 a 1.400 millóns de euros en oito horas; efectivamente, moi eficiente esa funcionaria, señor conselleiro, moi eficiente.

Ou sexa, que podemos falar tamén de funcionarios. Eu sono, ¡eh!, pero ese recurso habitualmente utilizado no Partido Popular de dicir que agredimos os funcionarios cando cuestionamos a política do Partido Popular, ¡home!, como recurso, en fin... Así un pouco de barro pode estar ben, pero eu creo que un pouco máis de finura intelectual, señor conselleiro.

Mire, no BOE publícanse os convenios, non se publican os cumprimentos. É algo sinxelo. Non, non llo digo a vostede, díggollo ao seu portavoz do partido que apoia ao Goberno. No BOE e no DOG publícanse os convenios, os cumprimentos verifícanse a posteriori, e como vostedes non subministran a este Parlamento a información e nos temos que valer das notas de prensa, por iso o preguntamos aquí, señor Castiñeira, así de sinxelo. Non sei se é equilátero, isósceles ou escaleno, válenme calquera dos tres.

Ben, outra cuestión. Mire, Indra e Inaer, con todo o meu respecto para todas as empresas privadas, ¡oia!, non fixeron un avión na súa vida. ¡A ver se sabemos de que empresa estamos falando! Vostede sábeo, ¡eh!, vostede sábeo. Empezarán a facelos... Non, non me mire con esa cara, señor Castiñeira, que disto algo sei. Nin un avión.

Inaer é unha empresa de servizos aeronáuticos, que non é que non fixera avións, é que non produce nada. Nada significa nada. Ten avións ou helicópteros que presta para a Organización Nacional de Transplantes, para os lumes, para os servizos de salvamento marítimo, etc., etc., pero non fabrica nada.

E Indra, efectivamente, fabrica tecnoloxía, é unha empresa de tecnoloxía coa que se dotan algúns avións. No caso dos avións ou dos drones de Rozas, son avións da empresa Tecnam, antiga Partenavia italiana, que ata o de agora, que eu saiba e que eu atopara nas páxinas webs pertinentes –no DOG e no BOE isto non o mirei, ao mellor teño que miralo alí–, por agora non está previsto que a empresa italiana teña previsto trasladar a súa produción a Rozas, que eu saiba.

Polo tanto, o que Indra vai facer –se eu entendín ben a información da que dispoño– é que estes avións ou estes drones que se fabrican en Italia veñen a Rozas e en Rozas se dotan dunha determinada tecnoloxía de control e medición, dependendo da súa utilización civil ou militar, ou a que sexa –dáme igual–. Polo tanto, estamos falando diso, señor conselleiro.

Por certo, estou seguro de que o concurso se realizou con toda a limpeza do mundo, pero é verdade que, xa de ser unha empresa estranxeira e facer avións, ¡home!, pois case prefiro Airbus e Boeing, que fan tres mil avións cada un cada ano de gran porte, e non unha empresa de servizos aeronáuticos e unha empresa de tecnoloxía de comunicacións, que é o que son Inaer e Indra. Entón, son iso. Vostedes e o señor Castiñeira poden contarnos aquí exactamente o que consideren.

E mire, eu vin, por suposto –porque ata aí dáme a capacidade–, o concurso, e vin a puntuación do concurso, e eu voume parar un pouco, necesito pararme un pouco –porque está en letra pequena e, en fin, a presbicia empeza a afectar– na puntuación dalgunhas variables que desde logo este grupo considera absolutamente infrarrepresentadas. No punto de programa conxunto de I+D, que imaxino que é, dentro desa compra intelixente comercial, o que xestionou ou que plantexou a Axencia Galega de Innovación. Por certo, resúltame difícil atopar aquí o papel do Igape, pero probablemente é un problema de interpretación meu. Compromisos de achegas financeiras ou de reinvestimento, o 5 % pesa. Compromisos de investimentos industriais vinculados ao acordo de asociación, o 5 %, salvo que teña un DOG trucado, eu baixeino da páxina web. Compromisos para o desenvolvemento de cadeas industriais na área de influencia, outro 5 %.

¡Oia!, ¿non cre que se están hiperrevolucionando co impacto indirecto no tecido industrial de Galicia? A min,

vendo estes números, paréceme que si, pero probablemente é que son un mal pensado.

E, polo tanto, señor conselleiro, mire, volvo ao principio: compromiso de investimentos. Non fai falta que sexa no DOG ou no BOE, bástame con que sexa información oficial da Xunta de Galicia. Compromiso de investimentos reais, non me fale de mobilización..., non, *la pasta que pone la Xunta y la pasta que ponen las empresas*. Por certo, se pode ser, que a pasta das empresas non sexa como a pasta da UTE do Hospital Álvaro Cunqueiro, que se pediu un crédito ao Banco Europeo de Investimentos avalado pola Xunta de Galicia. Se pode ser, que non teñan que avalar os créditos que pida Indra e Inaer para construír as instalacións de Rozas, moito mellor para Galicia e para os galegos. En fin, estes pequenos detalles sen importancia.

Número de empregos, señor conselleiro, e cualificación deses empregos, porque está ben falar de I²C, RIS3, Industria 4.0..., en fin, supoño que o seguinte escalón será algo cun 5, o resto da secuencia. Entendo que, como nos test de intelixencia, temos 2, 3, 4..., o seguinte número a min sáeme un 5, pero, bueno, ao mellor hai algunha outra estratexia. ¿Non se dera conta diso? Pois, si, si, eu si, ata o de agora vai así, supoño que a próxima estratexia terá un 5.

Investimento, número de empregos e cualificación deses empregos. E non son moi dado a falar aquí nin de persoas...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...nin de empresas concretas que non están no debate. Delta Vigo, Coasa e Udega, as tres maiores empresas do sector aeronáutico de Galicia, ¿saben algo disto? A min chégame que non, ¡eh!, saben o que ven pola prensa e o que lle escoitan a vostede. Non, non, algo..., a ver, entendémonos.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Ten que ir rematando, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ¿Saben algo do diñeiro público da Xunta que parece que van levar Indra e Inaer para este proxecto? Eu, polo que me din, desde logo, non. O Cinae de Porto do Molle, en Nigrán; o convenio con Gain, 150.000

euros; o resto dos fondos ponos a Universidade de Vigo e Zona Franca. ¡Home!, probablemente poñer a medalla é un pouco exaxerado aínda que desembarcaran alí.

Consortio Aeronáutico Galego, montado polo conselleiro Fernando Blanco, apoiado durante tempo polo conselleiro Javier Guerra...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...e absolutamente en *stand by* desde que vostede é conselleiro. Tamén me gustaría saber por que, señor conselleiro. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Losada.

Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra o señor Castiñeira Broz.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Grazas, señora presidenta.

Señor Losada, menos mal que apoia o proxecto de Rozas, porque ¡se non!, ou que lle gustaría iso –dixo, ou iso quixen entender–; o único que parece que a vostede o molesta é que aos socialistas os molesta moito menos propaganda. E a min gustárame que me dixera se vostede está co señor Caballero ou estaba co señor Besteiro, porque calquera deles o un de propaganda ía ben e o outro tamén vai bastante ben e segue indo bastante ben. (*Aplausos.*) Polo tanto, para falar de propaganda está vostede. Para falar de propaganda algún ata levaba unha televisión propia detrás, e así lle foi. (*Murmurios.*)

Señora Adán, estou convencido de que non quería nin moito menos pois molestarnos aos de Lugo e dicir que non houbera postos de traballo en Lugo. Coñecémonos e sei perfectamente que non ía nese sentido, nin moito menos, estou convencido. E iso quero que quede claro, porque nos coñecemos e estou convencido de que vostede apostaría polo emprego en Lugo ou en calquera outra zona de Galicia, igual que outros –e o que lles fala exactamente igual–, con independencia de que loxicamente pois o que queremos tamén os de Lugo é o desenrolo e o desenvolvemento da nosa comarca, como non pode ser doutra maneira.

E si, señor Vázquez, son da Terra Chá, e a moita honra. E asegúrolle que vou moitas veces e nin me corren a garrotazos a min, e incluso se vostede vai despois de querer parar un dos proxectos máis importantes que se poden levar a cabo na historia da Terra Chá para o seu desenvolvemento, incluso aínda que vaia vostede, sómoslle xente pacífica, pode estar seguro de que ninguén o vai correr a garrotazos nin moito menos, nin moito menos. *(Aplausos.)* Pode estar seguro, non lle somos así nin moito menos.

E falaba vostede, señora Adán, da defensa doutros temas de interese para Lugo, como é hemodinámica e radioterapia. Efectivamente, eu non sei se sabe que a hemodinámica leva funcionando en Lugo xa desde hai un tempo e a radioterapia desde hai máis ou menos un mes, máis ou menos un mes leva funcionando. E non é, desde logo, nin polo moito que se falou nin polas manifestacións; é por unha programación e un traballo da Xunta do Partido Popular, que dotou o HULA dos servizos que loxicamente demandamos.

E, por certo, señor Losada, en relación co que dixo antes dos equipos do Álvaro Cunqueiro, de Vigo, sonlle os novos, desde logo, os comprados co concurso tecnolóxico, son os de última xeración. E, iso si, hai algúns que son os trasladados do Hospital Xeral, e, polo tanto, se eran do Hospital Xeral os que se trasladaron, como comprenderá, serán os que hai e os que correspondan. Pero os últimos adquiridos son os de última xeración e tal. *(Murmurios.)*

E hai outra cousa, señora Adán. Vostede falaba tamén –e falaban de propaganda– da propaganda de Pemex. Con Pemex había un compromiso de dous floteis, están aí, son realidades. Iso é a propaganda, o que lle chaman vostedes propaganda son realidades. E Rozas, desde logo, invítoa, e espero como se acordara na Comisión alá no mes de novembro, para poder facer unha visita, e entre a Presidencia do Parlamento coa Consellería estíbese tramitando unha visita, pronto espero que poidamos ir visitar as obras que alí hai e verá que son realidades. A primeira fase do que é a construción de hangares, etc., etc., están xa a piques de rematar do que é o Cínae, unha das partes ou das patas do que é o proxecto do parque tecnolóxico de Rozas.

E dicía a señora Martínez –e efectivamente ten razón– que isto debe de ir emparellado cun proceso de formación de traballadores para poder competir e poder acceder a eses postos de traballo. Tanto é así que este ano en Ourense lle estaban dicindo que na Universidade de Vigo en Ourense se implanta unha nova titulación, que é a de Enxeñería Aeronáutica, e en Lugo, no Centro de Ensinanzas Integradas de Formación Profesional As Mercedes, para o curso 2016-2017 está prevista xa programación de ciclos de formación profesional superior para precisamente estas especialidades. Polo tanto, vaise en paralelo loxicamente na formación de persoas para poder acceder a eses postos de traballo.

E o que está claro, señor Vázquez –para ir rematando–, é que cando un quere dicir que non a un proxecto sempre busca desculpas, *(Murmurios.)* e busca que os demais din mentiras, e vostede está en posesión da verdade. Pero miren, vostedes cando gobernaban en Andalucía xunto co Partido Socialista este proxecto querían levar para alí. E ao mellor o problema que teñen é que este proxecto non foi para Andalucía, que era o seu obxectivo. Pregunten e miren as hemerotecas para onde tiñan previsto levar este proxecto. Miren en Huelva, a ver que era o que pretendían na época precisamente do señor Blanco en Madrid e vostedes cogobernando en Andalucía. *(Murmurios.)* Miren iso, porque figura aí.

E mire, o que si está claro tamén é que para Lugo nos din “non” a un proxecto de aeronaves non tripuladas de uso civil e para Ferrol, sen embargo, valen fragatas, que parece ser que son barcos de recreo. E estanlle insistindo ao Ministerio de Defensa...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: ...en que leve a cabo a construción de fragatas, que, desde logo, non son nin moito menos barcos de recreo. Pero con iso non hai problema. Será que dona Yolanda Díaz é de Ferrol e entón tirará máis que vostede por Lugo, ela por Ferrol tirará máis que vostede por Lugo, posiblemente. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Ou as corvetas que está previsto construír en Ferrol, que, iso si, o seu alcalde –pon así– tapa o nariz e di: por conciencia voto, pero voto pola situación económica, pero non estou moi de acordo. Pero vota a favor de que se fagan...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: ...esas corvetas, que tamén seguro que son para recreo dos xeques árabes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Castiñeira.

Peche. Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señora presidenta.

Agradezo de novo as intervencións dos diferentes grupos sobre este proxecto tecnolóxico e industrial de avións non tripulados, que, como xa tiveron ocasión de reflectir nesta Cámara, é un proxecto de país, un proxecto que aspira, dende logo, a converter Galicia nun referente dun sector con grandes expectativas de crecemento e un proxecto de país que para este goberno é clave dende o punto de vista do proceso de modernización e de diversificación industrial que estamos impulsando.

Todos queremos traballar por fixar tecido industrial en Galicia e entendemos que este proxecto vai permitir fortalecer o noso tecido produtivo e vai crear emprego de calidade, emprego cualificado, e, dende logo, ofrecer novas alternativas aos nosos mozos e ás nosas mozas.

Un proxecto de país, señor Vázquez, que ten como punto de partida a convicción do noso talento e a convicción do potencial que pode aportar o noso talento. Eu lamento que Podemos, AGE e todas as confluencias queiran que Galicia retorne cen anos atrás e que Galicia non teña tecido industrial, (*Murmurios.*) e que Galicia non teña unha oportunidade no sector aeronáutico, que non teña unha oportunidade no

sector da automoción, que non teña unha oportunidade no sector naval; en definitiva, que Galicia non teña oportunidades. Seguramente este tipo de plantexamentos ideolóxicos responden a países como Venezuela pero non responden á realidade de Galicia, non responden á realidade da Unión Europea (*Aplausos.*) e non responden, dende logo, á realidade que intenta defender este goberno.

Un proxecto de país, señorías, que é pioneiro en promover a I+D+i para mellorar os servizos públicos en Galicia, e, dende logo, señora Martínez, con ese obxectivo compartido de mellorar a calidade de vida dos galegos e das galegas. E, dende logo, todos os proxectos nos que imos traballar van nesa dirección e en ningún caso, en ningún caso, en trasladar ningún proxecto de carácter militar para o noso país.

E isto, señorías, estámolo desenvolvendo cumprindo minuciosamente toda a legalidade e sendo garantistas en todos os aspectos que estamos desenvolvendo, porque este goberno é plenamente consciente do que está en xogo. Está en xogo un proxecto de 115 millóns de euros, dos cales 75 millóns de euros son investimento privado que logramos atraer para Galicia, e a creación de 600 postos de traballo, entre empregos directos e empregos indirectos, e tamén de contratos concretos para o noso tecido produtivo, para as nosas pequenas e medianas empresas, para os nosos centros de coñecemento.

Polo tanto, é un proxecto que ten unha visión moi clara e que ten como obxectivo dotar o noso país dunha oportunidade, unha oportunidade histórica, porque este goberno cre nos beneficios da innovación aberta, porque cre no efecto multiplicador da colaboración público-privada e porque, dende logo, cremos que traballar na imaxe de Galicia para trasladar ao mercado que Galicia é un sitio onde se pode innovar, onde se pode investir, é un obxectivo de goberno. E isto é así, señorías, sinxelamente porque temos capacidades instaladas, temos talento, e, dende logo, as nosas pequenas e medianas empresas estarán traballando nesta dirección.

E todos estes argumentos son os que nos teñen levado, en primeiro lugar, a crear este Centro de Investigación Aero-transportada en Rozas, en colaboración co INTA, que imos inaugurar a finais deste mes de abril coas novas instalacións, e que ademais imos avanzar unha convocatoria para o des-

envolvemento dun programa de I+D+i en sintonía cos intereses de Galicia.

Señora Adán, hai unha perfecta coordinación neste proxecto. Este proxecto parte dun polo aeronáutico industrial e tecnolóxico a desenvolver en Rozas, a través deste Centro de Investigación Aerotransportada e a través dos investimentos que Indra e Inaer teñen comprometido no acordo da asociación precomercial. E a partir de aí completaremos esa aposta coas aportacións que se fagan noutros centros de investigación, como pode ser o Centro de Innovación Aeroespacial de Porto Molle, loxicamente coas aportacións que se poidan facer dende a Universidade de Vigo, a través do desenvolvemento da enxeñería aeronáutica. E, polo tanto, sumaremos todas as capacidades que ten Galicia no sector aeronáutico, no sector da investigación. Pero o proxecto, de forma clara, é desenvolver un polo industrial e tecnolóxico en Rozas, e niso estaremos a traballar xunto co INTA a través do Centro de Investigación Aerotransportada e tamén a través dos investimentos comprometidos por Indra e por Inaer.

E, señor Vázquez, polo que respecta aos permisos e ás certificacións do aeródromo de Rozas para realizar estas probas con avións non tripulados, xa llo dixemos no seu momento. Eu vólvollo repetir. Cando vostede non quere recoller unha información concreta do Goberno, non o fai, pero sabe perfectamente que se teñen que dirixir ao INTA, sábeo perfectamente, e iso é o que vén de facer o Congreso dos Deputados, e esta información, segundo nos teñen informado dende o INTA, xa se lle ten remitido a esa Cámara. Polo tanto, vostedes téñeno moi sinxelo, pero toda a información sobre os permisos e as certificacións do aeródromo de Rozas téñena que solicitar ao INTA.

En definitiva, estamos traballando no desenvolvemento deste polo industrial. Con Indra e Inaer asinaremos un acordo para desenvolver conxuntamente un programa de I+D+i, un programa de I+D+i, señor Losada, que é o que máis se compromete con Galicia –por iso gañaron estas dúas empresas o concurso–, e, dende logo, nós faremos un seguimento puntual para que cumpran todos e cada un dos compromisos que quedarán reflectidos no contrato. Polo tanto, non teña ningunha dúbida de que este goberno fará ese seguimento. E o que imos intentar garantir é que, efectiva-

mente, se poidan usar todas as tecnoloxías desenvolvidas neste proxecto.

Señora Martínez, señora Adán, o proxecto do Goberno ten un obxectivo moi claro: desenvolver tecnoloxías que os diferentes departamentos da Xunta de Galicia poidan aplicar na súa política de servizo público. E, polo tanto, o obxectivo que ten este goberno –e así queda reflectido na propia licitación– é que marcamos uns retos tecnolóxicos, que implican as diferentes consellerías da Xunta de Galicia, e o que lles estamos a pedir ás empresas é que desenvolvan a tecnoloxía para utilizar esa tecnoloxía a través de avións non tripulados, co obxectivo de traballar na prevención de incendios, de xestionar os recursos primarios, de xestionar o patrimonio, de xestionar actuacións de salvamento marítimo, de xestionar as emerxencias e os fluxos turísticos. En definitiva, o que lles estamos a pedir a Indra e a Inaer é que desenvolvan proxectos de investimento e investigación para dar resposta aos retos que esta Xunta de Galicia ten co obxectivo de mellorar os servizos públicos que lles ofertamos aos galegos. Este é o obxectivo principal do proxecto e, dende logo, ese é o obxectivo que estamos perseguindo coa aposta co polo aeronáutico en Rozas.

Dende logo, Galicia está a demostrar que ten capacidade para desenvolver esta nova industria, que ten a capacidade para fixar poboación tamén na Galicia do interior, señora Adán. E, en Galicia, señorías, imos desenvolver a tecnoloxía vinculada aos avións non tripulados, en Galicia imos fabricar os propios vehículos que se desenvolvan a través do Centro de Investigación, en Galicia imos comercializar os modelos que saian desas fábricas e tamén en Galicia imos utilizar esas tecnoloxías para mellorar os servizos públicos dos galegos e das galegas. E todo isto responde a ese obxectivo primario que é desenvolver unha nova industria, crear emprego de calidade e xerar novas oportunidades de futuro para os nosos mozos.

Este proxecto, señorías, é un “si” á innovación, un “si” á industria e, sobre todo, é un “si” a Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor conselleiro.

Anunciar, como xa saben os grupos parlamentarios, que hai un cambio na orde do día: a PNL que figura en cuarto lugar será debatida hoxe en terceiro lugar.

Polo tanto, iniciamos o punto 4, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Santalices Vieira e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co Programa galego de detección precoz do carcinoma colorrectal

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): En primeiro lugar, a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta en relación co Programa galego de detección precoz do carcinoma colorrectal.

A esta iniciativa presentáronse tres emendas: unha do Grupo Mixto, unha do Grupo dos Socialistas e unha do Grupo do Bloque Nacionalista Galego.

(O G.P. Mixto, a través da súa deputada Mónica Fernández Rodríguez, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de substitución a esta proposición non de lei, 39385 (09/PNP-002862).

Emenda de substitución:

Proponse substituír a parte resolutive da proposición polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a continuar co Programa Galego de Detección Precoz do Carcinoma Colorrectal e a acelerar os prazos para a implantación completa ás demais estruturas de Xestión integrada do Servizo Galego de Saúde ata chegar ao 100% da poboación en risco co fin de evitar mortes e sufrimento e acabar coa situación de desigualdade e inxustiza”.)

(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Carmen Acuña do Campo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (09/PNP-002862, doc. núm. 39385).

Emenda de modificación:

Débase modificar a parte resolutive da proposición non de lei, que quedará redactada co seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Continuar desenrolando o Programa galego de detección precoz do carcinoma colorrectal, estendéndoo de forma progresiva a todo o Sistema sanitario público galego, seguindo un cronograma que será elaborado, pola Consellería de Sanidade, e presentando nesta Cámara antes de finalizar este período de sesións.

2. Recuperar, de forma inmediata e potenciar o Rexistro galego de tumores como garantía de equidade e calidade na atención desta patoloxía na nosa Comunidade Autónoma.

3. Revisión do cribado do cancro de cérvix, segundo criterios baseados na evidencia científica para modificar, se así se aconsella, o cribado oportunista e baseado na citoloxía por un cribado poboacional, utilizando a detección do Virus do Papiloma Humano.”)

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 39385.

Emenda de substitución:

Substituír a parte resolutive polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a implantar en todas as EOXIS de Galiza o Programa Galego de Detección Precoz do Carcinoma Colorrectal antes de que remate 2016.”)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

Traemos hoxe aquí, señoras e señores deputados, unha iniciativa que nos parece importante. E parécenos importante para a saúde dos galegos e galegas porque ten relación

cunha doenza moi frecuente, cada día máis, e cunha taxa de mortalidade moi elevada, a pesar dos avances no diagnóstico e no tratamento e na prevención. Falamos do cancro de colon e recto.

O pasado día 31 celebrouse do Día Mundial para a Prevención do Cancro de Colon. A Asociación Española Contra o Cáncer quixo recordar a situación na que se atopa o cribado nas distintas comunidades autónomas. A primeira comunidade en desenvolver un programa de pilotaxe, unha pilotaxe deste cribado, foi Cataluña, no ano 2000, pero aínda estaba a finais do ano 14 nunhas cifras de implantación do 23 %. A día de hoxe as mellores cifras de cobertura danse no País Vasco e Valencia, que cobren o 100 % da súa poboación, mentres outras como Madrid, Extremadura ou Andalucía apenas teñen desenvolvido os seus programas de cribado nun 5, 2,6 e 1 % respectivamente a finais do ano 14.

O cancro colorrectal é unha enfermidade tumoral que se ocasiona no intestino groso e no recto, e na maior parte dos casos –arredor dun 80 %– orixínase a partir dun pólipo intestinal que maligniza despois dun longo período de tempo, calculado entre tres e quince anos, o que permite a súa detección en estadios iniciais e incluso en fases premalignas. En total, é o tumor maligno de maior incidencia en España, con cifras de entre 28.500 e 33.800 casos novos por ano, sumando ámbolos dous sexos. Vén representar entre o 10 e o 15 % do total dos tumores. É máis frecuente en homes, calculándose que un de cada vinte varóns ou unha de cada trinta mulleres terán un cancro de colon antes de cumprir os 74 anos. Morren en España arredor de 15.000 persoas/ano a causa deste tumor.

A día de hoxe a supervivencia de cinco anos está en cifras similares á medida europea; vén sendo do 49 %, 49,5 % se se asenta no colon e do 43 % se é no recto. A tendencia epidemiolóxica do cancro colorrectal vén amosar que seguirá a ser un tumor de grande impacto na poboación española e galega, cun aumento total do número de casos, aínda que hai unha diminución da taxa de mortalidade e un aumento da supervivencia a cinco anos.

Diante desas cifras, teríamos que pensar que a xente ou a poboación o percibe como unha preocupación da súa saúde, mais, lonxe diso, asóciase moito a ter un familiar que padeza a enfermidade, e consideran os cidadáns moito máis

importante e preocupante o cancro de próstata en varóns e o cancro de mama en mulleres. E a verdade é que a maior parte dos tumores colorrectais son esporádicos, entre o 70 e o 80 % dos casos, non teñen nada que ver, non hai un familiar afectado da enfermidade. A agregación familiar soamente se produce entre o 20 ou 25 % dos casos, o que debería conducir a unha maior inquietude das persoas con respecto a esta enfermidade, os seus factores de risco e unha maior participación da poboación en programas de cribado.

O principal factor de risco do cancro colorrectal é a idade. Loxicamente, é o único sobre o que non podemos actuar. Máis do 90 % dos tumores danse en maiores de 50 anos. Iso fai que se considere poboación de risco medio toda a poboación maior de 50 anos, sen ter historia familiar, e de alto risco calquera que teña antecedentes familiares de enfermidade tumoral ou de enfermidade inflamatoria intestinal.

Hai outros factores de risco coñecidos e sobre os que si é posible actuar. Serían a dieta rica en graxas e pobre en froitas e verduras, a dieta rica en carnes roxas, a pouca práctica de exercicio físico, a obesidade, o tabaquismo, a diabetes e o consumo elevado de alcohol. Actuar sobre eses factores é posible. Sería prevención primaria, con medidas educativas, informativas e actuacións para modificar eses hábitos. A prevención secundaria inclúe as estratexias de cribado e ten como obxectivo identificar individuos asintomáticos con lesións precancerosas ou nunha fase inicial da progresión tumoral. Sabemos que haberá máis casos se non se implantan medidas de prevención primaria e tamén medidas de prevención secundaria.

O custo medio do diagnóstico e tratamento do cancro colorrectal é moi elevado. Segundo datos publicados no ano 8, rondaba os 27.000 euros por tratamento, sen contabilizar nesta cifra os novos biolóxicos que se aplican en casos máis graves.

O cancro de colon é unha enfermidade que se pode curar en arredor dun 90 % cunha detección precoz. Os programas de cribado poden contribuír a reducir nunha terceira parte a mortalidade pola enfermidade. A analítica de sangue oculta en feces cada dous anos en poboación entre 50 e 69 anos está recoñecida como a máis efectiva en todo o mundo, sendo máis custo eficaz e máis custo eficiente, con moita diferen-

za, que outros programas de prevención de cancro noutras enfermidades como pode ser o de próstata, o de mama ou o do colo do útero.

A posta en marcha dun programa de cribado de cancro de colon require unha grande infraestrutura, un elevado número de recursos humanos e materiais, persoal administrativo, de enfermería, especialistas en dixestivo, en anestesia, en anatomía patolóxica ou en medicina preventiva.

O cribado en Galicia empezouse en marzo do ano 13, na EOXI de Ferrol, que tiña máis experiencia en xestión integrada, cunha expectativa de invitar a participar a toda a poboación diana nun prazo de dous anos. E cumpríuse, chegando nese prazo ás 52.100 persoas incluídas do grupo de idade entre 50 e 69 anos. Desas máis de 52.100 persoas participaron no programa un 48 %, que é a porcentaxe de participación máis alta de todos os programas desenvolvidos nas distintas comunidades autónomas. Deses tests entregados, un 7,19 % dos participantes resultaron positivos, un total de 1.812, e fixéronse máis de 1.700 colonoscopias. Localizáronse lesións en 1.117 deses casos, sendo 106 carcinomas, afortunadamente un 70 % en graos iniciais, e tamén o resto eran lesións premalignas, adenomas de risco alto, medio ou baixo.

En Ourense, nos primeiros oito meses de funcionamento do programa, o Servizo Galego de Saúde detectou xa a presenza de lesións en 214 persoas, unha cifra moi significativa tendo en conta que ata o momento soamente se fixéron tests en 8.700 persoas dos máis de 23.000 citados. Ese programa en Ourense vaise ir estendendo de xeito gradual nos próximos meses e nun futuro ampliárase a toda Galicia.

Pese á eficiencia demostrada, o programa en Ourense aínda conta cunha baixa participación, que é do 37,53 %. Ao longo dos próximos meses –como dicíamos– estase previsto captar a totalidade dos usuarios da provincia. Dos resultados das 214 primeiras colonoscopias, 16 persoas tiñan un cancro colorrectal.

Quero rematar facendo miñas as verbas do doutor Joaquín Cubiella, dixestólogo do CHUO (do Complexo Hospitalario de Ourense) e un dos promotores deste programa en Galicia: a poboación debe participar no programa, porque participar é unha opción de cambiar o futuro. Con este

programa imos previr o cancro, imos reducir a mortalidade por cancro colorrectal, pero para isto a poboación debe concienciarse que cunha sinxela proba, coa realización dun xesto indoloro e fácil da toma dunha mostra na casa, pode estar salvando a súa vida, porque na actualidade o Servizo de Dixestivo en Ourense está a diagnosticar unha media de dous cancros colorrectais por semana. É unha mostra moi pequena, que se pode facer facilmente na casa, cun sistema de envío moi sinxelo, e que na maior parte dos casos vai ser negativa. Pero se é positiva, o efecto de poñerse canto antes a tratamento vaille cambiar o futuro seguro.

Por todo iso, pola importancia deste programa de cribado de cancro colorrectal para a saúde dos galegos e galegas, é polo que instamos a Consellería a estendelo de xeito progresivo ás demais estruturas de xestión integradas do Sergas.

Esperando o apoio dos grupos, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Núñez Centeno.

Grupo Parlamentario Mixto. Ten a palabra a señora Fernández Rodríguez.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Boa tarde de novo.

O pasado mes de marzo en Europa celebrouse o que foi o Mes Europeo de Prevención do Cancro Colorrectal, e o último día dese mes pois foi o Día Mundial da Loita contra este cancro. Segundo a Sociedade Española de Oncoloxía Médica, unha de cada tres persoas vai ter cancro algunha vez na súa vida. Hai que dicir que o cancro de colon ou colorrectal é o tumor maligno que ten máis incidencia no Estado español, con case un 15 %, seguido do de próstata, o de pulmón, o de mama e o de vexiga. Falamos de cifras máis ou menos aproximadas de 20.000 novos casos en homes e 30.000 novos casos en mulleres.

Dicir tamén que no conxunto do Estado faleceron, máis ou menos, unha media de 15.000 persoas ao ano por culpa

deste cancro. Dicur que Galiza, xunto con Asturias e País Vasco, son os puntos do conxunto do Estado onde hai unha maior incidencia deste cancro. De feito, en Galiza é a quinta causa de morte.

Ao redor do 55 % dos casos de cancro se curan, deste tipo de cancro se curan. É moi importante a prevención. E, se o dividimos por estadios, no estadio 1 pódese curar practicamente o 95 % dos casos; no estadio 2, un 70; no estadio 3, arredor do 50 %; e no estadio 4, arredor dun 20 %.

Si dicir que o prognóstico dos tumores detectados en programas de *screening*, é dicir, de cribado, é o mellor prognóstico dos tumores atopados, porque o tumor, se tivera dado síntomas, ten un estadio diferente.

Os principais factores de risco pois son a idade, a partir dos 50 anos, hábitos non demasiado saudables como o tabaco ou o alcohol, unha vida sedentaria, dietas ricas en graxa, hipercalóricas, e tamén ter padecido condicións previas como pólipos no colon ou colites ulcerosas.

Dicur que no ano 2007 o Parlamento Europeo recomendou a todos os Estados membros a implantación de programas de cribado do cancro colorrectal. No ano 2010 o Pleno do Senado aprobou por unanimidade unha moción onde instaban o Goberno central a propoñer ao Consello Interterritorial de Saúde as medidas axeitadas, baseadas na evidencia científica que puidesen conducir á prevención do cancro de colon e recto, campañas de sensibilización da poboación, fomento de vida saudábel, cribado na poboación de risco medio mediante test de sangue nas feces, con colonoscopia en caso de resultado positivo e cribado, e vixilancia da poboación de risco elevado.

A validez e a efectividade desta proba foi demostrada nun estudo previo que se fixo durante catro anos a 60.000 persoas. O obxectivo do cribado de cancro de colon é a detección e extirpación de pólipos precancerixenos para prevenir o desenvolvemento de tumores malignos ou a súa detección en estadios precoces.

Hai que dicir que en Galiza máis de 715.000 persoas están neste tramo de idade comprendida a partir dos 50 anos, 50-69.

A Xunta comezou o programa piloto no mes de febreiro do ano 2013 na área sanitaria de Ferrol. Estaba dirixido a

homes e mulleres en tramo de idade de 50 a 69 anos, que está considerado grupo de alto risco. E a proba elixida era o test de sangue oculto nas feces, con intervalos de exploración cada dous anos. Trátase dunha proba de custo moi reducido, como comentaban antes, e, ademais, coa detección precoz, á parte de previlo, pódese afrontar dun xeito con máis éxito, incluso levando uns tratamentos menos agresivos de cara á paciente ou ao paciente.

Así, pódese prever un número determinado de cancro e un aforro no gasto sanitario, e isto é sobre todo fundamental para aquela xente na que non haxa antecedentes familiares, pois os que si teñen antecedentes son poboación de alto risco e están sometidos a outro seguimento.

Si dicir que a implantación que se fixo na área sanitaria de Ferrol se foi incrementando paulatinamente nos tres anos. De feito, é a comezos deste ano 2016 cando se implanta en toda a área sanitaria que pertence a Ferrol; de feito, no meu concello, que estamos ao outro lado da ría, tardaron dous anos en implantarse.

Comentar que un total de 25.000 persoas tomaron parte deste plan piloto, no que se invitou a participar a máis de 52.000 persoas, o que supón unha participación do 48,36, como comentaban antes.

Si hai que dicir –o da cifra– que, de 1.812 casos que deron positivo no test de sangue oculto, unha taxa de positividade de 7,19, onde se indicaron 1.800 colonoscopias, onde se detectaron 106 casos de cancro invasivo e 263 de adenomas de alto risco, en 1.727 colonoscopias realizadas.

Sábese que está estendida a Ourense e a outras poboacións desta provincia e que se vai –paréceme– estender en pouco tempo a Pontevedra.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Hai que dicir que o Ministerio de Sanidade puxo –digamos– unha meta, que era que no 2015 a metade da poboación do Estado tivera este tipo de acceso a este programa e que no 2020 se chegara ao 100 %. E o resultado é moi dispar. De feito, Galiza é unha

das comunidades do Estado que ten unha porcentaxe de implantación moi reducida, de feito non chega a un 10 %.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Ten que ir rematando.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: E hai outras comunidades –volvo dicir–, como Euskadi, que si o 100 %, e é unha das comunidades onde máis incidencia hai.

Comentar –e iso considéroo moi importante, porque si me vin, bueno, relacionada con este tipo de casos– que é moi importante a información, porque eu creo que se se comunica á xente con campañas de difusión e non deixalo só ás asociacións de pacientes, que parece que son as que teñen que recibir este encargo, eu creo que o éxito sería moitísimo maior.

Entón, nós si presentamos a emenda de substitución, porque si está claro que se ten que implantar dun xeito progresivo. Pero eu creo, debido á evidencia ¿non? do mal e –digamos– sobre todo en Galiza, que os prazos teñen que ser moito máis rápidos e debería, se leva tres anos implantado e non chega ao 10 %...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: ...eu creo que os tempos deberían ser moitísimo máis reducidos para que chegue ao 100 % da poboación.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Fernández.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.
Señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

Efectivamente, o cancro colorrectal é un tumor maligno dos máis frecuentes. Xa se deron aquí datos. Uns din que é o terceiro en importancia nos homes despois do de próstata e pulmón, outros colócanos xa directamente por detrás do de pulmón, e en mulleres o segundo, por detrás do de mama.

Coincidimos tamén –e é evidente– en que é preciso mellorar a prevención, facilitar o acceso a probas diagnósticas, e está demostrado pois que a taxa de sobrevivencia á enfermidade pode chegar ao 90 % se se colle nos estadios iniciais, e mais a realidade é que a porcentaxe dos que se collen en estadios iniciais segue sendo moi reducida; evidentemente, porque esa fase de diagnose precoz pois non está instalada, ¿non? De feito, pois é pouca a curación, e cando non se colle neses estadios iniciais, en moitos casos non supera uns anos de vida para moitos doentes.

Este cancro pode previrse dunha forma importante con estes programas de detección precoz. Por iso, evidentemente, no BNG coincidimos na importancia do cribado para esta detección precoz, é fundamental para previlo, é fundamental para afrontar con maior éxito se se detecta xa en estadios xa implantado e tamén permite aplicar tratamentos menos agresivos para os doentes, ¿non? É evidente, polo tanto, pois que ese cribado permite esta prevención e aumenta as expectativas de sobrevivencia.

No que xa, evidentemente, non estamos de acordo é en como se está a levar este tema, ¿non? En Galiza, a raíz do acordo a nivel do Estado do ano 2013, empezou a implantarse cunha experiencia piloto en Ferrol, e o obxectivo da experiencia piloto iniciada en Ferrol, dito por representantes, por responsables pois do Sergas, é que non pretendía demostrar a eficacia do cribado, que xa estaba demostrada evidentemente, senón que o que pretendía era sentar as bases para o seu funcionamento para logo estendelo ao resto de Galiza; é dicir, que o plan piloto era para determinar como implantalo e estendelo á totalidade pois do noso país, ¿non?

Co cal temos que a efectividade está demostrada, está determinada cal é a poboación diana, esa poboación entre 50 e 69 anos. É evidente que o custo da proba é moi baixo, entre 2 e 3 euros fronte aos..., o deputado do Partido Popular cifrábalo en 27.000 o custo, hai outros estudos que o cifran nunha media de 35.000 ou 37.000 euros o tratamento, ¿non?, co cal é unha proba efectiva e barata.

Por iso o BNG presenta unha emenda que é de substitución. O que dicimos é que o Parlamento de Galiza inste o Goberno galego a implantar en todas as EOXI de Galiza o Programa galego de detección precoz do carcinoma colorrectal antes de que remate 2016. Pode parecer unha data

moi precipitada, podíamos chegar a un acordo de poñerlle un prazo pois un pouco superior. Co que si non estamos de acordo é con que o cribado de cancro colorrectal sexa máis obxecto de publicidade, sexa máis obxecto de enunciados de prensa, de comparecencias neste Parlamento, que non da súa expansión efectiva. Porque a implantación deste cribado pode evitar mortes, mortes previsibles e evitábeis, ¿non?, se efectivamente se fai esa detección.

E, dende logo, no BNG non estamos dispostos a que este tema pois sexa obxecto –como digo– máis de propaganda que de efectividade, ¿non? De feito, podemos ler titulares de prensa dende o ano 2013 onde pois se fala da implantación do cribado colorrectal, da implantación, que xa está chegando a Ourense, que xa vai chegar a Pontevedra. Mire, na última comparecencia do conselleiro neste Parlamento dixo textualmente: na mesma liña estratéxica, falamos de desenvolver intervencións da promoción da saúde e prevención da enfermidade cunha visión integral –como dicíamos–, e un dos proxectos é ampliar o cribado colorrectal, que xa empezou en Ferrol e en Ourense cuns resultados altísimos, con 2.094 colonoscopias e 31.900 test efectuados; é dicir...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...estamos facendo campaña e imos ampliar a todas as EOXI de Galiza este programa que obtivo tan bos resultados.

É dicir, que vostedes veñen hoxe aquí cunha iniciativa pedindo o que o conselleiro prometeu xa na última comparecencia, que xa a antecesora no cargo dixo que xa estaban a unha velocidade de implantación, que hoxe o xerente da EOXI de Pontevedra-O Salnés anuncia en rolda de prensa. É dicir, o que non estamos dispostos no BNG é a pagar a escoita as publinreportaxes do Partido Popular con ese tema.

Cremos que...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, señora Prado, por favor.

A señora PRADO CORES: ...hai que facelo e hai que poñer prazos, porque, efectivamente, a súa implantación pode evitar moitas mortes, co cal unha declaración de intencións que

sigan nesa liña non nos parece suficiente. Señores e señoras do Partido Popular, cremos que hai que facelo, pero nun prazo razoable. Como ben se dixo aquí, tres anos para que se...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...efectivizara nun 7 e pouco por cento da poboación, a este ritmo, imos necesitar demasiados anos para que sexa efectivo. Co cal estaríamos a favor, pero...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...sempre e cando se lle poñan uns prazos máis ou menos decentes.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas ten a palabra a señora Acuña do Campo.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidenta.

Boas tardes, señorías.

Parece que o cancro de colon non é unha preocupación no Partido Popular.

Mire, señor deputado, con todo o respecto, nótase moito que están vostedes inmersos xa na campaña electoral. Pero temo que non cola, que non son cribles, porque, claro, despois de oito anos, de levar oito anos destruindo a sanidade pública galega, chegar hoxe aquí a dicir que están moi preocupados pola nosa saúde, no tempo de desconto, pois a verdade é que non queda nada ben.

Pero, aínda así, aínda así, señor deputado, nesta iniciativa o que comprobamos é que, de estar preocupados pola nosa saúde, están máis ben pouquiño. Porque mire, vostedes pídenlle ao Goberno que continúe a estender o programa galego de detección precoz do carcinoma colorrectal. Pero resulta que noutras comunidades autónomas –vostede citou aquí algunhas, pero non citou esta–, noutras comunidades autónomas como Cataluña, este programa está implantado

dende o ano 2000. Dezaseis anos nos levan por diante, e se, como vostede di, en oito meses en Ourense se detectaron 200 casos, fíxese vostede canto sufrimento se puido ter evitado nese tempo.

Pero é que, ademais, xa no Goberno do señor Touriño, no Bipartito famoso, quedara deseñado ese programa e ademais... –si, si, señor, non sei se está vostede ben informado, eu estou– ...e estudada a súa viabilidade, polo que o compromiso do señor Feijóo pois tampouco parece moi grande.

Pero é que, ademais, como vostede sabe moi ben, no ano 2013, desde ese ano, está incluído este *screening* poboacional na carteira común de servizos do sistema sanitario público. Ou sexa, que vostede vén aquí dicirle ao Goberno que cumpra co seu deber; debe vostede de sospeitar que non o fai.

E, por outra parte, tamén quero sinalar que xa no ano 2012 o noso grupo parlamentario solicitaba un protocolo de cribado. Iso si, señor deputado, como vostede puxo en boca dese especialista de Ourense, precedido dunha campaña de información e de sensibilización, que é o que dita o sentido común. Así que, señor deputado, eu temo que a súa proposta chega tarde e ademais chega *light* –digamos–. Por iso lle presentamos unha emenda de substitución, na que pedimos ao Goberno que, loxicamente, estenda de forma progresiva ese programa en todo o sistema sanitario público galego, pero, iso si, seguindo un cronograma; un cronograma, señor deputado, elaborado, por suposto, pola Consellería e que ademais debería de traer aquí a esta Cámara antes de finalizar este período de sesións.

Señorías, se en Ferrol, onde empezou como programa piloto, se detivo tres anos, con ese *ritmito*, para que chegue –xa non digo máis– ás sete cidades galegas, necesitamos vinte e un anos. ¡Dios mío querido!, ¿non? Non o quixera ver.

Bueno, ademais, se de verdade queremos pedirle ao Goberno que faga algo en relación co cancro, sen dúbida, o primeiro que temos que pedirle é que recupere o Regat, o Rexistro Galego de Tumores, tamén da época do señor Touriño.

E falo deste rexistro porque parecíanos –e séguenos a parecer– unha garantía na equidade e na calidade que a atención desta patoloxía na nosa comunidade autónoma precisa.

Porque non sei se sabe vostede, señor deputado, que aquí ao lado, na oficina do Valedor do Pobo, un día si e outro tamén, se reciben queixas de afectados queixándose desas diferenzas na abordaxe e por suposto no acceso á medicación nas tumoracións, en relación coas diferenzas en relación de Galicia con outras comunidades autónomas, e tamén no noso propio país, segundo sexa a xerencia ou a área onde resida o doente.

Pero tamén, señor deputado, queremos aproveitar este debate para solicitar algo máis, dar un pasiño máis, e pedimos que se revise o cribado de cancro de cérvix de útero, como por certo están facendo outras comunidades autónomas, como a miña veciña Castela-León e o País Vasco. E tamén recomenda a Unión europea modificar o cribado oportunista que se está a facer de cancro de cérvix, e centrado ademais na citoloxía, para convertelo nun cribado poboacional, é dicir, máis xeneralizado e ademais utilizando ademais a detección do virus do papiloma humano.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Remato.

Señorías do Partido Popular, se de verdade os preocupa a saúde dos galegos e das galegas, ademais nun tema tan serio como o cancro, aceptarán a nosa emenda. De non ser así, pois se tratará doutra tomadura de pelo, ademais...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...de previa campaña electoral, e así, para iso, non van contar co noso apoio.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Acuña.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Ten a palabra a señora Solla Fernández.

A señora Solla Fernández: Grazas, presidenta.

Bueno, pois sen intentar redundar no aquí exposto, esta semella unha das iniciativas que o Partido Popular trae simplemente como espazo publicitario, que a verdade é que, no marco da temática sanitaria, é bastante habitual neste pleno. En canto ás proposicións non de lei se refire relacionadas coa sanidade... —¿non está contando o tempo?— —diciá— soe ser bastante habitual que se utilicen as proposicións non de lei pois para facer anuncios da propia consellería.

Efectivamente, xa hai anos que a evidencia científica di que o custo-beneficio da realización do test de sangue oculta para a detección-cribado de cancro de colon o fai recomendable como método de detección precoz fronte a outro tipo de métodos que non se podían utilizar e que son pois máis cruentos. Como detección precoz non se podería utilizar como un cribado, ¿non?, salvo aquelas persoas que teñan antecedentes e para as que poida estar indicado.

E eu mesma visitei precisamente, nesas visitas oficiais, algúns dos centros nos que se iniciou o plan piloto, e, bueno, a verdade é que existía bastante satisfacción no que é os laboratorios respecto ao traballo feito ou o resultado inicial. Habería que avalialo a medio e a longo prazo. Imaxino que a Consellería debería de facer isto.

E en canto, como xa se dixo aquí, a outras comunidades autónomas, teñen implantado xa precisamente tamén este programa. Agora ben, e como xa se dixo aquí, toda vez que o Partido Popular defende a implantación do programa e xa para a propia Consellería a última vez, bueno, xa se dixo aquí, na comparecencia do conselleiro pero tamén mesmo na comparecencia relativa aos orzamentos do ano 2016, que se ía continuar coa implantación deste plan, a verdade é que non ten moito sentido que se traia unha iniciativa que propoña algo que en teoría a propia Consellería di que xa están a facer; é dicir, ou ben non se está a facer ou traemos simplemente para darlle publicidade ao mesmo. A verdade é que non ten moito sentido, salvo que a intención sexa publicitar o Plan de detección de cancro, ¿non?

O Partido Popular, con esta iniciativa, non introduce nada novo, nin un prazo, nin un cronograma, nin ningún orzamento específico, absolutamente nada. Eu non sei que

van facer coas emendas que plantexaron os grupos da oposición. No relativo á iniciativa en si non tería moito máis que dicir, e sería positivo, xa que, polo tanto, o Partido Popular, o seu grupo, utiliza esta proposición non de lei para publicitar o traballo da Consellería, que nos indicasen ademais pois que orzamento vai necesitar, cando van publicar resultados a medio e longo prazo.

Vostede dixo, ademais, na súa intervención que se necesitaba incremento dos equipos, que se necesitaban plans, —digamos— máis grupos de traballo, dixestólogos, traballadores e traballadoras da sanidade pública. Pois nos gustaría tamén que se puidesen informar se van acompañar pois este progreso na implantación do plan nunha mellora do servizo sanitario, toda vez que xa temos denunciado ademais nesta Cámara —esta mesma deputada— o atraso en probas diagnósticas —non nesta pero noutras—, en consultas de oncoloxía e en tratamentos de quimioterapia, e eu podo dicilo porque ademais o vivín pois bastante de preto.

E, polo tanto, toda vez que se están a recortar nos medios humanos, servizos que teñen que atender as persoas enfermas de cancro, pois sería positivo que, xa que vostedes afirman que se necesitan incremento de sanitarios, pois nos digan se esta implantación do plan vai vir acompañada cun incremento deses sanitarios e sanitarias.

E, de paso, estaría ben que nos dixera —aquí se falou do Regalia— pois por exemplo cal é o impedimento de que os datos relativos ao cancro pasen a ser novamente datos públicos —públicos refírome de titularidade pública, non que os publiquen, ¿non?—, toda vez que o que vén sendo agora mesmo o Centro Oncolóxico de Galicia é de xestión privada, é de titularidade privada, e é precisamente quen almacena e xestiona a totalidade dos datos relativos ao cancro na nosa comunidade. Sabe vostede que é quen xestiona pois os ensaios clínicos relacionados co cancro e que, ademais, pois é unha xestión privada e cunha directiva pois relacionada con empresas que nada teñen que ver coa sanidade, como pode ser a industria do aluminio.

Polo tanto, estaría ben que vostede nos dixera aquí se eses datos van voltar ser públicos ou se van continuar vostedes pois proporcionando eses datos a empresas privadas. Ou tamén sería interesante que nos comentase que pasa con esa

modificación feita para acomodar o donativo do señor Amancio Ortega e que tamén está relacionado co tratamento do cancro. Xa sabe que temos presentado iniciativas e estamos agardando que nos digan como modificaron esa privatización de alta tecnoloxía para introducir esa –digamos– resta dos millóns que vostedes consideran que nos regalou o señor Amancio Ortega.

Remato xa. Xa que a iniciativa non ten ningún aporte novo por parte do Partido Popular, pois agardo que polo menos nos digan como van facer estas cousas que eu preguntei para implantar pois este plan. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Solla.

Grupo autor da proposición non de lei. Señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidenta.

En primeiro lugar, quería agradecer o ton e as achegas dos distintos grupos.

Bueno, señora Acuña, véxoa a vostede preocupadísima coa campaña electoral, xa me contará despois no café cal é a preocupación, pero véxoa francamente preocupada.

Desde logo, falando de que en Cataluña empezou o programa no ano 2000, o que non dixó é que en catorce anos atenden un 23 % da poboación catalá; diso olvidouse.

Bueno, falan vostedes de publicidade, e eu teño que dicirlles que, efectivamente, esta é unha iniciativa presentada polo Grupo Popular coa idea de que sexa reflectida nos medios de comunicación de información xeral, pero non co sentido que vostedes lle dan de propaganda do Goberno da Xunta, senón para axudar a que toda a poboación sexa consciente da eficiencia e eficacia desta sinxela proba e da influencia que pode ter na supervivencia de galegos e galegas.

Quería agradecer, como non podía ser doutro xeito, o magnífico traballo, a implicación e o compromiso dos profesionais que participaron e participan na extensión deste programa.

Este programa non pode ser executado con présas, tampouco con excesiva calma, ten un tempo de implantación que hai que respectar, hai que valorar as necesidades de persoal. Nestes momentos, nos próximos anos, vai haber un déficit importante de médicos do aparato dixestivo. Eu creo que as autoridades competentes en educación e en sanidade deben de tomar as medidas para que nas próximas convocatorias de médicos especialistas se cubra este déficit.

E, desde logo, non podemos aceptar a emenda do BNG, porque os prazos que manexan son irrealizables. Si estamos de acordo na emenda do Grupo Mixto no que se refire a acurtar os prazos, e espero que poidamos chegar a un acordo de transacción. Incluso poderíamos chegar a un acordo tamén co Grupo Socialista no seu primeiro punto co cronograma. E os puntos restantes, señora Acuña, penso que non son deste debate. Eu instoo a que vostede presente proposicións ou iniciativas neste senso.

Ao anuncio feito pola Consellería da extensión do programa de cribado ás áreas de Pontevedra e Lugo confiamos en que se engadan coa maior brevidade posible as de Santiago, Vigo e A Coruña, para acadar que toda a poboación galega teña posibilidade de beneficiarse deste importante programa de prevención do cancro de colon.

Entre todos, señorías, temos que conseguir que a participación neste programa sexa masiva. O cribado é unha proba máis da magnífica sanidade pública da que gozan os galegos e galegas. A cidadanía sábeo e apréciao, a pesar das campañas para desprestixiar a sanidade pública galega, para intentar socavar o Goberno do Partido Popular que se están a facer por algunhas persoas e colectivos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Núñez Centeno.

Pasamos á seguinte proposición non de lei, da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Agricultura en relación co acordo lácteo e a actuación que debe levar a cabo en relación coas conversas que está a abrir.

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Agricultura en relación co acordo lácteo e a actuación que debe levar a cabo en relación coas conversas que está a abrir

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Non se presentaron emendas a esta iniciativa. Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boa tarde.

Traemos unha iniciativa de mínimos, moi tímida, moi sensata, moi medida. Non queremos facer a revolución con esta PNL, nin sequera ata instamos o Ministerio de Agricultura –non se dean demasiado por aludidos, señores do PP, porque xa sabemos que o PP español non ten nada que ver co independentista Partido Popular de Galicia, etc., etc.–. Só demandamos basicamente nesta iniciativa que se cumpra co asinado, que se cumpra co acordo asinado en setembro, o que xa cualificamos como un acordo de boas vontades, con poucas medidas efectivas, voluntarios, sen ningún tipo de medidas de sancións por incumprimentos, etc., sen novidades moitas veces lexislativas ou normativas do que xa había.

Pero, aínda así, ese acordo de mínimos nin sequera se está a cumprir, nin sequera se está a cumprir, e hai un exemplo moi claro, que é unha das medidas que podería ter efectividade se o fixeran xeneralizadamente, que era informar, transparentar a cadea e informar do que paga a distribución, a industria e a industria aos gandeiros e cada industria o que paga os gandeiros e o que percibe da distribución, iso sería unha medida eficiente que non custa diñeiro e para a que só hai que ter vontade política. Iso é o que se chama o decreto de cesión de prezos.

Ben, o acordo foi en setembro, estamos a mediados de abril, creo que son sete meses, e o único que temos é un borrador e unha promesa de hai dúas semanas de que se ía aprobar a semana pasada, nin sequera se aprobou. Un decreto, un real decreto, un acordo que dicían que era histórico para solucionar os problemas do leite e nin sequera redactaron un real decreto, nin sequera publicaron un real decreto, e co perigo dese informe da Comisión Nacional do Mercado da Competencia, que traballa para quen traballa.

E, mentres tanto, sete meses despois, despois daquel acordo que foi conseguido porque os gandeiros se mobilizaron durante toda a primavera e todo o verán, cando a conselleira negaba que houbera crise no sector lácteo, o mesmo día, a mediados de xullo, que houbo miles de gandeiros en Santiago de Compostela, a señora conselleira, a anterior, negaba que houbera crise do sector lácteo, negaba que fose unha situación difícil para os gandeiros, ben, pois grazas a esas mobilizacións conseguíuse que polo menos o Partido Popular se movese –iso si, non para solucionar o problema–, se movese para parar as mobilizacións.

Ben, despois deses meses, despois daquel acordo histórico, que era mellor que o de Francia, aquí seguimos cos prezos do leite máis baixos de todo o Estado e de Europa, cos prezos por debaixo dos custos de produción, cuns prezos que están baixando e que bajarán máis durante a primavera, unha situación que empeorará; a mesma situación nas relacións entre a industria e os gandeiros, de abuso da súa posición de dominio, con casos de utilización de leite como produto reclamo, sen ningún tipo de proxecto industrial para a transformación do leite, como se prometeu; e aínda así, sete meses despois, que nin sequera temos publicado ese Real decreto de cesión de prezos, a señora conselleira sae nunha conferencia a dicir que *no es el momento de protestas*.

Unha vez máis a culpar o sector, a criminalizar as mobilizacións, e eu preguntolle á señora conselleira se cando unha persoa inviste, traballa e por culpa dunha administración ineficiente, ou que non ten vontade de resolver os problemas, a súa actividade se volve inviable e non chega co que traballa para poder nin sequera cubrir os custos de produción, ¿cando é o momento de protestar?, ¿cando é o momento de mobilizarse?

Se se lles promete unha vez tras outra que se van tomar as medidas ás que está obrigada a Administración, que é a controlar determinadas prácticas da distribución, que están na lexislación desde o ano 1995, a venda Á perda e a utilización do produto reclamo, que está na lexislación dende o 1995, e a Administración non fai nada, ¿cando é o momento de protestar?

Cando a Administración pública inviste millóns de euros en proxectos industriais fracasados, e se tira o diñeiro,

¿cando é o momento de protestar? E aínda por riba os gandeiros teñen unha actividade moi exixente, e cando saen da casa ou das explotacións para pasar o día para ir concentrarse diante dalgunha industria, para facer o traballo que a Administración e o Goberno da Xunta non fai, tenlles un custo moi importante, ¡eh! Cando alguén toma esa decisión non é porque si, é porque xa non ten outra opción.

Os gandeiros preferían que vostedes lles solucionasen os problemas que vostedes teñen que solucionar, pero téñeno que facer eles, e ademais é o único xeito de que vostedes se movan algo.

Mentres tanto segue o pechamento das explotacións, e seguimos escoitando que non pasa nada, que isto é para mellorar a competitividade das nosas explotacións, que as que pechan son pequenas, que non son competitivas, etc.

Iso é mentira, non pechan as menos competitivas, pechan en Galicia explotacións que con outros gobernos non pechan, teñen a mala sorte de estar ubicadas nun país que ten un goberno como o que temos nós.

Hai países onde si fixeron os deberes antes da liberación supresión das cotas, investíronse moitos miles de millóns en Europa nos anos previos en proxectos industriais de transformación, está feito o traballo de ordenación do territorio, e onde se fixeron eses deberes –como, por exemplo, sen ir máis lonxe en Asturias–, onde se fixo iso, os gandeiros compiten en vantaxe cos galegos. E se cadra, a mesma explotación dun lado do Eo sobrevive e para aquí do Eo non sobrevive. Esa é a realidade.

Porque vostedes foron os que non fixeron os deberes, non lles boten a culpa aos propios gandeiros, que polo seu interese xa fan ben as cousas.

Polo tanto, ademais preguntámoslle ao partido Popular, se pechan, como dixo ese director xeral do Ministerio de Agricultura, unhas 5.500 explotacións nos vindeiros anos no Estado español, se seguimos coa mesma porcentaxe de que o 70 % das explotacións que pechan son galegas, tócanos unhas 3.500, temos 9.000, ¿de que vai vivir o rural deste país?

Se xa o pouco dos sectores produtivos que temos con certa entidade van pechar, se iso non se substitúe por unha

industria de transformación, ou por outro tipo de actividades económicas, ¿de que vai vivir o rural galego, e de que vai vivir este país con outros sectores, que non son o lácteo, na mesma situación?

Polo tanto, é unha iniciativa de mínimos, instar simplemente a que se cumpra co asinado, a que se cumpra co acordado. Imos ver a posición do Partido Popular para con esta iniciativa. Simplemente que o ministerio cumpra cos seus compromisos, que xa non eran moi ambiciosos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Mixto, ten a palabra a señora Iglesias Sueiro.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Boa tarde.

Grazas, presidenta.

É verdade que é de mínimos esta PNL, ao longo do ano 2015 sete de cada dez granxas leiteiras que se viron obrigadas ao pechamento eran galegas, e durante todo o ano 2015 as explotacións gandeiras galegas rexistraron os prezos máis baixos de todo o Estado e tamén da Unión Europea.

Presionados polas tractoradas e mobilizacións dos afectados pola crise do sector, o Ministerio de Agricultura e Medio Ambiente asinou, no mes de setembro, un acordo coas industrias e as distribuidoras, no que se prevía a construción dunha cadea de valor sostible, garantindo as marxes de todas as partes.

Un acordo ao que asistiron representantes do Goberno da Xunta, como convidados de pedra, para saír na foto e demostrar que fan.

Un acordo incumplido, e cuxo cumprimento conforma o primeiro punto desta iniciativa que o Grupo Mixto vai apoiar co seu voto, e que moito me temo que o Partido Popular non o vai facer, como xa ocorreu así no Congreso dos Deputados, na Comisión de Agricultura e Medio Ambiente, cando vostedes se abstiveron nunha iniciativa presentada polo PSOE para a aprobación dun réxime san-

cionador que faga efectivo o tal acordo asinado no mes de setembro.

Non debían esquecer que o propio Ministerio de Agricultura e Medio Ambiente cifrou os custos de produción para unha granxa galega en 34 céntimos por litro, e que cada vez son máis as explotacións gandeiras que se ven na obriga de vender total ou parcialmente a súa produción por baixo dos 20 céntimos por litro, supostamente para leite en po.

A modificación dos prezos afecta, iso si, ás consumidoras que o ven incrementado, pero non ás produtoras, que ante a pasividade e indiferenza do Goberno da Xunta e da consellaría se ven obrigadas a vender os seus produtos a prezos miserables, que non cobren os custos de produción nin de lexos, e que ademais fan perigar a continuidade de 3.500 granxas leiteiras no país.

Ante a gravidade dos feitos, e a requirimento dos grupos da oposición, nunca son vostedes os que toman a iniciativa para a apertura dunha comisión especial non permanente, coa fin de levar a cabo un paquete de medidas urxentes para salvar as explotacións.

A primeira reunión ten lugar no mes de febreiro de 2016, hai pouquiño. E non debeu de ser moi produtiva esta reunión en canto a medidas, porque o que resulta realmente inadmisíbel e indignante é que as industrias afincadas no país estean a importar leite e nata de xeito masivo, mentres deciden pola contra abandonar rotas de recollida nas que viñan operando, como por exemplo ocorre en Ordes e en Santiago.

¿Como pode ser que as provincias que máis leite producen do Estado, que son A Coruña e Lugo, sexan á súa vez as principais importadoras de leite foráneo?

A consellería permite que as industrias exerzan este tipo de tropelías con total impunidade, mentres se lles imponen ás nosas granxas fortes restricións á hora de producir e de establecer custos.

A segunda reunión do plan de fortalecemento tivo lugar, se non me equivoco, o 8 de abril, e rematada esta a representante das gandeiras manifesta a súa preocupación pola intención da distribución de que volvan as ofertas para o leite á baixa, e tamén pola inoperatividade da consellaría, que, ademais, por

boca da súa conselleira, Ángeles Vázquez, manifesta literalmente “que Galiza está por baixo dos prezos respecto da media estatal, cunha situación á que lle hai que poñer coto”. Non sei como pensan facelo, nin cando, e anima ás produtoras e sindicatos do sector a poñerse a traballar na organización do sector. Ou sexa, culpabiliza as afectadas como responsables.

Mentres, as gandeiras agardan por parte da Xunta medidas que garantan a recollida da produción en todas as granxas, con mecanismos de regulación da produción que non sexan impostos unilateralmente por cada industria, a escala europea e estatal, e de garantía de prezos xustos para todas as explotacións, que eviten a deslocalización de produción ou incremento de excedentes. Porque a distribución e a industria están a favorecer un proceso de deslocalización da produción, de xeito que sistematicamente promoven o incremento da produción con prezos bastante superiores noutras partes do Estado, á vez que abandonan recollidas en Galiza, ou imponen prezos en condicións ruinosas para as nosas granxas, e que son políticas propias de quen goberna, en defensa dos privilexios de quen ten máis poder económico,...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora IGLESIAS SUEIRO: ...en prexuízo da xente do común, que quere vivir do seu traballo.

O Grupo Mixto vai apoiar esta iniciativa.

Grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Iglesias.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Paz Franco.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señora presidenta.

O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego tamén vai aprobar esta iniciativa que o seu propio autor cualificou de modesta. A verdade é que neste Parlamento a respecto do sector lácteo, e tamén a respecto doutros asuntos, pero neste en concreto xa temos intentado con iniciativas modestas, máis que modestas, modestas multiplicado por dous, máis ambiciosas, menos ambiciosas, que van ao

fondo, que atallan cuestións inmediatas, de todo tipo, e creo que xa a imaxinación non nos dá máis de si. Despois xa a señora García Pacín sairá aquí e dirá que nós nunca facemos propostas. Pero bueno, o caso é que aí están.

Nós imos votar a favor, porque dende logo o que é inaudito é que sete meses despois de que se aprobara un acordo que se cualificou como histórico, tanto por parte do ministerio coma por parte da Xunta de Galiza, ningunha das medidas contidas nese acordo estea hoxe 100 % en vigor.

É máis, un efecto colateral dese acordo que se lles vendeu aos gandeiros que é que se ía adiantar o pagamento das axudas da PAC, aínda a semana pasada anunciou a conselleira que se ía facer fronte durante este mes a 14 millóns de euros desas axudas da PAC. É dicir, que o que todo o mundo interpretaba que un adiamento sería que cobrasen as axudas en novembro, ou en decembro, como moi tarde, ao final o adiamento vai consistir en que as cobren dúas ou tres semanas antes da finalización do prazo legal, que como todos vostedes saben é no mes de xuño, que ten a Xunta de Galiza para pagar esas axudas.

E mentres tanto, o sector lácteo segue esmorecendo, seguro que son mentira os datos que lles vou dar, seguro que é mentira que os gandeiros saen a mobilizarse porque teñen algo máis que vicio, saen porque queren quecer ao sol, e, polo tanto, seguro que todos os datos que lles imos dar son mentira.

Aquí xa dixemos en moitas ocasións que Galiza estaba perdendo peso en relación co sector lácteo do Estado, dato negado sistematicamente polo PP. Por máis que en Andalucía se incrementaba o 16 % a produción e en Galiza o 5 %, eles seguían dicindo que era mentira. Pero eu hoxe voulle dar un dato, señora García Pacín, a ver se é mentira ou é verdade, saqueino do Magrama, entón, espero que sexa verdade.

Galiza en decembro de 2015 –decembro, decembro– o sector lácteo galego representaba o 38,1 % da produción do Estado. En decembro de 2015. A finais de febreiro de 2016, en dous meses, representa o 37,5 % da produción do Estado. ¿Está baixando ou está subindo? Eu é que xa non sei, igual 37,5 % é máis que 38,1 %.

Señora García Pacín, ¿é mentira que en Galiza pechan explotacións dunha forma alarmante? Pode vir cos datos do

Bipartito, xa os temos asumidos, pero a verdade é que no mes de xaneiro había 9.079 explotacións en Galiza, a 1 de xaneiro. A 1 de febreiro xa só quedaban 9.044, e este ritmo é inaguantable. E que veña despois aquí a conselleira dicir tonterías como as que dixo no último Pleno, ou como as que dixo a semana pasada nun acto público de que o que están pechando son explotacións pequenas de 4 ou 5 vacas –que eu sigo dicindo que a min que alguén me diga onde queda unha explotación dese tipo neste país–, e que son ineficientes, e por riba temos que escoitalle dicir que vai facer un estudo a ver como fai que as explotacións lácteas galegas sexan tan eficientes coma as andaluzas.

Aforren os cartos do estudo, pagándolles a 35 céntimos, como lles pagan ás andaluzas, xa son eficientes, porque se son capaces de aguantar cunha media de 27 céntimos por litro, a 35 son eficientes.

Se son capaces de aguantar con que a día de hoxe máis do 30 % da produción de leite que hai en Galiza se estea pagando a menos de 25 céntimos, e á maioría dos gandeiros deste país, ao que lle chaman excedentes, é dicir, ese 20 % do que producen, estánllelo pagando a menos de 20 céntimos, a 18 céntimos, que é o prezo da intervención, señores e señoras do Partido Popular, ¿segue sen ser necesario que vostedes tomen nota e fagan algo en relación co sector lácteo?

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ¿Segue sendo a única solución ese plan de fortalecemento da cadea para dentro de catro ou cinco anos? ¿Son vostedes conscientes de que a situación cada día é máis grave? ¿Son vostedes conscientes de que coa chegada da primavera se vai incrementar a produción de leite en toda a Unión Europea e que xa as distribuidoras están dicindo que vai baixar o leite...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: ...nos lineais dos supermercados?

¿Como teñen pensado vostedes e o Goberno do Estado facer que o sector lácteo do noso país teña algunha posibili-

dade de supervivencia? ¿Teñen pensado facer algo, señoras e señores do Partido Popular?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Paz.

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Ten a palabra o señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: Grazas, presidenta.

Bueno, nós, por suposto, señor Sánchez, tamén imos votar favorablemente esta iniciativa. Será por votar e será por iniciativas, creo que xa o vimos desde todos os puntos de vista e xa o analizamos de todas as formas. O problema é que nos topamos co muro frontal continuo do Partido Popular e do Goberno.

Cando hai tres anos lles dicíamos á entón conselleira e ao señor Feijóo que había que tomar medidas, eu, sinceramente –inxenuo de min–, non pensaba que pasasen tres anos sen tomar absolutamente ningunha medida. E dicíamos que de alí a tres anos ía desaparecer o sistema de cotas e, polo tanto, íamos ter enriba da mesa este problema. E eu iso –inxenuo de min– no meu interior, polo menos, cando apagaba a luz á noite na cama, nunca pensei que botásemos tres anos sen facer absolutamente nada, nin sequera Feijóo, nin sequera este Goberno. (*Murmurios.*)

Despois, tamén, cando chegou o día, despois de tres anos, de que, efectivamente, desaparecera o sistema de cotas e, polo tanto, tiñamos o problema enriba da mesa, eu tamén lle dicía que, efectivamente, había que tomar medidas, que xa as deberamos tomar hai tres anos, pero que agora xa estábamos no problema. E tamén eu –inxenuo de min–, no meu interior, non pensaba que puidésemos pasar un ano enteiro despois de ter o problema enriba da mesa sen tomar ningún tipo de medidas.

É verdade que hoxe xa non teño esa inxenuidade, e coma San Pablo caín do cabalo, e quero dicir que xa non espero nada, señor Sánchez, nin sequera que se cumpra o firmado, nin sequera que se cumpran as leis. Levamos hoxe creo que tres iniciativas neste Parlamento dicindo que se cumpra unha lei, é dicir, xa a miña expectativa é nula.

Hai, polo tanto, un ano e quince días que, efectivamente, desapareceu o sistema de cotas e que estamos co problema máis grave que ten este sector nos últimos trinta anos. Sairá a señora Pacín sacando uns datos duns prezos de hai non sei cantos anos, que non teñen, absolutamente, nada que ver. Como temos aquí explicado, o problema non é tanto o prezo –que o é, e moito, e moi grave– determinante, senón que non se albisca baixo ningún punto de vista ningún tipo de solución, cousa que con outro escenario, co escenario do sistema de cotas, sempre tiñamos ese sistema de protección, porque máis alá de que nun momento conxuntural houbera unha entrada masiva de leite doutros países, eses países tiñan limitada a súa produción, posto que tamén tiñan unha cota; polo tanto, íase acabar iso, porque estaban suxeitos á cota.

Ao sacar dalgún xeito ese sistema de protección, non temos ningún elemento que nos faga pensar que isto se vai solucionar. A nivel de mercado internacional non se albisca unha solución para o mercado lácteo, é dicir, nos consumos internacionais non parece que vaia haber un despunte. O problema do veto ruso non parece que na Unión Europea teña avances como para solucionalo, que podería ser que se paliase por aí, e foi un dos problemas engadidos. E a nivel europeo tampouco hai ningunha decisión política, e o outro día deixouno claro, ou quedou bastante claro, na reunión dos ministros a nivel europeo, onde veu dicir o comisario que cada un se busque a vida e que ten cada país, dalgún xeito, que buscarse a súa solución.

Polo tanto, non hai absolutamente nada –que é o incomprendible deste Goberno–, é dicir, non vai vir ninguén rescatarnos, que é o que non acaba de entender este Goberno. Este Goberno leva vivindo de titulares, de anuncios, de garantías, de repartir fondos dos que non pon un duro; é dicir, o señor Feijóo reparte as subvencións das axudas da PAC coma se fose el quen as dera, e o único que fai, efectivamente, é tramitalas mal, a rastro, poñendo todas as dificultades e máis tarde ca nunca.

Por certo, o que dicía a señora Paz, cun problema engadido que van ter os gandeiros este ano, que é que ao facerlles o pagamento que tiñan que facerlles o ano pasado o ingreso se vai facer neste ano. E se, como vai ser, non gobernara Feijóo a partir de outubro e hai un goberno normal, as axudas da PAC deste ano pagaranse neste ano,

polo que haberá un dobre ingreso de axudas da PAC aos gandeiros, co cal fiscalmente os van destrozará. É dicir, esas son as xestións que fai o señor Feijóo, pero tranquilos que sairá Feijóo dicindo que se goberna el tranquilos, que tamén se demorarán as do ano que vén e, polo tanto, xa aforraremos o problema. A grandes males, grandes remedios, pero, efectivamente, ese é un dos problemas engadidos que vén por culpa daquel anuncio que dicía que ía adiantar as axudas da PAC, e é a PAC que máis tarde se cobra dos últimos anos.

E, polo tanto, dicíamos que, efectivamente, non vai vir ninguén rescatarnos, e é que este Goberno non acaba de ter un plan, non ten un plan de fortalecemento. Eu dicíalle á conselleira que sería un planciño e, efectivamente, non é nin planciño, levan dúas reunións e non hai nin unha soa liña escrita, non hai nin un só documento sobre o que traballar, non hai absolutamente ningún plan –como a palabra di– para saír desta situación, e séguese esperando que alguén veña solucionalo.

E seguramente nese cumio de ministros onde o que se decidiu do fondo foi iso, imos esperar a ver que pasa cobrando a 34 ou a 35 céntimos, como cobran países exportadores como Francia ou como Alemaña; pois seguramente se pode esperar e, efectivamente, Europa ten un problema e búscase unha solución global: hai que esperar mentres tanto como pasamos esta tempada mala.

O problema é que Galicia non pode esperar, e o problema é que cada día aquí pechan as nosas explotacións, sete de cada dez que pecharon no último ano son galegas. E, polo tanto, Feijóo ten todo o tempo do mundo, seguramente Francia e Alemaña tamén teñen todo o tempo do mundo, porque a pesar de non estar nunha boa época están investindo de tal xeito que se están cargando os produtores galegos e...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...polo tanto, están ganando cota de mercado, que é o que lle interesa ao mercado español de consumidores. E, polo tanto, todo o mundo pode esperar, menos os gandeiros e menos as gandeiros. Todo o mundo ten tempo, Feijóo ten tempo, a conselleira ten

tempo e saca catro anuncios, tres promesas e dúas reunións, e imos esperando a ver se isto pasa ou escampa, como se di no meu pobo.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, señor García, por favor.

O señor GARCÍA GARCÍA: O problema é que non vai escampar.

Dende logo, non vai ser a última iniciativa que votemos, oxalá que o Partido Popular rectificara, porque para moita xente...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...cada día que pasa é un día menos que lle queda, e xa teñen moi poucos de vida neste sector.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra a señora García Pacín.

A señora GARCÍA PACÍN: Grazas, señora presidenta. Boa tarde, señorías.

Como é costume, o señor Beiras creo que vai abandonar o debate do leite, porque estes temas pois parece que non lle interesan, ou polo menos escoitar a opinión do grupo parlamentario... *(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)* Estame vostede... *(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)* Perdoe, perdoe, non debemos continuar...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Non dialoguen.

Silencio, por favor.

A señora GARCÍA PACÍN: Señor Sánchez. *(Interrupcións.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Silencio.

A señora GARCÍA PACÍN: Vostede cualifica a súa iniciativa...

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Vouno chamar á orde.

A señora GARCÍA PACÍN: Señor Sánchez, vostede cualifica a súa iniciativa de... *(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Silencio, señor Beiras.

A señora GARCÍA PACÍN: ...sinxela e de pouco ambiciosa...

(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Se quere retirarse do hemiciclo retírese, pero non interrompa o debate, por favor.

A señora GARCÍA PACÍN: ...como unha iniciativa de mínimos, que o Grupo Parlamentario Popular...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Señora Pacín.

A señora GARCÍA PACÍN: ...que apoia o Goberno da Xunta, poderá asumir. Quérolle adiantar que non, ímola rexeitar *(Murmurios.)* por unhas xustificacións motivadas pola realidade.

Son sempre múltiples os debates e tempo temos os grupos parlamentarios para expoñer as novidades en cada un destes debates. E vostedes teiman nunha cuestión, e é culpabilizar o Goberno actual da Xunta de Galicia da crise do lácteo. E eu creo, señorías, que mentres vostedes non muden ese posicionamento, un fraco favor lles están facendo aos produtores de leite, porque vostedes non traen a esta Cámara medidas novas, nin alternativas de goberno, nin incluso estratexias políticas do seu ideario. ¿Acórdase vostede de que noutras ocasións lle teño falado do decrecemento sustentable? Pero é que tampouco, porque, señoría, nesta iniciativa –datada no mes de outono do ano pasado, cando xa demandaban a un mes do acordo asinado que se levara a cabo, que se tivera xa algunha cuestión relevante– xa tiñan que mudar.

Señor Sánchez, ¿vostede cre que coa aprobación dos tres puntos que vostede pon se soluciona a crise do lácteo? Crise que, por certo, está afectando a nivel europeo e a nivel mundial dun xeito importante, porque sabemos todos que hai un desequilibrio importante entre a oferta e a demanda.

Fala vostede de que o ministerio debe cumprir o estipulado no propio acordo lácteo, eu creo que responsables da consellería lle teñen informado puntualmente no Pleno e en Comisión de que os acordos subscritos polo ministerio –falamos hoxe aquí do Decreto de cesión de prezos e tamén na regulación dos primeiros compradores– xa non son meros borradores, xa teñen a súa tramitación adiantada. E a Consellería de Galicia e mesmo o noso grupo somos os máximos interesados en presionar o ministerio para que os publique.

Pero, señor da Alternativa Galega de Esquerda, señores do BNG, vostedes en Madrid pouco deciden, *(Murmurios.)* pouca voz teñen. *(Murmurios.)* Se os seus grupos políticos teñen pouca decisión agora en Madrid, se nos fixamos nas confluencias destes colectivos vemos que os temas importantes das súas iniciativas en Madrid non son o lácteo. Invítos, señorías, a que vexan os temas que lles importan a colectivos como En Marea, porque, señorías, os socialistas foron quen de demandar sancións para que os posibles incumprimentos do acordo pois foran sancionados.

E agradecemoslle moito á deputada no Congreso que se viñera facer a foto aquí ao Parlamento e a presentara con vostedes. Pero tamén vostedes negan con esa iniciativa que se están facendo controis de inspeccións, que se está sancionando, e todas as cuestións que se teñen artellado por parte da Xunta de Galicia e da Consellería do Medio Rural. Porque son quen de demandar o cumprimento do acordo e ao mesmo tempo, como no seu punto número 3, tildar de pouco ambiciosos os seus obxectivos. Díganos, señor Sánchez, ¿cales son as súas alternativas? ¿Cales son as súas medidas? ¿Cales son as novidades do seu grupo para mitigar a crise do sector lácteo?

E non utilice a demagogia, porque a conselleira nunca culpabilizou o sector produtor da crise, a señora conselleira sempre respectou as mobilizacións. A señora conselleira está traballando dende o primeiro día da súa toma de posesión aquí en Galicia, reuníndose con todos os colectivos, con

todas as entidades, con todos os que chamaron á porta da consellería, trasladando a Madrid...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora GARCÍA PACÍN: ...todas as súas inqedanzas ao ministerio –o acordo que vostede demanda na súa iniciativa–, unha implicación maior do ministerio na defensa do sector lácteo. Non somos unha illa, en Asturias...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor, señora Pacín.

A señora GARCÍA PACÍN: ...tamén pechan unha porcentaxe similar de explotacións que en Galicia, (*Murmurios.*) e en Andalucía funcionan as OPL.

E remato, señora presidenta, unha vez máis, pedindo a organización da produción, a unión. (*Murmurios.*) E non culpabilizo os produtores...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Pacín.

A señora GARCÍA PACÍN: ...que están mirando os seus representantes e demandando responsabilidades.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Pacín.

A señora GARCÍA PACÍN: Creo que todos debemos traballar no mesmo sentido, na mesma dirección e diagnosticar quen é o inimigo. (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Pacín.

A señora GARCÍA PACÍN: E nesta ocasión a Administración non o é, señor Sánchez. (*A señora García Pacín pronuncia palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora García Pacín.

(*Aplausos.*)

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra, dende o seu escano, o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, despois dunha intervención moi digna dun grupo parlamentario que traizo a diariamente o sector lácteo e o país –vergonzosa, indignante, nauseabunda intervención, señora García Pacín, nauseabunda e indignante–, cústame manter a raia a miña indignación do que vostede acaba de dicir.

Mire, a primeira alternativa que temos nós para o sector lácteo é non traizoalo. A segunda alternativa que temos é non traballar para a industria e para a distribución, que é como están facendo vostedes. Xa non lles fai falta á industria e á distribución defenderse, xa sae ao paso a señora conselleira, que neste momento as que necesitan defensa son a distribución e a industria, e por iso criminaliza os gandeiros: “*no es momento de protestas*”, ese é o momento. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Vostedes traizoan e traballan para determinados intereses, (*Murmurios.*) e por iso se está cumprindo o seu plan, e o seu plan é que pechen as explotacións para darlles negocio ás grandes empresas. Esas son as nosas alternativas, polo menos a honradez, cousa que vostedes non poden dicir, (*Murmurios.*) esa é a primeira alternativa.

Moitas alternativas temos presentado aquí, máis que vostedes, moitas alternativas. Vostedes tiñan que ter feito neste país durante todos os anos que gobernaron unha ordenación do territorio, ¿verdade?, para poder competir en igualdade de condicións con outros gandeiros doutros países. Non a fixeron, fracasaron, e compiten en desigualdade de condicións. Deberon facer algún proxecto industrial e dedicar os cartos públicos a facer algún proxecto industrial viable, e déronlles a dous amiguetes, a dous amiguetes, 8 millóns de euros en Alimentos Lácteos, entre outras lindezas que vostedes son capaces de facer. Esas son as súas alternativas, e aínda veñen aquí a meter merda dos demais e do que facemos os demais. (*Murmurios.*)

Mire, moitas máis que vostedes, aprobáronse moitas máis nosas que de vostedes. E despois dime, ¿vostede cre que con estes tres puntos se vai solucionar o problema do leite? Non o digo eu, dixérono vostedes en setembro. Porque o que estamos pedindo é que se cumpra o acordo do Ministerio, que

vostedes dixeron que era histórico e que ía resolver o problema. Entón, vostedes dixeron que con estes puntos si que se solucionaba o problema do sector lácteo. O problema é que vostedes non están nin sequera cumprindo o asinado en setembro. Vostedes están votando en contra de que se cumpra o acordado en setembro, que nin sequera, nin sequera, se redactou un real decreto lei en sete meses, nin sequera iso. Iso é o que lles poden dicir vostedes aos gandeiros. E aínda así, sen facer vostedes nin os mínimos deberes, son capaces de exixirlles aos gandeiros cousas cando son vostedes os que están traizoando diariamente a este sector.

Creo que xa non hai remedio, xa trouxemos as iniciativas de todas as cores. Non hai máis remedio que, evidentemente, desaloxalos do poder.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Sánchez.

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos González Santín e dous deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da adopción das medidas necesarias para o mantemento da sustentabilidade do sistema da Seguridade Social

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): A esta iniciativa presentáronselle tres emendas: unha do Grupo Mixto, unha do Grupo do Bloque Nacionalista Galego e unha do Grupo Parlamentario Popular.

(O G.P. Mixto, a través da súa deputada Consuelo Martínez García, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Proponse substituír a parte resolutiva da proposición polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta a que se dirixira ao Goberno do Estado para que abra unha mesa de negociación tripartita coa representación da patronal e

dos sindicatos máis representativos no Estado e nas comunidades autónomas para deseñar as medidas necesarias para garantir o mantemento e sustentabilidade do sistema de Seguridade Social, contemplando a eliminación de subvencións á contratación –agás colectivos con dificultade de inserción– e sen que as ditas medidas supoñan perda ou menoscabo dos dereitos actuais de acceso a prestación contributiva.”)

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Engadir ao final do punto o seguinte texto:

“de xeito prioritario a reposición das cantidades detraídas do Fondo de Reserva da Seguridade Social e á derrogación das reformas laborais.”)

(O G.P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa da deputada Cristina Romero Fernández, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que se dirixira ao Goberno de España a seguir impulsando o desenvolvemento dos traballos no seo do Pacto de Toledo, co fin de acordar novas medidas que permitan manter pensións adecuadas e suficientes, dentro dun sistema público de pensións viable, baseado nos principios de contributividade, equidade e solidariedade interxeneracional”)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Santín.

O señor GONZÁLEZ SANTÍN: Grazas, presidenta.

O sistema da Seguridade Social é, por definición, un sistema público, solidario e de repartición, que fai que os cidadáns poidan manter o seu nivel adquisitivo cando non poden seguir traballando e, polo tanto, non poden ingresar nas súas contas.

É un sistema público porque está xestionado integramente por funcionarios públicos, por funcionarios que se dedican só a iso. Funcionarios especializados que, ademais, hai que dicir que son un punto de referencia non só de Europa, senón de países de latinoamérica e incluso doutras partes do mundo. Tamén hai que dicir que é un sistema solidario, porque, aínda que estamos a falar dun sistema contributivo e, polo tanto, só terían dereito a recibir estas prestacións aqueles que cotizaran, estas están limitadas por arriba, porque as persoas que máis cotizan ao final, á hora de recibir unha pensión, están limitadas por uns topes máximos, e, polo tanto, é un sistema solidario; e por debaixo tamén está limitado por uns topes mínimos, de tal forma que aquelas persoas que pola causa que fora non teñen dereito a unha pensión que se considera digna reciben este importe dos mínimos. Ademais é un sistema de repartición, que é unha repartición, ademais, interxeracional. Estamos a falar dun sistema que non é un sistema de capitalización, e que, polo tanto, o que se fai é que as persoas que estamos agora en activo cotizamos e pagamos as pensións daqueles que agora son pensionistas, esperando que no futuro as xeracións vindeiras paguen as nosas pensións.

Nisto, á parte de ser un sistema que contribúe á redistribución da renda, hai que ter unha cousa clara: é un sistema contributivo e, polo tanto, temos que conseguir que o sistema sexa viable. A viabilidade do sistema ten que ser a medio e longo prazo. Evidentemente pode haber desaxustes, desaxustes puntuais dun ano, de dous anos, onde os ingresos por cotizacións sexan maiores ou menores que o gasto en pensións. Se os ingresos por cotizacións son superiores aos gastos, xerariamos aforro; e, se foran inferiores, pois teríamos un gasto adicional. Para iso, precisamente, para eses desaxustes puntuais, foi para o que se creou o Fondo de Reserva da Seguridade Social. Temos que ter todos claro que o Fondo de Reserva, teña a contía que teña, nunca poderá servir para equilibrar un sistema que non sexa viable.

Non podería facerse fronte a desaxustes conxunturais, e aí é onde xorden os problemas. Eu estiven mirando os datos

últimos aportados pola Seguridade Social, tanto da liquidación do ano pasado como dos orzamentos deste ano. E vemos que o Fondo de Reserva da Seguridade Social a finais do ano 2015 tiña 32.481 millóns de euros, cando catro anos antes, a 1 de xaneiro de 2012, estaba en 66.815 millóns de euros. Este fondo sofre unhas perdas de 34.334 millóns de euros, uns 8.500 millóns de euros ao ano.

Creado este fondo para garantir en situacións conxunturais as pensións que temos neste momento, a nómina de pensións, que ascende a máis de 9,3 millóns de pensións, fai que tiveramos que tirar deste fondo de reserva. Este fondo de reserva, para que se fagan unha idea, nestes últimos anos foi o que garantiu que se puideran pagar as pagas extra dos pensionistas, as pagas extra de xuño e de decembro. Sen este fondo, a Seguridade Social non podería ter feito fronte a estes pagos.

Hai que dicir, ademais, que nos últimos catro anos este fondo retirou máis deses 34.000 millóns de euros, retirou, en concreto, 47.201 millóns de euros, 12.800 millóns de euros máis. ¿De onde viñeron estes fondos? Primeiro, dos intereses xerados polo propio fondo. E, segundo, do fondo de prevención das mutuas, das aportacións que farían as mutuas ao Fondo de Reserva no caso de que non se tirase dese fondo e fora minguando.

Temos que ter claro que do Fondo de Reserva, tal e como se está xestionando, no último ano retiráronse 13.250 millóns de euros, é dicir, un 57 % máis do presupostado polo propio Ministerio de Emprego. Isto quere dicir que, se seguimos a este ritmo, o Fondo da Seguridade Social tocaría fondo no ano 2018. Estou falando de datos que xa están confirmados, o que se retirou do Fondo de Reserva. Tamén quero facer aquí unha nota, unha precisión, e é que os cambios na Seguridade Social son lentos, non se pode cambiar dun día para a outro.

Para este exercicio hai unha previsión de retirar, segundo o Goberno, 6.300 millóns de euros do Fondo de Reserva, no ano 2016. A min antóllaseme unha cifra moi limitada, eu temo que vai ser superior. Ademais, hai que dicir que o déficit da Seguridade Social –hoxe á mañá comentábamolo– está no 1,26 %, cando o presupostado era un 0,6 %.

E ¿que está a pasar co futuro da pensións? O problema é un problema dobre. Temos dous efectos: un efecto

renda e un efecto substitución dobre. O efecto renda é que a poboación está avellentando e que, polo tanto, cada día hai máis pensións. Polo tanto, o que se inviste en pensións, o que se paga en pensións, cada vez é maior. Pero hai outro problema, hai un efecto substitución destas pensións. Se falece nun pensionista, cobraría unha pensión menor que o novo pensionista que se incorpora. Polo tanto, tamén se incrementa aí o pago que hai que facer ás pensións.

E temos outro problema, que é polo lado da cotización. Ata agora, con 2,7 ou 2,6 afiliados pagábase unha pensión. O problema é que cada día os salarios son máis baixos e, polo tanto, as cotizacións son máis baixas. Esta ratio xa non vale, cada vez os salarios son menores e necesitamos máis traballadores para pagar a un pensionista.

O resumo de todo isto é que, se non tomamos medidas, pronto a Seguridade Social entrará en déficit. Para este ano 2016 prevese un incremento no sistema de pensións que pode chegar ao 2 %. Eu estiven collendo varios datos, os últimos foron do presidente da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, Airef, que dixo o pasado mércores no Congreso dos Deputados que o Fondo de Reserva –a chamada “hucha das pensións”– non é suficiente para colmar o seu déficit a medio prazo. Dito doutra maneira: o propio presidente da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal di que o Fondo de Reserva non vai chegar para pagar as pensións do futuro. Sostén no seu informe que para o ano 2016 a Seguridade Social non só incumprirá o obxectivo previsto do seu déficit, que é o 0,3 %, senón que o seu desaxuste superará o deste ano –que foi o 1,26 %, como ben saben–, chegando, como lles dicía antes, ao 2 %. Se estas previsións son certas, que non son miñas, repito, son do presidente da Airef, isto implicará que o ano que vén, só o ano que vén, haberá un desfasamento que terá que cubrir o fondo de pensións de 20.000 millóns de euros. Se estas previsións son certas –repito que non son miñas– quere dicir que non chegaría o Fondo de Reserva para finalizar o exercicio 2017.

O problema, segundo a institución, é a falta de realismo continuado –e leo textualmente– nos orzamentos que elaborou o Goberno central. A Airef sitúa detrás deste saldo uns ingresos por cotización pouco cribles. Así, o Goberno presupostou para o ano 2016 unha recadación por esta vía de

117.000 millóns de euros, cun incremento do 6,7 %, datos que eu creo que non vai poder cumprir. E ¿por que digo isto? Porque a liquidación do ano 2015, na que a Seguridade Social prevía por cotizacións ter 100.000 millóns de euros, desviouse nun 10 %, tivo 90.000, 10.000 millóns menos; co cal, para alcanzar estes 117.000, o crecemento que tería que ter en cotizacións non sería dun 6,7 %, sería dun 16 %, algo que realmente considero complicado.

Ademais, a isto hai que sumarlle dous factores. O primeiro é que o Servizo Público de Emprego infradotou a cantidade orzada á Seguridade Social. Vostede sabe que a Seguridade Social paga as prestacións por desemprego; polo tanto, terá que adiantar este diñeiro se os cartos que lle manda o Estado non lle chegan. O segundo, evidentemente, é que haberá menos ingresos neste fondo porque cada vez está minguando o fondo e xera menos ingresos.

Tamén comentaba o presidente da Airef que habería que buscar solucións. El poñía unha –eu nin a comparto nin estou en contra, estaba aí e creo que, evidentemente, isto terá que facerse onde ten que facerse, no Pacto de Toledo–, que era financiar o sistema con cargo aos orzamentos públicos. En todo caso, estaríamos falando, se se fai isto, dun cambio de sistema, porque, como ben saben vostedes, hai unha separación de fondos do Estado e da Seguridade Social, así como unha caixa única.

Por todo o exposto, eu o que creo é que é o momento de afrontar con seriedade o problema que temos da Seguridade Social antes de que nos atropele. Por iso instamos o Goberno galego a que se dirixa ao Goberno de España para que tome as medidas necesarias co fin de manter a sustentabilidade do sistema da Seguridade Social.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Santín.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, ten a palabra a señora Martínez García.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidenta.

Presentamos unha emenda a esta proposición non de lei, da que vou explicar os motivos.

Quero empezar, primeiro, cun pouco de historia. Rajoy herdou a Seguridade Social en equilibrio en 2011 e con 70.000 millóns na hucha das pensións, e deixa un burato de 15.000 millóns e a hucha, de seguir así, acabarase no ano 2017. En 2015 a Seguridade Social ingresou 5.000 millóns menos que en 2011, polo desastroso rescate de 2012 e pola reforma laboral que provocou deflación salarial e precarización do emprego. Segundo o INE, dende que Rajoy chegou á Moncloa, hai 350.000 ocupados menos a tempo completo equivalente. Segundo datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, os gastos totais en prestacións por desemprego en febreiro de 2016 foron un 10 % inferiores ao mesmo mes do ano 2015. Se seguimos coa comparación, entre febreiro de 2016 e febreiro de 2015 podemos observar que as altas tramitadas foron un 12 % inferiores en 2016 que en 2015, as persoas beneficiarias diminuíron nun 9,5 %, a cobertura do sistema de protección por desemprego pasou do 55,72 % en febreiro de 2015 ao 54,76 % en febreiro deste ano. O gasto medio mensual por beneficiario foi de 808,4 euros en febreiro deste ano, o que supón un 0,4 % menos que en febreiro de 2015.

As políticas de emprego baseadas en subvencionar as cotizacións á Seguridade Social da parte empresarial só obtivo resultados nefastos: 9 de cada 10 contratos son temporais. Esta política é ineficaz, custosa e provoca unha carga de recursos inasumible para o sistema da Seguridade Social, e un novo transvasamento de rendas cara aos empresarios, aumentando a regresiva distribución da renda que se está a producir dende 2012, mentres medra o capital nos paraísos fiscais.

Entre 2011 e 2014 os ingresos por cotizacións caeron 6.000 millóns de euros. Para 2016 está presupostado un custo para o Estado, entre cotas, subvencións e bonificacións á Seguridade Social, de 2.245 millóns de euros, dos cales a metade, 1.650, destinaranse exclusivamente a financiar as medidas de fomento do emprego, da contratación laboral, ou, o que é o mesmo, a cota empresarial da Seguridade Social.

Existe un amplísimo consenso entre expertos sobre a ineficacia das bonificacións á contratación, porque din que

estas contratacións se terían feito igual sen bonificacións. A liña marcada pola Unión Europea trata de reducir o efecto no gasto de pensións con respecto ao crecemento da esperanza de vida. Son reformas en aplicación progresiva dende o ano 2013 que moderan significativamente a tendencia futura do gasto. Así, retrasouse a idade de xubilación aos 67 anos, o cálculo da base reguladora para determinar a pensión pasou dun promedio dos últimos 15 anos a un promedio dos últimos 25 anos. O cen por cento da base reguladora antes acadábase aos 35 anos cotizados, agora hai que esperar aos 37. Ao cálculo da pensión aplicarase o factor sustentabilidade, é dicir, a esperanza de vida, que suporá unha redución da contía da prestación e que afectará moi fondamente sobre todo ás mulleres por ter unha esperanza de vida maior e salarios menores. Penalízanse as xubilacións anticipadas, incentívanse o mantemento da vida activa a partir da idade de xubilación, e practicamente no último lustro non se ten actualizado as pensións.

En definitiva, estanse aplicando reformas importantes na vertente do gasto, incluso con risco de que aumente a pobreza na vellez. Neste sentido é preciso reforzar a loita contra a fraude fiscal.

Remátame o tempo e vou defender directamente a emenda, e a dicirlles que, un pouco engadido a isto, para empezar non sabemos quen vai gobernar en Madrid. E dicir que o Goberno de Madrid decida como vai facer para que o sistema sexa sostible pode ser reducindo a contía das pensións. Polo tanto, non podo dar un voto positivo a esa iniciativa tal e como está redactada, por iso presentamos esta emenda, que fala dunha negociación coas organizacións sindicais e a patronal pero que non se refire ao Pacto de Toledo, porque neste Estado hai máis sindicatos representativos, como son os sindicatos nacionalistas das comunidades autónomas, que teñen dereito a opinar e a aportar nestas reunións...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...sobre como afectan ás súas comunidades, ás súas nacións, estas medidas. Polo tanto, só daremos o voto positivo se é aceptada a emenda.

Nada máis, moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Martínez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: O debate sobre a sostibilidade do sistema da Seguridade Social vén de lonxe, e vai permitirme o deputado autor da iniciativa que discrepe con el en que é un problema de falta de realismo nas previsións. Oxalá fora soamente un problema de falta de previsión. O problema é que esta situación é froito de decisións políticas, transformadas logo en decisións lexislativas, que teñen como obxectivo que tamén o fondo de pensións se converta nun nicho de mercado para ese capital devorador. Co cal estamos diante dun debate de política con maiúsculas, estamos diante dun debate de ideoloxía e de qué modelo de Seguridade Social, qué modelo de pensións, qué modelo de prestacións se defende, se un modelo público baseado na distribución da riqueza ou noutro modelo.

E digo que o debate sobre a sostibilidade do sistema da Seguridade Social vén de lonxe, vén de bastante lonxe, e no comezo da década dos noventa incentívase o debate sobre a reforma do sistema de pensións dominado polas teorías xurdidas, impulsadas e fomentadas polo Banco Mundial, polo Fondo Monetario Internacional, pola OCDE, e apoiado este discurso nos plans de axuste estrutural aplicados que defenden fortes recortes nos sistemas públicos de pensións, acompañados da capitalización individual a través do sector privado. O obxectivo é a privatización das pensións, algo que permita ao capital financeiro xestionar inxentes aforros a través dos fondos de pensións privados con destino aos mercados financeiros globais. O obxectivo é ter unha panca máis por acumulación de recursos a base de desposuír deses recursos a unha maioría social. O capital quere ocupar o espazo dun dereito social, gañado a pulso pola clase traballadora, de ter un sistema público de pensións. Esas entidades, o Banco Mundial, o FMI, veñen prognosticando a quebra dos fondos de pensións, das pensións públicas, en Europa, no Estado español, e sempre eses tambores de pánico veñen acompañados dun aumento do contrato de pensións privadas por máis persoas.

A razón, primeiro, é recortar o Estado, o argumento de que por esa vía non se pode ir e logo transferir ao sistema

privado a xestión dun volume de capital importante. Lánzase simultaneamente por estas institucións e tamén polas entidades financeiras, esas entidades financeiras que poñen á disposición dos gobernos eses grupos de expertos que fan eses informes *ad hoc* onde se avala este teórico problema da quebra do sistema de pensións. E o argumento central tamén é que aumenta progresivamente a esperanza de vida, que hai menos cotizantes e máis persoas recibindo as prestacións, co cal este desequilibrio é evidente.

Tampouco é de estrañar que xurda neste momento, desde hai uns anos, este discurso. En época de crise é máis fácil que a poboación acepte estes discursos de que hai un problema e que acepte as medidas que se implementan. Temos unha poboación cunha capacidade de reacción máis limitada, con moito desemprego, moi endebedada e atemorizada diante do futuro. Co cal é de entender esa asunción deste discurso.

Por iso o BNG presentamos tamén unha emenda na que pedimos que, para esa garantía do fondo de pensións, se empece pola reposición das cantidades detraídas ao Fondo de Reserva, porque o Partido Popular entrou a saco nese fondo de reserva, ese fondo creado baixo o discurso, efectivamente, que describiu aquí o deputado autor da emenda, para que en épocas de dificultades servira de colchón. Mais o Partido Popular entrou a saco nese fondo de reserva detraendo, no ano 2012, 7.000 millóns, no 2013, 11.000 millóns...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...no 2014, 15.000 millóns, e deixando o fondo nunha situación de dificultades.

E logo tamén a outra parte da emenda é a derogación das reformas laborais, porque, efectivamente, hai unha diminución dos ingresos polo paro enorme no que estamos, a política...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...-remato xa- de devaluación salarial, as rebaixas nas cotizacións, co cal, efectiva-

mente, ese discurso do risco do fondo de pensións vén logo avalado con medidas que queren levarnos a que efectivamente...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...este sexa o único camiño. Nós, no BNG, defendemos que os traballadores e traballadoras cobren máis, teñan salarios que permitan cotizar en condicións...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...e que se garantan con esas retribucións as xubilacións futuras.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a señora Romero Fernández.

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: Si, grazas, señora presidenta.

Moi boas tardes a todas e a todos.

Unha iniciativa moi similar a esta xa foi debatida hai pouco menos dun mes no Congreso dos Deputados, que é onde están as competencias. De feito, esta iniciativa insta o Goberno de España. Supoño que, polo tanto, que o obxecto desta iniciativa que –repito– xa foi debatida hai menos dun mes é comparar as xestións e intentar cuestionar a xestión do Partido Popular.

Señorías, cómpre recordar que no ano 1996, cando o Partido Popular empezou a gobernar, tivo que pedir un crédito para poder pagar a paga extra aos pensionistas porque os socialistas deixaran un déficit nas pensións de 500.000 millóns das antigas pesetas. Fixérono no 1996 e volvérono facer no 2011. Cada vez que gobernan deixan a caixa das pensións en déficit.

A pesar de que o PSOE anunciou ano tras ano que a Seguridade Social rexistraba superávit, o sistema rexistrou un déficit estrutural superior aos 7.700 millóns de euros nos anos 2010 e 2011, un déficit que non foi publicitado polo último goberno socialista, que neses dous exercicios tivo que recorrer a reservas do sistema. Ben, é verdade que non de forma transparente e medida, como se está a facer agora, informando de cada unha das disposicións dos fondos de reserva.

Así mesmo nos anos 2008 e 2009 desvían outras partidas excedentarias que tiñan que ser ingresadas no Fondo de Reserva da Seguridade Social, sacando pola porta de atrás 15.000 millóns de euros procedentes das cotizacións sociais para maquillar outras políticas, 15.000 millóns de euros que se desviaron para cubrir outras prestacións públicas que tiñan que ter sido sufragadas mediante os presupostos xerais do Estado e non coas cotizacións dos traballadores, un escándalo, señorías. Un escándalo porque foi precisamente ese mesmo goberno o que levou a cabo o maior recorte aos pensionistas deste país na historia moderna de España, un escándalo porque eses cartos non os dedicaron a pagar as pensións como era o seu deber, senón que optaron por conxelalas facendo gala dunha evidente deslealdade cos pensionistas.

O Fondo de Reserva non naceu para ser capitalizado, naceu par ser usado cando hai problemas. Creouse no ano 2000 precisamente a raíz do déficit xerado polos socialistas no ano 1996, en cumprimento da recomendación número 2 do Pacto de Toledo, para que en épocas de crise económica e, polo tanto, de baixa recadación quede garantido o equilibrio financeiro e poder pagar as pensións. Esta é a súa función, é para o que se creou e para o que se está a utilizar, para o pago puntual, preciso e concreto de todas as pensións.

Este Fondo de Reserva estáselles dando aos pensionistas no momento en que máis o necesitan, porque os pensionistas son o sostén de moitas familias que sufriron e sofren as consecuencias dunha crise económica minimizada e mesmo ignorada polos mesmos que hoxe critican as políticas do goberno que hoxe nos está a sacar delas. Os pensionistas estarán peor se se lles conxela a pensión que se se lles sobe, peor se perden poder adquisitivo que se gañan poder adquisitivo. E grazas ao índice de revalorización aprobado polo Partido Popular isto nunca máis vai pasar, e este indi-

ce supón tamén que nunca máis se van poder conxelar as pensións.

E, dende logo, estarán mellor se se crea emprego e non se crea paro. Estamos hoxe mellor que hai catro anos. Crear emprego é a base para o sostemento do sistema público das pensións, é a política social máis importante.

É certo que o desequilibrio entre cotizantes e beneficiarios do sistema é unha característica común en moitas comunidades autónomas do noso país como consecuencia da destrución de emprego e da crise demográfica. Por iso o Grupo Parlamentario Popular consideramos que para que o sistema sexa viable a medio e longo prazo este traballo debe facerse dentro do Pacto de Toledo, que é para o que se creou. E debe continuarse na senda das reformas para que o sistema sexa sólido e quede garantido tamén en xeracións vindeiras.

Todas as reformas que neste sentido levou a cabo o Partido Popular foron seguindo as recomendacións do Pacto de Toledo: a Lei de mutuas, o factor de sostibilidade, o índice de revalorización, o complemento de maternidade. E neste sentido vai a nosa emenda, señor Santín, que di que se leven a cabo estes traballos para acordar novas medidas que permitan manter as pensións adecuadas, suficientes, dentro dun sistema público de pensións viable baseado nos principios de contributividade, equidade e solidariedade interxeracional; principios aos que vostede fai referencia na súa exposición de motivos pero que non reflicte na parte resolutiva e coa que nós tamén estamos de acordo. Polo tanto, creo que pode vostede aceptar esta emenda.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Romero.

Grupo autor da proposición non de lei.

Señor Santín... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Perdón, señor Fajardo. Si, ten vostede a palabra.

O señor FAJARDO RECOUSO: Un par de cuestións –antes de entrar a valorar o que plantexa o Partido Socia-

lista– a respecto da intervención da voceira do Partido Popular, porque dixo unha serie de inconcrecións que non se poden manter como verdades absolutas porque son falsas e son mentiras.

O primeiro é que o factor de sostibilidade vai garantir que nunca se van conxelar as pensións. Iso é mentira, é todo o contrario. O único que garante ese factor é que calquera persoa a partir de agora non vai saber cal vai ser a súa pensión o día que se xubile, e, en todo caso, o que si garante é que vai ser menor que a que tería antes de que se aprobase ese factor de sostibilidade. Iso é unha realidade, a redución das pensións. Dicar outra cousa, que hoxe a situación é mellor que hai tres anos é outra falacia, porque hoxe calquera persoa necesita máis anos de cotización para xubilarse, necesita, polo tanto, chegar aos 67 anos para xubilarse e, polo tanto, as condicións obxectivas da xubilación son peores.

E o que xa é unha tomadura de pelo é que me diga vostede aquí que o PP todas as reformas das pensións as fixo dentro do Pacto de Toledo. Mentira, absolutamente mentira. A última reforma das pensións que incrementou a idade de xubilación, o número de anos a cotizar e, sobre todo, o tema do factor de sostibilidade non foi apoiada pola maioría dos firmantes do Pacto de Toledo.

Polo tanto, está ben que se veña aquí e se digan algunhas cousas, pero hai que dicir certezas. E todo o que se dixo é mentira, unha falsidade e o contrario da realidade. Vostedes están liquidando o sistema público de pensións porque é o seu obxectivo. Non cren nel e cren noutras cousas: quen poida ter unha pensión que a pague; e quen non poida, que non a teña e que non lla dea o Estado, que é o que pensamos as organizacións progresistas e de esquerdas.

Outra cousa é o plantexamento que pon enriba da mesa o Partido Socialista. Nós, dende logo, non podemos tampouco apoiar unha iniciativa que di que se tomen as medidas oportunas para garantir a sostibilidade da Seguridade Social. Porque ¿cales son? Porque ese mesmo preámbulo, esa mesma definición, é a que fixo o Partido Popular para facer recortes polas pensións. Entón se o que se me di é que as medidas teñen que ver con incrementar as bases de cotización, con permitir que a xente cotice con máis cartos nos seus salarios, con que se acceda de forma máis sinxela ás pensións de xubila-

ción, e se, ademais, hai medidas para incentivar o control da fraude na cotización que se dá, como todos sabemos, neses contratos que supostamente son a tempo parcial pero acaban sendo a tempo completo e ninguén controla esa cuestión, falemos desas cuestións. Porque tamén hai que recordarlle ao partido Popular que, por exemplo, lles meteu un hachazo brutal ás pensións de viuvez, que neste país son moi importantes e que sosteñen a un montón de familias, e que foron recortadas de forma contundente por parte do Partido Popular.

Polo tanto, nós defendemos a sostibilidade das pensións pero dunha forma crible no sentido de darlle contido e de garantirlle á xente unha pensión digna para xubilarse. Hoxe en día xa son moitos os pensionistas pobres que acoden aos comedores sociais para poder manterse, porque a súa pensión non lles dá nin sequera para manterse en condicións dignas. É tanto así –e dicía a portavoz do PP que estabamos en mellores condicións– que resulta que o último ano a pensión media deste país se reduciu nunha cantidade moi importante.

O que ten que facer o Partido Popular, por exemplo, é eliminar os topes máximos de cotización e ser capaz de que se cumpra a norma a respecto da fraude que nomeadamente fan as grandes empresas sobre as cotizacións á Seguridade Social. E, dende logo, o que si que nós dicimos é que o problema das pensións non ten que ver nin sequera coa caixa das pensións, ten que ver con que a débeda do Estado é a que está sendo salvada co Fondo de Reserva das pensións. E, sobre todo, que é o Estado quen ao final responde sobre a débeda da Seguridade Social; polo tanto, nós o que queremos é un Estado forte que defenda os dereitos sociais e, entre eles, un dereito social como é o dereito á pensión. Polo tanto, non hai que temer a que en situacións extraordinarias se poida acudir a outro tipo de financiamento para manter o sistema público de pensións e non seguir con esa xeira de meterlle medo no corpo á xente para que acuda aos plans privados. Cada vez que se cuestiona o noso sistema público, ao día seguinte frotan as mans os accionistas dos sistemas privados de pensións, que saben que ao día seguinte teñen na súa porta moita xente tratando de contratar un sistema privado.

Polo tanto, nós lamentamos profundamente, polo que parece, que os dous grandes partidos non crean neste modelo. Nós cremos nel e cremos, ademais, en que hai que articular novas medidas de financiamento que permitan que ao final un dos piares fundamentais do Estado de benestar, que

son as pensións, se manteña no tempo e no esteamos na situación de que a día de hoxe a xente da miña xeración ao peor non teñamos garantido que cando nos xubilemos poidamos cobrar unha pensión digna.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Fajardo.

Agora si ten a palabra o autor da proposición non de lei, o señor santín.

O señor GONZÁLEZ SANTÍN: Si. Grazas, presidenta.

Moi brevemente tamén.

Eu cando fixen a iniciativa tenteina poñer dunha forma non agresiva para ninguén para que se puidera aprobar. O único que se pretendía con esta iniciativa era chamar a atención do que está a pasar co sistema da Seguridade Social.

Evidentemente, na iniciativa pódense poñer moitas cousas, señor Fajardo. Pódese poñer o que queremos que se faga, pódese poñer o que queremos que non se faga, pero ao final eu o que intentaba era poñer o punto no problema, que é a sustentabilidade do sistema.

Eu empecei a miña intervención, non sei se o recordan, dicindo que era un sistema público. E eu é o que quero, un sistema público, sempre pelexei para ter un sistema público de seguridade social. Creo, como tamén se dixo nalgunha outra intervención, que no momento en que o sistema público falla é cando fan o agosto, por así dicilo, os plans privados, os bancos e demais entidades. Entón o que temos que facer é preservar ese sistema público. E para preservalo, non podemos cerrar os ollos á realidade que estamos tendo.

Eu facíalles unha relación con datos. Ademais intentei non facer valoración ningunha, saquei datos, e máis cando os datos digamos máis negros viñan da Autoridade de Responsabilidade Fiscal, dixen de onde viñan e eses datos están aí. O que non podemos facer é cerrar os ollos.

Polo tanto, eu creo que nos vén un problema encima. Non quero dar a voz de alarma nin moito menos, non se trata

de facer alarmismo, nin moitísimo menos. Trátase de poñer as medidas cando hai que poñelas. Evidentemente, vostedes saben que todos os cambios do sistema da Seguridade Social se deben ou se teñen que facer a través do Pacto de Toledo. Eu nunca iría en contra diso.

E entrarei xa nas emendas. Voulles dicir que para que non haxa problema con ningún dos grupos, non vou aceptar ningunha das tres, así que terán vostedes que decidir se a apoian ou non. Pero o que si me gustaría é dar as causas polas cales non as vou apoiar.

En canto ás do Grupo Mixto quero dicirlle que con respecto á negociación colectiva están no Pacto de Toledo os sindicatos máis representativos. Eu creo que non corresponde a este Parlamento dicir qué sindicatos son ou non son máis representativos. E con respecto á segunda parte, que di aquí que se eliminen as subvencións á contratación, eu creo que desde logo unha das cousas que fomenta e incrementa a Seguridade Social son as bonificacións do sistema da Seguridade Social, co cal non podemos aceptar esta emenda.

Con respecto á emenda do BNG, gustárame, señora Prado, claro que me gustaría, que se repuxeran as cantidades

detraídas do Fondo de Reserva. Eu o que non sei é como se vai poder facer iso. E estou totalmente de acordo tamén con vostede en que hai que facer unha reforma laboral para que haxa emprego de calidade e que as cotizacións cubran as pensións.

E, por último, quero dicirlles ao Partido Popular que vostedes, coma sempre, seguen impulsando, seguen traballando e seguen facendo o que fan sempre: din que fan pero despois a realidade é outra. Eu non vou entrar a valorar o que me dixo vostede de que hoxe estamos mellor que hai catro anos, xa lle dei os datos, son datos obxectivos sacados do Ministerio de Emprego, que non é sospeitoso de ser socialista.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Santín.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Grazas.

Suspéndese a sesión ás oito e corenta minutos do serán.



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25